



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X leislatura
Serie Pleno
Número 69

Sesión plenaria
25 de abril de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 22812 (10/PNP-001678)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e sete deputados/as máis

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia do Plan estratéxico da conserva, horizonte 2020, así como o inicio, en colaboración co sector, da elaboración e redacción do Plan estratéxico do conxelado, co horizonte en 2025

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

4.2 24309 (10/PNP-001759)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa suba das tarifas das peaxes da AP-9 prevista para o ano 2018 con motivo das obras de ampliación da autoestrada na ponte de Rande

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 07.02.2018

4.3 26168 (10/PNP-001846)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e catro deputados/as máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego das actuacións necesarias para acadar, antes do remate de 2018, a gratuidade do transporte público regular de viaxeiros por estrada competencia da comunidade autónoma para as persoas mozas, en condicións semellantes, cando menos, ás da Tarxeta Xente Nova

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

4.4 27429 (10/PNP-001959)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis

Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia, antes do remate do primeiro período de sesións de 2018, dun informe respecto da aplicación, durante o curso 2016-2017, do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia, así como das modificacións necesarias para a consecución dos seus obxectivos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 14.03.2018

4.5 28139 (10/PNP-002021)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para incrementar a contía do Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas, e solicitar do Goberno central o incremento das pensións non contributivas ata a contía equivalente ao salario mínimo interprofesional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 284, do 27.03.2018

4.6 28162 (10/PNP-002023)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para solicitar do Goberno central a modificación das bases das convocatorias dos organismos autónomos adscritos ao Sistema nacional de saúde para garantir a inclusión de cláusulas de non-discriminación polo exercicio de dereitos laborais por razón de maternidade e a revisión de procedementos administrativos firmes e non firmes onde se puidese ter dado unha situación de discriminación
Publicación da iniciativa, BOPG nº 284, do 27.03.2018

4.7 28519 (10/PNP-002062)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Arias, Marta e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da posta en marcha, en coordinación coas comunidades autónomas e os concellos, da tarxeta social universal
Publicación da iniciativa, BOPG nº 287, do 04.04.2018

4.8 28925 (10/PNP-002096)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Sobre a solicitude polo Goberno galego da mediación e arbitraje do Consello Galego de Relacións Laborais na negociación entre a Xunta de Galicia e o comité de folga do persoal da Administración de xustiza
Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 11.04.2018

Punto 5. Interpelacións**5.1 27754 (10/INT-000896)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón**

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto medioambiental das verteduras de augas residuais procedentes de explotacións mineiras
Publicación da iniciativa, BOPG nº 280, do 21.03.2018

5.2 28232 (10/INT-000910)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel e tres deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego sobre a mellora do emprego público e das condicións de traballo no sector público autonómico
Publicación da iniciativa, BOPG nº 284, do 27.03.2018

5.3 28849 (10/INT-000933)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción**

Sobre a política do Goberno galego en materia de prevención do abandono escolar
Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 11.04.2018

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 29467 (10/POPX-000085)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o cambio da política forestal e rural do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 293, do 18.04.2018

6.2 29468 (10/POPX-000086)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a avaliación das políticas da Xunta de Galicia en relación cos estudos universitarios de posgrao

Publicación da iniciativa, BOPG nº 293, do 18.04.2018

6.3 29469 (10/POPX-000087)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre o nivel de utilización da totalidade dos recursos dispoñibles para solucionar o problema do desemprego que padece Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 293, do 18.04.2018

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 22806 (10/POP-002753)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e sete deputados/as máis

Sobre o balance do Goberno galego respecto dos resultados do fomento da xestión compartida dos centros de información á muller en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

7.2 27713 (10/POP-003279)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia desde o 8 de marzo de 2018 para reducir a discriminación económico-laboral das mulleres galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 280, do 21.03.2018

7.3 28667 (10/POP-003373)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis

Sobre as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego para garantir no futuro a seguridade das persoas que visiten a praia das Catedrais, no concello de Ribadeo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 11.04.2018

7.4 27837 (10/POP-003288)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento da primeira fase do Plan de transporte público de Galicia posta en marcha o 8 de agosto de 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 280, do 21.03.2018

7.5 27099 (10/POP-003222)**Grupo Parlamentario de En Marea****Casal Vidal, Francisco**

Sobre a realización pola Xunta de Galicia dalgún informe en relación coas consecuencias da implantación de grandes superficies comerciais para o comercio local, o emprego e os pequenos propietarios de locais comerciais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272, do 07.03.2018

7.6 29466 (10/PUP-000158)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do posible nomeamento da actual subdirectora xeral de Farmacia como alto cargo do Ministerio de Sanidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 293, do 18.04.2018

7.7 26308 (10/POP-003133)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre o seguimento que está a facer a Consellería de Sanidade en relación co grao de cumprimento da Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268, do 28.02.2018

7.8 27591 (10/POP-003270)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Moreira Ferro, Jacobo e dez deputados/as máis**

Sobre os avances e novidades producidas nos últimos meses no proxecto para a construción do Gran Hospital de Montecelo, en Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 14.03.2018

7.9 28493 (10/POP-003352)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e dous deputados/as máis**

Sobre as causas da expansión ao concello de Muxía da praga de couza guatemalteca da pataca

Publicación da iniciativa, BOPG nº 287, do 04.04.2018

7.10 28662 (10/POP-003372)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a garantía polo Goberno galego do cumprimento polos helicópteros *Pesca I* e *Pesca II* das condicións técnicas necesarias para a prestación na actualidade do servizo de salvamento marítimo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 11.04.2018

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o cambio da política forestal e rural do Goberno galego. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 14.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 15.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 16.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 18.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a avaliación das políticas da Xunta de Galicia en relación cos estudos universitarios de posgrao. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S).* (Páx. 20.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 22.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S).* (Páx. 23.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 24.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre o nivel de utilización da totalidade dos recursos dispoñibles para solucionar o problema do desemprego que padece Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 25.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 27.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 28.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 29.)

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor presidente comunica unha modificación no desenvolvemento da sesión plenaria, de maneira que a proposición non de lei que figura en segundo lugar do punto cuarto da orde do día será debatida a continuación. (Páx. 31.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Marcos Cal Ogando e D. Antón Sánchez García, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa suba das tarifas das peaxes da AP-9 prevista para o ano 2018 con motivo das obras de ampliación da autoestrada na ponte de Rande. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 31.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 31.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 35.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 37.) e *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 39.)

O señor Cal Ogando (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 41.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e catro deputados/as máis, sobre a posta en marcha polo Goberno galego das actuacións necesarias para acadar, antes do remate de 2018, a gratuidade do transporte público regular de viaxeiros por estrada competencia da comunidade autónoma para as persoas mozas, en condicións semellantes, cando menos, ás da Tarxeta Xente Nova. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 44.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Pierres López (S)*. (Páx. 44.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 47.) e *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 49.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 50.)

A señora Pierres López (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 52.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e dous deputados/as máis, sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia, antes do remate do primeiro período de sesións de 2018, dun informe respecto da aplicación, durante o curso 2016-2017, do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia, así como das modificacións necesarias para a consecución dos seus obxectivos. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 53.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 55.), *Sra. Chao Pérez (EM)* (Páx. 57.) e *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 59.)

Nova intervención do señor Álvarez Martínez (S). (Páx. 62.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para incrementar a contía do Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas, e solicitar do Goberno central o incremento das pensións non contributivas ata a contía equivalente ao salario mínimo interprofesional. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 63.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 64.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Blanco Rodríguez (S)* (Páx. 66.) e *Sra. Vázquez Verao (EM)*. (Páx. 68.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 70.)

A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 71.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para solicitar do Goberno central a modificación das bases das convocatorias dos organismos autónomos adscritos ao Sistema nacional de saúde para garantir a inclusión de cláusulas de non-discriminación polo exercicio de dereitos laborais por razón de maternidade e a revisión de procedementos administrativos firmes e non firmes onde se puidese ter dado unha situación de discriminación. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 73.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 77.), *Sra. Pierres López (S)* (Páx. 79.) e *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 81.)

Nova intervención do señor Villares Naveira (EM). (Páx. 83.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Rodríguez Arias e oito deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da posta en marcha, en coordinación coas comunidades autónomas e os concellos, da tarxeta social universal. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 85.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 85.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Blanco Rodríguez (S)* (Páx. 87.) e *Sra. Vázquez Verao (EM)*. (Páx. 89.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 90.)

A señora Rodríguez Arias (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 92.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a solicitude polo Goberno galego da mediación e arbitraje do Consello Galego de Relacións Laborais na negociación entre a Xunta de Galicia e o comité de folga do persoal da Administración de xustiza. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 93.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 94.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vilán Lorenzo (S)* (Páx. 97.) e *Sr. Moreira Ferro (P)*. (Páx. 99.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Santos Queiruga (EM)*. (Páx. 101.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 104.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Carlos Enrique López Crespo e sete deputados/as máis, sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia do Plan estratéxico da conserva, horizonte 2020, así como o inicio, en colaboración co sector, da elaboración e redacción do Plan estratéxico do conxelado, co horizonte en 2025. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 105.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Egerique Mosquera (P). (Páx. 106.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 109.) e Sra. Toja Suárez (S). (Páx. 111.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sra. Santos Queiruga (EM). (Páx. 113.)

A señora Egerique Mosquera (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 114.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Carlos Enrique López Crespo e sete deputados/as máis, sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia do Plan estratéxico da conserva, horizonte 2020, así como o inicio, en colaboración co sector, da elaboración e redacción do Plan estratéxico do conxelado, co horizonte en 2025: aprobada por 38 votos a favor, 11 votos en contra e 19 abstencións. (Páx. 116.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Marcos Cal Ogando e D. Antón Sánchez García, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa suba das tarifas das peaxes da AP-9 prevista para o ano 2018 con motivo das obras de ampliación da autoestrada na ponte de Rande: rexeitada por 30 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 117.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e catro deputados/as máis, sobre a posta en marcha polo Goberno galego das actuacións necesarias para acadar, antes do remate do 2018, a gratuidade do transporte público regular de viaxeiros por estrada competencia da Comunidade Autónoma para as persoas mozas, en condicións semellantes, cando menos, ás da Tarxeta Xente Nova: rexeitada por 30 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 117.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e dous deputados/as máis, sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia, antes do remate do primeiro período de sesións de 2018, dun informe respecto da aplicación, durante o curso 2016-2017, do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia, así como das modificacións necesarias para a consecución dos seus obxectivos: rexeitada por 30 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 117.)

A señora Prado Cores (BNG) solicita a votación por separado do primeiro punto da proposición non de lei presentada polo seu grupo, e despois, o resto da iniciativa coa incorporación da emenda. (Páx. 118.)

Votación do punto primeiro da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para incrementar a contía do Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas, e solicitar do Goberno central o incremento das pensións non contributivas ata a contía equivalente ao salario mínimo interprofesional: *rexeitado por 30 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 118.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, agás o punto primeiro, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para incrementar a contía do Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas, e solicitar do Goberno central o incremento das pensións non contributivas ata a contía equivalente ao salario mínimo interprofesional: *rexeitado por 30 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 119.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para solicitar do Goberno central a modificación das bases das convocatorias dos organismos autónomos adscritos ao Sistema nacional de saúde para garantir a inclusión de cláusulas de non-discriminación polo exercicio de dereitos laborais por razón de maternidade e a revisión de procedementos administrativos firmes e non firmes onde se puidese ter dado unha situación de discriminación: *aprobada por 68 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 119.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia por iniciativa de D^a Marta Rodríguez Arias e oito deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da posta en marcha, en coordinación coas comunidades autónomas e os concellos, da tarxeta social universal: *aprobado por 51 votos a favor, 17 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 119.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a solicitude polo Goberno galego da mediación e arbitraje do Consello Galego de Relacións Laborais na negociación entre a Xunta de Galicia e o comité de folga do persoal da Administración de xustiza: *rexeitado por 30 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 119.)*

Suspéndese a sesión ás tres e media da tarde e retómase ás catro e trinta e catro minutos.

Interpelación de D. Antón Sánchez García, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación co impacto medioambiental das verteduras de augas residuais procedentes de explotacións mineiras. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 120.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 124.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 126.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 129.)

Interpelación de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego sobre a mellora do emprego público e das condicións de traballo no sector público autonómico. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 131.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 134.)

Réplica do autor: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 136.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 138.)

Interpelación de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María de la Concepción Burgo López, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en materia de prevención do abandono escolar. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 140.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 144.)

Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 147.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 149.)

Pregunta de D^a María Ángeles García Míguez e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance do Goberno galego respecto dos resultados do fomento da xestión compartida dos centros de información á muller en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 151.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 152.)

Réplica da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 153.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 154.)

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia desde o 8 de marzo de 2018 para reducir a discriminación económico-laboral das mulleres galegas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 155.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 156.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 157.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 158.)

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego para garantir no futuro a seguridade das persoas que visiten a praia das Catedrais, no concello de Ribadeo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 160.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 161.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 162.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 163.)

Pregunta de D. Martín Fernández Prado e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento da primeira fase do Plan de transporte público de Galicia posta en marcha o 8 de agosto de 2017. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 164.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 165.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 166.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 167.)

Pregunta de D. Francisco Casal Vidal, do G. P. de En Marea, sobre a realización pola Xunta de Galicia dalgún informe en relación coas consecuencias da implantación de grandes superficies comerciais para o comercio local, o emprego e os pequenos propietarios de locais comerciais. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 168.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 169.)

Réplica do autor: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 170.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 171.)

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do posible nomeamento da actual subdirectora xeral de Farmacia como alto cargo do Ministerio de Sanidade. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 172.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 173.)

Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 175.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 175.)

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre o seguimento que está a facer a Consellería de Sanidade en relación co grao de cumprimento da Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 176.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 178.)

Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 179.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 180.)

Pregunta de D. Jacobo Moreira Ferro e dez deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os avances e novidades producidas nos últimos meses no proxecto para a construción do Gran Hospital de Montecelo, en Pontevedra. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Moreira Ferro (P)*. (Páx. 181.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 182.)

Réplica do autor: *Sr. Moreira Ferro (P)*. (Páx. 183.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 184.)

Pregunta de D. José Manuel Pérez Seco e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as causas da expansión ao concello de Muxía da praga de couza guatemalteca da pataca. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pérez Seco (S)*. (Páx. 185.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 186 .)

Réplica do autor: *Sr. Pérez Seco (S)*. (Páx. 187.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 188.)

Remata a sesión ás oito e dez minutos do serán.

Retómase a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos reiniciar a sesión co punto 6 da orde do día, que se corresponde co de preguntas para a resposta oral do presidente da Xunta.

Antes da súa tramitación saudamos os alumnos de primeiro ano do Centro Afundación, do ciclo superior de Administración e Finanzas e do ciclo superior de Asistencia e Dirección, da Coruña.

Benvidos ao Parlamento.

E agora si comezamos coas preguntas para a resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o cambio da política forestal e rural do Goberno galego

O señor PRESIDENTE: En primeiro lugar, ten a palabra dona Ana Belén Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Moi bo día.

Señor Feijóo, estamos ás portas da temporada de risco de incendios e a conclusión á que chegamos non pode ser máis alarmante. Se hoxe Galiza vivira unha vaga de lumes como a que sufriu o pasado outubro, as trágicas consecuencias poderían ser as mesmas. Dá medo pensalo, pero é así. Galiza segue igual de indefensa que o ano pasado cando ardía polos catro costados. E segue igual de indefensa porque vostede non fixo nada real para marcar un antes e un despois da catástrofe, nada real para mudar unha política de abandono do monte e do medio rural, nada para rectificar unha política forestal pirómana de trinta anos de gobernos absolutistas do Partido Popular.

Calquera político responsable tería empezado a traballar desde o minuto cero promovendo cambios estruturais para que Galiza estivera en mellores condicións para enfrontar os lumes, pero vostede emprendeu unha fuxida cara a adiante.

Primeiro enrocouse na trama terrorista para eludir a súa responsabilidade, a pesar de que a desmente até a Fiscalía.

Segundo, un ano máis temos un Pladiga que se presenta tarde e mal, sen consensuar e que repite o esquema do corta e pega, sen analizar o que fallou para aprender dos erros, e todo cando estamos ante lumes de nova xeración en pleno cambio climático. Tampouco incrementa o persoal e mantén un dispositivo fragmentado e precario que non pode facer labores de prevención todo o ano.

Terceiro, estamos a 25 de abril e os concellos, que están asfixiados economicamente, non teñen nin un só euro da Xunta de Galiza para executar as franxas de seguridade en vivendas e infraestruturas; é dicir, nada fixo salvo botar balóns no teito dos tellados.

Cuarto, nada mellorou nas emerxencias. E non hai que esquecer ese apagón informativo dos medios públicos en plena catástrofe.

E, por último, no seu «debe» temos un plan forestal que o que nos receita é máis eucalipto —de novo as portas xiratorias de Ence e a corrupción en «A»—, (*Aplausos.*) un disparate nun monte que supera en 230.000 as hectáreas previstas de eucalipto, e, delas, 35.000 plantadas ilegalmente en terras agrarias. É un plan forestal que, ademais, pretende privatizar e incautar montes en man común.

En definitiva, ningunha medida real e efectiva, polo que Galiza segue a día de hoxe igual de indefensa ante unha vaga de lumes, igual de indefensa para afrontar o maior reto ambiental que temos.

Eu xa lle quero dicir —e que lle quede moi claro— que no BNG temos a man tendida para aportar solucións e dar un debate á altura do país. A pregunta é se vostede ten disposición para cambiar o rumbo e estar á altura do que este reto necesita e do que necesita Galiza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, vostede sabe que nós levamos, dende o principio das nosas responsabilidades, intentando loitar contra o minifundismo da propiedade en Galicia. Vostede debería saber que en Galicia hai 11 millóns de parcelas rústicas, que nada máis e nada menos que a media deses 11 millóns de parcelas rústicas é de 2.500 metros, que en Galicia hai máis de 1.660.000 titulares catastrais e que o 25 % da poboación galega, por exemplo, é propietaria dunha pequena parcela forestal e que, ademais, boa parte desa poboación non reside no rural.

Lamentablemente, parece que vostedes, dende que chegaron á oposición, se esqueceron das súas propias decisións. Eu non teño ningún inconveniente en recordarlle as nosas.

Nós somos unha gran potencia madeireira, sen dúbida, e temos un gran problema de atomización da propiedade. E contra iso estamos loitando dende que tivemos responsabilidades no Goberno. En primeiro lugar, cun marco xurídico novo, con tres leis: a Lei de mobilidade de terras, do ano 2011; a Lei de montes, a primeira de Galicia en trinta e pico de anos de autonomía, do ano 2012; e a Lei de mellora da estrutura territorial agraria, do ano 2015. En segundo lugar, adoptamos unha decisión estrutural: Galicia é a única comunidade autónoma

onde non se pagan impostos por facer transaccións de permuta, de compra ou de venda de calquera terreo rústico no conxunto da superficie autonómica. E, en terceiro lugar, demos o pulo máis importante de reestruturación e de concentración agraria de calquera outra lexislatura.

Señora Pontón, fala vostede do desastre ecolóxico e medioambiental en Galicia. Debe de referirse vostede a cando xestionaban a Consellería do Medio Rural, estou convencido diso —no ano 2007, Bloque Nacionalista Galego—. Alá vostede, señoría. Iso xa está na memoria de todos os galegos.

Fala vostede tamén —sempre con carácter absolutamente demagóxico— do tema do eucalipto. Mire, señoría, o eucalipto, sen dúbida, hai que regulalo. Vostedes non fixeron nada, absolutamente nada. Estiveron catro anos discutindo e criticando o eucalipto, pero medidas, cero; cero medidas en relación co eucalipto. Nós concretamos as distancias máis restritivas para a plantación de eucalipto. Regulamos as masas de frondosas autóctonas, de tal xeito que todas aquelas de 15 hectáreas ou máis e cunha idade media de vinte anos non poderán ser obxecto de plantación de piñeiros e eucaliptos. Nós seguimos tomando decisións, e o máis doado é pasar da plantación de eucaliptos a terreo agrícola, e non ao contrario. E, señoría, nós seguimos tomando decisións en relación co eucalipto e debería vostede saber que a proposta do Plan forestal é un crecemento mínimo, testemuñal, do eucalipto: pasar do 15,17 % de agora ao 16,4 % no futuro. Iso si, incrementamos máis de 5 puntos as masas de piñeiros, incrementamos os bosques de frondosas ata o 19,75 % do total da superficie. E, polo tanto, señoría, o que nós podemos dicir é que, por primeira vez, hai unha política respecto da que espero que vostedes, dado que falan de moita man tendida, poidan concretala nalgún momento apoiando o que estamos a facer no ámbito forestal.

Si lle digo, señoría, que todas as medidas que adoptamos na comparecencia que tiveron a honra de facer no Parlamento despois da fin de semana —furacán incluído— dos lumes de outubro están todas en marcha, en execución ou cumpridas. ¡Todas! ¡Digo todas! A primeira vez que hai un Aprol rural de máis de 7 millóns de euros en Galicia é agora. A primeira vez que estamos comprando tractores e desbrozadoras para os concellos é agora. A primeira vez que hai obradoiros de emprego forestal en Galicia é agora.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E, por certo, señoría, imos seguir traballando. A próxima semana, unha liña de 8 millóns de axudas para comprar maquinaria no ámbito forestal. Como verá, señora Pontón, seguimos traballando. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, o que si está na memoria colectiva de todos e de todas é a súa foto cunha *manguerita* *(Aplausos.)* e cando este país ardía polos sete costados. *(Aplausos.)* Ou as súas declaracións, señor Feijóo: «*Con nosotros no moría gente en los incendios;*

con ellos, cuatros personas». Nunca verá estas declaracións por parte de ningún responsable político do BNG. *(Aplausos.)*

E, efectivamente, tamén está na memoria o que foi o que fixo vostede cando chegou á Xunta de Galiza. O que fixo é unha auténtica irresponsabilidade. E, ademais, fixo unha política sectoria. Porque, por sectarismo, cargouse o Banco de Terras e paralizou o seu desenvolvemento. Cargouse as uxfor. Por sectarismo desmontáronse todas as axudas que había para un monte multifuncional. Por sectarismo, señor Feijóo, vostede preferiu alimentar a industria do lume que poñer en marcha medidas que realmente lles deran un cambio aos problemas que ten o noso país.

A min gustaríame —paréceme que é complicado, pero gustaríame— que, nun tema tan importante, por unha vez vostede deixara de utilizar o comodín do Bipartito e que saíra desa cómoda zona de confort que lle debe dar o seu coche oficial e vira o que está pasando no noso país. Porque o certo, señor Feijóo, é que hai problemas graves. E isto non se soluciona dicíndolle á oposición que o que ten que facer é apoiar o que vostede fai. Porque iso non é un pacto, iso é impoñer un modelo que, ademais, ten moito que ver co problema que temos. Mire, eu estou convencida de que enfrontar o problema dos lumes non é sinxelo. É moi complexo e require altura de miras, e require saber qué é o que está funcionando mal e ter capacidade para facelo.

Nós xa lle adiantamos o ano pasado, señor Feijóo, que queríamos falar sobre o Plan forestal. Eu mesma lle mandei unha carta, despois da catástrofe que estaba pasando en Portugal, para que nos sentáramos a falar sobre o problema que tiñamos en Galiza. ¿Cal foi a súa resposta? O silencio e o desprezo cando unha forza política está plantexando un tema de país.

E hoxe, a pesar de que repite ese esquema, imos seguir ofrecendo que realmente haxa cambios na política forestal. Temos propostas e quero que, por favor, me permita o señor presidente dicilas simplemente nun minuto —de maneira moi resumida, como poden ser estes debates—.

É necesario, no curto prazo, señor Feijóo, que haxa recursos para executar as franxas de protección. Porque lles dá de prazo ata o 31 de maio aos concellos e a día 25 de abril non ten asinado ningún convenio. ¿Quere saber o que está pasando nos concellos? Mire, As Neves: zona cero e 90 % do territorio ardido, e cero axudas da Xunta de Galiza aos concellos para enfrontar o problema dos lumes. Xa vemos como están axudando vostedes na recuperación.

Son necesarios cambios no dispositivo, necesitamos un dispositivo que dependa cen por cento da Xunta de Galiza, cen por cento público, profesionalizado e con mando único. Do teléfono vermello de coordinación os alcaldes non saben o número, señor Feijóo.

Pero tamén se precisan cambios na política agraria e na política forestal. Por iso lle dicimos que o Plan forestal...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...—remato— que fala de máis eucalipto non pode ser a solución. Por iso plantexamos unha moratoria na plantación de eucalipto naquelas zonas de alto risco, a recuperación desas 35.000 hectáreas plantadas ilegalmente e que haxa apoio real para poñer en marcha unha nova política forestal. Porque o monte galego pode producir madeira, madeira de calidade, pero tamén moitas máis cousas.

E, por último...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, remate.

A señora PONTÓN MONDELO: ...necesítase ordenación do territorio. E ten na súa man todas as políticas de ordenación do territorio. ¿Por que non poñer en marcha un plan territorial integrado que ordene o monte e nos permita loitar contra os lumes?

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señora Pontón. Terminou o seu tempo.

A señora PONTÓN MONDELO: Temos un plan no litoral. ¿Por que non un plan para o monte que realmente nos permita enfrontar con garantías...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...o reto ambiental máis grande que ten este país? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Grazas, señor presidente.

Falaba vostede de sectarismo. Señoría, sectarismo é chegar ao Goberno e cesar a todos os xefes de distrito e conquistar máis de 100.000 hectáreas ardidadas durante un ano. *(Aplausos.)* Ese é o maior sectarismo que se fixo en Galicia en materia forestal.

Señoría, sectarismo é, durante esa vaga de incendios, que o Goberno seguira de vacacións. Sectarismo é dicir que os culpables dos lumes do ano 2006 eran os alcaldes do Partido Popular. Ese é o maior sectarismo que recolle a historia forestal da comunidade autónoma, e vostedes como protagonistas. Iso está xa na retina dos galegos. Por iso, evidentemente, en canto tiveron ocasión de votar, votaron e botáronos —con «b»— do Goberno.

Señora Pontón, fala vostede das franxas de protección, unha lei do Bipartito do ano 2007, e nada fixeron en relación coas franxas de protección. Nin cun euro axudaron aos alcaldes coas franxas de protección. Señoría, a Fegamp ten unha proposta feita formalmente polo Goberno actual pola que, por primeira vez, imos axudar a todos os concellos a cumprir unha lei do Bipartito. Señora Pontón, por primeira vez os concellos terán axuda autonómica para cumprir as franxas de protección, por primeira vez. *(Aplausos.)*

Fala vostede, señoría, de que non axudamos os concellos, e pon o das Neves. Señoría, as axudas de vivenda nas Neves, as axudas na industria nas Neves, as axudas para repoñer o mobiliario urbano, as axudas, señoría, para replantar as Neves, están pagadas ou pendentes de xustificación. Como non sabe disto, señoría, non teño ningún inconveniente en darlle información. Insisto, están pagadas ou pendentes de xustificación. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Dado que vostede quere chamar, ¿por que non chama á Deputación de Pontevedra para que cumpra algo nas Neves, señora Pontón? (*Murmurios.*) Dado que aí vostedes din que mandan, ¿por que a Deputación de Pontevedra pon cero euros para as Neves e todos os concellos que sufriron lumes en Pontevedra? Señora Pontón, por favor, un pouco de respecto pola verdade.

Señora Pontón, segue vostede intoxicando co tema do eucalipto. O que propoñemos do total da superficie en Galicia para o eucalipto para os próximos anos é o 16 %; o resto, frondosas e pinos. ¿Por que segue manipulando de forma continuada e constante? ¿Por que, cando vostedes estaban no Goberno, non adoptaron ningunha decisión co eucalipto e nós estamos regulando, concretando e limitando as capacidades de expansión do eucalipto?

Señora Pontón, non teño ningunha dúbida de que a medida estrutural máis importante que adoptou un goberno da Xunta de Galicia nos últimos trinta anos é poñer impostos cero no rural; 26.000 galegos pagaron cero euros por comprar, por permutar ou allear os seus bens. Lamentablemente, o Bipartito miraba para outro lado, e nós, en plena crise económica, fixemos a maior baixada fiscal da historia no medio rural galego, a maior baixada fiscal da nosa historia. (*Aplausos.*)

Señoría, estamos concentrando nada máis e nada menos que 163.000 hectáreas en beneficio de 121.000 familias, pasando de máis de 1.200.000 parcelas a menos de 200.000. Iso chámase mellora e concentración, e poñer en valor o terreo na comunidade autónoma; 231 millóns de euros estamos investindo para paliar o abandono do rural en Galicia.

Compramos as primeiras cámaras que existen en Galicia para vixiar máis do 40 % do total da superficie na comunidade autónoma. Señoría, seguimos avanzando. Creamos a primeira e única axencia galega de industria forestal que nunca se fixo na comunidade autónoma. Nunca antes se adoptaran tantas medidas en menos tempo. Se vostedes adoptaran polo menos algunha...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...das que acabo de referir, seguro, señoría, que nos tería ido mellor. Pero vostede non pode censurar o labor das brigadas, que imos ampliar; o labor dos contratos, que imos ampliar; o labor dos distintos responsables do sector das brigadas, que imos incrementar o seu soldo. Non pode en ningún caso poñer en valor e criticar o que pasou durante 48 horas en Galicia durante unha vaga de lumes ademais dun furacán nas costas galegas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señora Pontón, están aí os datos. Temos en nove anos menos lumes dos que vostedes tiveron en tres. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señora Pontón, eses son os datos.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Agora ben, se vostede quere axudar...

O señor PRESIDENTE: Remate, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...saiba vostede que ten a miña man tendida. ¿Por que, por unha vez, o BNG non se implica en algo que interesa aos galegos? ¿Por que, señora Pontón?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Seguro que lle interesa máis criticar o Goberno que apoiar os galegos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo, grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non se preocupe, señora Pontón, eu estou aquí para servir os galegos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a avaliación das políticas da Xunta de Galicia en relación cos estudos universitarios de posgrao

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días, señor Núñez Feijóo.

Teño para min que a resaca do inacabado caso Cifuentes obriga a pór os ollos sobre os cursos de posgrao e, en xeral, sobre a función da universidade.

Permítame facerlle tres consideración previas. A primeira é que todo isto nos di que a universidade importa. Despois de oito séculos segue sendo unha peza central na sociedade do coñecemento. Por iso é tan importante non destruír os seus fundamentos. A universidade é esforzo, mérito e paixón pola verdade. É liberdade de pensamento e de palabra, todo o contrario do que practicou ata agora a presidenta da Comunidade de Madrid. E a principal consecuencia desa xestión é que está atacando os valores que fundamentan a nosa universidade.

Segunda consideración, non disparemos sobre o pianista. En Galicia as universidades funcionan adecuadamente, xestionan con rigor, con solvencia, os cursos de posgrao e, por suposto, o grao. Están cumprindo ben a súa función esencial.

Pero a terceira consideración é que os mestrados distinguen. Hoxe a diferenciación social non pasa polos estudos de grao, pasa polos posgraos. Por iso é tan esencial que poidamos discutir a súa eficacia e a súa democratización, a súa eficacia para conseguir que os nosos estudantes ao acabar os seus estudos universitarios teñan unha boa ubicación no mercado de traballo e a súa democratización para conseguir que todo o mundo teña acceso aos posgraos que desexa e poidamos cumprir así mellor as necesidades sociais públicas e tamén empresariais.

¿Que é o que nos preocupa? Preocúpanos, en primeiro lugar, que a oferta sexa insuficiente. Hoxe saen dos cursos de posgrao en Galicia 3.100 alumnos aproximadamente, pero saen dos títulos de grao cada ano 8.000. Estamos no 40 % dos titulados de grao. En España, en conxunto, están no 50 %. Temos unha insuficiente oferta aínda hoxe que necesitamos ampliar, non reducir. Necesitamos ampliar esa oferta e as trabas son excesivas.

En segundo lugar, temos a obriga de producir mestrados competitivos internacionalmente. Hai demasiados xóvenes que en Galicia acaban o seu grao e están mirando para fóra para seguir formándose, e atraemos pouca xente aos posgraos que temos en Galicia. Temos pouca capacidade de atracción, pero non é porque nos falte calidade. Resulta que nos estudos de doutoramento isto non sucede. No doutoramento somos capaces de incorporar estudantes internacionais, singularmente de América latina. Por tanto, apliquemos isto tamén aos estudos de posgrao.

E, en terceiro lugar, de forma moi importante, existen importantes barreiras ao acceso que dificultan a democratización do mestrado e afastan alumnos capaces. Por cada 1.000 peticións de bolsas denegadas hai moita xente que deixa de facer estes estudos. Só hai 2.250 peticións de bolsas e denéganse 1.000. Son demasiadas, porque os requisitos académicos e os requisitos económicos son excesivos. Necesitamos incorporar máis alumnos ao posgrao, necesitamos democratizar o acceso. Por iso eu o que lle propono é que poñamos en marcha desde a Xunta de Galicia un sistema complementario de axudas ao estudo que permita que ninguén quede fóra destes estudos e que fagamos coas universidades unha oferta para mellorar a súa competencia internacional, a competencia internacional dos posgraos que nos permita reter a máis talento e atraer a outro externo. Porque os que veñan aquí a estudar teñen máis facilidade para seguir despois traballando tamén en Galicia.

Fareille algunha proposta máis concreta na miña segunda intervención, señor Núñez Feijóo. Espero que estea de acordo con elas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Leiceaga, agrádame que traia vostede un asunto que na nosa opinión é de absoluta relevancia, como é a educación, e, moi sinaladamente, a educación universitaria, onde, evidentemente, ten moito que ver o futuro do país en relación coa capacidade de captar e de reter o talento galego dende as universidades.

Quero dicirlle que, durante as épocas de recesión económica, nós sentímonos orgullosos da coordinación e da responsabilidade de todas as universidades galegas; en definitiva, do Sistema universitario galego, das tres universidades. Foron quen, con menos recursos, de facer a adaptación ás normativas europeas e ás normativas estatais, e fomos quen de pactar o financiamento das universidades durante os últimos oito anos con acordo.

Vostede fixo unha serie de afirmacións o pasado luns —quero recordar—, e hoxe mesmo na súa intervención, sobre a necesidade de implicarse no reforzo dos estudos de posgrao, sobre a necesidade de democratizar —acaba de usar vostede este termo— o acceso aos estudos. Na miña opinión todas son correctas. O único inconveniente, se me permite, é que chegan tarde. E chegan tarde, señor Leiceaga, porque levamos anos colaborando coas universidades e levamos anos pactando coas universidades todo: as titulacións, os graos, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) os másteres, o financiamento, o consorcio universitario. Levamos, efectivamente, garantindo o financiamento das universidades por riba do incremento dos presupostos do conxunto da Administración pública. Levamos facendo un mapa de titulacións actualizado e pactado. E tamén levamos, señoría, nada máis e nada menos que un récord —que creo que é importante— na democratización dos estudos universitarios, porque Galicia é a comunidade autónoma máis barata e, polo tanto, as universidades galegas son as máis accesibles para conquistar un título de grao de toda España.

Polo tanto, señor Leiceaga, eu estou convencido de que vostede —que todo isto o sabe— debería felicitar —e eu vou facelo— os reitores saíntes e, seguro, os reitores entrantes, porque imos seguir traballando neste sentido. (*Aplausos.*)

O incremento, señoría, do financiamento das universidades galegas pois non está mal, porque o incremento, por exemplo, no último plan de financiamento foi dun 18 %. O financiamento das universidades galegas foi un 18 % máis entre o ano 2016 e o ano 2020 —373 millóns de euros máis, un 18 %—.

Non está mal, señoría, por exemplo, que na porcentaxe de PIB que Galicia dedica ás universidades sexamos a terceira comunidade autónoma de maior porcentaxe de dedicación de PIB ao sistema universitario, a terceira maior, cun 0,71 % do PIB —a terceira maior de España—. Non está mal, señoría, a racionalización das titulacións. Temos unha serie de graos comprometidos, pactados, e unha serie de másteres tamén comprometidos e pactados.

Hai un dato, señoría, que creo que vostede debería revisar, porque acaba de dicir vostede que nós temos o acceso a máster en Galicia por debaixo das ratios de España. Pois non, señoría, o 29,8 %, case o 30 %, dos universitarios galegos estudan o máster ao finalizar os

estudos de grao, case o 30 %. E en España está no 21 %, nove puntos máis en Galicia que en España. E a vostede iso parécelle un mal dato. Seguro que poden ser máis do 30 %, pero recoñecerá vostede que estamos bastante mellor en termos de PIB, en termos de financiamento e en termos de alumnos que fan máster que a media de España.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica do señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Eu non só felicito os que saen e os que entran, senón incluso o que queda, o reitor da Coruña. (*Aplausos.*) Podemos felicitar a todos.

Pero preocúpame un pouco a súa compracencia, porque a educación é un factor básico de progreso e igualdade, fainos vivir mellor, premia o talento e o mérito, é un ascensor social. Pero o ascensor está obturado, e fundamentalmente non polo que sucede, sobre todo, nos estudos de grao, senón nos de posgrao, que son, como se di agora, a interfaz entre a educación e o mercado laboral. E eu creo que temos que traballar máis aí. As clases medias e as máis populares están preocupadas polo futuro dos seus fillos e fillas porque se dan conta de que non poden competir con aqueles que, tendo máis recursos, son capaces de garantirilles unha educación máis prolongada —e normalmente máis exitosa— aos seus fillos. E eu creo que nisto é no que temos que actuar, e isto é o que me preocupa a min.

Por iso lle propoño, en primeiro lugar, que poñamos en marcha un sistema complementario de axudas ao estudo, porque o que vostedes teñen é moi limitado, moi cativo, moi cativo. E con 5 millóns de euros poderíamos duplicar o número de bolseiros dos estudos de mestrado en Galicia, onde, por certo, non teñen as taxas máis baixas de España —si no grao, pero non no posgrao—. Pero, en todo caso, con 5 millóns de euros poderían duplicar o número de bolseiros eliminando practicamente as barreiras económicas para o acceso ao máster e facendo os nosos estudantes máis competitivos. Temos que desenvolver un sistema de orientación sobre os másteres e un sistema de captación de estudantes externos máis importante do que facemos agora. Aí temos un problema, e un problema que podemos resolver. E, sobre todo, temos que aumentar a oferta e facela máis competitiva internacionalmente. Temos investigación de calidade en moitos ámbitos, non teño que repetilos. ¿Por que non utilizamos ese núcleo de investigadores de calidade para ter tamén unha oferta de estudos de posgrao que poida ser competitiva? ¿Por que non utilizamos as unidades mixtas de investigación, os centros singulares, as agrupacións estratéxicas, para desenvolver unha oferta de calidade, utilizando fondos —que hoxe xa están— procedentes de Europa? Se podemos facelo, imos ter un oco no panorama internacional e a iso é ao que temos que aspirar.

Eu quero ser un pouco máis ambicioso respecto do que facemos agora, claro que si, colaborando coas universidades, que están facendo a súa función. Pero desde o plano político, desde a Xunta de Galicia, podemos poñerlles máis deberes e ser un pouco máis exixentes, e colaborar coas universidades para que cumbran. Por exemplo, os másteres interuniversitarios, que son unha boa idea, están mal desenvolvidos, porque obrigan a un esforzo excesivo de

movilidade dos alumnos. Está ben que colaboren as universidades, pero non está ben obrigar a desprazarse os alumnos para cursar eses estudos. Temos que corrixir cousas, e iso é o que lle pido eu, que corrixamos o que funciona mal. Podemos facer máis...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...e podémolo facer mellor, sen comprometer excesivos recursos. Iso é o que lle pido desde a oposición para que Galicia dea un salto de calidade e un salto tamén na democratización do acceso aos estudos de mestrado retirándolles preocupación a moitas das nosas familias.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Leiceaga.

Peche desta pregunta, señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor Leiceaga.

Señor Leiceaga, tivo vostede unha grande oportunidade para ser un gran reitor na Universidade de Compostela. Vostede dedícase a outra cousa e eu celébroo, porque a política necesita tamén xente formada. Pero o certo e verdade é que todo isto é o que estamos facendo, señoría; pero, ademais, por acordo e por consenso. E levamos feito por acordo e por consenso todo o que vostede acaba de relatar agora polo miúdo dende o seu escano.

Mire, estamos apostando pola calidade, e a calidade é especialización. O Campus da Auga creámolo no ano 2014 en Ourense; o Campus Terra, en Lugo, no ano 2015; o Campus Industrial, en Ferrol, no ano 2014. E agora estamos comprometidos co Campus Crea, en Pontevedra; co Campus Innova e o Campus Sustentabilidade, na Coruña; co Campus Vigo Tecnolóxico e co Campus da Cidadanía en Santiago. Todo isto está acordado cos reitores, ademais do Campus do Mar, en Vigo.

Señoría, isto é o que estamos facendo en materia de especialización. Pero, ademais, temos dez medidas que estamos concretando cos reitores, con calendarios concretos; por exemplo, para novos graos interuniversitarios, froito da colaboración entre as universidades. É a primeira vez na historia universitaria galega que dúas universidades imparten un só grao, o grao da paisaxe, a primeira vez que chegamos a un acordo para os estudos de medicina na comunidade autónoma, ¡a primeira vez! Creo que iso hai que poñelo en valor, e os reitores están traballando con rigor e a Xunta de Galicia está cumprindo o seu deber. Imos concretar, por primeira vez, graos en inglés.

E por suposto que nos interesa a mellora dos ránkings internacionais, e hai propostas dende a autonomía universitaria que van ser apoiadas pola Xunta de Galicia. ¡Claro que temos un mapa de empregabilidade!, que é imprescindible. Onte presentabamos en Vigo o primeiro campus da FP da historia do ensino na comunidade autónoma. Temos que buscar a empre-

gabilidade e a relación entre a industria, as empresas, a universidade e a formación profesional. Claro, señoría, que temos que dar premios de excelencia aos mellores alumnos, e así o facemos. Máis de 2.500 investigadores neste momento en Galicia están traballando con fondos da Comunidade Autónoma e percibindo as súas nóminas mes a mes en colaboración da Comunidade coas universidades.

Claro que temos que captar alumnos iberoamericanos. ¿É que acaso non sabe que a primeira vez que estamos captando alumnos iberoamericanos —non desde as universidades senón dende a Xunta— son os máis de cen alumnos que están estudando o seu máster nas universidades galegas a través dunha proposta da Secretaría Xeral de Emigración? Si, señoría, estámolos facendo, por primeira vez. Claro, señoría, que temos que buscar novos perfís profesionais.

Fálame vostede de democratizar aínda máis o ensino universitario. Estou de acordo, señoría. Creo nos rapaces que estudan con becas, porque probablemente eu non podería estudar se non tivese a beca que tiver durante a miña carreira. Polo tanto, vou seguir traballando por isto, non teña ningunha dúbida.

Temos unha proposta. Levamos seis anos de conxelación das taxas universitarias. En canto os reitores tomen posesión ímoslles facer dúas propostas máis. Unha é que este curso universitario que vai comezar volvamos conxelar as taxas universitarias —sería o sétimo ano de conxelación de taxas universitarias—. (*Aplausos.*) E, señoría, imos facer outra proposta máis: que os másteres profesionalizantes, eses másteres, os baixemos e que os poñamos a prezo de grao. Será a maior baixada dun máster profesionalizante que houbo nunca en Galicia, por suposto, e nas universidades españolas. (*Aplausos.*)

Claro que temos propostas, señoría, de seguir democratizando os estudos universitarios. E por iso, señoría, en Galicia o 30 % dos alumnos fan un máster, e en España só o 21 %; en Galicia temos as taxas universitarias máis baratas para o grao de toda España e podemos tamén ter os másteres profesionalizantes máis baratos de toda España. Disto imos seguir falando cos reitores entrantes e, por suposto, cun reitor responsable, como é o reitor da Coruña.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luís Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre o nivel de utilización da totalidade dos recursos dispoñibles para solucionar o problema do desemprego que padece Galicia

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días, señor presidente.

Señor Núñez, hoxe vimos preguntarlle, en primeiro lugar, pola situación do emprego en Galicia, polas políticas de emprego da Xunta de Galicia e, sobre todo, pola execución orzamentaria en materia de emprego. En canto ao balance da situación do emprego en Galicia desde

que vostede goberna, desde o ano 2009, o saldo é realmente preocupante —preocupante por non dicir trágico—. Existen neste momento na comunidade autónoma —a finais do 2017, exercicio pechado— 140.000 ocupados menos que cando vostede chegou á Xunta de Galicia, e 63.000 desocupados máis, desde que vostede está na Xunta de Galicia. E produciuse durante os anos da recesión económica un fenómeno, e é que fomos a quinta comunidade autónoma onde máis emprego se destruíu e agora somos a segunda comunidade autónoma onde menos emprego se está creando. Vivimos, máis que nunha anomalía laboral galega, nunha verdadeira traxedia laboral en termos de incorporación ao mercado de traballo e de saúde do mercado de traballo.

Desde 2014, cando se empeza a crear emprego en Galicia, vivimos nunha situación de absoluta «ditadura do precariado». O emprego precario é un emprego que ten unha alta taxa de temporalidade. O 89 % do traballo creado desde 2014 é temporal. En segundo lugar, unha alta taxa de temporalidade unida a baixos salarios —o emprego temporal ten de media un 30 % de salario menos que o emprego indefinido— e unida, ademais, a unha alta taxa de sinistralidade laboral. Isto é moi importante, acabamos de coñecer os datos de 2017, no que se incrementou a sinistralidade laboral en Galicia un 9 %.

Polo tanto, unha situación, un balance, que nós entendemos que é moi preocupante e unha anomalía realmente trágica en relación coa evolución do mercado de traballo: menos ocupados, máis desempregados, máis precariedade, precariedade das mulleres —que ademais teñen un 29 % de fenda salarial en relación cos homes pola realización dos seus traballos—, unha situación notoriamente preocupante.

A función dun gobernante e dun goberno é, desde logo, en primeiro lugar, promover leis que garantan o emprego e o emprego de calidade; e, en segundo lugar, facer políticas públicas dotadas economicamente para que isto teña lugar, porque non hai políticas de emprego sen orzamentos de emprego. E aquí queremos chegar para facerlle a pregunta.

A primeira pregunta —que xa contestou nalgunha ocasión— que lle queremos facer é: ¿está vostede satisfeito coa situación do emprego no noso país, co número de desempregados e desempregadas que ten o noso país? Sabemos que vai dicir que non, xa o dixo máis veces. Por iso lle queremos preguntar en relación co estado de execución a 31 de decembro —son datos oficiais da Xunta de Galicia e publicados—, xa que o Goberno da Xunta de Galicia deixou sen gastar 132 millóns de euros en políticas de emprego. ¿Querería vostede contestarnos por que razón o Goberno galego, con esta situación de desemprego, deixa sen gastar 132 millóns de euros en políticas de emprego? ¿Acaso vostede non pensa que ese diñeiro podería valer para crear emprego e crear emprego de calidade?

Refírome concretamente a catro partidas que todo o mundo debe de recoñecer que se deixaron de gastar. En materia de mellora do emprego e da empregabilidade, 61 millóns de euros orzados, dos cales só se gastaron 34 e se deixaron de gastar 26 millóns de euros, é dicir, só se gastou o 56 %. En materia de promoción do emprego, do emprego autónomo e do mercado do traballo inclusivo, de 101 millóns de euros orzados só se gastaron 61, só o 60 % foi gastado. En materia de formación profesional de desempregados, estando previstos case 107 millóns de euros, deixáronse sen gastar 52. Isto significa que só se gastou o 49 %

do total. E non digamos a última das partidas, a formación profesional de ocupados, na que xa non había moito previsto —11 millóns de euros— pero soamente se gastaron 816.000 euros, é dicir, só o 7 % do orzado.

A pregunta é clara, señor presidente. ¿Por que, habendo a taxa de desemprego que hai en Galicia, habendo a emigración da xente nova que emigra ao estranxeiro, non se executan as políticas orzamentarias en materia de emprego que levarían a mellorar as condicións de emprego no noso país?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señoría.

Ás veces pregúntome, señor Villares, quen lle fai os papeis. E ás veces chego á conclusión de que probablemente ninguén. En todo caso, por se lle interesan os datos, por suposto que estou á disposición, e é a miña obriga concretarllos.

Di vostede que se incrementou o emprego temporal e que diminuíu o emprego indefinido. Falso, o 75 % do emprego en Galicia é indefinido. Di vostede que a sinistralidade se incrementou. O que se incrementou foi a actividade, o número de mortos diminuíu. Debería vostede ser un pouco respectuoso. O número de mortos en accidente laboral diminuíu. O que se incrementou foi a sinistralidade doutros accidentes, non con resultado de morte, especialmente os accidentes *in itinere*; é dicir, cando se vai ou se volve do traballo. Debería vostede de ser un pouco rigoroso cando dá algún dato; entre outras cousas, para tomalo un pouco en serio.

Vou facer dúas afirmacións en relación coa execución do presuposto. A primeira, o orzamento inicial do presuposto do ano 2017 ¿déronllo ben, polo menos? ¿Canto ten vostede de orzamento do ano 2017? Seguro que na réplica mo pode dar, porque as súas contas de gran capitán son un disparate tras outro. Cada parágrafo é un disparate superior ao anterior. Presuposto inicial: 237 millóns de euros. Datos da Intervención Xeral: comprometido real, 237,9. Iso ¿que quere dicir? ¿Que cumprimos o cen por cento do presuposto? —iso sería actuar de forma torticeira, como fai vostede—. Non, porque tivemos as incorporacións do exercicio anterior. Polo tanto, o presuposto inicial máis as incorporacións foron 299 millóns de euros, e, sobre eses 299 millóns de euros, comprometemos 237 —o total do presuposto inicial e o 70 % do total do presuposto global—. Exactamente, señor Villares —volvo reiterar—, ¿quen lle fai os papeis?

Adicionalmente a isto, non soamente chegamos a un 70 % de compromiso, senón que, como consecuencia de que somos unha das comunidades autónomas que maior execución das partidas de emprego fixemos, a Conferencia Sectorial de Emprego —celebrada o pasado 27 de abril— nos incrementou o presuposto nun 13 %. Hai comunidades autónomas, como Andalucía, que despois dos ERE non son capaces de executar ningún presuposto en materia de

emprego. Nós si, somos das comunidades autónomas que máis presuposto executamos en materia de emprego.

O 70 % ¿é pouco ou é moito? Na miña opinión é bastante mellorable. Pero, dende logo, dicir o que vostede di é simplemente tomarlles o pelo aos galegos. E, como comprenderá, a min correspóndeme defender os galegos en todo.

Señor Villares, se vostede soubera algo de mercado laboral, debería saber que as afiliacións á Seguridade Social caeron no último ano do Bipartito en 54.000 nun ano. E colla vostede os datos que colla —xa sexa a EPA, xa sexa o de afiliacións á Seguridade Social— os datos, señoría, son que dende o ano 2013, por exemplo, o número de afiliacións á Seguridade Social son máis de 60.000 novas afiliacións. Eses non son datos discutibles, señor Villares. Se colle vostede a EPA, se non lle interesa a Seguridade Social, o paro descendeu en Galicia en 89.950 persoas. E se colle vostede os datos de paro últimos, hoxe temos menos paro do que había cando fun presidente da Xunta. Hoxe temos 185.000, e, cando cheguei á Xunta, 211.000.

Non debe vostede mezclar demografía co paro, coa Seguridade Social, coas afiliacións, coa EPA, co rexistro de paro, coa execución presupostaría... (*Murmurios.*) Señor Villares, teña vostede unha liña coherente. Porque, se ten unha liña coherente, non soamente sería eu capaz de entender o que quere, senón que serían capaz de entendelo os seus propios compañeiros.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica do señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Señor Núñez, para tanto tempo de presidente, ¡que pouca precisión! Voulle facer tres matizacións antes de contestarlle.

En primeiro lugar, os datos de sinistralidade laboral foron os ofrecidos no día de onte, e saen hoxe nos titulares de moitos medios de comunicación: o aumento da sinistralidade laboral en Galicia é dun 9 % —concretamente o 9 % para os homes e o 8 % para as mulleres—. Polo tanto, se quere, discútalles iso ao ministerio correspondente do ramo, non a min, que o único que fago é traelos a esta Cámara.

En segundo lugar, falou vostede tamén de mortalidade diferenciada da sinistralidade laboral. Bueno, pois lamento ou alégrome de que o traia tamén, porque o dato é aínda máis dramático. Porque a taxa de mortalidade laboral en Galicia dobra a media española, o cal é un drama absoluto co que non se pode frivolar, como fai vostede, pretendendo confundir. Eu falei de sinistralidade, pero, se quere, falamos de mortalidade. Eses son os datos.

En terceiro lugar, eu estoulle falando de orzamento executado, é dicir, de obrigas recoñecidas, non de compromisos. Afortunadamente trouxen aquí o documento oficial da Xunta, para que non se poida discutir. Discuta vostede sobre este documento. E sobre este docu-

mento, á hora de facer as contas, o punto de partida que eu utilizo e que utiliza En Marea son os créditos vixentes. E eses créditos vixentes no programa 32 son 305.903.116 euros. Ese é o punto de partida. Despois, coas obrigas recoñecidas —non cos gastos comprometidos, coas obrigas recoñecidas— hai un total, á data do 31 de decembro de 2017, de 173.460.007 euros, co cal a diferenza entre unha cantidade é outra son 132.857.109 euros. Polo tanto, un grao de execución do 57 % en materia de fomento do emprego nesas catro partidas que lle acabo de relatar. Polo tanto, vostede pode contestar por que se deixa sen executar esa cantidade de diñeiro que estaba prevista para políticas activas de emprego.

Desde o punto de vista público, ¿acaso non pensa vostede que sería positivo para contratar orientadores laborais para que mellorasen os itinerarios das persoas desocupadas? ¿Non sería positivo, en relación coas persoas da construción que quedaron en paro, que poidan ser recicladas noutros sectores? ¿Non sería positivo que se fomentasen as empresas de traballo asociado para establecer novas formas de traballo? ¿Non sería positivo recuperar a moidade que está emigrada neste momento no estranxeiro con programas de retorno activo? ¿Non sería positivo que á xente nova que sae de formarse se lle dese novas oportunidades laborais?

E, desde logo, neste momento tamén nos estarán escoitando numerosos empresarios, numerosos autónomos, que se preguntarán: con 132 millóns de euros, ¿cantas políticas activas non se poderían facer para fomentar a contratación, e a contratación indefinida, a de calidade? ¿Cantos empregos autónomos poderían ter outras condicións laborais mellores que as que teñen neste momento? ¿Canto traballo cooperativo se podería estar facendo? ¿Canto traballador ou traballadora en paro se podería reciclar para ter outro posto de traballo?

Mire —e con isto remato xa—, o grao de execución é do 57 % este ano. Pero non é ningunha novidade, porque desde que vostede goberna soamente executa, de media, o 63 % do que vostede mesmo orza. O que pasa é que está vostede batendo récords por abaixo. O récord deste ano, de só o 57 % de execución, é algo que deixa insatisfeita a toda unha poboación que sofre, que sofre moito o desemprego e que lle impide chegar con dignidade á fin de mes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, creo que non me escoita vostede con nitidez. Dixen que a sinistralidade se incrementou porque se incrementou a actividade laboral, primeiro punto. E dixen que os accidentes con resultado de morte baixaron, cousa que vostede acaba de omitir, acaba de omitir. ¡Alá vostede! Dedícase vostede a coller os datos como lle peta.

E agradezo que xa non fale vostede de paro, porque, efectivamente, a Seguridade Social con 60.000 novos afiliados, o paro rexistrado con 81.000 persoas menos en paro e, de

acordo coa EPA, con 89.000 persoas menos en paro, non está mal, señoría. Chegamos ao Goberno cun paro que estaba absolutamente desconcentrado, cun paro desaforado, de máis de 50.000 afiliacións nun ano perdidas, e resulta que agora estamos dándolle a volta ao marcador.

Señoría, fáleme vostede agora de presuposto comprometido e presuposto pagado. Pero, señoría, vostede ¿de que me imputa, de non pagar o que aínda non está xustificado? ¿Eu teño que vir á Cámara a dicir que pago con independencia de que se xustifique? Eu terei que vir á Cámara a concretar cal é o diñeiro que temos comprometido coas políticas activas de emprego, pero son as empresas as que teñen que xustificar que cumpren os compromisos para ter diñeiro público, señor Villares. Aquí non hai ERE, señoría, non hai ERE andaluces. (*Aplausos.*) Aquí cúmprese o regulamento. Aquí non estamos dando diñeiro a ninguén, aquí estamos velando polo diñeiro dos galegos. E proba de que estamos velando polo diñeiro dos galegos é que acabamos de ter un incremento das políticas activas de emprego de máis do 13 % neste ano 2018 porque estamos cumprindo taxativamente.

Polo tanto, señoría, non volva vostede outra vez enganar os galegos. A porcentaxe de presuposto comprometido é o 79,6 % sobre crédito vixente, e sobre (...) (*Inintelixible.*), o 69,8 %. Eses son os datos, señoría.

Se vostede o que quere é que pague con independencia de que non se acredite o cumprimento, fale vostede con outros economistas de cabeceira. Dende logo, comigo non vai ter un euro ninguén que non execute o cen por cento do programa de formación ou do programa de ocupación . (*Aplausos.*) Non o vai ter, señor Villares.

Comprendo, señoría, que a súa política de execución é outra, sen dúbida. Vén aquí un representante das Mareas de Podemos a falar solemnemente sobre execución do presuposto. Moi ben, pois, como é natural, permítame que fale de execución de presuposto cando vos tedes gobernan.

Na Coruña, capítulo de investimentos: sen executar, o 77,7 %. Non está mal, señoría. (*Murmurios.*) Capítulo de renda social: presuposto de 3,7 millóns de euros, entre o ano 2016 e o ano 2017, e executáronse nada máis e nada menos que 394.000. ¡Noraboa, señor Villares!, cada día executan máis con absoluto rigor. Adquisición de vivendas. ¿Acórdase daquilo de «Stop deshaucios»? Pois ben, o que gastou en adquisición de vivendas foi o 30 % do presuposto. Por certo, ¿de que vivendas se trata, señor Villares? ¿Trátase de executar o capítulo de vivendas comprando vivendas aos amigos ou trátase de executar o presuposto de vivendas non dando diñeiro aos amigos para executar o presuposto? (*Murmurios.*)

Señor Villares, ¿verdade que hai diferenza entre a súa execución presupostaria e a nosa? (*Aplausos.*)

Prosigamos, señor Villares, prosigamos.

Se quere vostede, dámos unha volta por Ferrol. No arranxo de vías públicas queda sen executar o 67 %. E se quere vir vostede a Santiago, pois hai que felicitalo dobremente. Sen exe-

cutar en investimentos en Santiago, o... ¿Sabe vostede o dato? Seguro que si, seguro que ten vostede todos os datos de liquidacións. Pois o 78 % do capítulo de investimentos en Santiago quedou sen executar. (*Fortes murmurios.*)

Señor Villares, non dirá que non o acabo de axudar nesta réplica, jeh! (*Murmurios.*) (*Risos.*)

Moitísimas grazas, señorías. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor PRESIDENTE: Tal como xa foi comentado aos portavoces, procedemos co punto 4 da orde do día, que é o de proposicións non de lei, cunha alteración. Comezamos debatendo a proposición que figura en segundo lugar.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Marcos Cal Ogando e D. Antón Sánchez García, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa suba das tarifas das peaxes da AP-9 prevista para o ano 2018 con motivo das obras de ampliación da autoestrada na ponte de Rande

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 24309.

Emenda de adición.

Proponse engadir os seguintes apartados:

<< –Abrir expediente informativo para sancionar a concesionaria polas retencións na AP-9.

–Estudar a exención de peaxes nos treitos afectados por obras.>>)

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Bo día ás persoas que nos seguen tamén dende a tribuna.

Hoxe traemos unha iniciativa con intención de mudar a decisión dun PP que novamente puxo as institucións do lado oposto á cidadanía; esta vez —e outra vez— do lado de Audasa

e a custa dos bolsillos dos galegos e das galegas, a custa de prexudicar tamén o desenvolvemento social e económico de Galicia, co encarecemento das peaxes da AP-9.

Cando falamos da concesión da AP-9, temos que falar de convivencia político-empresarial. Vemos un PP que non dubida en poñer toda a carne no asador para incrementar os xa indecentes beneficios de Audasa, o 50 % de facturación antes de impostos, ou o 80 % de beneficios brutos.

Hai uns meses sufrimos en Galicia outra foto da vergoña protagonizada polo Partido Popular. Falamos, claro está, do simulacro de inauguración, da inauguración en diferido, da inauguración en «b», da inauguración fraudulenta —chámenlle vostedes como prefiran—, en definitiva, dunha inauguración coa obra sen rematar para que Audasa poida incrementar o 1 % das peaxes xa neste 2018. Ese día sumouse ao simulacro M. Rajoy —o que ten un nome igual que o que aparece nos papeis de Bárcenas, onde presuntamente se apuntaban os sobornos en B a cambio de favores a empresas amigas—, Feijóo —o militante de Galicia na intimidade, porque coa súa forma de goberno claramente amosa ser militante do Partido Popular e de si mesmo—, Alfonso Rueda —o gran negociador da Xunta de Galicia—, Íñigo de la Serna —o que esqueceu que as infraestruturas en Galicia son importantes, que precisan orzamentos e que sobre todo precisan ser executados— e Ethel Vázquez —que pasaba por alí, a ela todo lle parece ben, púxose na foto e defende o que lle manden que defenda—, porque o que é ter unha proposta para a vertebración do país debe ser moi cansado e vostedes viñeron aquí para outras cuestións. Todos a una para que Audasa comece a cobrar o 1 % máis das peaxes canto antes, porque iso é o que se pretendeu inaugurar coa vergoñenta foto do 30D, día que Mariano Rajoy e Feijóo puxeron novamente as institucións, que deberían estar ao servizo de todos, ao servizo dos intereses de Audasa.

E haberá que preguntarse a cambio de que, porque aquí hai dúas posibilidades: ou foron enganados os gobernos da Xunta de Galicia e do Estado e dixéronlles que as obras estaban rematadas cando non o estaban; ou foron o Goberno da Xunta de Galicia e o Goberno do Estado quen enganaron a cidadanía dicindo que estaban as obras rematadas. Non hai máis opcións que estas dúas. E ata o momento, polas intervencións dos responsables do Partido Popular, parece que son eles quen está enganando a cidadanía porque seguen anunciando que se subirán as peaxes neste 2018 e non critican a inauguración dunha obra sen rematar.

Segundo o acordo do Ministerio de Fomento e Audasa, estas obras que se están a realizar corren a cargo da empresa —da concesionaria—, mentres que o Goberno central autoriza un incremento das peaxes do 1 % durante os vinte anos seguintes ao ano de finalización da obra de ampliación. Ese é o único motivo aparente que nós vemos polo que se participou nesta farsa. Se hai outro, poden vostedes aclaralo na súa intervención.

O Partido Popular non é quen de garantir pensións dignas, nin soldos suficientes, nin ingresos axeitados, nin presente nin futuro para a maioría social. Pero para garantir o pelotazo de Audasa, o PP si que é bo xestor, e niso andaron o 30D, porque rematar as obras, o que se di rematar, evidentemente non remataron.

Aos días seguintes da inauguración en B, e ata o día de hoxe, as que pasamos pola ponte de Rande puidemos e podemos ver sinais verticais de obras, sinais horizontais de obra, paneis informativos de obra, desvíos de obra, operarios de obra, zonas de obra restrinxidas á cidadanía, carrís cortados ou tráfico por obras, enlaces de obras pendentes de rematar... O que dá conta desta obviedade que só nega o Partido Popular: a obra non estaba rematada a día 30 de decembro e a obra segue sen estar rematada a día de hoxe. E o problema importante que ten o Partido Popular é que a xente ten ollos, que a xente que pasa por alí dáse conta de que hai obras, e vostedes isto non o poden ocultar como fan con tantas outras cuestións. Ese o motivo polo que aínda non aplicaron a suba do 1 %, porque a indignación da cidadanía con esta xestión xa é grande; á xente que pasa por alí e ve que os seus representantes participaron nesta farsa, evidentemente indígnalle; e só faltaba que, aínda por riba, lles incrementasen o prezo das peaxes tendo que sufrir todas estas molestias. Por iso vostedes non autorizaron, por iso o Goberno central do Partido Popular non autorizou aínda a suba do 1 %, porque as obras están sen rematar.

Os operarios non deixaron de traballar na chamada obra de ampliación nin o día 29, nin o día 30 de decembro, nin o día 2, nin o día 3, nin o día 4, nin os sucesivos de xaneiro; e aí seguen. O cal xa foi denunciado por asociacións veciñais, os gobernos locais do Morrazo e de Redondela, empresarios e todos os partidos da oposición. Só o PP ten o atrevemento de afirmar e de seguir mantendo o contrario, ¡ cousas veredes!, e con todo o que xa temos visto, tampouco é do peor que teñen feito.

Algunhas das actuacións máis visibles nos días seguintes á inauguración foron os traballos nos novos tirantes ou nos intercambiadores para cambiar dos carrís adicionais ao corpo da autoestrada. Poden seguir negándoo, claro, pero os que quixemos velo puidémolo comprobar nos días seguintes á inauguración. Foi unha pena que as institucións que deberían velar polo noso interese, ante esas denuncias que se estaban facendo, non foran alí comprobalo.

Unha obra sen rematar da mal chamada obra de ampliación da autoestrada de Rande, que realmente se trata da creación de dous viais separados da autoestrada, os que podemos chamar viais adicionais, viais de servizo, viais paralelos á autoestrada, carrís auxiliares; pero non podemos falar de ampliación da autoestrada, que segue a contar con dous carrís en cada dirección, e nestes momentos conta tan só con un. Neste momento, en vez de ter unha ampliación da autoestrada, de momento temos unha redución da autoestrada, e se non que llelo conten aos veciños e veciñas do Morrazo, que só poden usar o carril adicional e impídenlles o paso á propia autoestrada.

Estas vías de servizo non reúnen as condicións que se lle exigen a unha autoestrada, xa que non ofrecen nin as prestacións dunha autoestrada nin a experiencia de viaxe nunha autoestrada; en definitiva, das condicións que debe reunir unha autoestrada. Sen posibilidade de mudar de carril, como xa denunciaron os alcaldes e alcaldesas do Morrazo, que non poden utilizar outro carril que non sexa o adicional. Polo tanto, eles de momento teñen redución de capacidade.

Esta obra en ningún caso é unha ampliación da AP-9, xa que non está unida ao corpo da AP-9. Haberá que discutir tamén se é acaído subir as peaxes por unha ampliación da au-

toestrada que non é tal, xa que o resultado final non é de ampliación da autoestrada. E vou poñer un exemplo visual para dummies, porque parece que hai deputados e deputadas do Partido Popular que non están de acordo con isto. Cando vas por unha autoestrada vas por un carril, e xamais podes imaxinar que non podes adiantar o coche de adiante. Nunha autoestrada vas nun carril, o coche de adiante vai máis despacio ca ti e ti podes adiantar ese coche a unha velocidade, evidentemente, por debaixo da velocidade permitida. Nese carril iso non se pode facer, e esa é unha característica fundamental dunha autoestrada.

Outro exemplo claro tamén para dummies —para que non haxa ningunha dúbida con isto— : se vas por un carril dunha autoestrada e se avaría ou se para o vehículo que vai diante, evidentemente, o que vai detrás pode esquivar... (*O señor Fernández Prado pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿Non é verdade?, ¿pode adiantar no carril adicional, señor Fernández Prado? Vai intervir despois vostede e despois explícao, e dinos como adianta vostede nese carril.

Se vai vostede por ese carril e o vehículo de adiante para, o de atrás ten que parar. Nunha autoestrada, se un vehículo para nun carril, evidentemente hai máis carrís para adiantar, esa é unha característica fundamental dunha autoestrada; polo tanto, os carrís adicionais son carrís adicionais, non son ampliación da autoestrada.

A trama da inauguración en B dunha falsa ampliación da autoestrada podería quedar nun engano puntual, intolerable pero puntual, pero o caso é que é outra gota máis nun vaso que xa rebordou hai moito tempo a consecuencia do neoliberalismo de amiguetes do Partido Popular, que ten a Audasa exprimindo a cidadanía galega e obtendo uns beneficios indecentes, propios dun monopolio, e que conta coa complicidade dos gobernos de turno. E esta nova suba chega cando Audasa está obtendo beneficios do 50 % antes de impostos, cando na media das empresas do país son dun 7 %. E vostedes, lonxe de traballar para rebaixar as peaxes a conta dos indecentes beneficios, participan nun simulacro de inauguración para axudar a que Audasa incremente os seus beneficios canto antes.

Audasa xa obtivo 1.000 millóns de beneficios ata este momento, e as súas propias estimacións falan de que no 2048, grazas ao Partido Popular, superarían os 6.000 millóns de euros de beneficios, que saen da economía dos galegos e das galegas para os fondos especulativos internacionais. Un pésimo negocio que fai o Partido Popular para os galegos e as galegas, un gran negocio para os que se reparten os beneficios e os que saen con eles nas fotos.

Audasa segue sen pagar o IVE nos concellos polos que pasa e os das fotos están caladiños. Audasa vén dedicando integramente os beneficios a repartir dividendos mentres dan o peor servizo do Estado, e os das fotos están caladiños. Audasa é a concesionaria de autoestradas que conta con máis reclamacións ano tras ano, duplicando a segunda, e triplicando a terceira, e isto ocorre porque ten a peor ratio de traballadores, despois de despedir a máis de 100 traballadoras nos últimos tempos, mentres os das fotos miran para outro lado.

Teremos que preguntarnos por que o director de Audasa, o señor Muntaner, acada unha mellora salarial xusto despois de acadar un acordo co Goberno do PP no 2013, sendo Ana Pastor ministra de Fomento. E non falamos dunha pequena suba, ao señor Muntaner dúplícanlle o soldo en 2014, pasando de cobrar 87.000 euros en 2013 —que xa estaba bastante ben— a

cobrar 172.000 euros no 2014, despois de chegar a un acordo co Partido Popular. Parece que os accionistas de Audasa están moi satisfeitos co acordo que fixo o señor Muntaner co Partido Popular, do que, evidentemente, non debería estar tan contenta a cidadanía.

Remato xa.

Audasa é un negocio redondo para os seus accionistas. A fórmula é simple: ser un monopolio que explota unha concesión pública dun goberno amigo, con tarifas abusivas e custos reducidos, o que fai que, de cada 100 euros facturados, 81 sexan beneficios brutos. Agardo que o PP teña un arrebatado de dignidade ou de vergoña, sexa polo que sexa, e aprobe esta iniciativa.

Pola miña banda, máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, señor presidente.

Bo día.

En relación coa AP-9, a estas alturas xa nos quedaron claras algunhas cousas. A primeira é que o Partido Popular vetou a tramitación da Lei da AP-9 aprobada por unanimidade no Parlamento galego e non o fixo unha vez, senón que xa o fixo dúas veces. Quédanos claro, polo tanto, que o Partido Popular galego non é de fiar, porque vota unha cousa aquí e a contraria en Madrid. E sempre, ademais, en contra dos intereses dos galegos e das galegas.

A segunda cuestión que nos quedou clara é que os acordos do Parlamento galego para o Partido Popular non valen nada, porque actúan con submisión e servilismo ás ordes do Partido Popular de Madrid. Actúan como palanganeiros, como *corre-ve-y-diles*, ía dicir como [...] (*Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento da Cámara, retírase esta expresión do Diario de Sesións*) pero é unha palabra prohibida, non se pode dicir nesta tribuna.

O señor PRESIDENTE: Exactamente. Entón queda xa retirada.

O señor BARÁ TORRES: Xa está retirada. Non cheguei a dicila porque dixen que...

O señor PRESIDENTE: Non, non, díxoa, pero así moi elegantemente, con moita retranca.

Queda retirada.

O señor BARÁ TORRES: Actúan como tontos útiles —que supoño que se pode dicir— do PP de Madrid, de Audasa e do fondo corsario, que é quen realmente embolsa o botín das peaxes.

A terceira cuestión que nos quedou clara é que a inauguración fraudulenta do 30 de decembro foi unha farsa, foi unha burla e unha falta de respecto. E a verdade é que hai que recoñecer

que vostedes son innovadores nisto das inauguracións, porque chegan mesmo a inaugurar unha suba das peaxes. Pero, claro, hai que recoñecerlles a inventiva, porque no mes de marzo veu o ministro de Fomento, e como non había obras, veu inaugurar a primavera. E a falta de obras sempre quedan as estacións para poder inauguralas.

A realidade é que o señor Rajoy, o señor ministro de Fomento e a señora Pastor viñeron aquí o 30 de decembro facer unha foto, marcharon e deixáronnos a nós coa suba das peaxes, coas incomodidades e coas molestias das obras da ponte de Rande, que seguen, catro meses despois, aínda sen rematar. Sábeo ben a veciñanza do Morrazo e a xente que esta fin de semana aturou retencións de máis de oito horas alí.

De todas maneiras, quero recordarlles —por se teñen a tentación— que non poden subir o 1 % das peaxes no ano 2018 porque o prohíbe expresamente o convenio asinado en 2011, que na súa cláusula 6ª di que se teñen que aplicar eses incrementos ao ano seguinte. E, polo tanto, ata o 2019 polo menos non van poder aplicalo.

A cuarta cuestión que nos quedou clara é que a concesionaria cada vez gaña máis: este ano pasado máis de 40 millóns de euros. É un auténtico filón, gaña máis polo incremento das peaxes, polos beneficios fiscais, pola bonificación do IVE, por todas as prebendas, por todo o trato de favor que recibe dos gobernos do Partido Popular. E tamén a verdade é que o Estado embolsa grandes cantidades de diñeiro a conta da AP-9.

Tamén nos quedou claro —quinta cuestión que nos quedou clara— que a AP-9 é a autoestrada con máis reclamacións do Estado, que ten continuas retencións, atascos e molestias na ponte de Rande, pero á que aínda non se lle abriu o primeiro expediente. Estamos esperando a que se abra o primeiro expediente informativo e sancionador. Anunciaron algúns, pero aínda non lle abriron ningún. E sería boa cousa tamén que lle abran un expediente e que lle poñan multas á concesionaria. Porque aquí á única xente á que se lle puxeron multas foi a militantes e simpatizantes do BNG por protestar pola estafa, por protestar pola aldraxe, por protestar por esa farsa de inauguración do 30 de decembro. E o que lles temos que dicir é que, por moitas multas que nos poñan, desde logo non nos van parar, e imos seguir denunciando esa aldraxe.

A sexta cuestión é que a pesar de que existen numerosas zonas en obras —que realmente habería que chamarlle á AP-9 a gincana AP-9, porque hai que ir facendo por alí manobras para burlar todos os obstáculos que nos poñen polo camiño, jé increíble!— a realidade é que non se estableceu ningún sistema de redución das peaxes para compensar estas molestias que sufrimos as persoas usuarias. E esta é outra das emendas que nós lle propoñemos a esta iniciativa.

En definitiva, a sétima cuestión que nos quedou clara é que a AP-9 non está transferida a Galiza polos votos e polo veto do Partido Popular, porque non admitiu a trámite esta lei aprobada polo Parlamento galego en dúas ocasións. E agora acaban de recibir un varapau do Tribunal Constitucional e tamén da Asesoría Xurídica do Congreso, que lles din que están facendo un uso abusivo por parte do Goberno da capacidade de veto na tramitación de leis. Por iso o BNG xa anunciou aquí que vai volver traer a este Parlamento a aprobación desta

lei. Pero non a imos traer con vostedes porque non son de fiar. Ímolo presentar de novo neste Parlamento, esperemos que se aprobe de novo, que se poida tramitar e que non apliquen ese veto abusivo.

Polo tanto, señores do Partido Popular, non llelo imos poñer fácil, téñano claro. Imos persistir, imos insistir, imos volver traer este tema a debate ata que consigamos o obxectivo da transferencia a Galiza dunha AP-9 galega e libre de peaxes abusivas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

A verdade é que intervir os mércores pola mañá, inmediatamente despois das preguntas ao presidente, sempre amplía as fronteiras do coñecemento. Dígoo cada día que me toca.

Eu non sei que manual de economía política estudou o señor Feijóo na súa licenciatura en Dereito, pero a execución orzamentaria na economía pública, no sistema financeiro público español, é: obrigacións recoñecidas sobre crédito vixente. Esta milonga do crédito comprometido é exactamente o mesmo que a plurianualidade do señor conselleiro de Industria: unha tomadura de pelo e un insulto á intelixencia dos cidadáns. *(Aplausos.)* Entón, obrigas recoñecidas sobre crédito vixente, iso é a execución orzamentaria no sistema español de contabilidade pública. E mentres sexa ese, o outro é mentira.

O señor PRESIDENTE: Vamos á ponte de Rande. *(Murmurios.)*

Silencio.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Ten absolutamente que ver coas obras... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio... Estou falando eu co señor Losada.

Vamos á ponte de Rande.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: A ponte de Rande, como é unha obra que tamén se executou orzamentariamente, é absolutamente pertinente a observación. Porque o que non pode ser é que se nos chame imbéciles... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non pode ser, non pode ser que se nos chame imbéciles aos deputados e deputadas. Non pode ser que se nos chame imbéciles, *(Aplausos.)* ¡non pode ser! ¡Xa está ben! ¡Non pode ser! *(Murmurios.)* Señor Fernández Prado, eu non sei se a vostede lle gusta que llo chamen, a min non. A min non me gusta que me chamen imbécil. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E a execución orzamentaria en España é: obrigas recoñecidas sobre crédito vixente, diga o señor Feijóo o que diga. ¡E xa está ben!

Vale, pasamos á AP-9 e á súa execución. (*Murmurios.*) Efectivamente, o Ministerio de Fomento xa no seu momento dixo que a data de remate das obras de ampliación da AP-9 era abril do 2018. A señora Ana Pastor abriu claramente a posibilidade de actuar en tres turnos, etc., intensificar o proceso construtivo, o desdoblamento, para que remataran antes.

En febreiro de 2017 atrasouno dous meses e falou xa de febreiro de 2018. Seguiron con traballos 24 horas, 3 turnos, etc. É verdade que había ese pequeno detalle de que, se non se inauguraba antes do 31 de decembro —pura casualidade—, non podían aplicar a suba, e dío un usuario bastante frecuente, por razóns obvias, desta ponte.

O feito foi que se mantivo esa intensidade construtiva verdadeiramente abraiante. Eu recordo nos meses de outubro, novembro, que tanto á mañá como á tarde, como á noite, pasabas de noite e daba a sensación de que te estaban aproximando a Galáctica, porque os reflectores que había na ponte de Rande no proceso construtivo eran sobrecolledores; e cando colles a curva en dirección Santiago-Vigo, verdadeiramente espectaculares.

É moi lamentable que agora que seguen traballando, que levan catro meses traballando, os turnos sexan máis lentos e menos iluminados. É verdade que os días medraron un pouco, pero, desde logo, sexan dous, sexa un, non son os tres que había. Polo tanto, estaría moi ben que se explicaran cales son as razóns deste pequeno desaxuste.

As razóns teñen que ver cunha posición de absoluto dominio de mercado da AP-9. Fíxense, no BOE do 31 de xaneiro do ano 1979... Falo do BOE porque como onte tamén tivemos que traer o BOE para demostrar que as pensións non contributivas foran promulgadas por un goberno socialista, a pesar do que os expertos do Partido Popular dicían... (*Aplausos.*) O regulamento provisional de servizos de Autopistas do Atlántico —regulamento provisional 1979, é dicir, hai case corenta anos—, segue vixente —xa sei que gobernamos moitos..., moitos non, dous en realidade, pero segue vixente—, co cal, algo deberían ter que dicir.

Estamos falando dun tramo, efectivamente, que acada os 60.000 vehículos ao día, probablemente o de maior intensidade de toda a AP-9. Estamos falando da molestia das obras das que falaba o voceiro de En Marea, que todos a vivimos. Estamos falando da falta absolutamente inxustificada de paneis antirruído en zonas onde as vivendas se atopan a menos de tres metros da autopista. Estamos falando, polo tanto, basicamente de discriminación. E mentres falamos diso, estamos falando dunha empresa que factura 120 millóns de euros ao ano, que ten unha taxa de beneficio aproximadamente do 30 %, *que non está nada mal, es una cosa de mercado que se dice*. ¡Case todas as pequenas empresas deste país teñen taxas de beneficio do 30 %... ou máis...! Polo tanto, estamos falando dunha auténtica bicoca económica.

Os socialistas pedimos que se respecten os dereitos dos usuarios, pedimos que se respecten os dereitos dos traballadores da AP-9, que é unha especie en vías de extinción neste proceso de mecanización constante das peaxes. E neste punto —aínda que imos apoiar esta iniciativa independentemente de que se acepte ou non a emenda do BNG— os socialistas pedimos outra cousa, na que sei que non coincidimos co grupo propoñente. Pedimos que se axilice o máximo posible a alternativa libre de peaxe entre Vigo e Pontevedra a través da autoestrada A-57, A-59. Pontevedra é a única provincia española na que a entre a cidade máis grande da

provincia e a capital non hai unha autovía libre de peaxe. Haina entre Xixón e Oviedo, haina entre Jerez e Cádiz. Lamentablemente, en Galicia imos detrás.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Polo tanto, pedimos estas cousas: respecto para os usuarios e tamén unha autovía pública, libre de peaxe, entre Vigo e Pontevedra, e, por suposto, cara o norte ata Coruña.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, señor presidente.

Señorías, señor Cal, nos últimos días, despois de escoitar falar dos *pisitos* da Coruña, da sentenza de Teo, do vídeo do señor Errejón falando de tecer unha rede de refuxio para cando abandonen as institucións, das pelexas da señora Bescansa, agora deostada por intentar liderar o partido, o señor Merlo cesado por orde directa de Madrid, imos estrear un grupo mixto. A anterior lexislatura fixémoslo, era unha vergoña. Esta é un chiste directamente... (*Murmurios.*) Escolleu vostede mal día para vir falar de vergoña, de submisión e de seriedade. A próxima vez que pretenda isto, polo menos empece a súa intervención dicindo aquilo de: *Saben aquel que diu... sería moi de agradecer.* (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Míre, imos falar dalgúns conceptos básicos que creo que son interesantes. O primeiro, a ponte de Rande. Fagamos un pouco de historia. A ponte de Rande, para o que non o saiba, foi inaugurada o 7 de febreiro de 1981. O que se inaugurou recentemente foi unha ampliación. Como está de moda o das fotos, imos poñer aquí dúas. Isto é a ponte de Rande. (*Murmurios.*) Non a vou romper, non se preocupe. Esta é a ponte de Rande, catro carrís. Esta é a ponte de Rande ampliada, seis carrís. Xa sei que vostede di que non é ampliada porque os carrís de Rande flotan no aire, esta innovación de enxeñería que inventou o señor Cal. Entón, é importante, é importante. E isto é importante ligalo cun principio legal básico que sei que a vostedes lles vai soar estraño, que é o de *pacta sunt servanda*. É dicir, os contratos hai que cumprilos nos termos en que están asinados. Xa sei que a vostedes o de cumprir a palabra, vendo o que teñen montado no grupo, é algo que lles resulta un tanto estraño, pero iso é o normal; en dereito é o normal.

¿Por que non están executadas as obras, por que non se executaron as obras de Chapela, por que non se...? Porque non estaban no contrato. ¿Por que non estaban...? ¡Eu que sei, señor Losada! ¡Vostedes saberán, porque o firmaron vostedes! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor Losada, por certo, que tamén nos dixo hoxe algunhas cuestións e preguntaba polo manual que manexaba o presidente. Eu espero que non sexa o mesmo manual onde 3,8 mi-

llóns de parados, conxelacións de pensións e a quebra dun país son motivo de orgullo para un grupo político. ¡Eu espero que non sexa ese manual!

Mire, teño que aclararlles algunhas cousas nas que me parece que se perderon. As obras de Rande que se ampliaron son as obras que se facían sobre os carrís adicionais, e esas obras están executadas e pagadas. Por certo, non por execución orzamentaria, señor Losada, non, porque o que asinaron vostedes é que as pagara Audasa, e é unha obra privada. Iso si, unha obra privada que imos ter que pagar todos a través de un 1 %. Por certo, non o 2 %, señor Cal, non lle suba vostede o beneficio a Audasa. O 1 %... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Na súa PNL pon un 2 %, léao vostede. Un 1 % que imos ter que pagar durante vinte anos —por certo, independentemente de que se empece a pagar este ano ou o que vén, o problema é que son vinte anos—, cun 8 % de beneficio anual por cortesía dos señores, hoxe indignados, do Grupo Socialista.

Por certo, quen presidía a empresa, a titularidade, era un ex-secretario de Estado do Grupo Socialista. *(Murmurios.)* Dígoo por aquilo das portas xiratorias e tal. Mire, eu xa sei que vostedes teñen un problema con isto do asfalto. Vostedes queren obras mantidas pero sen asfalto. Vostedes ao asfalto lle teñen unha especie de alerxia ou algo así. Eu entendo que iso dá certo problema e teñen outras alternativas. A súa alternativa simplemente é non asfaltar, chámase modelo Compostela, coñecémolo todos. É un modelo no que cambiaron a execución do mantemento de vías por buscar... non sei... turismo alternativo. Nós coñeciamos o turismo de aventura, o de montañismo, o de senderismo, o de barranquismo, e vostedes inauguraron o fochanquismo. O fochanquismo é un novo modelo de turismo. Claro, temos de todo: hai fochancas, fochanquiñas, a fochanca bebedoiro, a fochanca estanque, a fochanca olímpica, a fochanca arqueolóxica, a leira fochanca... E onte descubrimos unha nova fochanca que é a megafochanca de Teo, que iso si que é a maneira de xestionar coas empresas públicas. Para pelotazo, señor Cal, non o de Audasa, para pelotazo o que pillou Viaqua en Teo grazas á xestión do seu idolatrado señor tal... *(Aplausos.)* En fin, crearon vostedes ata unha nova tribu urbana, Os Fochanquers. Temos xa fochanquers picheleiros, jé unha cousa estupenda! É certo que as fochancas de Santiago se miden en buchos e as fochancas de Teo se miden en millóns de euros que van ter que pagar os cidadáns de Teo.

Mire, de verdade, creo que hai unha diferenza esencial entre o Bipartito e o actual Goberno respecto da AP-9. ¿Que fixemos? Pois ser exixentes. Solicitamos a transferencia. Por certo, falaba o representante do BNG de incoherencia porque votabamos aquí unha cousa e en Madrid outra. Incoherencia a do BNG, que votou aquí unha cousa e despois votou aquí exactamente a contraria, no mesmo sitio, ¡iso si que é incoherencia!

Por certo, se vai utilizar o termo «tontos útiles», sexa un pouco coherente, porque hai escasos meses ese termo era unha ofensa intolerable cando lla dedicaban a vostedes, ¡claro! Era unha ofensa intolerable e había que tomar medidas.

Mire, eu quero ser serio, e como imos ser serios, dígolle: nós imos ser exixentes como fomos ata agora, creando unha comisión mixta, exixindo ao Estado que asumira o 50 % da peaxe na sombra que pagaba a Xunta sen ter que pagalo, comprometendo que os futuros investimentos vaian con cargo á vía orzamentaria e non por outras vías...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...pedindo a supresión da peaxe de Rande. En fin, imos ser exixentes, e por iso, se admiten vostedes a emenda que presentou o BNG e se nos permite a votación por puntos, nós aceptaríamos porque nos parece unha proposta razoable. Calquera outra cousa parécenos unha broma.

Por certo, dúas consideracións... —remato xa, señor presidente—...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Remato xa.

O Congreso xa está reconsiderando iso que vostede chama veto, de oficio. Entón, non veña aquí sacar peito por unha revisión que xa se está facendo de oficio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

E outra cousa para a que lle pido seriedade, señor Bará. A vostede non o multaron nunha protesta pola liberdade de expresión, a vostede puxéronlle unha multa de tráfico. *(Murmurios.)* Si, si, exactamente iso. É como se vén aquí un señor por conducir borracho e nos vén dicir que o multaron...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...por defender a protesta contra a lei seca.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: Sexa un pouco serio e deixe de facer...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...[...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento da Cámara, retírase esta expresión do Diario de Sesións), ¡por favor! (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grupo autor da proposición non de lei, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE: Perdón, perdón. Iso si que é interesante, non oín iso. A ver, se me axudan os servizos... ¿Cal foi a expresión utilizada, señor Pazos? Dinme que se utilizou a palabra [...]. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* En todo caso, prégoles que se retire esta expresión aquí. Aquí ninguén fai [...]. Ou ninguén as debería facer. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Queda retirada esa expresión. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non a oín. Entón, tamén é bo que de vez en cando os servizos da Mesa me axuden a min nisto.

Continuamos. Ten a palabra o señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Moitas grazas, presidente.

O Partido Popular acaba de amosar que teñen vostedes estómago de cemento —non sei se isto se pode dicir, señor presidente—. O atrevemento non ten límites. Eu, na miña intervención, centreime na cuestión da AP-9. Agora mesmo podería estar falando do caso de Cristina Cifuentes e de que vostedes rouban por vicio, porque o das cremas é vicio xa. *(Aplausos.)* ¡O seu é vicio! Vicio por roubar. Podería falar diso na miña primeira intervención, pero quixen centrarme na AP-9. Cando vostedes teñen máis de 900 imputados, cando están involucrados *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* en decenas de casos de corrupción que lle custan decenas de miles de millóns á cidadanía, cando teñen os casos de Rato, de destrución de ordenadores, de Bárcenas, de Ignacio González, teñen o atrevemento de vir aquí falar de Bescansa e de Errejón. ¡Pero vostedes teñen un atrevemento que é brutal! ¡Vostedes non teñen vergonza...! *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. ¡Silencio!

O señor CAL OGANDO: ¡Non teñen vergonza! Nós non vimos aquí roubar, esa é a gran diferenza con respecto a vostedes. ¡Non vimos aquí roubar! *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. ¡Silencio!

O señor CAL OGANDO: O modelo Compostela. Fala vostede do modelo Compostela. Nós estamos moi orgullosos do modelo Compostela. Antes había un goberno que estaba imputado na súa totalidade e agora hai un goberno honesto. ¡Claro que estamos moi orgullosos do modelo de Compostela! ¿Vostedes están orgullosos do seu modelo de Compostela, do seu goberno imputado? ¿Están vostedes orgullosos do Goberno de Compostela do Partido Popular, que estaba imputado na súa gran maioría, dos regalos de la hostia? ¿Están vostedes orgullosos do seu modelo de Compostela...?

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!, ¡Silencio!

O señor CAL OGANDO: Pois se vostedes se senten orgullosos, ¡fantástico! ¡Xa sabemos ao que veñen vostedes á política! ¡Sabémolo perfectamente!

O señor PRESIDENTE: Imos á ponte de Rande.

O señor CAL OGANDO: Con respecto á A-57, moi brevemente.

Nós tamén estamos a favor de que haxa unha vía de alta capacidade de Pontevedra á Coruña, por iso queremos que se libere a AP-9 para ter esa vía de alta capacidade libre de peaxe de Pontevedra á Coruña, co cal estaríamos encantados. Polo tanto, estamos de acordo, por iso cremos que se debe liberar a AP-9, o que non quita que despois teña que facerse algunha actuación puntual nalgún lugar e ampliar. Pero pensamos que o primeiro paso debe ser liberar a AP-9 e despois ver onde é preciso facer algún tipo de ampliación.

Con respecto ás emendas do BNG, imos aceptar as dúas, parécennos totalmente coherentes. Non imos aceptar a votación por puntos porque, se vostedes queren abrir un expediente polas retencións e aplicar descontos nos tramos, ¡home!, están vostedes na comisión da AP-9, están vostedes no Goberno, poden facelo directamente, non precisan que se faga unha votación por puntos para votalo aquí. Teñan vostedes un pouco de dignidade e vergonza, que xa o tiñan que estar facendo directamente dende a Xunta de Galicia.

¡Non sei para que están nesa comisión da AP-9! ¿Para que están? ¡Non están para nada! Están contemplativos. Non precisan unha votación por puntos para facer iso. Tiñan que telo xa feito neste momento. ¡Lóxico! Se estamos tendo todos os problemas de retención que temos... Hai xente que veu esta mañá de Vigo e puido comprobar que tivo que comer retencións para vir a este pleno, é lóxico que xa tiveran un expediente aberto, non sei a que agardan. Evidentemente, sei por que non o fan, pola conivencia que teñen vostedes con Audasa. E aplicar os descontos nas obras ten todo o sentido do mundo. Se queren vostedes ampliar as peaxes porque se mellora a autoestrada, pois cando empeora, é lóxico que se rebaixen.

E con respecto ao financiamento da autoestrada, vostedes son os únicos que seguen mantendo o indiscutible. Houbo obras visibles, que as puidemos ver calquera de nós sen entrar alí, sen ser técnicos, obras novas nos tirantes e obras nos intercambiadores en xaneiro, estivémolo vendo. O asfaltado comezou en febreiro, e ademais é unha consecuencia da propia obra. Todos os que pasamos por alí vimos como a maquinaria deixou... Si, si, todos o vimos. Eu vino. Non sei se vostede pasou por alí —outra cousa é que vostede minta—...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor CAL OGANDO: ...pero eu pasei por alí e vino. É como se na túa casa cambian a bañeira polo prato da ducha, pónenche o prato da dhucha e dinche ¡jala!, a obra está rematada. Evidentemente, terán que rematar todos os desperfectos, por iso se fai o asfaltado. ¡Vostedes non teñen vergonza!

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Antes de pasar á seguinte proposición non de lei... ¿Perdón? *(Interrupcións.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, esas son expresións coloquiais. Son expresións sen maldade.

Vou saudar, que me parece que isto é importante, os alumnos do colexio Eduardo Pondal de Vigo. Son alumnos de quinto e sexto de primaria. Benvidos ao Parlamento.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e catro deputados/as máis, sobre a posta en marcha polo Goberno galego das actuacións necesarias para acadar, antes do remate de 2018, a gratuidade do transporte público regular de viaxeiros por estrada competencia da comunidade autónoma para as persoas mozas, en condicións semellantes, cando menos, ás da Tarxeta Xente Nova

O señor PRESIDENTE: Hai dúas emendas, unha do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 26168)

Emenda de adición.

Proponse engadir despois de: «...a gratuidade para xente moza», o seguinte: «e persoas desempregadas»

Con esta engádegas o texto resultante quedaría da seguinte forma:

«... a gratuidade para xente moza e persoas desempregadas que utilicen o transporte público ...».)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Martín Fernández Prado, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 26168).

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Aproveitar a oportunidade que supón o desenvolvemento da 2ª fase do Plan de Transporte Público de Galicia que está a levar a cabo a Administración autonómica para estudar a viabilidade de estender a gratuidade do transporte público interurbano para os menores de 19 anos, contando para iso, coa colaboración e implicación técnica e económica das deputacións provinciais.

2.- Solicitar daqueles concellos que teñen a obriga de dispoñer de transporte urbano e que non teñan activado aínda ningún tipo de bonificación para os mozos, que poñan en marcha as actuacións necesarias ao obxecto de lograr, no menor prazo posible, a extensión da gratuidade no bus urbano para os mozos menores de 19 anos, no marco do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, asumindo o seu custo.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Píerres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Bos días a todas e a todos.

Antes de nada, agradecer a presenza de mozos e mozas de varias vilas de Galicia que hoxe quixeron acompañarnos desde a Tribuna. Xoves que están interesados en coñecer o porqué

dunha situación que os discrimina fronte a outros xoves, e que, en todo caso, confían en que hoxe sexan atendidas as súas demandas.

Temos que lembrar hoxe aquí como a Xunta de Galicia instaurou, a finais do ano 2016, a aplicación da gratuidade para a xente nova no transporte metropolitano de Galicia, isto é, o servizo de transporte público en autobús competencia da comunidade, que presta os seus servizos no ámbito territorial nucleado actualmente arredor dalgunha das grandes cidades galegas, como A Coruña, Ferrol, Santiago e Lugo.

A coñecida como tarxeta azul é unha resposta que entendemos útil para todos eses xoves das áreas metropolitanas, pero esta decisión de por si plausible choca, sen embargo, coa decisión de que esta medida non se teña estendido tamén ao medio menos urbano de Galicia, precisamente nunha lexislatura que, segundo declaracións públicas do propio presidente da Xunta de Galicia, estaba chamada a converterse na lexislatura do rural. E si, digo que estaba chamada a converterse porque realmente ningunha medida se ten visto ata o momento que impulse seriamente ese rural, e moito menos entre a xente nova.

A política de transporte de mellora de comunicacións é fundamental, desde o noso punto de vista, para apoiar a igualdade de oportunidades, e principalmente entre os máis xoves, aqueles que son os que terán que valorar nun futuro próximo a decisión de permanecer ou non no rural. Ningún dos xoves que hoxe nos acompañan pode entender por que para as áreas rurais non próximas as áreas urbanas, precisamente onde máis escasa é a oferta de servizos, e polo tanto menor é a accesibilidade, non existe unha fórmula equiparable á Tarxeta Xente Nova que os sitúe en igualdade de oportunidades co resto de usuarios xoves de Galicia.

Hoxe queremos, polo tanto, poñer de manifesto a discriminación que estes xoves do rural están a sufrir, precisamente, ao seren desprazados e excluídos das políticas de transporte deste goberno, e propoñer a solución para que finalmente sexan tidos en conta.

Teño que lembrar aquí que o Goberno bipartito puxo no seu día en marcha iniciativas de transporte para xoves como foi o Noitebús; unha medida que velaba principalmente pola seguridade dos xoves, coa mellora substancial das cifras de mortos e accidentados, especialmente nas fins de semana. O que é hoxe especialmente relevante para este debate é que foi posta sen discriminación de áreas xeográficas. Preto de 200 liñas permitiron moverse aos máis xoves non só nas áreas metropolitanas, senón tamén entre vilas do rural galego.

Foron miles as mozas e mozos beneficiados desta medida, e miles os pais e nais galegas que durmiron máis tranquilos polas noites. Tranquilidade que perderon cando este goberno decidiu, no ano 2010, prescindir deste programa a pesar do seu éxito constatado; un programa que ascendía a algo máis de catro millóns de euros no 2010 e que foi suprimido nos orzamentos no 2011, alegando que era un gasto difícil de asumir, non entendendo, polo tanto, a importancia que como medida de seguridade viaria tiña.

Quero lembrar tamén hoxe aquí que a propia lei de xuventude, aprobada no 2012 por este goberno, establece, na súa parte introdutoria, xustificacións que, polo menos con igual motivo, poden ser aplicables ao transporte público en autobús da mocidade no medio rural. Así,

faise fincapé en cuestións como a necesidade de reforzar a transversalidade e coordinación das políticas públicas en materia de xuventude, incorporando novas actuacións que deben pasar, entre outras medidas, por apostar por mellorar a calidade de vida da infancia e da mocidade a través do fomento da mobilidade co uso do transporte público colectivo, ofrecendo á xente nova condicións especialmente favorables. É máis, no seu artigo 29 faise referencia á finalidade dos carnés de servizo á xuventude, e di expresamente que se potenciarán distintos carnés, cuxos destinatarios sexan os mozos e mozas, para favorecer o seu acceso a servizos de carácter cultural, deportivo, recreativo, de consumo, de transporte e outros de análoga natureza.

Eu non sei vostedes, pero nese artigo 29 que acabo de verbalizar non atopo referencia ningunha á discriminación entre mozos e mozas do rural con respecto aos das áreas urbanas, que é xusto o que a día de hoxe está acontecendo coa Tarxeta Xente Nova.

O Partido Socialista non pode aplaudir unha lei ou medidas que favorezan ningún tipo de trato desigual. E sen dúbida o problema non está na lei, que vemos totalmente axeitada, senón na aplicación que se está facendo dela, que é ao que hoxe queremos contribuír para que se subsane, e para o que pedimos o apoio de todo os grupos.

Penso que non é preciso explicalo, pero si subliñar que as razóns do desprazamento no medio rural na súa maior parte son de carácter obrigado, por canto é forzoso trasladarse para ter acceso a todos aqueles servizos dos que se carece na proximidade, a diferenza do que sucede nas áreas máis urbanas, onde a oferta de servizos é moito máis ampla e cercana.

Dende o Grupo Socialista consideramos que a proposta que hoxe se plantexa é perfectamente viable e posible, especialmente porque os pasos dados para a Tarxeta Xente Nova serían válidos para a implantación das mesmas vantaxes noutro tipo de liñas, máis alá das metropolitanas. Por un lado, na actualidade xa existe, para as tarifas xerais de servizos públicos regulares permanentes de transporte de viaxeiros, a posibilidade de establecer descontos ou bonificacións, como xa se demostra coa Tarxeta Xente Nova. Polo tanto, non se pide nada que non exista xa, pero só para unha parte dos usuarios e usuarias. É máis, as fórmulas de desconto e os bonos eran válidos antes da entrada do coñecido como Plan de transporte; sen embargo, a día de hoxe, un rapaz de vilas como Bueu ou o Barco de Valdeorras carecen deses descontos, tendo o mesmo tratamento tarifario que o resto de usuarios e usuarias.

Por outro lado, a implantación progresiva do sistema de axuda á explotación da mobilidade, o SAE, nos servizos de transporte regular permanente de persoas de uso xeral por estrada de Galicia, é un sistema que debería facilitar, por non dicir facer plenamente factible e coa dilixencia necesaria, poder implantar unha tarxeta coas características e vantaxes tarifarias similares ás que posúen na actualidade as tarxetas metropolitanas para a xente moza, rematando coa discriminación que están a padecer na actualidade os xoves que residen no ámbito rural fronte aos de carácter máis urbano. De feito, nas adxudicacións dos novos servizos de transporte regular de persoas viaxeiras realizadas nos últimos meses pola Administración autonómica, a instalación e utilización dos sistemas tecnolóxicos apropiados era unha das condicións obrigadas.

Polo tanto, con estas condicións de por si favorables para a súa implantación, e tendo en conta que a maior parte da poboación se concentra nas áreas urbanas ou periurbanas, do que hoxe falamos é de resolver a inxustiza que se está a dar co 30 % da poboación xove galega, uns 83.000 dos 308.000 que a día de hoxe entran dentro dos requisitos da Tarxeta Xente Nova. Ás razóns anteriores pódese engadir que, mentres o transporte metropolitano ten un importe por subvencións por parte da Administración autonómica que acada os 10,5 millóns de euros, nas cales están incluídas as axudas para a gratuidade da xente moza usuaria, o transporte regular xeral fóra desas áreas urbanas non conta con ningunha contía extraordinaria, posto que o que fixo o Goberno co orzamento deste ano foi levar a cabo unha operación de verdadeiro transvasamento de cartos dende a Consellería de Educación á Consellería de Infraestruturas e Vivenda, creando unha partida nova, iso si, pero cos mesmos cartos. E como desde o Grupo Socialista cremos nas medidas reais e que velen pola igualdade de trato de todos os galegos e galegas, e máis nun sector da poboación tan ameazado e tan maltratado nos últimos anos como é a xuventude, cremos que é preciso poñer en marcha algún tipo de medida que corrixa esta situación de agravio actual.

Por iso, instamos a Xunta de Galicia a poñer en marcha as actuacións necesarias co obxecto de lograr, antes do final do ano 2018, a gratuidade para a xente moza que utilice o transporte público regular por estrada competencia da comunidade autónoma, en condicións cando menos similares ás que se posúen na actualidade pola denominada Tarxeta Xente Nova. Medida que axudará, por outro lado, a paliar a merma de poboación no rural, que segue a sufrir a penalización do illamento e do menor investimento, para reverter esta situación.

Comentaba un día nunha intervención da señora Mato: Galicia ten que ir acompañada, enmarcando un mesmo ritmo para todos e para todas. E este é un deses casos nos que atopamos unha clara arritmia. Vostedes teñen na súa man pór o remedio e favorecer que esa Galicia do rural deixe atrás os complexos impostos e recupere o lugar que sempre debera ter ocupado.

Permitan que o rural galego da costa e do interior deixe de situarse no vagón de cola desta comunidade e colla a velocidade que lle permita encabezar o rumbo das galegas e dos galegos, especialmente para os máis novos e novas.

Polo de agora, nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas. Bo día.

Falaba a señora Pierres do Noitebús. Eu fun usuaria do Noitebús. Algunhas persoas deste país, e non poucas, para poder saír de festa de noite tiñamos que percorrer máis de vinte quilómetros para poder desprazarnos a unha zona na que poder compartir e convivir con persoas da nosa idade. Sería fundamental recuperar ese servizo, que, como xa se dicía, era un servizo de transporte nocturno que, ademais de favorecer a mobilidade, favorecería esa

movilidade no horario de noite de maneira segura. Sobre todo nun país como o noso, insisto, cunha dispersión poboacional que leva a moita mocidade a ter que desprazarse moitos quilómetros para poder saír de festa.

No concreto, e a respecto do que se formula na proposición non de lei que defende hoxe o Partido Socialista, nós imos apoiar a iniciativa. Estamos completamente de acordo, concordamos co que nela se propón, con que se amplíen esas medidas de gratuidade; máis alá das áreas metropolitanas hai máis país. Ben é certo que o groso da nosa poboación se sitúa entre as cidades e as áreas metropolitanas, pero aínda hai máis país; polo tanto, deberían estenderse todas as medidas que se desenvolven para garantir esa igualdade ou esa equidade social entre todas as persoas, independentemente de que vivamos en espazos rurais ou en espazos urbanos.

Nós, dende o BNG, formulamos e presentamos unha emenda para ampliar e estender esas medidas de gratuidade ás persoas desempregadas. Eu creo que todas as persoas que estamos aquí somos conscientes de que todas as persoas que non teñen traballo a día de hoxe, que moitas delas, ademais, levan acumulando moitísimos anos no desemprego, teñen unha situación económica que moitas veces está, senón igual, peor aínda que no caso das persoas que están estudando ou aquel público obxectivo á quen se dirixe esa tarxeta azul, que son persoas menores de 19 anos; no contexto, ademais, dun país que xa ten *per se* os salarios máis baixos do Estado español.

Precisamente estaba repasando hoxe os datos tanto da EPA como do paro rexistrado, e son 185.000 persoas as desempregadas actualmente no noso país, e as máis delas, o groso das persoas desempregadas, sitúanse entre os 35 e os 49 anos de idade, que en moitas ocasións poden ser precisamente nais e pais desas persoas ás que se dirixe a tarxeta azul.

Nós cremos que é fundamental que calquera medida que vaia encamiñada a garantir a equidade no acceso aos servizos públicos teña especial atención tamén a todas aquelas persoas que se atopan no desemprego. Insisto moito porque as persoas menores de 19 anos teñen unha situación económica moi complexa, pero nalgúns casos, e non en poucos, os seus pais e as súas nais tamén están na mesma situación.

Xa digo que a imos apoiar, e agardamos que se teña en consideración a emenda que nós presentamos. Deixamos caer aquí tamén a importancia de recuperar ese servizo ao que facía referencia a señora Pierres —o Noitebús—, e tamén unha cuestión que nós entendemos fundamental, que de maneira tanxencial tamén está ligada a esta iniciativa, e é a necesidade de repensar desde unha perspectiva integral —e desde o BNG témolo defendido aquí desde o minuto cero no que se puxo en marcha ese plan de transporte—, a necesidade de analizar, de desenvolver e deseñar calquera medida de transporte desde unha perspectiva integral, que teña en conta toda a realidade territorial do país, todas as súas áreas, toda a diversidade que existe na nosa poboación, pero tamén a combinación dos distintos medios de transporte, os que van por carretera, efectivamente, pero tamén un sistema ferroviario público que sexa verdadeiramente útil para este país, como xa temos defendido no pleno anterior, especialmente pensando tamén nas áreas rurais e nas comarcas do interior do país.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, señor presidente.

Bo día.

Solicitan vostedes que se estenda a Tarxeta Xente Nova, que funciona xa no transporte metropolitano de Galicia, máis aló das áreas metropolitanas. Esta xente nova que nos acompaña debe de saber, e gústame a min recordarllo, que estes plans son proxectos e plans impulsados por este goberno galego do presidente Feijóo. Cando temos que escoitar ás veces que non se fai nada en transporte público por estradas, recorden estes programas, ou recorden moitos outros que temos. Pero saiban que, se moitos destes rapaces e rapazas poden usalo, é grazas a estas iniciativas en transporte público.

Alégrome que agora se sumen vostedes a estes programas e que queiran que se amplíen, pero miren, creo que tiñamos que empezar por que as cidades por onde gobernan vostedes, e que teñen competencias en transporte, os incorporen. Por exemplo, non teñen ese transporte en Pontevedra ou en Ferrol, onde están cogobernando.

En calquera caso, tamén queremos dicir que isto está funcionando en cinco áreas metropolitanas. Vostedes falan na iniciativa da Coruña, Ferrol, Santiago e Lugo, e ¡anda!, esquecen que tamén está funcionando na área de Vigo. ¡Que cousa máis rara que se esquezan de Vigo! Mire, Vigo ten este transporte metropolitano, pero todos sabemos por que se esquecen, porque o Concello de Vigo, socialista, non quere incorporarse, a cabeceira non está incorporada, e aí si hai discriminación da que falan vostedes na iniciativa. Miren por onde, onde hai discriminación é no Concello de Vigo. Porque un rapaz ou unha rapaza, por exemplo de Nigrán, pode ir a Vigo subvencionado —logo falaremos disto, que isto é importante no tema do rural— polo Concello de Nigrán, tamén cofinanciado o 80 % pola Xunta e o 20 % polo transporte interurbano, pero cando chega a Vigo, a diferencia da Coruña ou de Santiago, ten que pagar o transbordo no urbano porque Vigo non está no plan. ¡Esa si que é discriminación dun rapaz de Vigo respecto doutros doutras cidades! Por iso, aplíquense primeiro vostedes a receita, porque é moi fácil poñer deberes e pedir aos demais, pero onde gobernan non o fan.

En calquera caso, alégrome de que se incorporen a estes programas porque, evidentemente, os rapaces e a xente nova o saben, están funcionando moi ben, tanto o Plan de transporte metropolitano como o plan da Tarxeta Xente Nova.

Hai 43.000 tarxetas agora mesmo entregadas, das que 4.400 son de Vigo. ¡Fíxese se interesa en Vigo! O que pasa é que non queren esa axuda. O alcalde de Vigo non está axudando a que se incorporen aínda máis e que teñan tamén gratuíto ese transbordo. Son 2,6 millóns de viaxes gratuítos; 2,5 millóns investidos. ¡Fíxese se está tendo éxito!

Nós —e aí está a nosa emenda— estamos a favor de seguir ampliando estes servizos, pero entendemos que o primeiro é facelo nos concellos que teñen competencias en transporte urbano; ese é o primeiro paso. Por outra parte, entendemos que teñen que comprometerse non só os concellos, como fan os que están actualmente en funcionamento, con ese cofinanciamento, senón tamén as deputacións nestas zonas rurais. Porque agora mesmo, onde está funcionando, hai un cofinanciamento, e iso é o que pedimos na nosa emenda.

Imos propoñer seguir incrementando o compromiso da Xunta. Deu os datos vostede, señora Pierres, de 46 millóns de euros en transporte, o 63 % en transporte público por estrada; 10,5 millóns en transporte metropolitano e case vinte en todo o transporte público. ¡Claro que hai compromiso! O que pedimos é, onde se goberna, primeiro incorporarse como os demais, e logo tamén colaborar técnica e economicamente para poder estendelo a outras zonas.

Ademais entendemos —por iso a emenda— que non só deben incorporarse estas cidades, senón que, fóra desas áreas metropolitanas, onde estamos de acordo con que hai que seguir crescendo no servizo, debemos contar con outras administracións, e ademais debemos de facelo nesta segunda fase do Plan de transporte. ¿Por que? Porque o piden no 2018, no que os orzamentos xa están aprobados; estamos á metade do 2018 cos orzamentos xa en marcha. O que pedimos é que o incorporem nesta tramitación e licitación na segunda fase do Plan de transporte, para incorporalo a partir dos orzamentos do 2019 e seguintes.

Cremos que ten todo o sentido, por iso presentamos esta emenda. Esperamos que se acepte ou se transaccione, e se non xa adianto que presentaremos unha iniciativa propia en seguintes plenos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Grupo Parlamentario En Marea, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Eu non vou facer campaña municipal, a min a cidadanía non me votou para iso. Votoume para falar das cuestións que podemos falar dende aquí, dende a Xunta e dende o Parlamento de Galicia. Ademais, como esta vez non puido atacar os gobernos de Coruña e de Compostela, tampouco vou entrar niso.

Esta iniciativa que trae o Partido Socialista parécenos totalmente pertinente, xa que menciona tres dos maiores problemas que afronta Galicia neste momento: a negligente xestión do transporte público, a marxinación que padece o rural e as escasas axudas que percibe a mocidade para poder levar a cabo a súa vida de maneira o máis autónoma posible.

Acerca da nefasta xestión do transporte público, pouco podemos engadir que non teñamos dito xa. O Partido Popular segue sen ofrecer unha planificación integral da mobilidade; segue sen establecer un diálogo fluído coas administracións locais; e segue actuando sen a máis

mínima solvencia técnica. Segue, en definitiva, sen facer a política de transportes que precisa Galicia. Proba disto é que este luns tería que ter presentado o Plan de transporte, pero nin o presentou nin parece que teña a menor intención de presentalo. Ao contrario, todo apunta a que vai continuar na mesma senda que ata o de agora, impondo concesións de transporte sen consensualas con ninguén e amosando unha incapacidade verdadeiramente preocupante.

O Partido Popular aposta por unha política autoritaria de feitos consumados porque non ten visión de servizo público nin de país, e é incapaz de chegar a acordos cos actores implicados. Non hai máis que lembrar as negociacións que mantivo a señora Ethel Vázquez no seu día cos sindicatos e empresarios do sector de transporte para constatalo: non logrou convencer nin a uns nin a outros.

Galicia precisa unha política de transporte diferente á que lle ofrece o Goberno da Xunta do Partido Popular. Precisa unha política que garanta o dereito efectivo á mobilidade sostible de todos os galegos e galegas, con independencia de onde vivan. Precisa unha política que faga atractivo o transporte público e que contribúa ao desenvolvemento socioeconómico do noso país. Precisa unha política que permita vertebrar o territorio, conectando as áreas metropolitanas e as vilas do rural. Porque si, señores e señoras do Partido Popular, o rural tamén existe. Precisa, polo tanto, un cambio de rumbo que sexa planificado coa participación de todas.

Por esta razón, e como xa fixemos no pasado, animamos o Goberno da Xunta de Galicia a constituír unha mesa para o diálogo do transporte público na que estean presentes os sindicatos, as empresas do sector, a Fegamp, as deputacións, as direccións de colexios e as ANPA, así como os representantes da sociedade civil.

A iniciativa do PSOE subliña, ademais, que as políticas de transporte do Partido Popular continúan marxinando o rural. Dende finais do 2016 a mocidade pode viaxar gratis no transporte metropolitano de Galicia nas cidades da Coruña, Santiago, Ferrol e Lugo, non obstante, nada semellante sucede no resto do territorio, o que supón un claro agravio comparativo para a xente do rural. ¿Como agarda a Xunta de Galicia fixar poboación no rural cando non lle concede os mesmos dereitos e servizos que á poboación urbana? Son este tipo de actuacións as que levan ao despoboamento de gran parte de Galicia, despoboamento que, como sabemos, ten un efecto terrible no territorio e na economía galega.

Investir nos servizos do rural non é un gasto, é un investimento que nos permite manter territorio vivo e saudable. Por iso é tan importante contar cun plan de transporte que permita articular as rutas e satisfacer as necesidades da xente. En particular, o transporte público ten que lograr satisfacer as demandas da mocidade, que durante moitos anos foi expulsada de Galicia porque non atopaba a maneira de establecerse na nosa terra. Por esa razón, estamos a favor desta proposta do Partido Socialista. Nós estamos traballando nunha iniciativa que vai un pouco máis no que ten que ver coa idade da xente moza e tamén en axudas para uso de transporte público, que teñen que poder ser desfrutadas tamén por estudantes ata os 29 anos de idade, incluso con descontos con saída e chegada dentro da propia Galicia, xa que se trata dun colectivo que tamén se veu obrigado a desprazarse con frecuencia e que non sempre conta cos medios económicos para facelo.

En resumo —e xa para rematar—, apoiamos a iniciativa do Partido Socialista, que sinala as deficiencias salientables na política de transporte do Partido Popular e pon sobre a mesa unha proposta que, aínda que pensamos que pode ser un pouco máis ambiciosa e ir un pouco máis alá en cuestión de idade, pensamos que é totalmente necesaria e que vai na boa dirección.

Pola nosa banda, máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Si, brevemente. Grazas, presidente.

Vostede hoxe, señor Fernández, veu facer aquí un exercicio de memoria selectiva. Non se preocupe, porque isto lles acontece a moitos dos seus compañeiros de partido. E parece que esquece que en cidades como Ourense, na que vostedes gobernan, nin sequera teñen conseguido instaurar a área metropolitana. Pasaron xa cinco anos e nin con apoios municipais nin co apoio da Deputación o conquerriron. Polo tanto, non dean leccións que vostedes mesmos non son capaces de cumprir.

Por outro lado, penso que a verdade é que no tocante á política de investimentos na Concellería de Infraestruturas e Vivenda non atopamos motivos precisamente nin para a euforia nin para a autocompracencia. De feito, se comparamos os orzamentos do ano 2010, que vostedes mesmos xestionaron, vemos como o programa 512A, que fai referencia á ordenación e inspección do transporte, nese ano era de 62 millóns e medio, e a día de hoxe o programa está en 41,75 millóns, 20 millóns menos. E se queren atopar a razón no destinado ao transporte escolar, non se enganen, porque naquel ano a cantidade que se destinou a tal fin foi de algo máis de 127 millóns, por enriba tamén dos 105 millóns que se orzaron este ano.

E enténdannos: que vostedes investisen este ano preto de 42 millóns menos que no 2010 non sería preocupante se o Plan de transporte tivera conseguido unha maior eficiencia e satisfacción por parte dos usuarios e usuarias, pero vostedes saben —e nós tamén— que iso non é precisamente o parecer da maioría dos galegos e galegas, e así llelo deixaron claro co inicio do curso escolar o pasado setembro, onde lles choveron —choveron, literalmente— as reclamacións e alegacións desde todos os rincóns do mapa galego.

Xa para concretar, respecto das emendas. Respecto da do Partido Popular, nós aceptaríamos a súa primeira emenda como de engádega —non na súa totalidade, como vostede entenderá—, posto que tería que resumirse no compromiso claro, non a estudar a extensión, senón a comprometerse a facer a extensión da gratuidade do transporte público interurbano, neste caso para o rural. Cremos que é importante que amosen a disposición clara e non difusa a resolver este agravio cos 83.000 xoves galegos e galegas afectados e afectadas.

E respecto da emenda segunda, tamén consideramos que se podería resumir na solicitude de implicación institucional para colaborar na posta en marcha desta medida, pero —iso

si— alonxándonos de introducir nesta iniciativa o debate outra vez sobre o transporte metropolitano, porque consideramos que o fin desta iniciativa era resolver principalmente o agravio dos mozos e mozas do rural.

E respecto da emenda do BNG, temos que trasladar que, a pesar de sentila plenamente acaída e oportuna, consideramos que podería desvirtuar enormemente o motivo da medida que hoxe presentamos, que era principalmente o apoio e a subsanación do agravio que se está a facer cos mozos e mozas do rural. Polo tanto, agardamos que noutra ocasión se poida presentar esta iniciativa, e, por suposto, apoiarémola encantados.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e dous deputados/as máis, sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia, antes do remate do primeiro período de sesións de 2018, dun informe respecto da aplicación, durante o curso 2016-2017, do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia, así como das modificacións necesarias para a consecución dos seus obxectivos

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

A iniciativa, a proposición non de lei que trae hoxe o noso grupo parlamentario é consecuencia da incerteza que nos produce a aplicación do I Plan de actuacións de igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020. Este plan, que, como todos sabemos, foi elaborado conxuntamente pola Secretaría Xeral de Igualdade e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, xorde como consecuencia da constatación de que existe unha tendencia que se vai incrementando nos últimos anos, nos que se observa un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos.

Evidentemente, esta non é unha realidade allea á sociedade. Este Parlamento ten debatido intensamente sobre a necesidade de afondar na igualdade entre homes e mulleres, máis, se cadra, con maior intensidade, desde o mes pasado, con desigual intensidade na aplicación por parte de distintos grupos. En todo caso, constatamos que é algo que nos preocupa a todos, porque é un problema importante da sociedade.

Como consecuencia, a Consellería, xunto coa Secretaría Xeral de Igualdade, elaborou este plan para os centros educativos, que é un plan que se inspira en catro principios e que ten

seis eixes fundamentais que fan que se despregue integramente en diversos ámbitos dos centros educativos.

A cuestión é que este grupo parlamentario —e creo que podo falar polo resto da oposición parlamentaria— non cuestionou en ningún momento a calidade, e moito menos a oportunidade, deste plan; é dicir, non se trata dun debate teórico sobre o contido que debe ter o plan. Valoramos, desde o noso grupo, a calidade do mesmo, pero o certo é que este plan e a súa implementación temporal, desde o ano 2016 ao ano 2020, fai que o primeiro curso de aplicación, que foi o pasado curso 2016-2017, que rematou hai oito meses, dea marxe temporal suficiente como para avaliar, de forma inicial, cando menos, cal é o nivel de desenvolvemento deste plan.

O día 5 deste mes este deputado fixo unha pregunta na Comisión 4ª, de Educación, que respostou o director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. E o certo é que a súa resposta me produciu persoalmente máis incertezas que certezas, máis preocupación que tranquilidade, posto que resultou máis que evidente que a Consellería de Educación non está a avaliar dunha forma extensa nin intensa a aplicación deste plan. E máis me sorprende que se fixese unha afirmación de que o plan se estaba desenvolvendo non con normalidade senón con éxito cando, evidentemente, non se pode saber de forma obxectiva se ese plan está a funcionar correctamente posto que creo que escasamente se teñen avaliado a terceira parte das vinte e sete medidas cos seus correspondentes indicadores que teñen.

Non nos preocuparía tanto que os resultados fosen malos, porque iso daría unha pauta do que hai que corrixir na avaliación dese plan, porque para iso temos a avaliación de implementación, para ver que medidas se deben tomar para corrixir. Preocúpanos que, dentro desa compracencia na que parece instalado o Partido Popular de forma global en todos os ámbitos da política e da vida pública desta comunidade autónoma, esa compracencia —re-pito— se estenda a algo tan relevante como este Plan de igualdade nos centros educativos.

Hai indicadores que son tan baratos, tan económicos, para avaliar que parece realmente inverosímil, e non podemos crer que non se teñan avaliado, salvo que o resultado sexa tan preocupante que faga necesario ocultar os seus resultados. Por citar soamente catro deles, o indicador 23, elaborar un programa educativo con perspectiva de xénero que favoreza a participación do alumnado en intervención sociocomunitarias, ten como indicador o número de centros que fixeron algún tipo de actividade deste tipo ou o número de alumnos e alumnas que participaron. Complicadísimo avaliar iso.

O 25, promover unha elección do futuro académico e profesional libre de estereotipos de xénero, en particular poñendo en valor a vocación científica e tecnolóxica no alumnado feminino, ten un indicador tan complicado de avaliar como o número de centros e o número de alumnos participantes. E así podería seguir cuns cantos máis.

Pero hai outro indicador, que é fomentar a oferta de actividades formativas no ámbito da igualdade e da violencia de xénero, así como da diversidade afectiva e sexual, que ten un indicador que é o número de accións realizadas dentro doutras máis xerais. E ese si lles podo

garantir a todos vostedes que se vai avaliar, porque a Consellería introduciu como obrigatorio dentro de calquera proxecto formativo do profesorado desta comunidade autónoma —como obrigatorio, repito—, con independencia do seu contido, que teñan un módulo de formación de convivencia, inclusión e igualdade. É dicir —para entendernos—, un grupo de profesoras e profesores desta comunidade autónoma decide facer un grupo de traballo no seu centro para investigar a flora e fauna do contorno do centro e obrigatoriamente van ter un módulo dese tipo. ¿Por que? Porque vai mellorar dunha forma impresionante ese indicador, van participar todos os profesorados. Á forza, é evidente que hai unha intencionalidade clara.

¿Que queremos? Queremos que este Parlamento teña información sobre o resultado da avaliación deste I Plan de igualdade. Como esa información non se nos facilitou na Comisión de Educación, vémonos na triste obriga de vir a este Parlamento pedir que se nos aprobe unha proposición non de lei para que o Goberno presente, antes do remate deste período de sesións, un informe sobre a aplicación e a avaliación que fixo da aplicación deste I Plan de igualdade durante o curso 2016-2017.

Cremos que é xusto, que é razoable que coñezamos esa información, que é democraticamente saudable, que é desde o punto de vista da igualdade necesario, e que, ademais, xa pasou un tempo suficiente como para saber se a Consellería ten xa este informe completamente realizado. Porque, miren, sabemos todos que o curso rematou, para efectos de poder obter esta información, no mes de xuño do ano 2017. De remates de xuño ata este momento son dez meses, tempo máis que suficiente para que calquera programa polo que se aposte con seriedade, con compromiso e con rigor teña unha avaliación mínima.

Como sospeitamos que esa avaliación mínima non existe, queremos que este Parlamento coñeza esa información. E por ese motivo pedímoslle a aprobación desta proposición non de lei ao resto dos grupos parlamentarios.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente. Bo día de novo.

Despois fareille un matiz, señor Álvarez, pero así, para comezar máis ou menos de maneira ordenada, vostedes —é certo— piden algo revolucionario, algo transgresor, algo que rompe todos os esquemas, que é un informe —un informe pode derrubar as paredes mesmas deste Parlamento—, un informe que debería ser parte fundamental, e ademais así o contempla tamén o propio plan no seu apartado de avaliación das políticas públicas, que é ir facendo un seguimento continuado desde o momento no que se pon en práctica calquera acción, calquera medida, calquera actuación para ir monitorizando os efectos que estas causan e poder determinar se hai que introducir algún tipo de medida correctora ou algún axuste ou seguir afondando ou reforzando algúns aspectos das actuacións que se desenvolven porque é o camiño a seguir.

Nese sentido, desde esa perspectiva, nós imos apoiar esta iniciativa desde o BNG, porque nos parece que debería ser parte fundamental tamén da posta en funcionamento dese plan, un plan do que xa se ten falado —é certo—, e moito, tamén na Comisión 4ª. Eu creo que todas as forzas políticas temos preguntado polo grao de implementación das actuacións previstas no propio plan.

Nós, desde o BNG, temos ademais dito en moitas ocasións que é un bo plan. Sobre o papel, está ben deseñado. Outra cousa é levalo á práctica, outra cousa é implementalo. E hai un apartado dentro do propio plan —pode descargarse, porque está pendurábel na rede—, que é, por exemplo, de orzamentos. Hai unha cuestión que hai que ter clara. Igual que hai que avaliar as políticas públicas, calquera tipo de actuación, no ámbito que sexa, moito máis no ensino e moito máis no que ten a ver coa promoción da igualdade, precisa dun orzamento, dun orzamento e dunha planificación temporal das propias actuacións. E —poden consultalo— non aparece dentro do plan unha planificación —valla a redundancia— das previsións orzamentarias. Estaría ben saber con ese informe que se solicita, con esta iniciativa, cales están a ser os esforzos económicos e onde se está a investir o diñeiro.

Pero tamén hai outra parte fundamental, e é que non podemos simplemente elaborar un plan, remitilo aos centros de ensino e pensar que por ciencia infusa isto se vai facer real e efectivo. Hai unha parte importante que está na formación que teñen as persoas que están encargadas de educar as novas xeracións, as persoas que se encargan de formar esas novas xeracións. Neste senso, desde o BNG xa formulamos esa proposta que saíu por acordo unánime desta Cámara de formar a quen educa a través dese mestrado profesionalizante, do que se falaba tamén hoxe pola mañá, para que conten cunha materia específica de igualdade, prevención e tratamento integral da violencia machista.

E outra cousa fundamental tamén para poder levar a cabo as accións que se prevén nese plan é ter tempo e ter recursos o propio profesorado. E agora sería un bo momento para comezar a falar tamén de recuperar eses dereitos perdidos por parte dos cadros de persoal, que son, á fin e ao cabo, os que van ter a encomenda de levar á práctica en boa medida todas as accións que están previstas neste plan.

E dicíalle, señor Álvarez, que lle ía facer un matiz, porque até nos grupo de traballo de flora e fauna se poden traballar aspectos relacionados coa equidade, a xustiza social e a igualdade. Non só, por exemplo, no caso da flora e fauna, falando do papel que tiveron as mulleres ao longo da historia da investigación no ámbito científico, senón tamén traballando técnicas de xestión, nos traballos en grupo, tolerancia, respecto, diálogo, coordinación. Todos eses valores que teñen moito a ver coa equidade, coa xustiza social e coa igualdade deben impregnar todos os ámbitos de traballo e o noso día a día. Moito máis alá, que foi a grande aposta que tivo o Partido Popular cando lanzou este plan, ¿non?, introducir unha materia de libre configuración no ensino secundario obrigatorio que está —polo que soubemos nas preguntas que fomos formulando— implantado nun mínimo, nunha porcentaxe ínfima do número total que hai de centros de ensino no noso país e que, á fin e ao cabo, queda un pouco á boa vontade de quen teña disposición de querer cursar esta materia —xa digo— de libre configuración.

Apoiamos —é obvio— esta iniciativa, que pide algo —insisto— tan transgresor como un informe, pero o que pedimos tamén son medios, son recursos e formación dos equipos docentes, que son, á fin e ao cabo, os que teñen que desenvolver estas medidas.

E tamén pedimos unha cuestión: a igualdade non pode concibirse como un compartimento estanco. Non serve de nada que lles lancemos unha serie de mensaxes a través das materias formativas á nosa mocidade, por exemplo —estou pensando nas franxas de idade máis novas—, se logo acenden a televisión ou visualizan calquera tipo de vídeo ou de contido audiovisual nas redes sociais ou na internet que lanzan mensaxes completamente contraditorias. Hai que traballar de maneira paralela a formación no ensino —e xa remato— tamén con esoutra parte da socialización secundaria que son os medios de comunicación, que teñen cada vez un peso máis importante na configuración das identidades.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Antes de nada, dicir que dende En Marea imos apoiar esta proposición non de lei que nos trae hoxe o Grupo Socialista, e ímola apoiar porque, malia que nos gustaría poder discutir sobre unha PNL máis ambiciosa, será que adaptamos os nosos desexos á realidade do Parlamento e imos rebaixando as expectativas.

Apoiarémola porque afecta un asunto que consideramos fundamental, que tratamos moitas veces nesta Cámara e que de seguro seguiremos tratando, como é o da igualdade nas aulas. Non nos cansaremos de dicilo: a escola pode e debe ser motor de cambio, a escola pode e debe achegarnos a ese futuro en igualdade que precisamos.

E, nese senso, a letra do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia... *(Murmurios.)*

Presidente, por favor, hai moito ruído.

O señor PRESIDENTE: Si, ás veces un pouco. Un pouco escóitase, si, a verdade é que se escoita un pouco ruído desde aquí.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¿Que quere que faga? Ela ten dereito a expresar esa molestia. Eu non podo andarlles chamando a todos os deputados... Se queren falar, hai sitios para facelo fóra.

Por favor, entón, ela expresa unha queixa e eu teño que tramitala.

Entón, prosiga, por favor.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Non, non, unha escola claro que non é. Nas escolas hai moito máis respecto do que hai nun parlamento, non cabe ningunha dúbida. Igual é que o señor Puy vai pouco ás escolas, hai moito máis respecto do que se escoita nesta Cámara todos os días.

Volvemos á cuestión que nos atinxe.

Diciamos que, por suposto, no que respecta á letra do Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos, é imposible estar en desacordo. Sería moi difícil entrar a discutir sobre o fondo do alí escrito. Un documento no que si apostar por cousas como a coeducación e no que —cito textualmente— se recolle: «A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres».

Parece que isto o puidera escribir calquera, mesmo o podería ter asinado En Marea. Porque claro, a letra é así, a letra sae gratuíta. A letra soa ben, pero a música non tanto. Ou máis aínda, a música non soa en absoluto, porque non se pode dicir que están comprometidos coa educación mentres persisten en financiar centros machistas que segregan o alumnado. Porque falar de plans coma este, encher páxinas falando de igualdade, está ben. Escribir plans que non se pretende cumprir, que non teñen un só euro orzado, directamente, é propaganda, mala, moi pobre. E se non hai diñeiro comprometido para aplicar as políticas, logo pasa o que pasa: que quedan en papel mollado. É sinxelo: precísanse recursos, recursos e recursos. Para facer políticas de igualdade, fan falla recursos. Un plan de actuacións a prol da igualdade nas escolas require, máis que boas intencións, recursos concretos, porque sen eles pasa o de sempre: que quedamos en meros brindes ao sol.

E a bondade do Grupo Popular a este respecto quedou en evidencia. Hai uns meses En Marea trouxo a esta Cámara unha proposición non de lei na que pedía especificamente que o Plan de actuacións de igualdade nos centros de ensino incluíra unha memoria orzamentaria con partidas concretas para desenvolvelo. A resposta do Partido Popular foi a de sempre: non; o non polo non. Claro, sen recursos, polo menos precisaremos información. Pensamos que, se non hai recursos, os resultados serán claramente negativos.

Por iso, como dicía, apoiaremos esta proposición, que nos insiste na necesidade de avaliar, para ter datos, non opinións, non subir aquí a dicir que todo funciona perfectamente, datos veraces, do grao do cumprimento, do grao de incumprimento, do éxito ou fracaso das políticas que se veñen aplicando. E por iso consideramos tan interesante facer unha avaliación durante o propio proceso deste plan, non cando remate, porque isto permitiríanos poder mellorar mentres tanto.

É dicir, falamos da necesidade —que non debería ser soamente deste plan, senón en todas as políticas realmente ambiciosas que desenvolvera un goberno— de facer avaliacións intermedias de proceso; avaliacións que no propio período de execución do plan permitan mellorar a implementación, analizar a eficiencia, de tal modo que se poida reprogramar aquilo que non funciona.

De feito, sería aínda máis interesante que a avaliación deste tipo de plans fora continuada e presentada periodicamente, tal e como se está a facer, por exemplo, co Plan de igualdade dos centros de ensino de Andalucía. Nunca está de máis mirar que están facendo noutros territorios e que funciona, e resulta que no caso de Andalucía a avaliación faise anualmente; isto permite ir reorientando o Plan de igualdade. Cousa curiosa: cando unha le o capítulo que o Plan de igualdade de Galicia dedica á avaliación, hai moi pouca información. Si, dísenos cales son os indicadores, pero non se nos di nin cando nin como nin quen vai facer esta avaliación, e, sobre todo, non se di quen.

¿Acaso non sería pertinente ter unha comisión de seguimento do propio plan, interdisciplinar, que contara con especialistas cando menos de ensino en igualdade que fora traballando durante todo o proceso? Dende En Marea pensamos que sería unha forma intelixente de traballar.

E por iso agardamos contar con este informe canto antes. Información, por suposto. Pedimos iso: información veraz e de calidade, non só para o Parlamento, senón para toda a cidadanía, para analizar na súa xusta medida os resultados das políticas que se implementan.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Ben, a verdade é que, escoitándoos a vostedes, eu ás veces non saio do meu asombro. Vostede, señora Chao, acaba de dicir —e eu creo que é algo no que coincidiron todos e no que todos podemos coincidir—, dun xeito un pouco irónico, que, no que respecta á letra, á letra do plan, ao teor literal do plan, lle soa ben, que lle parece que está ben, que mesmo podería ter asinado En Marea. Pero mire vostede, a circunstancia é que quen asinou este plan e quen foi consciente de que era necesario elaborar un plan desta características foi un goberno do Partido Popular. Co cal se desmontan moitos dos argumentos que vostedes permanentemente insisten en repetirle á cidadanía intentando trasladar a imaxe de que ao mellor o Partido Popular non ten sensibilidade ou conciencia con estas cuestións; algo que, por certo, como xa digo, queda perfectamente desmontado á luz dos feitos.

Pero é que miren, recollendo un pouco ese ton irónico que vostedes empregaban en moitas das súas intervencións dicindo que si, que o contido do plan está ben, que todos podemos

coincidir nese contido do plan, eu vou recordar un pouco o que se falaba na pasada Comisión 4ª do 5 de abril, cando se facía unha pregunta sobre este tema. Debatíamos tamén sobre outro plan. Había unha comparecencia sobre un plan que era o Plan para a dinamización do galego na mocidade, e daquela dicíase nos ou reprochábase nos ao Grupo Popular que entendíamos o consenso e o bo funcionamento dun plan como que se faga o que vostedes piden —dicían textualmente—. Vostedes entenden o consenso ou entenden que un plan funcione ou non funcione en función de se se fai o que vostedes piden.

Pois a verdade é que se pode trasladar ese razoamento ao que hoxe plantexan os grupos da oposición, que plantexa o Grupo Socialista e ao que anunciaron o voto favorable o resto dos grupos da oposición. Vostedes o que queren —dálles igual o plan, dálles igual como vaia camiñando o plan— é que o Goberno faga o que vostedes piden. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E iso, evidentemente, é algo que o Goberno ten que decidir e sabe perfectamente o que ten que facer.

Miren, o Goberno crea un plan destas características porque entende que é necesario traballar para mellorar a situación da igualdade nas aulas e no contorno escolar, e este goberno traballa cuns obxectivos claros e ben definidos no plan. Porque dicían vostedes: non imos entrar a discutir o contido teórico do plan. Non, claro, o que queremos facer é abrir unha especie de discusión metodolóxica sobre a avaliación ou o grao de implantación do plan. A min parécese bastante chamativo, porque, ademais, eu creo que todos somos conscientes de que a avaliación é o último paso do ciclo vital dunha política pública. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Ben, vamos ver, eu creo que isto é unha cuestión... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, eu pido polos dous lados. Neste sentido, ninguén me pode criticar a min por preservar que o deputado estea desde a tribuna de oradores coa máxima tranquilidade expoñendo. É cuestión de todos os grupos, de todos os deputados. Pero é verdade que aquí se escoita moito e molesta a quen está no uso da palabra. E eu tamén estiven aí e sei que molesta. Polo tanto, imos colaborar todos, é cuestión de pórllle boa vontade. Todos, vostedes, vostedes, todos, ata os de arriba, todos. Pero, por favor, colaboremos todos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Xa está. Eu creo que lancei a miña proposta. Colaboremos todos. *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)*

¡Silencio, señora Santos! Empece vostede por colaborar. *(Murmurios.)* ¡Silencio todos! ¡Silencio! Xa está. Está entendida a mensaxe. ¡Silencio! Imos colaborar todos e eu procurarei que así sexa.

Vai ter vostede o tempo que lle...

O señor FERNÁNDEZ GIL: Moitas grazas, presidente.

Como dicía, estamos ao final perdéndonos nunha discusión puramente metodolóxica sobre a avaliación dun plan e vostede sabe —e dicíao vostede mesmo na propia Comisión 4ª—

que, evidentemente, non se podía facer unha avaliación completa do plan, porque o plan está pensado nun horizonte temporal, para acadar uns obxectivos nun horizonte temporal, pero, non obstante, piden un informe sobre o grao da avaliación ou sobre a avaliación ou o grao de implantación do plan.

Pero é que mire, a vostede traizoouno o subconsciente. Durante a súa última intervención —e convidoo a que repase ou podemos repasar o vídeo cando saia o vídeo da súa intervención— fálanos de que non se está realizando unha avaliación do plan, pero dixo, literalmente, que escasamente se teñen avaliado a terceira parte dos indicadores. Se vostede sabe que se teñen avaliado a terceira parte dos indicadores, ¿como pode dicir que non se está a levar a cabo unha avaliación? É que os propios datos, a propia realidade contrasta co que vostedes queren trasladar desde esta tribuna.

Piden información nas comisións. Trasládaselles información. Vén o director xeral dicirlle ou darlle información sobre o grao da avaliación e implementación do plan. Non lles vale a resposta. Traen esta PNL. Por iso lles digo: unha cuestión é que digan que non se fai unha avaliación do plan ou que non se está levando a cabo unha avaliación segundo marca o propio plan, o cal é falso —vostede mesmo acaba de dicir que hai avaliada xa unha terceira parte ou que están cubertos indicadores dunha terceira parte do que marca o propio plan de avaliación deste Plan de igualdade—, e do mesmo xeito trasladan, pretenden trasladar esa imaxe falsa, pero é que despois, cando vén o director xeral transmitir a realidade do grao de implementación do plan, non lles vale a resposta. Están permanentemente instalados nesa lóxica de: imos dicirlle ao Goberno que ten que facer ou imos preguntarlle ao Goberno que está facendo, non me vale a resposta, imos dicirlle o que ten que facer.

Miren, quen ten a competencia, ten que implementar, levar a cabo o plan, a súa avaliación e, polo tanto, valorar o grao de implantación do mesmo na comunidade educativa galega, é o Goberno, que foi o que redactou este plan.

Nós estamos plenamente conscientes de que o plan se está implantando, como dixo o director xeral na Comisión 4ª, na súa plenitude. Somos conscientes de que o plan vai traer os resultados perseguidos nos obxectivos que marcaba o propio plan. Porque, ao final, o Goberno galego traballa sempre cunha lóxica de avaliación, que é marcar uns obxectivos e avaliar a consecución dos mesmos ou a non consecución dos mesmos. Esa é a lóxica de avaliación de políticas públicas que marca o Goberno galego.

Nese sentido, no momento no que se esgote o horizonte temporal para a consecución dos obxectivos que marcaba o plan, poderemos dicir se estes obxectivos se conqueriron ou non e faremos, dende logo, unha avaliación rigorosa do plan, que é o que marca o propio plan no seu corpus literal.

Polo tanto, nós, como comprenderá, o que non imos facer é trasladarlle á sociedade, primeiro, como queren facer vostedes a idea de que non se está a facer nada na avaliación e na implantación do Plan de igualdade, e trasladarlle tamén á sociedade —dende logo, non o imos facer, e vostedes empéñanse, unha e outra vez, en facelo— que o Goberno galego non traballa a prol de igualdade. Nós o que faremos será defender que o Goberno siga traballando

e, despois, dende logo, cando os resultados estean enriba da mesa, dicirlles que, unha vez máis, se equivocaron.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Moito me alegro de que unha proposición non de lei sobre a avaliación do Plan de igualdade teña suscitado tan intenso debate sobre as formas e o respecto ao interlocutor, ao que está falando neste Parlamento. Se cadra deberíamos facer un monográfico de provocacións e contraprovocacións para ver cal é o nivel que soportamos cada un de nós e a partir de aí colocarnos en distintos sitios.

Señora Rodil, agradezo o apoio do seu grupo. Xa sei que hoxe nos levantamos revolucionarios e pedimos informes. ¡Onde imos parar!, ¡onde imos parar! Se imos parar nun país onde se poden refacer actas, ¿como non se van poder facer informes con tempo suficiente? ¡Pero que país tan triste, que pode máis unha pomada que un título falso! (*Aplausos.*) ¡Que tristeza de Estado, que tristeza!

Do orzamento inexistente, ao que fixo vostede referencia, temos falado. Evidentemente, non é unha cuestión sobre o orzamento. Non podemos debater sobre algo que non existe, máis alá dunha discusión metafísica, que lle deixaría encantado ao meu compañeiro Losada Álvarez, que soe facer referencia a este tipo de argumentación.

Eu, cando falaba da inclusión obrigatoria dun módulo sobre convivencia, inclusión e igualdade, non o facía co interese de menosprezar —nin moitísimo menos— ese tipo de contidos, senón de que esa realidade, á que vostede fixo referencia acertadamente, existiu sempre. O feito de que se inclúa neste momento como obrigatorio é un interese estatístico, simplemente, para incrementar o número de profesores que participaron neste tipo de actividades.

Grazas, señora Chao, polo seu apoio a esta intervención. Eu estaba oíndo e sendo vítima deste acoso acústico, o que pasa é que eu teño unha vantaxe con respecto a vostede, e é que din moitísimos anos clase e son capaz de traballar cun umbral de ruído bastante elevado igual. Pero é certo que existe, como dixó acertadamente o señor presidente, esa molestia permanente.

Señor Fernández Gil, ¡vaia papelón!, ¡vaia papelón! Pero, ben, hai que recoñecerlle que é vostede creativo, e que seguramente nas facultades de ciencias políticas e outras estudarán o modelo de avaliación do Goberno galego no que a política se avalía exclusivamente ao final; é dicir, a avaliación de implementación eliminámola —foi o que dixó vostede—. Convídoos a que revise a súa intervención.

Mire, eu entendo que ten que vir aquí facer ese tipo de argumentación para votar en contra dunha cousa tan trivial como que a opinión pública deste Parlamento teña información sobre a implementación dun programa que, segundo vostedes, só se debe avaliar ao final.

Vou rematar, señor presidente. Soamente quería dicir unha cousa. Non lles pedimos ningún cambio metodolóxico. Non lles pedimos que fagan o que nós dicimos. Pedimos unicamente que avalíen o que está escrito no propio plan, simplemente. ¡Que barbaridade que un grupo parlamentario lle pida ao Goberno que avalíe conforme o seu propio plan unha política pública! ¡Onde imos parar! ¿Que vai ser o seguinte, que vai ser o seguinte?: ¿repartir botes de pomada? Non o sei.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para incrementar a contía do Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas, e solicitar do Goberno central o incremento das pensións non contributivas ata a contía equivalente ao salario mínimo interprofesional

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea e unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 28139 (10/PNP-00221).

Emenda de adición.

Débase engadir un novo punto á parte resolutiva, co seguinte texto:

«Presentar, no prazo máximo de seis meses, ante o Parlamento de Galicia, un informe social sobre a situación das persoas pensionistas en Galiza, coa finalidade de coñecer de xeito real as súas necesidades de complemento de ingresos para acadar un mínimo de ingresos digno.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Noela Blanco Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (10/PNP-002021, doc. núm. 28139).

Emenda de modificación:

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactada co seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incrementar a contía do “Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas” de xeito que cada persoa prestataria da pensión perciba un incremento de 100 euros mensuais na mesma.

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno de España a establecer un calendario para incrementar as pensións non contributivas, que teña como horizonte a contía equivalente ao SMI.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

A proposición non de lei que trae hoxe aquí a debate o Bloque Nacionalista Galego ten como destinatarias, como destinatarios, un dos colectivos máis débiles e máis vulnerábeis: o colectivo de persoas que non ten recursos suficientes para subsistir e ten que acollerse a unha pensión non contributiva.

O sistema público de pensións complementábase coas pensións non contributivas, as que reciben aquelas persoas que se atopan en situación de necesidade, aínda as que non teñen cotizado nunca ou, tendo cotizado, tendo traballado, tendo traballado toda a súa vida, non teñen feito ou non cumpren as condicións para ter unha pensión contributiva.

Estas pensións non contributivas concédense e xestiónanse as comunidades autónomas, polo tanto, a Xunta de Galiza, mais fináncianse con cargo ao Imsero, ao Instituto de Maiores e Servizos Sociais, vía os orzamentos do Estado. Foron instauradas na década dos noventa, co obxectivo de ampliar a cobertura de Seguridade Social para garantir a asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade a todos os cidadáns; cando menos ese era o obxectivo que acompañaba a súa posta en marcha.

Ten dous tipos de persoas beneficiarias: as persoas maiores de 65 anos e as persoas con máis de 18 anos co 65 % de invalidez cuxas rendas sexan inferiores ás axudas que contemplan estas pensións non contributivas; pensións de invalidez de 5.635 euros ao ano ou de xubilación de 5.030 euros ao ano.

Resulta evidente que o obxectivo ese de garantir a existencia e prestacións sociais suficientes marcado desde logo non se corresponde coas cantidades asignadas, xa que estamos a falar de contías destas pensións que son realmente exiguas, pois estas pensións non contributivas son de 669,9 euros ao mes para este ano 2018.

Polo tanto, cómpre ter en conta que as persoas que perciben estas pensións se atopan en situación de necesidade. E, ademais, quero resaltar unha cuestión, e é que, debido á estrutura do mercado laboral, e en Galiza especialmente, onde hai incorporación da muller ao mercado laboral, fai que a maioría das perceptoras desta renda sexan mulleres. Dous terzos das persoas que perciben pensión non contributiva son mulleres, co cal agudízase esa fenda salarial, agudízanse as desigualdades de xénero, non soamente durante a vida laboral, senón tamén á hora de percibir pensións, sexan contributivas ou como das que estamos a falar, non contributivas.

Son mulleres, por varias razóns, polas distintas traxectorias laborais, pola incorporación tardía ao mercado laboral no caso da muller, pola presenza abrumadora en contratos da muller de a media xornada, en situación de fixas descontinuas. En Galiza temos sectores tremendamente feminizados onde abunda a figura das fixas descontinuas. Podemos falar do caso da conserva, infelizmente moi reducido xa en Galiza pero que ata hai algúns anos ocupaba varios miles de mulleres, con contratos por horas. Outra causa é unha traxectoria laboral intermitente, por períodos dedicados a coidados de familiares.

Por non ter cotizado, por ter realizado traballo doméstico e atención a familia que non se monetariza, por ter realizado traballo gratuíto, traballo que se realiza e non se cobra —as mulleres somos especialistas neste tipo de traballo, na responsabilidade de atención a maiores, a nenos, a nenas, a doentes; os coidados seguen sendo considerados cousas de mulleres— ou directamente ter realizado explotación laboral, ter traballado sen que foran dadas de alta.

Eu vou facer referencia a dous casos concretos, dous casos reais, dous casos de dúas mulleres de carne e óso. Unha é Marina, 67 anos; traballou por temporadas nun hotel, no Nadal xa non a daban de alta, en Semana Santa tampouco —estamos falando de temporadas moi curtas—, no verán dábana de alta dous meses, co cal tiña que traballar seis anos para ter cotizado un ano e ter dereito a uns meses de paro; toda a vida traballando e coidando a casa, os fillos, os sogros, os pais, 60 anos na actualidade, cotizados reais nove anos, co cal, ten que acollerse a unha pensión non contributiva. A súa cotización non era unha prioridade porque o seu salario era unha axuda para a casa, como a de tantas outras mulleres; co cal: pensión non contributiva, 366,9 euros ao mes.

Temos o caso de Luisa, 66 anos, traballadora da conserva e da limpeza —sectores feminizados e, polo tanto, precarizados—. Toda a vida traballando, igual que Marina, fixa-descontinua da conserva, unha empresa que practicou o prorrateo na cotización. Traducido, ¿que significa? Que a empresa non cotizaba por todas as traballadoras, senón por unha porcentaxe, e nesa porcentaxe a Luísa non lle tocou ser das que estaban dadas de alta. Co cal, durante todo ese período no que se practicaba o prorrateo, Luisa non cotizou. Logo topouse con múltiples erros de cómputo, por esas múltiples veces dada de alta e baixa por ser fixa descontinua, e con períodos logo de subsidios, nos que, como todos e todas vostedes saberán, non se cotiza. Complementa a súa vida laboral con traballos de limpeza por horas, que, como tamén vostedes saberán, son mal pagados e peor cotizados. Tempo real de cotización: sete anos. Co cal, Luísa tamén engrosa, despois de toda unha vida de traballo, a lista de persoas en Galiza que se ten que acoller a unha pensión non contributiva.

Con isto o que quero dicir é que, lonxe desa crenza de moitas persoas que pensan que as pensións non contributivas son para eses homes e mulleres que nunca fixeron nada, que estiveron na súa casa agardando a cumprir 65 anos para logo demandar unha pensión non contributiva, nada máis lonxe da realidade, son nunha parte moi importante persoas que si traballaron durante toda a súa vida, mais que o sistema as ten excluído ou as ten sometido a este tipo de situacións laborais, que as exclúe de poder ter unha pensión digna, unha pensión contributiva.

Por iso, hoxe traemos aquí esta iniciativa. Co obxectivo de mellorar a contía destas pensións non contributivas, o Goberno de coalición BNG-PSOE, consciente da insuficiencia destas contías, aprobou no ano 2008 un complemento en Galiza destas pensións, cun único pagamento de 200 euros. Coa volta do Partido Popular ao Goberno da Xunta, quixo eliminalo porque a aquela altura a conselleira de Benestar, Beatriz Mato, considerou que era un parche, unha tirita, insuficiente; incluso dixo que había dúbidas de que fora legal... Pareceu que era unha cuestión non apropiada. Desistiron de eliminalas, porque a verdade é que se montou bastante escándalo ao respecto. Mantivéronas, pero, iso si, conxeladas dende o ano 2010. Oito anos estivo conxelado un complemento que, de por si, a verdade é que bastante cativo, estamos falando de 200 euros. Actualizárona no ano 2010 e non volveron actualizala. 206 euros nunha única paga, que é o que se corresponde con 17 euros ao mes.

O BNG neste ano 2018 presentamos unha emenda para que nos orzamentos da Xunta se subira este complemento con 1.000 euros ao ano. Consideramos que era unha contía do mínimo que se podía facer. Estamos falando dunhas percepcións realmente baixas para persoas que están nunha situación de moi baixos ingresos. O Partido Popular non considerou a emenda do BNG. E hoxe presentamos esta iniciativa, que ten dúas partes: por un lado, demandar da Xunta de Galiza unha partida destinada a un aumento de 100 euros ao mes para este complemento en Galiza. Cen euros ao mes para atender estas necesidades básicas consideramos que non é un luxo asiático, e facemos esta proposta porque entendemos que é unha necesidade. Facémolo tamén porque en Galiza se deixaron de pagar, no ano 2017, 1.258 pensións de invalidez...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...—remato, presidente— e 1.606 pensións de xubilacións, e estase facendo unha marcaxe férrea de control destas pensións. En vez de facer un control realmente da fraude fiscal, estase facendo un control destas persoas que están aí, moi por debaixo do limiar da pobreza.

E unha segunda parte é a iniciativa de demandar do Goberno español que faga o esforzo de aumentar estas pensións ata o salario mínimo interprofesional.

O señor Tellado clamaba onte e pedía facer iniciativas que se puideran aplicar no inmediato, e non esperar a dentro de dous anos. Esta iniciativa pode aplicarse no inmediato; apróbase hoxe e a Xunta pode aplicala de inmediato. Co cal, eu agardo o voto favorable dos grupos desta Cámara.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Trinta e cinco días e 2 botes de crema despois, por fin a señora Cifuentes renuncia a algo que si que tiña, que era a presidencia da comunidade autónoma. *(Aplausos.)* Esperemos que agora se convoque ese pleno tan necesario que están esperando os nosos compañeiros e compañeiras da Comunidade de Madrid e que hoxe, que é 25 de abril, que é unha data sinalada, haxa tamén unha revolución de dignidade nas institucións desta comunidade autónoma, que é tan necesaria.

Imos falar das pensións non contributivas. Xa se fixo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: As cremas relaxantes son moi boas para calmar a tensión. *(Risos.)*

As pensións non contributivas xa se dixo aquí que teñen cara de muller; as que as reciben son 3 de cada 4, *(Murmurios.)* e para que non haxa nostalxias do franquismo, como pasou onte, quero sinalar, antes de nada, que foi un goberno socialista do presidente Felipe González quen as puxo en marcha. Dígoo porque despois veñen as nostalxias do franquismo dos anos sesenta, cuns datos que non son certos. *(Aplausos.)*

Ben, son unhas pensións non contributivas que se xestionan pola Xunta de Galicia e que se financian a cargo do Imserso. Datos oficiais do Ministerio de Sanidade, informe de seguimento dos anos 2011 ao 2017, índice de cobertura entre as presentadas e as resoltas: o máis baixo de toda España. Estanse alongando os prazos e incrementando as listas de espera: media de resolución en Galicia, 135 días, 68 días por encima da media estatal, e, por poñer un exemplo dunha comunidade autónoma, en Castela-A Mancha a media é de tres veces menos, de 48 días.

O certo é que ao Partido Popular sempre se lle atragantaron eses complementos ás pensións non contributivas. A primeira comunidade autónoma en poñelas en marcha foi Andalucía. Intentouno facer cun decreto do ano 1998 o señor Aznar —daquela no Goberno de España—, e recorreu ao Constitucional ao ano seguinte, algo que non conseguiron, posto que foi desestimado no 2002. Non contento con iso, seguiron insistindo. Fixeron unha modificación no 2003 da Lei xeral da Seguridade Social para impedir ás comunidades autónomas complementar esas pensións. E tivemos que chegar nós, os socialistas, no ano 2005, ao Goberno para volver modificar esa lei.

Hoxe en día estes complementos existen, ademais, en Extremadura, en Cataluña e existen en Galicia. Existen en Galicia por esa reforma do señor Zapatero do ano 2005 e porque houbo un goberno bipartito, xunto co BNG, presidido polo señor Touriño, que as puxo en marcha en Galicia. Existen por iso.

Daquela destinábanse 10 millóns de euros, e a hemeroteca a verdade é que sempre lle trae ao Partido Popular malas pasadas, porque daquela o señor Feijóo na oposición dicía: «Non chega nin tan sequera para compensar a suba do pan e do leite». Nove anos despois invís-

tense 1,8 millóns de euros menos. O certo é que vostedes mantiveron estes complementos porque non lle quedou máis remedio que tragar con eles. A propia señora Mato, como xa se comentou aquí, a precandidata do Partido Popular na Coruña, tivo a tentación de eliminalas. Iso si, retalladas están, porque se no 2016 se investían 9,5 millóns de euros, agora, dende o 2017, 8,2.

Antes de que a deputada do Partido Popular me poña nota polas emendas que nunca aceptan de política social, quero lembrarlle que nós presentamos unha emenda ao respecto que foi rexeitada.

Imos apoiar esta iniciativa, señora Prado Cores, pero introducimos unha emenda, para que este incremento das pensións non contributivas —que si que cremos que ten que chegar ao salario mínimo interprofesional— se faga de maneira paulatina, porque ademais de acabar con estas pensións de miseria que están recibindo —repito, na súa maior parte, as mulleres—, o que nos preocupa tamén é a propia sustentabilidade do sistema.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Efectivamente, a realidade das pensións galegas, de todas, contributivas ou non, é unha realidade de miseria; é a realidade de Luisa, de Marina e de tantas outras mulleres, porque, desgraciadamente, a precariedade ten nome de muller. E, cos últimos datos, vendo os datos sobre a pensión media no Estado español, vemos que a pensión galega continúa un 15,4 % por baixo da media estatal. Seguimos tendo as segundas pensións máis baixas do Estado —as contributivas—, e Lugo e Ourense, como sempre, marcando récords de precariedade.

Deste xeito, somos a comunidade autónoma con máis porcentaxe de pensións por baixo do salario mínimo interprofesional, un 56 %, e no caso das mulleres, chega ao 81 %. Así pois, falar de pensións é falar de pobreza; falar de elevar no que sexa as pensións, a contía das pensións, é falar de actuar contra a pobreza. Xa o dixo a propoñente na súa iniciativa, as causas desta situación son a conxunción de baixos salarios, a precariedade laboral, o gran peso do réxime contributivo agrario ou o envellecemento da sociedade galega. Chegan a esta situación tanto as pensións contributivas como a realidade das pensións non contributivas, porque, como tamén explicou ela mesma, está tamén detrás a precariedade laboral e están tamén detrás xornadas discriminatorias para as mulleres, como pode ser aquel tipo de xornada laboral parcial e vertical, que afecta sobre todo as mulleres e que En Marea no Congreso pediu que non foran discriminadas no cómputo do paro.

Pero vaíamos ás pensións non contributivas. Xa foi exposto aquí. Tanto as de invalidez como as de xubilación son absolutamente míseras; é unha pensión absolutamente insuficiente para vivir, e os complementos que poida haber non chegan, non chegan para solucionar esta situación.

Polo tanto, é absolutamente urxente, no que ten que ver coas competencias da Xunta de Galicia, elevar no que se poida a contía dos ingresos que perciben estas persoas, por unha cuestión de ética e de dignidade, que implica non permitir que ninguén teña unha prestación insuficiente para vivir.

Nós repetímolos moitas veces porque é moi relevante: un terzo dos fogares do noso país teñen como principal ingreso unha pensión; co cal, máis que noutros países, actuar, como dicimos, elevando a contía do que ingresan as persoas pensionistas é actuar directamente contra a pobreza, e o feito de que as pensionistas mulleres sexan as máis precarias —tamén no caso das pensións non contributivas, como xa foi exposto, dous terzos das persoas que as perciben son mulleres— implica tamén actuar contra a intolerable feminización da pobreza no noso país.

Así pois, a precariedade das pensións determina, como digo, a precariedade dun terzo dos fogares galegos, lastra a demanda interna, porque hai que ter en conta que o gasto das persoas pensionistas supón un cuarto do consumo dos fogares, e, ademais de polarizar cada vez máis a sociedade, inhibe a creación de emprego; co cal, seguimos nesa roda infernal da precariedade.

O fondo extraordinario de perceptores de subsidios e pensións non contributivas, como xa foi dito, foi reducindo o seu xa exíguo orzamento, como nos trasladou o conselleiro de Política Social, porque hai menos persoas prestatarias, pero, claro, nunca se lle ocorreu intentar subir ese fondo.

E aumentar as pensións é unha necesidade, igual que vimos no debate xeral sobre as pensións. Aumentar as pensións é unha necesidade, e tamén é unha necesidade aumentar os ingresos das persoas que perciben estas exiguas prestacións non contributivas; é unha obriga moral, como dicimos.

Un aumento como o proposto, 1.000 euros anuais por persoa prestataria non deixa de ser a nivel macro, a nivel de orzamentos da Xunta, unha migalla. ¿Que sucede a nivel micro? Que un aumento de 83 euros ao mes para unha persoa que ten tan exiguos ingresos supón a diferenza entre nutrirse axeitadamente ou non. Está sucedendo iso no noso país. Onte debatíamos sobre a necesidade de consumirmos produtos galegos, pero olvídasenos unha variable do debate. Nós, co salario de deputados e deputadas, podémolo facer, pero hai moita xente que non pode permitirse comprar produtos de calidade e ten que ir ao barato e tamén á falta de calidade. Hai moita xente que, por certo, non pode permitirse nunca, ningún mes, comprar unha crema, que non sei canto custan as que a señora Cifuentes meteu no bolso. (*Murmurios.*)

Así, dende En Marea —esa é a realidade, hai xente que non pode permitirse comprar ningún tipo de cuestión que vaia máis alá do básico—, presentamos unha emenda de engádegas que ten que ver coa necesidade de coñecer a fondo a realidade da pobreza no noso país. A Xunta ten un estudo feito en 2014 sobre a pobreza en Galiza que non publica integramente; non actualiza os estudos. Nós pedímosllo, e parecía disposta a aceptar o ano pasado publicalo, e non o publica. E para nós —xa que a crise aumentou a desigualdade en Galiza— é fundamental que coñezamos a realidade exacta, o máis exacta posible, a realidade social, o pano-

rama social do noso país, para poder complementar os ingresos daquelas persoas que o precisen, non só das que perciben pensións non contributivas, senón de todas aquelas persoas que estean por debaixo dun 60 % do salario medio. E sabendo que nin sequera isto vai resolver o problema, decidimos engadir esta emenda porque é fundamental coñecer a realidade social, facer un estudo social.

Por suposto, apoiaremos igual a iniciativa, aínda que non se tome en consideración. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Antes de darlle a palabra á representante do Grupo Parlamentario Popular, saudamos os alumnos do colexio plurilingüe Rosalía de Castro, de Carril, en Vilagarcía de Arousa. Benvidos ao Parlamento.

Ten a palabra agora a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Quero saudar tamén os nenos e as nenas do meu concello, de Vilagarcía, de Carril.

En relación con esta cuestión, xa estamos acostumbrados á frivolidade dalgunha deputada, porque, cando estamos falando das pensións non contributivas e das persoas que menos recursos teñen, pois sempre recorren a esa frivolidade. A min gustárame que me respondera —cando poida, pode ser despois deste debate— se vostede, para reclamar esa dignidade, ten que ir a Madrid. Porque nós pensamos que vostede tamén pode reclamar a dignidade nesta Cámara en relación cunha compañeira súa que utilizou a condición de deputada. Vostede aínda non dixo publicamente o que opinaba sobre o que aconteceu. *(Aplausos.)* Polo tanto, pode aforrar a viaxe, e en vez de ir a Madrid, pode vostede dicir publicamente que lle parece esta cuestión da súa compañeira. Ou tamén, se é tan revolucionaria da dignidade, díganos que acontece cos ERE en Andalucía, porque parece ser que aquí só se pode falar de cuestións que non teñen absolutamente nada que ver co que se debate. *(Aplausos.)* Parece ser, pero, claro... *(Murmurios.) (Aplausos.)*

Hai frases que, por desgraza, están de actualidade como: «*no sabe usted quien soy yo*», ou incluso: «*trátala bien, que es de las nuestras*» *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, que, dende logo, nós opinamos que non son de recibo nun deputado ou nunha deputada desta Cámara parlamentaria. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

Señorías, en España perciben unha pensión non contributiva 450.000 persoas. Desas, 50.000 son galegos e galegas. E o importe das pensións non contributivas establécese en función da renda persoal ou da renda da unidade de convivencia, dende a mínima do 25 % ata a íntegra, e incluso ata a de invalidez, cun complemento do 50 %, que pode chegar ata os 7.767 euros. O Goberno anunciou —porque vostedes o saben, porque len os medios de comunicación, e ademais debateuse nesta Cámara durante toda a sesión plenaria— que as pensións non contributivas subirán un 3 % nos orzamentos xerais do Estado para o 2018. Polo tanto, nós pensamos que se vostedes están realmente preocupados polas pensións non contribu-

tivas, apoien os orzamentos do Estado para subir as pensións non contributivas a 40.000 persoas que viven en Galicia e que perciben esta pensión non contributiva. *(Aplausos.)*

Porque, miren, apoiar os orzamentos do Estado é apoiar esas 40.000 persoas que viven en Galicia e que perciben a pensión non contributiva. E apoiar os orzamentos do Estado é apoiar ese medio millón de galegos aos que lles van subir as pensións. Ademais, eses 40.000 galegos que cobran unha pensión non contributiva do Estado perciben de Galicia un complemento de 206 euros. Para facer fronte ao pago dese complemento a Xunta de Galicia dispón de 8,2 millóns de euros. E, ademais, Galicia paga a todos os perceptores dunha pensión non contributiva; paga de oficio, sen necesidade de presentar ningunha solicitude, polo que nos aseguramos chegar a todos os beneficiarios. ¿E por que aclaro isto? Porque non todas as comunidades que pagan o complemento das pensións non contributivas o fan desta maneira. Só catro comunidades, ademais de Galicia, pagan este complemento anual; e outras catro non pagan o complemento a todos os perceptores dunha pensión non contributiva, só pagan a aquelas persoas que cumpren uns determinados requisitos. Por certo, hai unha comunidade que ten establecido o pago do complemento da pensión non contributiva e non o está a pagar, que é a Comunidade de Castela-A Mancha.

Dende logo, nós fixemos cálculos sobre a súa proposta. O que queren é incrementar o complemento das pensións non contributivas en 100 euros mensuais. Se facemos cálculos, a súa proposta suporía incrementar o presuposto para pagar ese complemento en 48 millóns de euros. E nós preguntámonos, xa que vostedes coñecen os orzamentos da Consellería de Política Social, ¿que partida queren minorar? ¿Queren minorar a partida da Risga? ¿Queren minorar a partida da dependencia? ¿Queren minorar a partida do servizo de axuda no fogar, dos centros de día, das residencias...? Porque vostedes presentaron emendas para incrementar todas e cada unha destas partidas. E agora presentan unha iniciativa para incrementar en 48 millóns de euros o complemento das pensións non contributivas.

Incrementar as pensións non contributivas ata a contía equivalente ao salario mínimo interprofesional, como vostedes propoñen, é incrementar en 2.300 millóns de euros esta partida. Polo tanto, nós consideramos que é mellor que vostedes apoien os presupostos xerais do Estado para subir as pensións a medio millón de galegos, a que presenten unha iniciativa que é totalmente virtual e un brinde ao sol.

Máis nada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Eu, en primeiro lugar, vou posicionarme a respecto das emendas.

Imos aceptar a emenda de En Marea porque nos parece ben que se presente un informe para ter datos reais e ver cal é a situación. E non imos aceptar a emenda do Partido Socialista por

unha razón: de novo cremos que estamos falando de pensións realmente mínimas, paupérrimas, de persoas que están en situación de auténtica vulnerabilidade. Estas son pensións que van con cargo aos orzamentos do Estado, e nos orzamentos do Estado hai partidas máis que superfluas, empezando polas partidas en gasto militar, que neste orzamento aumentan un 7 % e que nos parece que son perfectamente transferibles a pensións de xente que o está pasando realmente mal. Entón, non cremos que iso realmente poña en risco ningunha sustentabilidade. Parécenos que non hai que poñer ningún calendario, que se pode facer xa e que se debe facer xa.

Entón, indo agora ao Partido Popular, mire, esta iniciativa non interpela o Estado, señora Rodríguez, señoras e señores do Partido Popular, interpélaos a vostedes. Interpela o Goberno galego e interpela os deputados e deputadas do Partido Popular, que son quen teñen maioría absoluta neste Parlamento. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, é para o complemento autonómico, para que se faga xa, para que vostedes aumenten esa contía en 100 euros ao mes. Vostedes supoño que non saben o que pode facer algunha xente con 100 euros ao mes, non saben o que é estar nesa situación; claro, non o saben. Entón, esta iniciativa interpélaos a vostedes, se teñen un pouco a decencia de dedicarlle 100 euros ao mes a persoas que cobran 369 euros ao mes. Iso depende de vostedes.

O señor Tellado clamaba onte dicindo: «Non traian aquí iniciativas que son para dentro de dous anos; cousas reais, para facer xa, no inmediato». Esta iniciativa é para facer no inmediato, *(Aplausos.) ¡Vostedes! (Aplausos.) ¡No in-me-dia-to! (Aplausos.) ¡No inmediato!*

Teñen a oportunidade de dicirlles a Luisa e a Marina, que traballaron toda a súa vida e que se teñen que arranxar con 369 euros: 100 euros máis ao mes. Iso é o que pide a iniciativa do BNG. Que, por certo, se dependera de vostedes, non estarían con este complemento autonómico, non. Os galegos e galegas teñen este complemento porque o puxo o BNG... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)* Vostedes non tiveron a valentía de quitalo porque se montou un follón, porque estabamos xa empezando a crise e era moi escandaloso quitalo. Se non, vostedes non terían esa valentía, non a terían.

Vostedes ao que non se atreven... Estamos falando de que as pensións non son un problema de recursos, son un problema de redistribución. Vostedes seguen actuando e legislando para que os que máis teñen sigan tendo máis e non teñen a valentía de aprobar unha iniciativa que o único que pide é que os que case non teñen nada teñan un pouquiño. Porque esta iniciativa o único que di é que os que case non teñen nada teñan un pouquiño máis: 100 euros ao mes. ¡Fíxense vostedes do que estamos falando! E o Partido Popular non ten a decencia de votar a favor dunha iniciativa que significa 100 euros ao mes para os que case nada teñen.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para solicitar do Goberno central a modificación das bases das convocatorias dos organismos autónomos adscritos ao Sistema

nacional de saúde para garantir a inclusión de cláusulas de non-discriminación polo exercicio de dereitos laborais por razón de maternidade e a revisión de procedementos administrativos firmes e non firmes onde se puidese ter dado unha situación de discriminación

O señor PRESIDENTE: É así de longo e tíveno que ler así.

Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días, señorías.

Moitas grazas, señor presidente.

Ás veces os títulos son así de longos porque a realidade explicada é longa tamén. Pódese reducir a un titular, iso si, ao titular do exercicio efectivo da igualdade.

E hoxe, que conmemoramos o 25 de abril, a Revolución dos Cravos, a revolución portuguesa, a revolución da fraternidade, onde o seu himno rezaba que en cada rostro debiamos de ver igualdade e onde o pobo era quen máis ordenaba, cremos que é unha data moi propicia para tratar, precisamente, o tema que traemos hoxe, o principio de igualdade; o principio de igualdade que o noso propio ordenamento xurídico recolle, o principio de igualdade formal de todas e de todos ante a lei, no artigo 14 da Constitución, cando se di que todas as persoas somos iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, opinión ou calquera outra consideración persoal ou social. Algo que, ante a notoria insatisfacción que produce o feito de que non é a realidade que temos hoxe en día, ten un trasunto de igualdade material no artigo 9.2 da Constitución, e que o artigo 4.2 do Estatuto de autonomía de Galicia recolle tamén dicindo que lles corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas. Correspóndelles tamén aos poderes públicos de Galicia remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude. E ademais corresponde tamén aos poderes públicos de Galicia facilitar a participación de todas as galegas e galegos na vida política, económica, cultural e social.

Pois ben, disto vimos falar como consecuencia tamén dun reclamo democrático expresado non soamente no ordenamento xurídico senón tamén incluso na rúa, e aínda lembramos recentemente a mobilización do día 8 de marzo.

Vimos traer hoxe aquí unha proposición que trata de acabar cunha discriminación inxustificada e, polo tanto, tamén inxusta e arbitraria, onde se penaliza as mulleres polo simple feito de selo e por exercer os dereitos relacionados coa súa propia condición de muller e co exercicio pleno dos seus dereitos, neste caso relacionados coa maternidade. O contexto é de sobra coñecido porque tivo gran predicamento e ten gran predicamento nos medios de comunicación pola fragancia da súa vulneración. E o contexto é no inmediato unha situación que sucede en relación co Instituto de Saúde Carlos III, organismo dependente do Ministerio de Ciencia e Innovación, que incorporou nun programa os investigadores e investigadoras a

tempo completo no Instituto Nacional de Saúde mediante un programa de acción estratéxica de saúde que tivo lugar desde o ano 2012 ata a actualidade e que buscou non soamente formar as mellores e os mellores profesionais senón incluso traer e atraer talento do estranxeiro para traballaren no Sistema nacional de saúde e tamén no Sistema autonómico de saúde. ¿Con que obxectivos? Explícase perfectamente: o de xeración de bases científicas necesarias para sustentar as políticas e tomar decisións no Sistema nacional de saúde, baseado nas estratexias con demostrada evidencia científica, efectivas e eficientes, de promoción da saúde, prevención, diagnóstico e tratamento das enfermidades e rehabilitación.

¿Como se executa esta acción estratéxica de saúde? Pois mediante un sistema de subvencións, de transferencia económica, para os distintos departamentos e institutos de investigación e con relación ás persoas que o exercitan, mediante un sistema de bolsas denominadas Miguel Servet I e Miguel Servet II, que desde o ano 2013 teñen un carácter correlativo, de tal maneira que non se pode acceder á segunda sen ter pasado previamente pola primeira e tamén polos principios que inspiran unha e outra. Deste sistema participa actualmente o Sergas, o Servizo Galego de Saúde, que no ano 2017 solicitou a obtención dos contratos Miguel Servet II convocados para o efecto.

A configuración das bolsas Miguel Servet I e II foi realizada de tal xeito que no segundo dos programas se sinalan unha serie de períodos de interrupción do período de investigación contemplados inicialmente no programa primeiro e que foron obviados, non obstante, no programa segundo; períodos de interrupción do período de investigación entre os que se encontran —e, polo tanto, non se encontran, porque non foron incorporados— determinadas interrupcións dos períodos de investigación polo exercicio de dereitos laborais asociados ao exercicio da maternidade. A consecuencia disto é que as investigadoras que obteñen esta contratación ao abeiro destes programas non poden quedar embarazadas nin formar familia, nin acompañadas nin soas.

Hai un esforzo persoal, familiar, de acompañamento que é tan alto que non se pode permitir a compatibilización da investigación ao máis alto nivel baseado na experiencia académica e investigadora e nos desexos de ser nai, nunha etapa de devalo demográfico de Galicia na que tanta falta fai o incremento das taxas de natalidade e as políticas da Xunta para favorecer a mesma. Estamos falando dun contexto de alta competitividade en que as persoas investigadoras deben de render a tempo completo e dunha forma absolutamente intensiva.

Na busca desta excelencia, ocorre que se relega, tal e como se configuran as bolsas de investigación, a un segundo plano a opción de formar ou de ter unha familia e de incorporar novos membros a ela mediante o parto ou a adopción, xa que non hai forma de conciliar a excelencia continua cos cuidados que exixen as crianzas. Non existe, pois, con estas bolsas a opción de conciliación nas bolsas de investigación; é dicir, é unha carreira de fondo onde se compite sen período de descanso como consecuencia do exercicio dos dereitos laborais.

¿En que se traduce isto na realidade no día de hoxe? Pois en que na práctica unha baixa por maternidade computa como tempo de investigación ou curricular baleiro de contido, porque o tempo segue correndo, a pesar de que a nai estea de baixa por maternidade, de tal maneira que lle vai ser computado como tempo de investigación cero, é dicir, coma se

non estivese producindo. Desta forma, a muller que fai uso dun dereito recoñecido estatutariamente no Estatuto dos traballadores e mais no Estatuto básico do emprego público é penalizada na súa carreira profesional, porque o período de avaliación investigador, que son períodos de cinco anos, é o mesmo para os aspirantes varóns ou para as mulleres que non tiveron baixa ningunha por razón de maternidade, cando o razoable sería —e esta é a proposta de solución— que o período de avaliación fose sobre o tempo efectivamente en activo, cun rateo proporcional ao tempo traballado ou fórmula semellante que non penalice a muller que exercita responsablemente a súa maternidade cos dereitos laboralmente recoñecidos.

No 2018 asistimos á vulneración dos dereitos das mulleres nun campo concreto, penalizadas polo feito de seren nais, en concreto no proceso de avaliación das bolsas Miguel Servet II, onde non se tivo en conta a carencia de produción científica. Hai un caso dunha aspirante que é ben coñecido, o de María de la Fuente Freire, durante as súas baixas por maternidade, pero que é extensivo a todas as mulleres que se encontran na mesma situación. Estamos falando en casos, coma este, das mellores científicas que ten o noso país, non só no ámbito galego ou no ámbito estatal senón de recoñecido prestixio no ámbito europeo. Falamos aquí das mulleres investigadoras en nanooncoloxía e que realizan unha función fundamental para mellorar o noso conxunto como cidadanía da nosa saúde.

Todo isto, esta imposibilidade de terse en conta a súa baixa por maternidade, deu lugar a que, na práctica, situacións como o caso de María de la Fuente supuxo dispoñer dun 20 % menos de tempo que o resto das concorrentes ás bolsas por esta razón, o que evidentemente repercutiu de forma negativa e de forma relevante na puntuación final obtida no período avaliado. Isto é importante. Foi relevante ese 20 % do tempo que non foi utilizado ou que foi computado como de investigación cero.

O día 8 de marzo, apenas quince días antes de presentarse esta iniciativa, tivo lugar non soamente en Galicia, senón no conxunto do Estado e a nivel internacional, unha mobilización de carácter histórico onde mulleres e homes saímos á rúa para clamar pola igualdade das mulleres, para clamar entre outras cousas pola ruptura dun teito de cristal que se produce aínda a día de hoxe, onde normas que formalmente son válidas e benefician por igual mulleres e homes dan lugar a que, en realidade, se produzan discriminacións. Non digamos xa situacións coma esta, onde se establece unha discriminación flagrante entre quen exerce os dereitos derivados da maternidade e quen non os exerce.

Partidos políticos de todo signo neste momento dixeron tomar nota desa mobilización nas rúas, que era un reclamo democrático unánime. Agora ben, tomar nota non significa actuar, como puidemos ver apenas pasados dous meses desta mobilización. Dicimos isto porque o propio Instituto de Saúde Carlos III dixo tomar nota da situación de discriminación que se producía con relación a esta investigadora e ao resto das investigadoras que estaban dentro do seu seo. Non obstante, a realidade foi que, cando saíron as seguintes resolucións, xa tamén posteriores ao rexistro desta iniciativa, cando foron notificadas, do 12 de marzo de 2018, se mantiveron os mesmos criterios e cláusulas que as que existían ata este momento, de tal maneira que se seguía e se segue penalizando as mulleres polo simple feito de seren nais e de exercer os seus dereitos laborais.

Logo, cómpre preguntármonos, despois das mobilizacións, despois de dicir tomar nota, logo de saíren á escena pública casos de discriminacións flagrantes e directas coma este, se realmente estamos tomando nota do que debe ser a igualdade ou realmente non temos interese en facelo, nin para o futuro nesas resolucións, nin no caso presente que traemos tamén aquí como exemplo, porque non se recoñeceu tampouco nese proceso competitivo en curso que se producira esa discriminación en termos xurídicos, de tal maneira que o recurso de reposición que presentou a propia investigadora con relación a esta situación foi rexeitado por entender, en síntese —dicía o fundamento xurídico terceiro da resolución—, que non se lle vulneraba ningún dereito derivado do principio de igualdade e de non discriminación. Está a resolución para ler.

Vemos neste caso como a mesma Administración, que recoñecía mediaticamente que de cara ao futuro se habían de modificar as condicións para evitar esta discriminación, é a mesma que na vía administrativa denega os dereitos e, ademais, nas resolucións posteriores segue mantendo a situación de discriminación.

E é por iso —e vou rematando xa— polo que o Grupo Parlamentario de En Marea somete á consideración da Cámara tres puntos, que son complementarios plenamente. O primeiro deles é instar aos organismos autónomos adscritos ao Sistema nacional de saúde a efectuar, tanto en concursos públicos como en bases de contratación e bolsas de investigación, a modificación suficiente para introducir cláusulas de non discriminación polo exercicio de dereitos laborais derivados da condición ou do exercicio da razón de maternidade, de igual forma que xa se produce hoxe en día no espazo científico europeo, por certo, derivado tamén das propias directivas europeas.

En segundo lugar —o segundo de tres—, que a propia Administración, recoñecendo esta situación de discriminación, comece de oficio a revisión dos procedementos firmes que deron lugar a situacións discriminatorias. Isto é algo que a Administración pode facer de oficio, encóntrase regulado na Lei de procedemento administrativo, e significa, na práctica, que, recoñecendo que existe a vulneración dun dereito fundamental como é o dereito á igualdade, se inicie un proceso de revisión de oficio para evitar que a situación de inxustiza e de vulneración de dereitos fundamentais continúe perpetuada na resolución administrativa da propia Administración.

—Remato xa—.

A terceira situación que pedimos no terceiro punto é que a propia Administración tome conciencia en relación con aquelas situacións administrativas non firmes ou que están xudicializadas neste momento, que recoñeza a situación de discriminación e, polo tanto, recoñeza as pretensións, sexa na vía administrativa, sexa na vía xudicial, e, polo tanto, poña fin a unha discriminación que no ano 2018 nunca se debería ter producido.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VILLARES NAVEIRA: E non é o caso de María de la Fuente, é o caso de todas as mulleres, é o caso de todos os homes que queremos vivir nunha situación de igualdade en plena democracia no século XXI.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Villares.

Saudamos agora os alumnos de 1º e 2º de ESO do Centro San Mamede, de Maceda, en Ourense. Benvidos ao Parlamento. Temos ourensáns hoxe entre nós. Iso sempre é unha cousa positiva. (*Murmurios.*) ¡Home, claro! Iso é moi interesante, por suposto.

Ten agora a palabra a representante do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ben, eu non vou ser menos que o señor Santalices: saudar tamén os meus case veciños e veciñas de Maceda.

Centrándonos na cuestión da iniciativa que presenta hoxe En Marea, vaia por diante o apoio do Bloque Nacionalista Galego, pero, como cuestión previa, gustaríame trasladar unha cuestión en nome do Bloque Nacionalista Galego e tamén en nome meu particular como muller, por se nalgún momento María de la Fuente ve esta comparecencia ou nos está escoitando agora mesmo. Eu quero trasladarlle, en primeiro lugar, as grazas, as grazas por ter a valentía de saír publicamente, de remover ceo e terra para denunciar unha discriminación á que ela lle está poñendo cara, pero que nós estamos convencidas de que contribuirá a que moitas máis mulleres na ciencia, na investigación e en moitos máis ámbitos dean pasos adiante. (*Aplausos.*)

E porque estou convencida, pese a que ela é unha muller de éxito, unha investigadora, unha persoa profesional, recoñecida, empoderada, pese a todo iso, de que tivo dúbidas, estou convencida de que sentiu permanentemente esa mirada que sentimos todas as mulleres cando denunciemos unha discriminación, como se estiveramos pedindo a lúa ou que nos fixeran algún tipo de favor, por iso estou convencida de que, aínda pertencer a un ámbito que a priori todos e todas podemos pensar que é moito máis doado denunciar unha discriminación, en absoluto foi fácil tomar esa decisión.

Hoxe esta discriminación polo feito de ser nai pon cara —como digo— a moitos máis casos, porque hai que poñer por diante que a cuestión que hoxe debatemos non é unha excepción, senón que hai moitos máis casos. De non ser así, non teríamos os datos que temos en canto a teito de cristal e fenda de xénero. Concretamente, no relativo á carreira docente como investigadora, téñense realizado numerosos estudos que sinalan a existencia, as causas e o alcance profundo desta discriminación. É o que temos denominado, o que teñen denominado expertos e expertas «efecto tesoira», segundo o que, progresivamente, a medida que avanza a carreira investigadora desde o acceso á universidade, aos estudos superiores, até postos de relevancia como o caso de María de la Fuente, vaise reducindo progresivamente a presenza das mulleres.

Neste sentido, e tamén unha cuestión que ten centrado importantes estudos a nivel non só galego, senón tamén internacional, como unha referencia neste ámbito como é o Informe ETAN, que introduce, ademais, propostas que o Goberno galego ou o Goberno da Xunta de

Galiza poderían aplicar se tiveran interese en realmente facelo, en realmente favorecer que as mulleres poidamos acceder á esfera científica en pé de igualdade cos homes. Pero xa vimos tamén recentemente en debates nesta Cámara como non hai demasiado interese. Para mostra un botón: ese programa galego Muller e Ciencia, condenado ao absoluto ostracismo e parálise por parte do Partido Popular, unicamente por sectarismo político e por deixadez de funcións.

Desde o BNG insistimos, unha vez máis —e este exemplo que vén hoxe á Cámara dá boa conta diso—, en que temos que dar pasos adiante e pasar dese marco legal que está recollido na teoría, no ordenamento xurídico, ao que tamén facía referencia o señor Villares, e avaliar ata que punto se está cumprindo, ata que punto ten furados e ata que punto desde as administracións públicas se está facendo un esforzo suficiente por que iso estea corrixido, porque é obvio que a día de hoxe este marco non ten eficiencia plena e que persisten discriminacións en todos os ámbitos da vida social, cultural, laboral, económica e singularmente neste ámbito da investigación.

Non me vou deter na concreción do caso, que o señor Villares xa relatou con profundidade, pero si quixera facer algunha reflexión, a raíz dese detalle precisamente. Podemos ver na evolución deste caso como mesmo os propios mecanismos de denuncia foron insuficientes, os propios mecanismos de corrección foron insuficiente, e, incluso, a vontade destes organismos tamén se demostrou como insuficiente e accesorio, e só no momento de coller isto un pulso mediático se comezaron a mover os marcos. Iso debera facernos reflexionar tamén como sociedade.

Tamén quería engadir outra cuestión á reflexión, non só desde o punto de vista dos dereitos desta muller en concreto ou de calquera outra na súa situación, senón tamén esa reflexión que ás veces esquecemos de que este tipo de desigualdade ten consecuencias negativas para todos e todas nós, que temos un mundo peor cunha sociedade máis desigual, porque, á hora de vetar a participación en pé de igualdade a esta muller, estamos vetando o acceso a unha posición de investigación forte dunha investigadora con moito potencial. E niso perdemos todas as persoas que nalgún momento nos poderíamos beneficiar dos resultados desa investigación, neste caso concreto, de algo tan sensible como a oncoloxía.

E, por último, unha última reflexión. Estamos a falar dun caso —dicíao no comezo da miña intervención—, dun ámbito que podería ser de elite, no seu sentido literal —enténdaseme ben—. Estamos a falar dunha investigación, estamos a falar de organismos vinculados aos poderes públicos, dun espazo no que a priori debería ser máis doado que non estivesen presentes este tipo de discriminacións, e, aínda así, vemos que con estas bolsas nun ámbito de excelencia temos esta situación. Polo tanto, preguntémonos por un momento, se isto é así nestes ámbitos nos que, teoricamente...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...a igualdade é unha norma, canto máis quedará por avaliar, por profundar e por pescudar en todos os demais ámbitos, tamén no propio ensino, tamén nas propias universidades, pero tamén noutros moito máis opacos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e con moitas menos miradas postas neles como é tamén o laboral, o social e demais.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

A verdade é que esta iniciativa que hoxe trae aquí o Grupo Parlamentario de En Marea coincide plenamente co sentir do Partido Socialista, e faino precisamente porque evidencia unha das consecuencias que para moitas mulleres supón o feito de ser nais, unha decisión que parece conlevar sempre unha renuncia: a de poder optar a ter unha carreira profesional, como moitos homes ou como aquelas mulleres que non optan pola maternidade.

Pero nós cremos firmemente que a escolla, en todo caso, non pode ser nin un premio nin tampouco unha penalización ou traba que impida acadar as mesmas cotas de responsabilidade, excelencia, nivel económico, en definitiva, de igualdade de oportunidades no eido laboral.

Pero tamén hoxe, desde o noso grupo, queremos evidenciar un matiz que consideramos importante aportar. A iniciativa fala de mulleres e das súas dificultades para acadar a igualdade de trato, pero este problema, nunha sociedade totalmente e idealmente igualitaria, tería que falar de homes tanto como de mulleres, tería que ter en conta a paternidade dos homes, con ese disfrute intransferible e no mesmo tempo que as mulleres, en definitiva, facendo uso da pretendida e ansiada corresponsabilidade. Entón, si, entón a única discriminación a corrixir en casos como os que hoxe se ten exposto aquí sería a daqueles que deciden ser pais e nais e aqueles e aquelas que deciden non desfrutar desa condición.

En todo caso, a realidade de hoxe é que este problema afecta principalmente as mulleres. E o caso de María de la Fuente é o que ten simbolizado e evidenciado esta discriminación. Por certo, actitude a desta muller que nós tamén desde o Grupo Socialista queremos destacar pola súa valentía e determinación persoal en denunciar esta situación que non só a afecta a ela. (*Aplausos.*)

E reitero que comecei dicindo que esta iniciativa coincide co sentir deste grupo parlamentario, e é así, porque nesta Cámara —e non só nesta lexislatura— hoxe as socialistas temos presentado múltiples iniciativas que buscan dar eses pasos precisos para corrixir moitas destas situacións de discriminación e de falla de oportunidades, de dar cumprimento real á Lei de igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Contribuír, por exemplo, a unha presenza real das mulleres nos consellos de administración das empresas, tanto nas públicas como nas privadas, de máis de 250 traballadores ou tra-

balladoras... —presidente, é complicado falar con este runrún de fondo, é francamente complicado—, que poidan optar con menos impedimentos a postos de dirección e que teñan á fin e ao cabo a representatividade que é tan necesaria para que ese equilibrio que tanto se demanda entre mulleres e homes e esa igualdade que se pretende sexa real e plena.

Pero tamén temos presentado iniciativas tan recentes como aquela na que solicitamos a recuperación da Unidade de Muller e Ciencia, que sería a que tería que apoiar todas as políticas transversais de igualdade e que este goberno deixou de lado. Introducir tamén a perspectiva de xénero nas políticas públicas de I+D+i. Implicar a Xunta e as universidades galegas para realizar conxuntamente unha análise pormenorizada dos métodos de avaliación de todos os contratos e axudas públicas á investigación e á innovación para detectar os que poden prexudicar o desenvolvemento das carreiras científicas femininas, así como ordenar a elaboración de plans de igualdade en todos os centros tecnolóxicos e nos centros e entes públicos relacionados coa investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico que non os teñan; plans de igualdade que tamén temos reclamado para todos os organismos dependentes da Xunta de Galicia e que é o primeiro organismo que está a incumprir a Lei de igualdade.

E, con todo isto, sempre a maternidade como ese elemento común que actúa como traba principal para o avance social e laboral das mulleres e neste caso no que a propia dirección de relacións institucionais do Instituto de Salud Carlos III ten recoñecida esa discriminación pola que se viron afectadas investigadoras como o caso da aspirante á bolsa Servet II María de la Fuente.

Reiteramos a nosa posición de total apoio á iniciativa presentada, e vemos acaído que non só se corrixan as cláusulas discriminatorias futuras senón que cremos que o verdadeiro compromiso coa igualdade é solicitar precisamente que se subsane a discriminación xerada nos procesos anteriores, máis aínda cando a Lei de igualdade de trato entre mulleres e homes existe precisamente para que en todo caso se vele polo seu cumprimento, non precisamente para, simplemente, constatar que se ten errado pero sen reparar o dano. Evitar erros futuros é positivo, pero responder ante os acontecidos é igualmente —se non máis— importante.

En todo caso, insistimos en que as políticas de igualdade entendemos que son necesarias, en todo caso, para toda a carreira investigadora como procesos de consolidación ou excelencia.

E xa para rematar, reflexione este goberno sobre o importante de apoiar a maternidade pero tamén a paternidade, que a día de hoxe hai homes —poucos, pero hainos— que queren disfrutar e implicarse no coidado dos recién nados e a única opción que teñen son excedencias non remuneradas nos seus traballos, algo que contradí a demanda social que logo se lles fai cando realmente non se está a facilitar o exercicio da súa corresponsabilidade.

Pola nosa banda, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Desculpe, pero neste caso a culpa foi miña, porque estaba tratando de comunicar unha incidencia. Sei que posiblemente a puido molestar no discurso. Pídlle desculpas.

Ten a palabra a representante do Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Teño que darlles a benvida, a benvida ao apoio á maternidade. Aínda lembro no ano 2010, nun debate nesta Cámara, na aprobación da Lei de apoio á maternidade, que contou só co voto positivo do Grupo Parlamentario Popular, co voto en contra dos grupos que formaban parte da Cámara naquel momento, Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego. Lembro aínda como me recriminaron unha frase que dixo hoxe o señor Villares. Eu agardaba que as filas do Bloque e do PSOE o recriminaran porque relacionaba a protección da maternidade co incremento da natalidade e coas necesidades do problema demográfico que sofre Galicia.

Señor Villares, recoméndolle que lea aquel *Diario de Sesións* para ver as cousas que me dixeron os seus compañeiros de bancada por dicir unha frase como a que vostede veu dicir aquí hoxe a esta tribuna. (*Aplausos.*) Pero, claro, se o di a esquerda, vale; se o di o Partido Popular, non vale. Benvidos á protección á maternidade.

Escoitei cousas como as que lle vou ler, que dixo o Bloque Nacionalista Galego naquel momento, unha deputada que agora non está, pero que é a deputada máis veterana da Cámara. Dixo que protexer os dereitos das mulleres embarazadas era reproducir os estereotipos da maternidade como un problema das mulleres, das mulleres como seres indefensos que precisan protección, e consideraban a dita protección como un paso atrás na loita do feminismo; mesmo chegaron a afirmar —a señora Pontón— que para os casos nos que unha muller embarazada sexa despedida a solución é que teña que ser readmitida.

Faltaría máis, pero ¿cal é o problema, señorías? O problema é que, efectivamente, temos unha lexislación que defende a igualdade, temos unha lexislación das máis avanzadas de Europa, na que a igualdade legal está totalmente contemplada, dende a nosa Constitución ata toda a lexislación que a desenvolve. ¿Cal é o problema? O problema é a aplicación desa lexislación, a burla a esa lexislación, cando hai baleiros legais nesa cuestión e cando hai empresarios/empresarias, persoas que burlan esa lexislación para non romper o teito de cristal, para vulnerar os dereitos das mulleres, como o caso que acabamos de coñecer.

E por iso, señorías, estamos dando hoxe este debate, porque a lexislación en igualdade por desgraza non se cumpre e porque hoxe falamos dunha muller que foi discriminada polo feito de ser nai, pero, por desgraza, hai moitas outras que tamén o foron e o están sendo. E, por iso, o Grupo Popular o pasado pleno trouxo a debate unha proposición non de lei tamén para defender esas mulleres ás que se lles están vulnerando os seus dereitos.

Nós tamén escoitamos e recibimos a María de la Fuente Freire, escoitamos o seu caso e tamén nos comprometemos a poñer en marcha os mecanismos que sexan precisos para que as mulleres non perdan competitividade nin oportunidades laborais por exercer o seu dereito a ser nais.

E nós, por iso, imos apoiar esta iniciativa, porque, aínda que hoxe as bases das convocatorias xa recollen esa cuestión, o artigo 50, señor Villares, da Resolución do 28 de decembro de 2017 —aínda non se tiña rexistrado o recurso de María de la Fuente e aínda non fora o 8 de marzo—, estas bases xa recollían no seu artigo 50 non só que non se computarán os prazos de maternidade, senón tamén, señora Pierres, de paternidade, e tamén, señorías, as interrupcións por coidado a persoas en situación de dependencia.

Por tanto, efectivamente, estanse producindo avances, pero nós consideramos que non só nos Miguel Servet se deben incluír esas cláusulas; consideramos que esas cláusulas se deben incluír en todas as convocatorias, todas, tampouco só nas das científicas; en todas as convocatorias públicas se deben incorporar medidas que corrixa esa situación. E os prazos non só de maternidade e paternidade, a dependencia fundamental, señora Pierres, porque hai moitas persoas que están coidando non só os seus maiores, senón fillos que teñen enfermidades, enfermidades raras, enfermidades largas, e iso tamén hai que computalo, tamén hai que interromper eses prazos, porque ese tamén é un servizo que moitas mulleres están facendo á sociedade.

Por tanto, nós imos apoiar.

E tamén, señor Villares, nós cremos na separación de poderes, e nos dous puntos, no punto 2 e no punto 3, estase instando a que as administracións fagan de oficio o que a lei xa lles permite. Vostede xa llelo dixo. O Parlamento non lle ten que dicir a unha administración o que ten que facer nun proceso administrativo, pero, como cuestión excepcional e como unha medida de discriminación positiva —imos dicilo así—, por analogía coa discriminación positiva, nós neste caso imos apoiar tamén o punto 2 e o punto 3, pero non porque consideremos que sexa o habitual, porque —insisto— nós cremos na separación de poderes.

Pero, por desgraza, como aínda non temos a garantía total de que a maternidade non siga sendo unha causa de discriminación para as mulleres en moitos ámbitos, no educativo e no laboral sobre todo, e como aínda non vivimos nun país libre de discriminacións, as mulleres non terán a plena liberdade para dicir se queren ser nais ou non ou en que momento, porque non depende só da súa vontade, senón que hai cuestións alleas a esa vontade que a están afectando.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Si, señor presidente.

Hai moitos avances. Decía vostede do 8 de marzo. Antes do 8 de marzo, o Ministerio de Emprego xa estaba negociando cos axentes sociais vinte e catro medidas para evitar a fenda salarial, vinte e catro medidas para comprometer aos empresarios a ter máis obrigas, máis obrigas con plans de igualdade, con auditorías, con multas, incrementando a inspección, medidas para evitar a discriminación por maternidade e paternidade, igualdade retributiva, para saber cales son os traballos de igual valor etc., etc.

Neste ámbito, saben vostedes que eu sempre digo que temos que chegar a consensos. Señor Villares, non hai nada que xustifique que vostedes no pleno pasado non nos deixaran votar

catro puntos dunha iniciativa súa, porque vostede acaba de dicir aquí concretamente que a igualdade real, efectiva...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...non é unha realidade; pois vostedes favorezan este grupo tamén, para que no que coincidimos e no que estamos de acordo cheguemos a acordos, porque só así conseguiremos seguir avanzando e camiñando no camiño da igualdade real. E nós hoxe, co noso voto a favor, seguiremos facendo camiño cara a unha igualdade real e non só legal.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra o autor da proposición non de lei, o señor Villares Naveira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, agradecer a todos os grupos políticos o seu apoio á iniciativa, que non pretendía ser, ademais, unha iniciativa de En Marea, senón unha iniciativa do conxunto da Cámara. Algo que supera, con moito, unha pretensión partidaria para ser unha pretensión de totalidade, como reclamo de totalidade, como reclamo social unánime da efectividade do dereito de igualdade.

Polo tanto, agradecerlles, en primeiro lugar, iso, e en segundo lugar, evidentemente, sumarme ao recoñecemento que fixeron os demais grupos, á valentía concreta que neste caso unha investigadora tivo cando deu un paso adiante para denunciar unha situación onde, evidentemente, tiña moito que gañar pero tamén moito que perder, porque nunca é doado dar pasos adiante denunciando situacións incómodas de final incerto. En todo caso, vaia por diante tamén ese recoñecemento.

Creo que hoxe todas e todos aquí damos un paso importante tamén á hora de romper os teitos de cristal dos que tantas veces falamos. Rachamos con teitos de cristal cando, sobre a aparente neutralidade das normas, vemos realmente cales son os impedimentos para acadar a igualdade real entre mulleres e homes, e esa é a razón pola que, sendo normas teoricamente iguais para todas e para todos, despois son as mulleres as que, na medida en que se avanza na pirámide, tanto no sector privado como no sector público, nos atopamos a máis homes e a menos mulleres. Creo que no ámbito de decidir que tipo de sociedade queremos hoxe, tamén atopamos un encontro para ver que queremos unha sociedade máis igualitaria entre todas e todos nós.

Comparto o matiz feito pola señora Pierres sobre a necesidade de que este discurso sexa plenamente extensivo ao exercicio da paternidade responsable e non soamente ao exercicio da maternidade responsable, un compromiso, polo tanto, coa igualdade, que sexa xa no presente con todas e con todos, non soamente en relación coas mulleres.

Con relación á intervención da deputada popular, o discurso de En Marea con relación á implosión demográfica é ben coñecido, e, polo tanto, o discurso de que a implosión demográfica soamente é reversible mediante albergar esperanza de futuro que permita tamén a corresponsabilidade e que permita o exercicio pleno e libre tanto da paternidade como da maternidade. Polo tanto, aí nos van encontrar sempre, tanto para esta situación como para poder chegar a acordos en materia de reverter a implosión demográfica.

En canto á alusión concreta que fai ao artigo 50 das bases, nós quixemos facer notar o feito de que existía unha diferenciación entre as bolsas Miguel Servet 1 e 2. Sendo a discriminación que se producía fundamentalmente no ámbito Miguel Servet 2, queremos chamar a atención sobre iso e a súa diferenciación do primeiro. En todo caso, sexa unha cousa ou outra, eu creo que o mandato que saía desta Cámara permite no presente e para o futuro solucionar esa situación.

En canto ao tema de separación de poderes, creo que unha das funcións que exercemos como grupos parlamentarios é instar o Goberno a facer cousas. Que se inste o Goberno a facer cousas, tanto sexa o galego como sexa o español, forma parte das funcións desta Cámara en proposicións non lexislativas, polo tanto, non se trata de interferir nos poderes, senón de establecer posicións políticas que permitan tamén dar actuacións que nos parecen coherentes cos valores que aquí defendemos.

Celebro sinceramente que teñamos atopado ese punto de encontro...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...— vou rematando—, e se como cuestión de excepcionalidade apoia os puntos 2 e 3, por esa consideración, que tamén o faga neste punto, e estou seguro, e estamos seguros dende En Marea, de que este exemplo do caso da señora De la Fuente, como no caso das investigadoras, como no caso dos ámbitos públicos, como no caso dos centros privados, será un punto e seguido nunha loita pola igualdade na que todas e todos queremos encontrarnos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Villares.

Pasamos á seguinte iniciativa, pero antes de dar lectura, como levamos media hora de atraso sobre o previsto e temos previsto votar todas as iniciativas antes de comer, pregáralles a todos os deputados e deputadas que tomen en adiante o uso da palabra que se atengan ao tempo que está previsto, porque, se non, imos acabar votando ás catro e pico da tarde.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Rodríguez Arias e oito deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da posta en marcha, en coordinación coas comunidades autónomas e os concellos, da tarxeta social universal

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas, do Grupo dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Noela Blanco Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 28519)

Emenda de modificación.

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactada co seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

1. Demandar a inmediata posta en marcha da tarxeta social de carácter universal, en coordinación coas comunidades autónomas e os concellos no marco das súas competencias, a fin de que os cidadáns e cidadás poidan beneficiarse á maior brevidade das vantaxes inherentes á mesma.

2. A tarxeta social configurarase como instrumento técnico básico de transparencia e coordinación, que permitirá recoller o conxunto da información relevante, co obxectivo de facilitar e axilizar as xestións necesarias.»)

(O G.P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao e a través do seu voceiro Luís Villares Naveira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de substitución a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva pola seguinte:

«Impulsar a Tarxeta social galega, conforme ao artigo 17 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, e garantir a homoxeneidade da prestación de servizos sociais en todo o territorio galego, garantindo o dereito das persoas a ter un centro social e persoal técnico de referencia.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Hoxe traemos a este Parlamento unha iniciativa para que o Goberno do Estado poña en marcha canto antes a tarxeta social universal, para que os cidadáns se poidan beneficiar das súas vantaxes.

É a primeira vez que falamos neste Parlamento da tarxeta social universal, por iso nós queremos explicar en que consiste e para que vai servir exactamente esta tarxeta social. E para

explicar en que consiste esa tarxeta social universal, penso que é acaído falar ou poñer un exemplo de como é a tarxeta sanitaria.

Coa tarxeta sanitaria acreditamos o noso acceso ao sistema público de saúde. Podemos ver no móbil o noso historial médico, solicitar e xestionar as nosas citas médicas, informarnos sobre a nosa medicación. Hoxe en día, tanto a tarxeta sanitaria como a historia clínica electrónica son unha realidade totalmente asentada en Galicia.

Pois ben, coa tarxeta social o que vai acontecer é que se pode acreditar o acceso ao sistema público de servizos sociais. Recollerá a información sobre as prestacións sociais nos distintos niveis de actuación: Administración xeral do Estado, comunidades autónomas, concellos; simplificará os trámites administrativos e se mellorarán os tempos de resposta. Estamos a falar de que as persoas usuarias non terán que aportar unha e outra vez informes ou certificados porque estará todo dentro desta ferramenta. Ademais, permitirá incrementar a coordinación entre as distintas administracións públicas e mellorará o sistema de protección aos cidadáns, que poderán consultar telematicamente os seus datos.

¿Como xurdiu a tarxeta social? Na Conferencia de presidentes autonómicos celebrada en xaneiro do 2017 acordouse o impulso desta tarxeta social universal e a constitución dun grupo de traballo encargado de deseñala e de poñela en marcha.

O grupo de traballo, no que participaron representantes non só da Administración xeral do Estado, senón tamén das comunidades autónomas e da Federación de Municipios e Provincias, anunciou hai pouco tempo que a tarxeta será universal e determinou que servirá como mecanismo de acreditación, simplificando trámites administrativos.

Loxicamente, todo este trámite da tarxeta social levouse a cabo en coordinación coas comunidades autónomas e cos concellos, como no podería ser doutro xeito, porque sen eles non se podería implantar esta ferramenta. Non só participaron no grupo de traballo, senón que o 30 de xaneiro deste ano a Federación Española de Municipios e Provincias aprobou por unanimidade o apoio a esta tarxeta social universal; o 13 de febreiro, os presidentes de todas as deputacións de España reuníronse na Deputación de Pontevedra, onde analizaron a súa participación no desenvolvemento da tarxeta social universal; e tamén se levaron a cabo dúas reunións cos interlocutores sociais, no marco da Mesa de diálogo social, sobre plan de choque polo emprego, desempregados de longa duración e tarxeta social.

Esta mesma iniciativa foi debatida xa na Comisión de Emprego e Seguridade Social do Congreso dos Deputados na súa sesión do 15 de marzo, e foi aprobada por maioría, concretamente con 27 votos a favor e 10 en contra, despois de aceptar o grupo autor da iniciativa —o Grupo Popular— unha emenda presentada polo Grupo Socialista, que hoxe tamén nos presenta a mesma emenda e tamén a aceptaremos. Pero consideramos que era acaído traer este debate hoxe ao Parlamento de Galicia e analizar a importancia que terá a tarxeta social universal na nosa comunidade porque o seu traballo e a súa implantación están moi avanzados e, dende logo, consideramos que a Galicia lle vai afectar.

Por outra banda, hai un exemplo moi importante en Galicia, que é a historia social única electrónica. En xuño de 2016 a Xunta puxo en marcha a historia social única electrónica para axilizar a tramitación das prestacións; unha ferramenta que permite aos profesionais do Sistema galego de servizos sociais, con independencia de que pertencen ao ámbito municipal ou ao ámbito autonómico, o acceso único ao expediente social dos usuarios en formato electrónico. Con este sistema evítanse duplicidades e mellóranse os tempos de resposta. Na actualidade xa está implantada en máis de 220 concellos de Galicia, coa previsión de chegar ao final deste ano ao cen por cento.

A Lei Galega de Servizos Sociais, no seu artigo 16, establece o expediente social básico. Di que existirá un único expediente social básico no ámbito dos servizos sociais comunitarios, no que quedarán recollidas todas as intervencións e servizos prestados á persoa usuaria nos diferentes niveis de actuación do Sistema galego de servizos sociais. Tamén fala de que regulamentariamente se establecerán os procedementos de recollida e tratamento de información das persoas usuarias do sistema, garantindo, en todo caso, a confidencialidade dos datos de carácter persoal.

Pois ben, a iniciativa que hoxe traemos fala diso, de que ese procedemento iniciado en Galicia e tamén nalgunha outra comunidade se estenda ao resto das comunidades autónomas e se forme un círculo de coordinación do sistema de servizos sociais entre a Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas, as deputacións provinciais e os concellos.

Dende logo, nós consideramos, que isto será positivo para todas as persoas, e sobre todo para as persoas usuarias do sistema de servizos sociais. Esperamos contar co seu apoio.

Polo de agora, máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Blanco Rodríguez.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Sabe vostede, señora Rodríguez Arias, que eu non acostumo a rehuír os debates, entón, emprázoo para que, cando vostede queira, poña data, hora e lugar incluso para falar de corrupción. De feito, é certo que non é necesario saír desta comunidade autónoma, nin sequera é necesario saír da casa. Vilagarcía de Arousa, non sei se lle soa Pablo Crespo, creo que era secretario de organización do seu partido cando vostede se afiliou. *(Aplausos.)* É máis, prenda hoxe, señora Rodríguez Arias, a televisión —e non é publicidade e propaganda— e vexa o que facía o seu partido cos narcotraficantes mentres moitas nais deste país enterraban os seus fillos polas drogas. Así é que, leccións de dignidade e de frivolidade, señora Rodríguez Arias, nin a primeira de parte súa.

Imos falar, xa o dixo vostede aquí, de que se acordou na Conferencia de presidentes autonómicos; aprobouse por unanimidade na Femp; levouse unha iniciativa do seu mesmo

grupo, o pasado 15 de marzo, ao Congreso dos Deputados, coa mesma parte resolutive que trae vostede; e claro, a primeira pregunta é, ¿entón por que imos apoiar, ou por que traen hoxe a mesma iniciativa que aprobaron os seus compañeiros hai un mes? Porque está funcionando a toda máquina a maquinaria da axencia de publicidade e propaganda do Partido Popular. ¿Por que falan deste tema e non falan doutras cuestións? Porque ¡mire que non hai temas dos que falar en política social nesta comunidade autónoma!... E máis ultimamente, que temos un conselleiro de Política Social que está máis centrado en que o nomeen axiña como precandidato de Ferrol que en exercer as súas funcións neste tema, cunha descoordinación e unha falla de iniciativa política que nos ten tremendamente preocupados ao PSdeG.

Se non teñen ideas, recoméndolle que consulte o informe do Valedor. Do total de 228 queixas que se estableceron o ano pasado —as de oficio que estableceu este propio organismo—, o 92 % das actuacións son referentes aos servizos sociais desta comunidade autónoma, co cal eu creo que aí pode sacar unhas cantas iniciativas que non sexan redundantes para traer a esta Cámara.

A respecto da tarxeta social, é certo que nós, aínda que apoiamos esta cuestión, estamos un pouco preocupados porque, a medida que imos coñecendo os documentos que se están preparando, parece que o único que se pretende é detectar duplicidades, ou fraudes, ou abusos dos perceptores de prestacións. É algo recorrente nos sectores máis reaccionarios deste país, e unha maneira de minar e de paliar e mesmo rexeitar as políticas en materia social.

Nós estamos a favor da transparencia, da eficacia, da coordinación e, por suposto, da complementariedade das accións, e vostede mencionou que hai algunhas comunidades —algunhas— que xa o están facendo. Como son tan dados a falar de Andalucía, imaxino que se lle esqueceu que Andalucía estableceu —a través da súa reforma da Lei de servizos Sociais— estes instrumentos técnicos no ano 2016. A nosa perspectiva —querémolo deixar hoxe moi claro— non é nin incriminatoria nin estigmatizadora, sempre e cando se aplique dentro dos ámbitos de cada unha das competencias das diferentes administracións, que é algo que vostedes tamén tenden un pouco a saltarse, e, polo tanto, incluímolo tamén na nosa emenda.

Nós estamos de acordo, ¿como non imos estalo?, en que haxa unha complementariedade entre os servizos públicos sociais, os comunitarios e os especializados, e ao mesmo tempo unha coordinación tamén que está fallando —e levámolo denunciado en numerosas ocasións— cos servizos sanitarios.

Pero, repito —e non quero ser redundante pero é necesario—, nunca estaremos de acordo con crear un instrumento que solape, que incrimine ou que semente dúbidas na honorabilidade das persoas que menos teñen. Isto foi o mesmo que lle dixo a compañeira que deu a réplica. (*A señora Rodríguez Arias pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, si, é que a iniciativa é a mesma, señora Rodríguez Arias. Como a iniciativa é a mesma, loxicamente (*A señora Rodríguez Arias pronuncia palabras que non se perciben.*), hoxe lles imos contar o mesmo que lles contamos no Congreso dos Deputados. Non sei se ten conexión a internet para velo no vídeo, para velo a través da rede, pero eu repítollo porque é o mesmo e é redundante. (*A señora Rodríguez Arias pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, si, eu tamén a teño aquí, porque o

señor Feijóo di que miramos o DOG a duras penas, pero o *Boletín do Congreso dos Deputados* esta deputada ata o de agora aínda o sabe ler.

Dicía que non imos apoiar que se cree un instrumento que solape, incrimine ou semente esas dúbidas, e, polo tanto, presentamos unha emenda que entendo que como precisamente —como vostede está dicindo agora mesmo— é a mesma que aparece reflectida no *Diario de Sesiones del Congreso de los Diputados...*,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...vostedes van apoiar.

O que lle pediría, señora Rodríguez Arias, é que se poñan a traballar e que non nos fagan perder o tempo.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Blanco.

Ten a palabra polo Grupo Parlamentario de En Marea a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Esta mesma iniciativa —xa foi aquí comentado— foi presentada, debatida e aprobada na Comisión de Emprego e Seguridade Social o pasado 15 de marzo e xa fora debatida na Comisión de Servizos Sociais. É unha medida que o Goberno do Estado afirma ter en marcha, polo tanto, atopámonos ante unha desas iniciativas que chamamos de reforzo, pero, con todo, non imos eludir o debate, dende logo.

A tarxeta social preséntase —a música soa moi ben— como un sistema de información que permitirá coñecer en tempo real as prestacións de contido económico que xestionan todas as administracións e que garante maior transparencia nos programas sociais. Dicimos que a música soa ben, pero é que no debate sobre este tipo de tarxeta, para nós é fundamental remarcar —como xa tamén o fixo a voceira do Partido Socialista— a necesidade de garantir escrupulosamente a universalidade das prestacións sociais. É algo, por certo, previo á creación ou non da tarxeta. Garantir que a tarxeta sexa efectivamente universal e que a non posesión da tarxeta impida o acceso á atención social. Non estamos a falar de quimeras porque estamos a falar de que neste Estado a sanidade deixou de ser universal, por iso nós recalcamos esta cuestión, e, polo tanto, a tarxeta non é a panacea. O primeiro que hai que garantir é un estado social. Estamos no contexto de que o Estado social o están demolendo en distintos eidos, por iso nos xera moitas dúbidas esta tarxeta social.

Alén diso, no debate que se está a dar non quedan claros aspectos fundamentais, sobre todo —como tamén dicía a voceira do Partido Socialista— nalgúns documentos que teñen transcendido e nalgúns debates que se teñen dado. Por unha parte, parece que se busca máis a simplificación administrativa ou evitar duplicidades —vostede mesma fixo referencia a iso, a evitar duplicidades— que realmente a prestación universal dos servizos sociais. Polo tanto, deslízase así unha mentalidade de sospeita sobre as persoas perceptoras de prestacións sociais.

Por iso a nós parécenos que isto non é de recibo, porque ademais, tendo en conta que a fraude que poidan cometer as persoas que teñen prestacións económicas non chega ao 0,26 %, é unha cuestión ínfima, e parécenos intolerable que se deslice nos debates esa sospeita.

Tamén a tarxeta recibiu críticas o ano pasado da Asociación de directores e xerentes dos servizos sociais por isto mesmo. Consideraban un insulto que na argumentación se aludira á creación deste sistema dende o punto de vista de loita contra a fraude, cando a fraude principal é a das grandes empresas; e unha fraude, dende logo, millonaria, non son unhas simples cremas.

Despois tampouco queda claro a cuestión da colisión con competencias das comunidades autónomas, que as temos en exclusiva en política social, e nun contexto de recentralización do Estado, tamén temos bastantes dúbidas.

Outra cuestión delicada é a da transferencia de datos de carácter persoal, non só entre a Administración, senón tamén as entidades privadas. Polo tanto, o primeiro é garantir o Estado social.

A emenda que nós presentamos vai no sentido de non comezar a casa polo tellado. É certo que non son debates incompatibles a tarxeta social a nivel estatal e o desenvolvemento da propia lei galega, pero parecíanos máis acaído comezar, dende o propio Parlamento galego, por desenvolver a Lei galega de servizos sociais e por axilizar que se despregue un modelo de servizos sociais ao xeito do de atención sanitaria, como vostede mesma sinalou, de xeito que cada persoa, viva onde viva no noso país, teña un persoal técnico e un centro de atención de referencia nos servizos sociais que facilite a intervención social e tamén elimine burocracia.

Non son incompatibles —xa digo—, e somos conscientes de que a emenda que fixemos non é incompatible, pero parécenos que hai que comezar polos cementos; hai que comezar por desenvolver un sistema de servizos sociais realmente universal no noso país; hai que comezar por eliminar as causas da pobreza que dan lugar a esa sociedade desigual e a que cada vez sexan máis necesarias as prestacións sociais; e logo debater sobre esta tarxeta social, que, xa digo, nos xera moitas dúbidas nos aspectos que comentei. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Consellos vendo que para min non teño, señora deputada.

Eu volvo referirme ao *Diario de Sesións* onde o Partido Popular nos ten acusado aos grupos desta Cámara de traer aquí iniciativas que xa están en marcha ou xa están aprobadas no Congreso dos Deputados, e resulta que trae unha iniciativa que xa o Partido Popular levou ao Congreso dos Deputados, unha iniciativa que xa o Goberno do Estado, o Goberno do Partido Popular, xa ten en marcha. Bueno, pois moi ben, iniciativa botafumeiro.

Volvo referirme a vostede, señor Tellado, que onte volvía dicir: «¿como traen aquí esta iniciativa que xa está en marcha?». Pois, miren, só un día tardaron en facer o mesmo que lles din aos demais que non fagan. Desde logo, van ter que facelo mirar, (*Aplausos.*) porque é que ultimamente están faltos de reflexos.

Tamén a señora Rodríguez, para darlle un pouco de volta e que non se notara tanto, dixo: «traemos aquí esta iniciativa para analizar a repercusión que vai ter na nosa comunidade». Non, a iniciativa di: «para instar o Goberno a que poña en marcha» —non é para analizar a repercusión— «a iniciativa di para instar o Goberno do Estado a que poña en marcha a análise de...». Ou sexa que non intente vostede darlle volta ao tema.

Indo á cuestión, dende logo, vostedes van aprendendo. Esta iniciativa, primeiro, non é nova, xa o teñen intentado outras veces, téñeno intentado outras ministras, con outras cuestións, con outra exposición de motivos, con outras tal..., pero non é novo. Van cambiando a terminoloxía pero, dende logo, non é a primeira vez que intentan colar esta cuestión.

Vou explicar que, dende logo, non van contar co noso apoio. Primeiro, porque é unha nova inxerencia nas competencias que ten Galiza. Galiza ten as competencias en materia social, tenas o Goberno galego, e, dende logo, esta proposta que están vostedes poñendo en marcha supón unha nova entrega de competencias, un novo paso na estratexia de centralización na que está inmersa o Partido Popular e na que o Partido Popular galego, a Xunta de Galiza, colabora entusiasticamente. Dende logo, o BNG non está por entregar nin unha competencia das que temos asumidas. Estamos por que teñamos as máximas posibles; dende logo, non por entregar nin unha soa máis.

Logo, temos moitas dúbidas de que se compadeza coa Lei de protección de datos. Ao volcar datos persoais e transmisión de datos confidenciais das persoas, dende logo —xa o temos manifestado noutras ocasións— temos moitas dúbidas de que esta tarxeta, tal como está —polo menos pola información que temos—, cumpra coa Lei de protección de datos.

As persoas en situación de vulnerabilidade, usuarios de servizos sociais, perceptoras de axudas e de axudas de desemprego, tamén teñen dereito á protección dos seus datos, da súa intimidade. Non soamente a Lei de protección de datos está pensada para as persoas adiñeiradas nin para os defraudadores e demais, tamén para as persoas con poucos ingresos. E, dende logo, nós, a máxima precaución con esta cuestión tamén neste caso.

E tamén porque baixo esta terminoloxía que soa ben, que quere soar beneficiosa para as persoas ás que vai destinada, agóchase unha realidade, dende logo, ben diferente. Non é nada novo, xa o teñen intentado en diferentes ocasións, en formatos distintos, mais co mesmo fin. A realidade é que destina máis esforzos á burocracia, a analizar o que declaran as persoas que solicitan axudas, a recompilar información; que a analizar as causas de por que estas persoas se atopan nesta situación, e moito menos empregan esforzos a destinar recursos para solicitalas. Nun contexto onde a carteira de servizos está alarmantemente minguada, recortada; nun contexto onde a recuperación dos dereitos sociais roubados só virá da loita que a clase traballadora sexa capaz de dar nas rúas, dende logo non virá do esforzo do Goberno do Partido Popular; nun contexto onde sectores sociais moi amplos están

en descuberto, nunha situación de vulnerabilidade tremendamente ampla; nun contexto onde o Partido Popular vai votar en contra de aumentar 100 euros, dun complemento ao mes para persoas en situación tremendamente vulnerable, de pensións moi baixas; nese contexto o Partido Popular quere que miremos para o dedo e non para a lúa. Para esta tarxeta que os directores e xerentes dos servizos públicos deron en chamar «carné dos que menos teñen»...,

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PRADO CORES: ...carné de beneficencia, dende logo, non van contar co apoio do Bloque Nacionalista Galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Segundo o previsto, porque se collemos o *Diario de sesións do Congreso dos Deputados* das comisións onde se debateu esta iniciativa, hai deputadas que colleron textualmente a intervención dos seus compañeiros no Congreso dos Deputados para vir aquí, ao Parlamento de Galicia, falar da tarxeta social universal. É máis, en vez de falar do expediente social galego, falaban do expediente social en Andalucía. Incluso copiaron a intervención, e en vez de falar de Galicia, falaban de Andalucía. Eu penso que vostede debería dedicarse un pouquiño menos á frivolidade e á temeridade e implicarse un pouquiño máis na preparación das iniciativas sociais neste Parlamento (*Aplausos.*), porque estamos falando de algo importante. (*Aplausos.*)

E, claro, como se centran en facer unha política frívola e temeraria, vén aquí a portavoz do Grupo Socialista, que parece ser que non sabe que as dúas únicas persoas con sentenza firme condenadas por corrupción en Galicia son do Partido Socialista, o ex alcalde de Ourense e o da Confederación Hidrográfica Miño-Sil. Pero, claro, como se dedica a estudar os temas que considera oportuno, vén aquí dicir este tipo de cuestións.

Baixo o previsto, porque, claro, para alegar o voto en contra a esta iniciativa do Grupo Popular, falan de que se lles van quitar ou minorar competencias ás comunidades autónomas. (*Murmurios.*) Señor presidente, se aos demais deputados lles molesta este run-run, a esta deputada do Partido Popular tamén, porque como nos poñemos tan exquisitos... (*Aplausos.*) ¡Claro! A exquisitez para todo o mundo, ¿verdade? Grazas, presidente.

Estamos falando da colaboración, ¡colaboración!, das comunidades autónomas co Estado. Non estamos falando de que o Estado vaia usurpar competencias ás comunidades autónomas. Porque sen os datos das comunidades autónomas, señora Prado, sería imposible que o Goberno do Estado puxera en marcha a tarxeta social universal. E logo vostede comete aquí o mesmo erro de dicir que isto vai ser un carné para os máis necesitados ou un carné para

pobres. Pois, mire, todos os galegos e as galegas imos ter dereito a ter esa tarxeta social universal, porque poden chegar a estar incluídos todos, ¡todos!, nesa tarxeta social universal.

E, claro, non se pode vir aquí falar dunha iniciativa que vai ser moi importante para Galicia e para todas as comunidades autónomas porque xa se debateu no Congreso dos Deputados. Pode ter vostede aquí unha oportunidade para falar da tarxeta social porque no Congreso dos Deputados non está o BNG. É que lles estamos facendo un favor, que vostedes non puideron falar da tarxeta no Congreso dos Deputados, *(Aplausos.)* e no Parlamento de Galicia si poden falar da tarxeta social. Polo tanto, debería vostede agradecer a oportunidade que lle dá o Partido Popular hoxe, non só de falar da tarxeta social universal, senón tamén de apoiála, para que os galegos se poidan beneficiar dela.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: ¿Sobre as emendas?

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Aceptamos a emenda do Grupo Socialista e non aceptamos a emenda do BNG.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (A señora Blanco Rodríguez pide a palabra.)

Si, ¿para que quere a palabra, señora Blanco?

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Con base no artigo 76... *(A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Non estaba eu presidindo naquel momento. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, pero, ¿cal é exactamente a inexactitude? *(Murmurios.)* ¡Silencio! *(A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Aí estaba eu, si. Perdón, non, aí está vostede equivocada. *(Protestas.)* Iso corríxollo eu. O caso do señor Baltar está arquivado. *(A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, perdoe. O caso do señor Baltar... Iso non fai falta que llo responda ninguén, respóndollo eu: está arquivado. *(Murmurios.) (A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)* Non ten vostede a palabra. *(Murmurios.)* Non, non. Aí non ten vostede razón. Fóra. *(Protestas.)* Ese asunto si que... Perdoe, pero non. Iso si que non.

Seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a solicitude polo Goberno galego da mediación e arbitraje do Consello Galego de Relacións Laborais na negociación entre a Xunta de Galicia e o comité de folga do persoal da Administración de xustiza

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactada co seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a cumprir, na súa totalidade, o acordo unánime do Pleno do Parlamento de 19 de decembro de 2017, mantendo o diálogo permanente co comité de folga ata o restablecemento do servizo, e, xa que logo, retomar as negociacións no punto en que quedaron o pasado día 18 de abril, explorando todas as posibilidades de acadar o fin do conflito, incluída a solicitude da mediación e da arbitrase do Consello Galego de Relacións Laborais, coa fin de pechar definitivamente o conflito no funcionamento da Administración de xustiza en Galicia».)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Jacobo Moreira Ferro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se dirixa aos representantes sindicais que integran a Mesa de Negociación da folga da Administración de Xustiza para que validen o preacordo acadado entre a Xunta de Galicia e a maioría dos sindicatos integrantes da Mesa de Negociación, que cumpre o mandato parlamentario aprobado nesta Cámara, e o sometan a consulta do persoal funcionario.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señor presidente, debe ter vostede en conta que a familia Baltar é unha familia grande. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¿Cal é o problema?

O señor BARÁ TORRES: Que hai pai e fillo.

(O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.)

Si, pois algún deles está condenado.

O señor PRESIDENTE: Perdoe, pero está vostede confundido. Non vou seguir dialogando con vostede. Vaia ao tema.

O señor BARÁ TORRES: Quero saudar a representación dos sindicatos da xustiza, que están aquí presentes hoxe. Levamos 77 días de folga, unha das máis longas da historia da Administración galega; unha folga que nos pode dar algunhas ensinanzas. Desde logo, nós queremos xulgar hoxe, avaliar hoxe, cal foi o comportamento do Goberno galego, porque pensamos que non é un bo exemplo de xestión dunha folga, e deberían evitar para o futuro este tipo de actitudes que tiveron. Pensamos, ademais, que tiveron a máxima responsabilidade nesta cuestión o señor Rueda e o señor Feijóo, que fixeron ao longo destes 77 días —e antes tamén—, grandes esforzos para evitar un acordo. Actuaron con marrullería e con maccarrismo moitas veces, cunha actitude máis propia de *hooligans* que de responsables públicos. Marrullería porque mesmo chegaron a filtrar datos e documentos persoais de persoas do comité de folga, e iso non se pode facer. Iso non é lícito, non se pode facer; é un delito, por outra parte. E tamén prepotencia e matonismo, porque ameazaron constantemente, incluso chantaxearon con pedir o abandono da folga como condición para negociar. Deberían saber —e é unha cousa que non entenden, que é un principio tamén básico da democracia— que a folga é un dereito, é un dereito da clase traballadora. A folga tamén é unha arma para conquistar, ou tamén, polo menos neste caso, para reconquistar dereitos laborais e salariais que foron roubados coa escusa da crise e que chegan nalgúns casos a cifras de 10.000 euros anuais. Entre 3.440 e 10.000 euros anuais perderon, coa escusa da crise, os traballadores e as traballadoras da xustiza.

Claro, vostedes plantexaron —o Partido Popular, o señor Rueda e o señor Feijóo— a negociación neste conflito como unha especie de pulso, un pulso que había que gañar, porque para vostedes como se resolvese este conflito era un laboratorio con vistas a posibles reivindicacións doutros colectivos da Administración galega, que están aí, na cola, esperando para poder tamén plantexar as súas reivindicacións. Por iso isto explica moitas das súas actitudes. Pero a realidade é que hai moitos colectivos agraviados, hai moitas reivindicacións pendentes, e xa poden ter en conta que lles van vir a continuación.

Vostedes non entenden tampouco que cando un colectivo chega a unha medida tan extrema como unha folga, e unha folga indefinida, é que realmente se lles acabou a paciencia e se lles pecharon outras vías, porque intentaron outras vías de negociación. Vostedes pecharon esas portas, pecharon esas vías, e non lles deixaron outra opción, ao final, que ir a unha folga indefinida. E tampouco entenden que cando un conflito ten tanto apoio... —Si, si, ría; vostede ri, parécelle unha risa—. A pesar de todo o sacrificio que teñen que facer e de todo o que están perdendo cando ten tanto apoio, a pesar tamén duns servizos mínimos abusivos... Porque realmente están defendendo unha causa xusta e unha causa sentida pola maioría do colectivo, no que hai, seguramente tamén, moitas persoas que simpatizan e mesmo puideron votar o Partido Popular.

Na evolución do conflito e no enquistamento que sufriu este conflito pensamos que tivo moito que ver a prepotencia, a chulería e a capacidade de provocación do Goberno galego, sobre todo —insisto— do presidente e do vicepresidente do Goberno galego, que fixeron exhibición e fixeron alarde durante todo este tempo de descualificacións, de insultos e de menosprezos ao colectivo da xustiza. En vez de tender pontes, o que fixeron foi dinamitalas ao longo destes meses; o señor Rueda primeiro, antes de empezar o conflito, negándose durante anos a recibir a representación sindical; en segundo lugar, acusando un colectivo que

sufriu un brutal recorte salarial e de dereitos de ser uns privilexiados, uns egoístas e uns insolidarios, encirrando continuamente os ánimos; en terceiro lugar, manipulando os datos para incumprir o acordo parlamentario de decembro; e, en cuarto lugar, boicoteando a mediación externa, ninguneando o colectivo e o comité de folga, intentando romper a folga coa máxima de «divide e vencerás».

E mesmo pretenderon, despois da consulta que se lle fixo ao colectivo de traballadores e traballadoras, someter a outra parte a un intento dunha derrota humillante. En lugar, polo tanto, de intentar escenificar un acordo, un acordo honroso e satisfactorio para todas as partes, pretenderon que a representación sindical se rendese con armas e bagaxes. Levaron o conflito a unha situación límite, a puntos de non retorno, e acabaron desdicíndose unha e outra vez de ultimatós que tamén puxeron enriba da mesa.

Por iso agora estamos nunha situación, a 25 de abril, de ruptura, de ruptura de negociacións, dun novo ultimato, como acostuma a facer sempre o señor [...], (*Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión do Diario de sesións.*) o señor Rueda, e... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Que pasou?

Estamos nunha situación en que a folga se mantén viva e coas graves consecuencias que coñecemos, empezando polos propios folguistas, que están perdendo unha parte importante do seu salario e sufrindo un sacrificio importante tamén, coas consecuencias negativas que ten para o servizo da Administración de xustiza e para toda a poboación, loxicamente.

A realidade é que nestes meses e nas últimas semanas houbo achegamentos, houbo acordos en varios puntos, é certo, e que as posturas están moito máis próximas; están, desde logo, moito máis próximas. Eu teño aquí un cadro que publicaron as organizacións sindicais (*O señor Bará Torres amosa un documento.*) onde se ve como realmente, na cuestión salarial, houbo un achegamento importante de posturas. E non é que haxa unha diferenza, como se dixo, por 12 euros —que, realmente, está moi cerca dos 12 euros ao mes—; realmente, no peor dos casos, estamos falando de 18 euros ao mes. Hai unha proposta sindical para que o incremento salarial sexa un incremento lineal de 140 euros ao mes para o colectivo de forenses, xestores, tramitadores e auxilios, e a Xunta de Galiza propón 140 —é dicir, a mesma cantidade— para forenses; 135 —5 euros menos— para xestores; 127—13 euros menos— para tramitadores; e 122 —18 euros menos— para auxilios. Polo tanto, hai que recoñecer que as posturas están próximas.

Despois, hai outros aspectos tamén pendentes de acordar e de negociar. Un moi importante é a cláusula de revisión, para conseguir evitar no futuro novas discriminacións e que o colectivo sempre estea nunha posición, cando menos, situada na media ou no cuarto posto da media estatal.

E, por último, tamén hai pendente de acordar o Plan de actuación e recuperación do traballo por causa das xornadas de folga, pero tamén aquí hai determinados puntos de achegamento e, polo tanto, a posibilidade dun acordo.

En definitiva, chegados a este punto, é fundamental e é imprescindible procurar unha saída; é fundamental procurar unha saída e escenificar un acordo, un acordo honroso; non pode

ser un acordo humillante, como pretende a Xunta de Galiza. Non se trata de derrotar o contrario, trátase de acordar algo que sexa beneficioso para a maioría. E por iso, dada esta confrontación, dado este enroque, dado este enquistamento no que estamos neste momento, pero tamén os achegamentos que hai, o mellor é procurar unha mediación externa. A mediación nós entendemos que ten que ser do Consello Galego de Relacións Laborais. En primeiro lugar, porque xa cando mediou houbo avances significativos na negociación. E, en segundo lugar, porque a propia Lei do Consello Galego de Relacións Laborais establece que é a súa función a mediación e a arbitrase nos conflitos laborais, sobre todo di «nos conflitos de grande impacto social.»

Polo tanto, deámoslle esta oportunidade a unha mediación externa, fagamos este último esforzo cunha arbitrase externa, para coser as feridas, que, desde logo, hai moitas neste conflito, para intentar aproximar posturas e chegar a un acordo; un acordo beneficioso para o persoal da Administración de xustiza, pero sobre todo un acordo beneficioso para mellorar o servizo e a Administración da xustiza en Galiza.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Señor Bará, eu pediríalle que retirase a expresión, cando se referiu ao señor Rueda, de [...].

O señor BARÁ TORRES: Está retirada.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: *Video killed the radio star* é unha canción do ano 1979, hiperfamosa, que hoxe Rubén Amón, nun artigo, citaba expresamente: «*Con Cifuentes no ha acabado la corrupción mayúscula; lo han hecho la soberbia, la mentira y el ridículo*». E nós non queremos que esta folga acabe mal e que estas mobilizacións dos traballadores de xustiza acaben mal baixo a soberbia, a mentira e acaben no ridículo. Precisamente por iso esperamos que o BNG acepte a nosa emenda e votaremos, en todo caso, a favor da súa iniciativa.

Cúmprense hoxe 78 días de folga, e son moitos días para os traballadores, para os profesionais; para os que os que somos de dereito chamámoslos «os xustizables». Demasiados días para saber se de verdade a vostedes lles interesa unha xustiza máis áxil, garantista, co dereito fundamental á tutela xudicial efectiva, máis moderna e máis deste século XXI, porque diso se trata.

Hai uns días houbo un día de folga de xuíces, xuízas e fiscais. O día 18 os secretarios xudiciais saían á rúa e o día 19 os letrados e as letradas da quenda de oficio saían á rúa.

Esta folga non é un feito illado, non é algo que se lles ocorra aos traballadores da xustiza e ás traballadoras porque lles sobran os cartos, nin tampouco porque se queiran enfrontar ao

Goberno. É que a xustiza leva décadas —¡décadas!— nunha situación paupérrima. E o responsable —supoñemos— de que en parte isto teña sido así é quen é o responsable da xustiza en Galicia, que é o señor Rueda, que leva case oito anos adicado tamén á xustiza. Está paralizada, e o que cómpre agora é acadar xa unha solución.

Están fóra a soberbia, e están fóra, están de máis, esas mesquindades, botándolles, nos medios de comunicación, a culpa aos representantes sindicais por facer o seu traballo.

E os cidadáns, os traballadores e os profesionais non merecemos ningún goberno así, ningún trato así. Non merecemos que se minta falando dun principio de acordo, dun preacordo asinado por catro sindicatos, suscrito por catro sindicatos, porque non é verdade. Houbo unha reunión convocada polo Goberno —por certo, o Goberno chamou un a un, ata chegar a catro sindicatos— e non houbo preacordo porque fallaban outros tres e porque fallaba a posibilidade de falar cos traballadores e traballadoras da posibilidade de acordo que ofertaba o señor Rueda.

Nós temos pedido ese acordo suscrito, asinado, a través do artigo 9. Aquí está. (*A señora Vilán Lorenzo amosa un documento.*) Esperemos que nolo dean asinado polos catro sindicatos; a ver cantos meses, ou incluso anos, ou incluso lexislaturas, agardamos por el. E preguntámonos por que o señor Rueda non chamou os outros sindicatos. Se puido chamar eses catro, ¿por que non chamou os outros tres? ¿E tamén por que foi el quen se levantou da Mesa de Negociación cando se lle dixo: faltan tres e falta que os traballadores e as traballadoras asinen a posibilidade de chegar a un acordo? Non entendemos por que, porque non foron os sindicatos os que se levantaron, foi el o que se levantou. Os sindicatos, non, el, porque estaba nesa reunión.

E tampouco merecemos unha emenda por parte do seu grupo parlamentario para que o Parlamento sexa unha pandilla de recadeiros que lles pidan aos sindicatos que fagan non sei que. Que levante outra vez o señor Rueda o teléfono e que fale con eles directamente. Non nos necesita. O Parlamento non está para facer recados, o Parlamento está para cousas moito máis importantes, aínda que algunhas persoas veñan aquí facer a súa festa cando lles convén.

Nesta emenda méntese e nesta emenda non necesitamos que que lle pidamos ao Goberno que se reúna con ninguén; o Goberno ten capacidade para reunirse cando queira.

Esta é unha folga, lamentablemente, histórica no país, porque é a folga máis longa dende que comezou a democracia, lamentablemente. E non se pode reducir a un suposto preacordo que ninguén firmou nin se pode reducir a cantidades, porque non é certo. Non é unha folga por cantidades. Sigán negociando, sigán negociando onde o deixaron, o día 19 de abril, e, se é preciso, utilicen o Consello Galego de Relacións Laborais. Primeiro teranse que poñer de acordo o conselleiro de Facenda, o conselleiro de Industria e o conselleiro de Vicepresidencia, de Xustiza, para habilitar o Consello Galego de Relacións Laborais de novo. Porque, como di o BNG, quizais, podía ter sido o día 19 de decembro do ano 2017 —e aforrariamos un montón de dano e un montón de tempo— o día onde se avanzase e o lugar onde se acadase un acordo, porque alí, efectivamente...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...—remato xa— se chegou a avances. Con escepticismo, utilí-ceno. A propia presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais, nunha reunión, nunha mesa que houbo hai quince días, á que foi ela, deixou na mesa, para todos os que alí fomos, un documento que se chama *Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo*, que edita o propio Consello. (A señora Vilán Lorenzo amosa unha publicación.) E na súa páxina 51 hai árbitros das catro provincias, persoas que o Consello Galego e, polo tanto, o Goberno...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora VILÁN LORENZO: ...acepta como posibles árbitros.

Pois utilicen todos os medios posibles, nunca os medios de comunicación, e nunca a soberbia e a mesquindade, e cheguen a un acordo.

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario Popular, señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Moi bos días.

En primeiro lugar, quero indicar que, efectivamente, hoxe se cumpren 78 días naturais da folga indefinida do persoal funcionario dos corpos de xestión, tramitación e auxilio ao ser-vizo da Administración de xustiza. E nestes 78 días hai que dicir que se traballou intensa-mente por parte do comité negociador da Xunta de Galicia para poñer fin a este conflito. Sempre dixemos, dende o primeiro momento, que queríamos poñer os funcionarios galegos da xustiza na media retributiva dos outros territorios, e por iso se votou unanimemente neste Parlamento, neste Pleno, un mandato parlamentario consistente na mellora das con-dicións laborais do persoal ao servizo da Administración de xustiza, transferido á Comuni-dade Autónoma de Galicia.

Aquí fálase de que non houbo negociación. Aquí houbo ata 16 reunións coas organizacións sindicais, e a oferta que lles fixo a Xunta de Galicia o pasado 18 de abril supoñía que os fun-cionarios galegos pasaran a estar cuartos no ránking estatal de comunidades autónomas, e tamén contemplaba unha cláusula de revisión anual para que o complemento que lles paga a Administración autonómica subise automaticamente, de forma que sempre estivese Galicia por riba da media. Agora mesmo estaría por detrás do País Vasco, Madrid e Cantabria.

Nesa última oferta —que non vou relatar aquí porque xa é coñecida— é verdade que se su-mamos soamente o concepto do complemento autonómico transitorio pode dar practica-

mente unha nómina máis ao ano; se sumamos soamente ese complemento, e coa vantaxe, ademais, de que o 1 de xaneiro do ano que vén xa estarían cobrando o 80 % dese incremento do complemento autonómico. Pero é que, ademais, estas cantidades anteriores, sumándolles o incremento acordado a nivel estatal e que paga a Xunta de Galicia, representarían un aumento do soldo de máis do 13 % e unha media de subida de 300 euros ao mes.

E tamén, ademais, este acordo, esta proposta de acordo que daba Xunta de Galicia, daba resposta ás outras catro peticións formuladas ao inicio da folga. Unha era a ampliación de su postos de incapacidade temporal, no que se perciben o cen por cento de retribucións; a compensación económica do persoal que realice substitucións no corpo superior —as famosas substitucións verticais—; a consolidación de prazas de reforzo de máis de tres anos de duración; e a creación de prazas no marco do Plan de modificación dos cadros de persoal aprobado en 2012.

Esta era a petición que provocou a folga, e ese foi o mandato do Parlamento, e o Goberno da Xunta de Galicia cumpriu escrupulosamente ese mandato que saíu de aquí, do Parlamento de Galicia. Pero algúns representantes sindicais decidiron que a folga tiña que seguir. E é que, ademais, aínda por riba, por iniciativa propia da Xunta de Galicia —ademais, documentado—, se ofertaron melloras nos xulgados con competencias en materia de violencia de xénero, a ampliación do permiso por maternidade e paternidade, o plan de actuación e recuperación do traballo perdido durante os meses de folga, de tal forma que se buscaba que se recuperase polo menos o 80 % do traballo atrasado por mor da folga, tamén o prorrateo dos descontos pendentes da folga, para que non os tivesen que asumir dun só golpe, nun só mes, e tamén se falaba da carreira profesional.

Por todo isto, nós consideramos que non é momento de mediación; para o que si sería momento sería para que os sindicatos validasen o preacordo que ofertou a Xunta de Galicia, co que chegou a acordo coa maioría dos sindicatos, e que os sindicatos someteran á consulta do persoal funcionario esa proposta. Sería conveniente saber que pensan os traballadores da xustiza sobre este acordo.

A iniciativa parlamentaria que presenta aquí o BNG fala de mediación. Eu voume remitir ao que di a presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais, que di que non é momento de mediación, que xa non serviría mediar, que neste punto non hai mediación que sexa necesaria, que o seu momento xa pasou e que non é preciso mediar máis. Creo que non é necesario abondar en máis explicacións sobre este tema, pero non é a mediación tampouco a solución cando unha parte muda a súa postura.

A petición dos traballadores que motivou a folga hai dous meses era mellorar as retribucións do complemento autonómico dos funcionarios de xustiza, e esa petición foi escoitada e cumprida, e aí está esa proposta de acordo, ese preacordo ao que se chegou coa maioría dos sindicatos. O que pasa é que, ao mellor, algúns sindicatos —a minoría— igual están pensando máis nos seus intereses sindicais que nos dos traballadores, quizais este sexa o problema. E algúns sindicatos quizais non buscan un acordo, senón a maneira —non sei— de tratar de conseguir máis representación sindical nas próximas eleccións sindicais. Pero hai que pensar que esta folga está causando profundas molestias e danos

á sociedade galega, vémolos nos medios de comunicación. E é que, ademais, unha folga non debe en ningún caso supoñer para os usuarios padecer sacrificios desproporcionados, e non falo de molestias, falo de sacrificios, porque estamos a falar de prestación de servizos que se estiman de carácter esencial, do exercicio dun dereito fundamental, o dereito á tutela xudicial e efectiva, tan fundamental como o dereito á folga, e tan respectable. E aquí hai prexudicados como avogados, procuradores, testemuñas, peritos, pero sobre todo os usuarios da xustiza, que, sen ter parte neste asunto, están vendo e sufrindo moitos sacrificios por esta folga.

Por iso nós o que esperamos é que se poña en valor esta proposta, que se analice, que se consulte cos traballadores, porque a proposta que o Goberno galego puxo enriba da mesa, un incremento salarial de entre 3.500 e 4.500 euros ao ano, unha cláusula que lles garanta cobrar sempre por riba da media e un plan de recuperación do traballo, pensamos, honestamente...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor MOREIRA FERRO: ...que cumpre con creces o acordo parlamentario. As peticións que fixeron os sindicatos tras romper o acordo coa Xunta de Galicia van moito máis alá e non teñen nada que ver con iso.

Polo tanto, todas as posturas e reivindicacións son respectables, pero resulta realmente difícil poder explicar un rexeitamento a unha oferta de incremento dun salario dun 13 %. Creo que non se pode falar en ningún caso de rendición nin de que sexa unha proposta humillante, con todos os respectos.

Polo tanto, esperamos que o BNG acepte a nosa emenda e se permita que se consulte cos traballadores esta proposta feita pola Xunta de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados e deputadas.

En primeiro lugar, quérolles tamén dar as grazas e saudar os representantes sindicais que están aquí acompañándonos, e amosarlles todo o apoio de En Marea, tanto a eles como traballadores, como representantes sindicais, como ao comité de folga e, en definitiva, aos traballadores e traballadoras da xustiza. Un apoio e as grazas por defender dereitos lexítimos a exercer dereitos, dereitos como a folga, para conseguir dereitos laborais e económicos que o señor Feijóo —o demócrata e o constitucionalista, e tamén xa nos fixo unha gran reflexión o señor Moreira—... Mentres nós optamos por apoiar a quen exerce dereitos constitucionais e democráticos, eles intentan criminalizar os demócratas —o señor Feijóo, demócrata cons-

titucionalista— e intentar desvirtuar os dereitos que custou tanto conseguir para poder exercer. Entón, grazas. Grazas por non rendervos, por seguir en algo lexítimo, en algo ao que temos dereito e en algo que custou tanto gañar. *(Aplausos.)*

Tamén amosar o apoio á súa acampada, igual que fixo a xente do cerco no seu momento, tamén criminalizados. E pouco hai máis que dicir: que ninguén está sen cobrar tantas semanas nin están acampados por gusto. Ao mellor o Grupo Popular necesita verse nunha situación igual.

Pero, claro, falando de xustiza —porque é o trasfondo de todo isto, a gravidade da situación da xustiza e o ataque á xustiza—, creo que é obrigado citar a dimisión da señora Cifuentes, dimisión por unha crema, xa que non dimitiu polo que tiña que dimitir, que é o desfalco e a corrupción da Lezo e tamén pola fraude do máster, sendo, ademais, un espectáculo o que estamos vendo do axuste de contas do seus, dos sectores de M. Rajoy, vía rumoroloxía, para forzala a dimitir por este caso tras os escándalos de corrupción e tras levar un mes chantaxeándoa cun vídeo do roubo da crema en Vallecas.

O señor Feijóo sabemos ben como se sente, porque as fotos de Marcial Dourado, o narco, foron outro claro exemplo dos axustes de contas do Partido Popular. A unidade do PP a golpe da mafia, chantaxe, suborno; o partido imputado de mortadelos e de corleones, que faltará Cifuentes, pero a podredume do PP segue intacta.

O PP imputado da unidade do amor, agora...

O señor PRESIDENTE: Señora Santos... Señora Santos, perdoe...

A señora SANTOS QUEIRUGA: Estou falando de xustiza...

O señor PRESIDENTE: Non.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ¿Podo seguir? Vai acorde con...

O señor PRESIDENTE: Non, non. *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, perdoe un momento. Silencio.

Non lle vou cortar a vostede ningunha liberdade de expresión, pero o que non vou consentir é que vostede insulte, que esa é unha cousa distinta.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ¿A quen insultei?

O señor PRESIDENTE: Está insultando a membros dun partido, a todos; estalles chamando a todos algo que non procede. Polo tanto, chámoo á orde neste momento. Estouna chamando á orde neste momento...

A señora SANTOS QUEIRUGA: É flexibilidade. Pois presuntamente, señor Santalices, presuntamente...

O señor PRESIDENTE: Non é flexibilidade, é darlles sentido común aos discursos. Non se pode vir á tribuna a insultar. Non, non, perdoe, continúe, pero sen insultar. Ten unha chamada á orde.

A señora SANTOS QUEIRUGA: É un día duro para vostedes, coa guerra fratricida que hai nas súas filas. E voulle dicir unha cousa, a nós, a min, a esta deputada..., (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!, ¡silencio!

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...por exemplo, tamén llo digo, non me gusta queimar mulleres na praza do pobo, nin as das miñas filas nin as das filas da oposición. Entón, toda a miña solidariedade coa señora Cifuentes. E por iso tamén lle digo... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) Porque eu creo que tiña que dimitir por corrupción, polos casos de corrupción. Pero xa vemos que «o Partido Popular do amor» utiliza a guerra fratricida para arreglar os seus problemas, e sen parangón.

Por iso, a señora Rodríguez Arias debería falar de carnés, pero do uso dos carnés dalgunha deputada, de «regalos de la hostia» das súas filas e debería explicarnos que carné utilizou.

Pero, xa entrando en materia —porque eu o que quero é falar de xustiza, e este é un tema de xustiza tamén, porque non deixa de amosar unha práctica política dos gobernos populares—, a actuación da Xunta, tanto para paliar a corrupción como para resolver os problemas da xustiza, é escandalosa, macarra, belixerante, e vemos aquí unha proba máis. Agora dedícanse a racanear 12 euros, 18, ¡dáme igual!, por iso nós apoiamos todo o fondo da iniciativa do BNG, mentres os membros do Goberno se seguen subindo o soldo e seguen sen loitar porque todos os seus imputados devolvan o que roubaron para ter cartos para que a xente recupere os seus dereitos, a xente e os funcionarios públicos.

Eu concordo que o trasfondo deste tira e afloxa é que outros sectores das administracións e dos empregados públicos poden iniciar as mesmas reivindicacións, porque nos espoliaron durante anos, mentres vostedes mantiveron os seus privilexios, e o espóleo, a corrupción e todo o que mentres vostedes gobernan é *vox populi*, e ademais son famosos, por iso están imputados por corrupción.

Non van poder derrotar estes traballadores e traballadoras, porque o debate social xa o perderon, xa o perderon. Digan o que digan, e manden o que manden os directivos, por exemplo da TVG, vostedes o debate social xa o perderon. Utilicen a súa ética selectiva para estar á altura, chegar a un acordo digno —si, digno—, beneficioso para os traballadores e traballadoras, e tamén para o servizo da xustiza, porque necesitamos unha xustiza que funcione de verdade no noso país, que non exista unha xustiza selectiva, que non se interveñan fiscais, que teñan medios, recursos, condicións laborais dignas para exercer o seu traballo dignamente e correctamente, e que se dediquen a perseguir os imputados e a que se devolva o que se rouba, xa que vostedes non o fan.

E é por iso que lle repito o mesmo, van moi tarde, o dano que se provoca a moitas persoas que están sendo prexudicadas, incluso acusadas, ou persoas que denuncian en multitude de casos que están sufrindo indefensión, que por favor se apliquen á hora de negociar, a negociar con sentido común, con dignidade, pero que teñan vostedes dignidade coa corrupción estrutural que está sufrindo este país e as súas propias filas, e respecten a xustiza, os dereitos laborais e o dereito á folga. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Señor Moreira, non se pode negar que vostede é obediente; obediente ás consignas do señor Rueda e do señor Feijóo. Vén aquí para provocar de novo e atacar os sindicatos, cando debería de vir aquí para tender pontes e buscar acordos. Vostede vén a botar máis leña ao lume.

Ademais, están caendo na contradición permanente. Vostede dixo aquí que a última proposta da Xunta, do pasado 18 de abril, cumpría o acordo parlamentario que nos situaba nun posto cuarto no Estado, pero é que vostedes levan dicindo con todas as ofertas o mesmo, *(Aplausos.)* e a primeira oferta era a cuarta parte desta, e tamén cumpría o acordo parlamentario. ¡Pero como pode ser isto!

A realidade é que se a Xunta aumentou a súa oferta ao longo destes meses foi pola loita, e foi unha conquista gañada a pulso polo persoal da xustiza, facendo unha folga maioritaria, masiva e exemplar.

Con respecto ao Consello Galego de Relacións Laborais, vostede fálame aquí da presidenta, eu fálolle do que di a lei. A lei di: «Promover e facilitar a mediación e arbitraje previstos nos conflitos laborais por pedimento das partes interesadas».

O comité de folga xa o pediu reiteradamente, falta que o pida a Xunta de Galiza. Para tal fin, poderá efectuar propostas, recomendacións e ofrecementos de arbitrxes ou mediacións, en especial respecto dos conflitos de ampla repercusión na Comunidade Autónoma. E se hai un conflito de ampla repercusión na Comunidade Autónoma no que debe mediar o Consello é precisamente neste.

Mire, non lle imos aceptar a emenda, porque o Parlamento non lle ten que dicir ao comité de folga que ten que facer unha consulta, esa é unha decisión soberana e autónoma do comité de folga, que terá que decidilo cando o considere oportuno, non llo imos dicir nós aquí.

Con respecto á proposta de emenda do Partido Socialista, que é unha emenda de substitución, imos aceptala parcialmente, porque propoñemos unha transacción, de maneira que se recolla o primeiro punto; como primeiro punto a proposta que fai o BNG de solicitar a mediación e arbitraje do Consello Galego de Relacións Laborais na negociación entre a Xunta de Galicia e o Comité de Folga da Administración de Xustiza, e como segundo punto cumprir

o acordo unánime do Pleno do Parlamento do 19 de decembro de 2017, mantendo o diálogo permanente co comité de folga ata o restablecemento do servizo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Carlos Enrique López Crespo e sete deputados/as máis, sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia do Plan estratéxico da conserva, horizonte 2020, así como o inicio, en colaboración co sector, da elaboración e redacción do Plan estratéxico do conxelado, co horizonte en 2025

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Dolores Toja Suárez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Proponse unha nova redacción para a parte resolutiva da iniciativa, que terá o seguinte contido:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a desenvolver o Plan estratéxico da conserva horizonte 2020, que recolle as liñas principais para asegurar a competitividade e a viabilidade do noso sector cara ao futuro, dotando e executando orzamentariamente as partidas precisas no ano 2018; así como a iniciar, da man do sector, a elaboración e a redacción do Plan estratéxico do conxelado, co horizonte posto en 2025 e centrando os obxectivos na competitividade e na innovación deste eido produtivo, para determinar as oportunidades que se abren e fortalecer as liñas de traballo que permitan a expansión da produción e a obtención de maior valor engadido para os nosos produtos».)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada María Montserrat Prado Cores, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir ao final da parte resolutiva o seguinte texto:

«As axudas públicas vinculadas a este plan sempre estarán vinculadas ao mantemento do emprego en Galiza, a impedir a deslocalización das empresas e a subcontratación de tarefas, e conlevará estabilidade no emprego e non contratación a través de ETTs nin abuso da figura das fixas discontinuas.

O Goberno galego presentará neste período de sesións:

- Estratexia para o incremento dos produtos autóctonos, tanto da pesca como do marisqueo, destinados á conserva e ao conxelado.

- *Estratexia para a mellora das condicións laborais das traballadoras do sector así como o aumento dos postos de traballo no mesmo.*

O Goberno galego procederá á elaboración, en diálogo co sector e coas organizacións políticas, do Plan Estratéxico do Conxelado, e presentará o mesmo no Parlamento galego, antes de finalizar o presente ano 2018».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Esta última PNL desta sesión plenaria ten que ver co sector do mar, ten que ver co sector da transformación do peixe, ten que ver con emprego, con economía, con desenvolvemento de Galicia, con calidade e cunha parte moi importante desta Comunidade Autónoma.

Hoxe dende esta Cámara queremos darlle un pulo definitivo ao Plan estratéxico da conserva, horizonte 2020, e queremos instar a elaboración do Plan do conxelado, co horizonte posto en 2025. Polo tanto, falamos tamén de futuro, falamos de garantía, de solvencia, de sectores estratéxicos en Galicia.

Dende o Parlamento queremos expoñer as liñas coas que a Xunta de Galicia e a Consellería do Mar teñen que colaborar coa empresa dedicada a este punto, teñen que facer unha conexión fundamental para que isto se desenvolva, para xerar emprego e para xerar riqueza nesta Comunidade.

Antes de explicar ben as liñas ou as medidas fundamentais para o desenvolvemento dos plans da lei, algúns datos que xustifican esta proposta, que xustifican a necesidade —e case a obriga— de que dende este Parlamento saiamos adiante con esta PNL e que a Xunta colabore co sector.

Imos cos datos, España neste caso é o primeiro país produtor de conservas e semiconservas de pescado e mariscos da Unión Europea, e segundo a nivel mundial, e á súa vez Galicia é a principal Comunidade Autónoma española en produción de conservas, de pescados e mariscos, e a produción galega representa o 86 % do volume producido a nivel nacional, e non só iso, senón que Galicia é a primeira rexión europea e a segunda no mundo na produción de conservas de peixe e marisco.

O 41,4 % das fábricas de conservas españolas están en Galicia, iso son 60 das 145 totais que hai en España, e convén ollar cara ao bo comportamento deste sector nos últimos anos, que parece non deixar de medrar.

Se 2016 era un ano positivo e falabamos de que a produción da conserva en Galicia foi de 301.397 toneladas, constituíndo o 86,5 % en toda España, no ano 2017 falamos de que se incrementan en canto á economía, e o sector en España supuxo un total de 1.603 millóns de

euros, aumentan en 300,3, 1405 toneladas, e un 5,5 % con respecto ao ano anterior, polo tanto, en suma, isto achega ao PIB galego deste sector un 3 %.

Se falamos de aumento na cantidade e no valor económico, falamos tamén, polo tanto, de emprego, que é un dos factores máis importantes desta PNL, que tamén presentan outros grupos, ademais fan referencia nas súas emendas. Un sector que no ano 2017 deu emprego en todo o país a 15.500 persoas, e o 80 % deses empregos foron en Galicia, ou, o que é o mesmo, 12.500 persoas traballando no sector da conserva, e ademais a maioría delas mulleres.

No que respecta ás exportacións de conserva, España pasou de exportar 175.875 toneladas en 2016, a 191.802 en 2017, iso é un 9,7 % máis, aumentando un 17,9 % o seu valor.

Pero é que os datos en Galicia, como dixen, seguen aumentando e tamén hai que falar das exportacións, porque as exportacións na conserva, igual que noutros campos e outros sectores, se están desenvolvendo nun marco moi positivo; saberán vostedes que temos un contexto favorable, un contexto moi positivo, porque Galicia volveu ter o seu propio récord nas exportacións no ano 2017.

Por terceiro ano consecutivo conseguimos ser a segunda Comunidade Autónoma con maior superávit, datos do ICES, datos do informe de Comercio Exterior de Galicia en 2017; polo tanto, iso reflicte que as exportacións de bens superaron o pasado ano a barreira dos 21.000 millóns de euros, de forma que Galicia está entre as comunidades españolas que máis exportan. Iso ten moito que ver e é moi importante co sector da conserva e co sector do conxelado.

Estes resultados son froito de moitos factores, pero o traballo da Xunta de Galicia por suposto que está presente. ¿E como está presente? ¿Por que? Por un lado traballando na mellora da comercialización. No eido da comercialización a Consellería do Mar aumentou o orzamento para mellorar este ámbito e esta comercialización dos produtos un 40 %, máis de 9 millóns no ano 2018. Dentro da comercialización é fundamental o investimento destinado á asistencia ás principais feiras internacionais no sector marítimo-pesqueiro, unha representación da Xunta de Galicia, a conselleira, está na Seafood de Bruxelas falando, precisamente, deste tema e vendendo os nosos produtos.

Sinalar que para este ano se destinan un total de 2 millóns de euros, un 15,3 % máis que en 2017, e se botamos a vista atrás un 21,6 % máis que no ano 2009. Polo tanto, a comercialización e a venda dos nosos produtos fóra é moi importante porque sabemos que o retorno sempre é maior.

Ao longo deste ano a Consellería do Mar estará presente en doce feiras nacionais e internacionais de pesca e alimentación, co obxectivo de axudar a industria a ampliar os seus contactos comerciais e expandir a súa actividade.

Outro traballo importante, outra pata na que se apoia a Xunta de Galicia para traballar con este sector é co Plan da conserva. ¿Que fixo para elaborar este plan da conserva?

En primeiro lugar, unha revisión da situación na que se atopaba o sector, e revisou os cambios producidos na súa estrutura, coñeceu os principais retos que se deben afrontar para afianzar a súa posición en pleno século XXI no mercado internacional, e para iso a Xunta, a través da Consellería do Mar, encargou un informe, un estudo ao Cetmar, un plan estratéxico da industria conserveira, requirindo, ademais, a implicación da industria a través de Anfac-Cecopesca.

A conclusión despois dos estudos, de facer a diagnose, foi a seguinte: unha misión e unha visión.

A misión foi ser o instrumento para aumentar o peso da industria conserveira no conxunto da economía galega, mellorar a posición competitiva nos mercados internacionais e propiciar o mantemento da capacidade produtiva e do emprego asociado a esta actividade en Galicia. Ninguén dubida xa da calidade do produto, agora hai que intentar que se coñeza en cantas máis partes do mundo mellor.

A visión, a visión é consolidar o liderado da industria conserveira galega como maior e máis eficiente produtor mundial de conservas de peixe e de marisco de alta calidade no mercado global.

¿Que abrangue o Plan da conserva? Falamos, en resumo, de seis medidas deste plan, que vostedes poderán consultar. As medidas, en primeiro lugar, destinadas a manter e facilitar as condicións de acceso ás materias primas —empezamos sempre dende o principio—; as medidas para consolidar as estruturas empresariais existentes, e incluso melloralas; as medidas orientadas a reforzar a internacionalización e a actividade exportadora; as medidas destinadas a consolidar a reputación do produto, das marcas e da produción; as medidas para reforzar a competitividade, mediante as actividades de I+D+i, que non paran de medrar; e, en sexto lugar, as medidas orientadas a garantir a continuidade e/ou o crecemento e a estabilidade e calidade do emprego.

Como comecei, remato falando deste Plan da conserva, o emprego é un dos puntos máis importantes deste plan, e a consolidación e o aumento neste ámbito.

Temos que ser conscientes, e de seguro que nesta Cámara somos todos conscientes, de que isto é parte dun conglomerado de transformación no que ao peixe se refire, e que iso nos fai ser líderes.

Por iso, para seguir avanzando e para manter este liderado, para manter este posicionamento, cómpre iniciar da man da outra parte do sector transformador a redacción do Plan estratéxico para o conxelado tamén, coa vista posta no ano 2025.

Nós, dende o Grupo Parlamentario Popular, cremos que sería moi beneficioso inicialo da man do sector, inicialo da man de Conxemar á cabeza, como representante máis importante do sector do conxelado —de xeito voluntario, por suposto—, e as cifras que animan, e as cifras tamén que xustifican este traballo, serían as seguintes: Conxemar reúne máis de 200 empresas do sector, é un instrumento de cohesión que presenta unhas cifras de facturación

de máis de 7.500 millóns de euros e xera algo máis de 16.000 postos de traballo directos, e ademais temos que incidir en que a feira internacional do conxelado se celebra en Galicia, se celebra en Vigo. A Xunta traballa tamén na mellora das instalacións para que esta feira saia adiante coa ampliación do Ifevi, pero é que iso é un día, ou tres días, un momento por todo o traballo de todo un ano e de toda unha industria que ten detrás o sector do conxelado.

Por todo o exposto, cremos que estamos ante unha grande oportunidade de darlle un impulso ao Goberno galego para que siga traballando nestas áreas, para que siga traballando na mellora e modernización dos métodos de desenvolvemento e lle dea a importancia que merecen — máis que xustificada cos datos que acabo de presentar — aos plans citados da conserva 2020 ou do conxelado 2025.

Polo tanto, sería moi beneficioso para todos que esta iniciativa saíse de aquí aprobada por unanimidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Efectivamente, estamos diante da última proposición non de lei da mañá.

É verdade que eu teño que seguir incidindo no tipo de iniciativas que trae o Partido Popular, porque nos trae esta proposición non de lei onde insta a Xunta de Galicia a desenvolver o Plan estratéxico da conserva. Un plan estratéxico que a conselleira presentou en agosto do ano 2017, da man dos representantes da industria, e un plan estratéxico onde xa se falou do que hoxe nos expuxo aquí a señora deputada, co cal temos que chegar, como mínimo, a dúas conclusións. Ou que se supón que non se está a desenvolver ese plan estratéxico presentado hai xa cinco-nove meses máis ou menos, que non se fía, que non o están facendo, ou que necesitan vir aquí a ver se non temos memoria histórica, se non temos hemeroteca, e parecer que están instando o Goberno. Primeira cuestión.

Por iso, non vou falar de que é un sector estratéxico o da conserva para Galiza, é evidente. Nin vou desmentir os datos aos que aquí se referiu. Eu si que lamento que podía ser máis estratéxico, que podía xerar bastante máis emprego, se non se tomasen as decisións que se teñen tomado e que representaron unha mingua do sector. E, sobre todo, un sector tremendamente feminizado que era un sector tractor para o emprego feminino. E eu son dunha comarca como é o Salnés, onde os pasos dados polo Partido Popular supuxeron unha redución dramática de postos de traballo.

Por iso dicía que o BNG presentou unha emenda na que demandamos que este Parlamento recepcione parte desa estratexia. É dicir, non é poñer deberes, é que neste período de sesións se presente a estratexia para o incremento dos produtos autóctonos, tanto da pesca como

do marisqueo, destinados tanto á conserva como ao conxelado. Porque, claro, unha das cuestións é que, dentro desas estratexias que vostede aquí acaba de definir —e logo irei ao tema do emprego—, non hai ningunha estratexia para que a conserva faga de tractor do aumento de consumo de produtos propios nesa conserva. Sabemos que unha parte importantísima é o atún, e a outra parte moi moi importante son produtos que se envasan aquí nunha parte, pero outra, dende logo, son produtos de fóra, co cal non vemos dentro desa estratexia unha parte que vaia destinada ao aumento do consumo propio.

Logo, outra parte moi importante da nosa emenda é que as axudas públicas destinadas a este plan estean sempre vinculadas ao mantemento do emprego en Galiza, a impedir a deslocalización das empresas e a subcontratación de tarefas. Porque, evidentemente, palabras moi importantes desa estratexia son: internacionalización, innovación e demais, pero, claro, unha das nosas preocupacións é onde vai destinada esa internacionalización, esa innovación, e onde se destinan eses postos de traballo.

Sabe vostede que unha parte moi importante se está deslocalizando. Sabe vostede que unha parte moi importante dese traballo xa se está encargando fóra de Galiza, por exemplo, en Portugal. E nós o que queremos é que os cartos públicos que se destinen a esta estratexia nunca vaian destinados a crear emprego fóra de Galiza. Parécenos lóxico que os cartos públicos se dediquen a crear emprego en Galiza; que as axudas públicas estean vinculadas a xerar emprego e estabilidade no emprego en Galiza.

¿E por que poñemos esta emenda, señora deputada? Porque vostede fixo referencia aquí a que unha parte desa estratexia está dirixida a xerar emprego e estabilidade, pero en ningún momento houbo ningunha interlocución nin coas traballadoras —fundamentalmente son traballadoras— nin coas súas representantes sindicais. Resulta que vostedes soamente consensúan, falan e teñen interlocución coa parte da industria.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ¿E que pasa coa parte sindical e coas traballadoras e traballadores? Resulta que nunca teñen un momento para falar con elas.

E logo, outra parte da emenda que presentamos o BNG é que o Goberno galego proceda á elaboración, en diálogo co sector e coas organizacións políticas, do Plan estratéxico do conxelado e á presentación neste Parlamento antes de que finalice este ano 2018. Un pouco de deberes, porque vir aquí con iniciativas botafumeiro...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...para non dicir nada, como comprenderá...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: Este Parlamento terá que recepcionar algo desa estratexia e terá algo que dicir.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Co cal, agardo que...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...acepte a emenda do BNG.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Toja.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, señor presidente.

Bo día.

Hoxe falamos da conserva. É unha mágoa que o PP non demostrase tanta preocupación por conservar o peixe como demostrou por conservar algúns vídeos dende o 2011. (*Aplausos.*) Porque xa sabemos que cando o PP se pon a destruír, é capaz de destruír o mesmo disco duro 6 ou 8 veces. ¡É unha mágoa! O certo é que si.

Por certo, tamén me pregunto eu cando van dimitir os compañeiros do PP que gardaron esa copia e sabían que existía dende o 2011.

Pero, como dicíamos, falamos da conserva, e hoxe aquí o PP tráenos unha iniciativa. Fixemos unha emenda, efectivamente, e a nosa emenda simplemente é para que se poida facer realidade esa iniciativa que o PP presenta. Sen a nosa emenda entendemos que non podería ser posible, porque o que pedimos é respaldo orzamentario. Se se vai facer un plan, que se doten unhas partidas, que se executen esas partidas xa no ano 2018. Sobre todo porque este plan xa foi amplamente anunciado no ano 2017 polo PP, amplamente anunciado.

Preocupáronse de que saíra en todos os medios, de que fora recollido, pero esqueceron outra cousa importante, que foi desenvolver o plan. Non é a primeira vez que ocorre, ocorreu outras veces, e tampouco é o primeiro plan estratéxico que fai este Goberno para a conserva. De feito, se entramos na páxina web, na páxina oficial da Xunta de Galicia, podemos atopar isto: «Rosa Quintana define o Plan estratéxico da conserva como a mellor aposta para consolidar o sector.». Isto podería ser perfectamente unha noticia de actualidade, unha noticia de hai uns días, pero se lemos a data é do 18 de setembro de 2010. Entendemos que pode haber máis dun plan estratéxico, por suposto, sabemos de máis de un ou dous; pero o que tamén sabemos e entendemos é que hai que executalos, e para executalos fan falla partidas orzamentarias e, sobre todo, executalas —repetimos—.

En relación con iso, gustaríame falar uns segundiños do Programa 723A, o programa de competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura, no que se

recollería precisamente este plan estratéxico. Aquí o ven, en amarelo está o crédito vixente, é dicir, o que se podería facer —en amarelo—; en verde está o crédito executado, é dicir, o que realmente se fixo. En amarelo o que se pode e en verde o que se fixo. E, como poden ver, entre o ano 2010 e o ano 2014 non se chegou a executar nin sequera o 30 %, nin sequera unha terceira parte do orzamento posible.

No ano 2017, que é este que acabamos de pechar agora, orzamentouse unicamente un 37 %. Polo tanto, de aí a nosa insistencia e a nosa emenda, cando dicimos: os plans, si, pero hai que darlles un respaldo orzamentario e executar as partidas que se doten. Por tanto, entendemos que non terán ningún problema —sobre todo porque é moi beneficioso que vaiamos todos xuntos de cara a este tipo de iniciativas, como vostede ben dixo— en aprobar e aceptar a nosa emenda, como lle dicía, porque está moi ben saír nos medios e explicar o que van facer, pero pensamos que está moito mellor facelo.

Para acadar eses obxectivos que explicaron nos medios —como formación, competitividade, viabilidade, internacionalización, etc.—, todos estes obxectivos que recolleron, é importante ter cartos. E a min dáme moita pena ser aquí a pragmática que fale deste tema, que me parece así ata un pouco... non sei, mundano, falar de cartos, pero si, porque se non hai cartos, non se poden facer as cousas.

O certo é que a Xunta hoxe aproveita o bo momento polo que pasa o sector para anunciar un plan estratéxico. Pero este sector ten os mesmos problemas que calquera outro sector, que son consecuencia das políticas do PP. Falo, por exemplo, do solo industrial, de I+D+i, de cobertura de TIC, enerxía, financiamento... Porque para aquela idea de «Pensa global e actúa local», que ao final está intimamente ligada á internacionalización, a cobertura de TIC, por exemplo, é fundamental, e tamén o I+D+i. Polo tanto, fagan algo, recollan a nosa emenda.

Hoxe traio tamén unha noticia recente dun medio —que sei que estas cousas lles encantan cando traemos noticias, e vostedes traen moitas— que di que o novo padrón de Galicia «*deja a Galicia a punto de bajar a 2,7 millóns de habitantes*». Claro, dende que goberna Feijóo reduciuse a poboación en 100.000 habitantes. Ao mellor están dicindo: ¿de que fala esta? ¡Home!, é que se non hai posibilidades de emprego, a xente marcha, e ese é o problema que temos. (*Aplausos.*) Por iso, comprendo que non o entendan, pero somos a segunda comunidade con menos poboación estranxeira. Todos sabemos que os estranxeiros van precisamente aos mercados máis dinámicos, aos mercados onde hai oportunidades laborais. E Galicia precisamente —poden lelo nesta noticia— é a segunda que menos estranxeiros recibe.

Polo tanto, só unicamente apuntar que, respecto da segunda parte da emenda, incorporamos a innovación, porque a poboación mundial estímase que para o 2050 será de 9.000 millóns de persoas; agora é aproximadamente de 7.000 millóns de persoas, vai haber unha explosión demográfica —non en Galicia, quedou claro—, e para iso vai ser preciso incrementar os recursos naturais...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora TOJA SUÁREZ: ...os recursos alimentarios. Polo tanto, por iso incorporamos esa parte na nosa emenda, xa que a innovación vai ser un factor imprescindible.

Como é moi beneficioso —como vostede dixo— que vaiamos todos xuntos da man, entendemos que non terán ningún problema en aceptar a nosa emenda.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

Grupo parlamentario de En Marea, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados e deputadas, atopámonos unha vez máis con outra iniciativa-recheo do Partido Popular que non di nada. Tivemos a dos descartes e agora temos esta, que o que amosa é que o Partido Popular de Galicia está aburrido de gobernar. Está tan aburrido de gobernar, ten tal desidia ou están tan dispersos noutras cuestións que lles están pasando, do festival de corrupción e do festival preestival dos seus casos famosos, que xa non teñen ningún tipo de ganas de gobernar nin de traernos nada que diga algo que realmente axude os sectores produtivos e que cumpra coas responsabilidades que teñen que cumprir.

Podemos falar de certos datos de interese para poder argumentar un pouco por que dicimos isto dende o Grupo de En Marea. O que está claro é que a industria conserveira leva máis de tres anos incrementando a súa facturación e beneficios —a mesma señora Egerique o explicou aquí moi ben—, un 3 % do PIB, datos macros, e evidentemente nós queremos que á industria conserveira lle vaia ben, é obvio que queremos que lle vaia ben porque moitas temos a moita familia traballando nas conserveiras, sobre todo mulleres, o que pasa é que isto non é correlativo co número de empregos, que está en proporción bastante conxelado. Incluso se comparamos estes datos do PIB cos datos do emprego, pódese ver unha tendencia á redución máis que ao incremento nalgúns casos concretos. É certo que os datos de Anfacó sitúan en 2008, 10.050 traballadoras, e en 2017, 11.637. Pero aí do que non se fala é, por exemplo, da industria conserveira pechada durante o Goberno Feijóo, como poden ser Conservas Alonso, Calvo Esteiro ou Conservas Cuca. Algo do que realmente, ademais, xa se falou neste pleno, do caso de Calvo Esteiro, que deixaba esa comarca nunha situación dramática, sobre todo, sabendo os problemas de arraigo que hai na poboación, a situación das vías de comunicación e o problema laboral que temos en certas zonas que non son tan urbanas. Polo tanto, para nós calquera proxecto de mellora da industria conserveira debера ter como obxectivo, en primeiro lugar, incrementar con base nestes datos e beneficios, e este 3 % do PIB, o número de postos de traballo en proporción a ese 3 % do PIB, e non soamente ao beneficio das empresas.

Xa non falemos das condicións laborais dos empregados e empregadas da conserva. Hai pouco estivemos en Pontevedra nun encontro con traballadoras da conserva e a situación de precariedade e de falta de condicións mínimas de traballo que viven é dramática. No caso das mulleres, escoitamos casos que realmente arrepían. A min xa me eran sobradamente

coñecidos por todas as miñas familiares que traballan na conserva, pero escoitalo de primeira man non deixa de sorprenden cando se ve que é algo totalmente xeneralizado, non é acoutado a unha industria, a unha fábrica en concreto.

Outra das cuestións fundamentais a tratar é incrementar as especies obxectivo e, polo tanto, a pluralidade de produción da nosa conserva hoxe. O 60 % da conserva que se produce en Galicia é de túnidos, un monocultivo na conserva que ten varios riscos: a competencia desta conserva en Asia é descomunal, e dependemos da normativa europea para evitar o dumping social das conservas asiáticas. Polo tanto, o futuro deste sector depende da acción de protección da Unión Europea fronte ao modelo de produción e captura asiático, e vemos a inacción absoluta do Goberno Feijóo, que —repetimos— o seu fastío por gobernar ten claras consecuencias nos descartes e nisto tamén. Despois virán *in extremis* dicir que temos que facer algo contra a competencia asiática, intentando acordos que non teñen ningún sentido.

Unha boa parte do produto que transforma a industria conserveira non se pesca en Galicia nin pola frota galega. O cambio da normativa europea, promovido polo Partido Popular, permite que hoxe a maior parte do atún en conserva que se produce en Galicia veña xa preparado de fóra, e o único que se fai entón aquí é envasalo, e precisamente o proceso que menos emprego xera é o de envasar. Entón, nós queremos saber como vai combater a Xunta isto. Ademais, este tipo de conservas soamente utiliza o bo nome dos produtos galegos e da marca Galicia no tema do peixe e da conserva para mellorar as expectativas de venda do seu produto, pero non do produto galego. Soamente producimos un 7,35 % da conserva de mexillón, sendo os maiores produtores, e, en moitos casos, o mexillón nin sequera é galego, que é, sobre todo, mexillón chileno. Debemos recordar a necesidade de mellorar o proceso de persecución e de evitar a fraude na etiquetaxe, a fraude na venda dos produtos e tamén na conserva. E que non se venda como galego algo que non o é; algo que non se recolle na súa proposta.

Por último, e xa remato, como vostedes teñen maioría absoluta e fano todo tan ben, non creo que necesiten ningunha unanimidade porque, de feito, a oposición non veu aquí apoiar as medidas e o programa do Partido Popular, como é obvio, porque non nos votaron para iso, e cando se piden consensos son para facer cousas, non para traer medidas recheo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...e medidas que non din absolutamente nada, como neste caso.

Dito isto, se aceptan a emenda do Bloque Nacionalista Galego, a nós poderíanos servir para apoiar esta iniciativa, se non, non a imos apoiar. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Afortunadamente para o sector da conserva, para o sector do mar, para o sector do conxelado, temos maioría absoluta, porque, se non, a ver onde ían parar, e non poderían tirar como tiran, e os datos non serían tan positivos como os que expuxen na miña primeira intervención.

Señora Toja, eu viña con toda a boa vontade de aceptar a emenda. A verdade é que a súa emenda resulta simpática porque, cando menos, pide que se engada o valor económico, pero vostedes fixeron o mesmo, un pequeno borrador, non o fixeron cando gobernaron. Nós estabamos con toda a vontade de admitir esa emenda, o que pasa é que vén vostede aquí a falar de vídeos. Os vídeos son moi importantes, si, os de seguridade, tamén os do Parlamento, tamén os dos párkings. Hai que revisar todos os vídeos de seguridade sempre, é moi importante revisar os vídeos de seguridade. Si, señora Toja. *(Aplausos.)* E vostede vén aquí enlamar, vostede vén aquí falar doutros supostos, non se centra no tema, entón, non imos aceptar a emenda. E non imos aceptar a emenda porque o plan da conserva xa ten presuposto, xa está orzamentado, xa está perfectamente planificado co propio sector, e agora temos que darlle pulo, como dixen, ao plan do conxelado, que tamén é moi interesante.

En canto á emenda do Bloque Nacionalista Galego, hai varios puntos. As axudas públicas deste departamento xa recollen o mantemento do emprego e, ademais, que a actividade permaneza na nosa comunidade. Ese é un factor que ten que ser requisito indispensable para acceder a esas axudas. Polo tanto, iso xa se está cumprindo.

Vostede falou tamén na intervención, e falou tamén a señora Santos, da necesidade de produto galego. Pero é que o propio sector, a propia conserva, demanda moito máis produto do que hai. O 70 % son túnidos e non hai en Galicia. Polo tanto, sería afogalo. Se vostede reduce o produto soamente a Galicia... O propio sector do conxelado e o sector da conserva demandan produtos que non dan abasto en Galicia pola cantidade que producen e que transforman. Polo tanto, aí hai unha contradición e non podemos aceptar iso porque probablemente estaríamos afogando a industria e poderíamos perder postos de traballo.

E pasamos xa ao seguinte punto, que é o que respecta á mellora das condicións laborais. Si é verdade que é un sector tractor para o emprego feminino, e teña vostede toda a tranquilidade de que con este plan e con este goberno da Xunta de Galicia seguirá sendo un sector tractor para o emprego feminino. ¡Claro que si, que o seguirá sendo! Ademais, temos ese compromiso e ímolo cumprir.

Por último, non consideramos axeitado fixar datas para este tipo de plans estratéxicos. Xa dixemos que van da man do propio sector. Vostedes son moi de impoñer o seu criterio, de dicir exactamente como teñen que ir as empresas e os sectores polo camiño que van. Pero nós non recorreremos sempre á imposición, polo tanto, queremos dar pulo, queremos ir da man e queremos traballar, pero ao ritmo e coas necesidades que en cada momento se demandan.

Polo tanto, imos rexeitar as emendas. E dígolle á señora de En Marea, vostede non sei se pertence ao mesmo grupo que onte pedía que non enlamarámos nos debates, que nos centrásemos moito nos temas, que fósemos serios. E ademais dígolle unha cousa: antes de falar, ten

que mirar vostede un pouco tamén o seu grupo e o interior do seu grupo aquí en Galicia. Entón, aposte pola conserva. Sempre vai ao plano persoal. Está moi ben, se vostede apoia o sector e aposta polo sector, debería apoiar esta iniciativa. E teña coidado co que di porque, ás veces... Nós estamos aínda esperando o segundo capítulo da telenovela de En Marea, Podemos, Anova, etc., a ver que vai pasar cos deputados. Así que vostede teña coidado tamén moitas veces...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ...cara a onde enfoca o tiro. Céntrese en Galicia, no sector da conserva e no sector... *(A señora Egerique Mosquera pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique. Grazas.

Rematado o debate, imos proceder ás votacións. Pechen as portas, por favor.

Eu creo que podiamos votar hoxe, tendo en conta que vostedes teñen o guión e saben cales son todas as proposicións non de lei que debatemos, para non ter que delas todas.

Comezamos votando a última que se debateu, porque é a orde natural que había segundo o guión, pero houbo unha alteración na orde do día.

Entón, comezamos votando a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular a través da súa deputada señora Egerique, que non acepta as emendas, xa manifestou que non as aceptaba.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Carlos Enrique López Crespo e sete deputados/as máis, sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia do Plan estratéxico da conserva, horizonte 2020, así como o inicio, en colaboración co sector, da elaboración e redacción do Plan estratéxico do conxelado, co horizonte en 2025.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 11; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea a través do seu deputado don Marcos Cal.

Perdón, dixo que aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e que non aceptaba a votación por puntos.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Marcos Cal Ogando e D. Antón Sánchez García, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa suba das tarifas das peaxes da AP-9 prevista para o ano 2018 con motivo das obras de ampliación da autoestrada na ponte de Rande.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista a través da súa deputada dona María Luisa Pierres, que non aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Había unha proposta de transacción do Grupo Parlamentario Popular, entendín. ¿Non a hai? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non hai. Pois entón, votámola tal e como está redactada.*

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e catro deputados/as máis, sobre a posta en marcha polo Goberno galego das actuacións necesarias para acadar, antes do remate do 2018, a gratuidade do transporte público regular de viaxeiros por estrada competencia da Comunidade Autónoma para as persoas mozas, en condicións semellantes, cando menos, ás da Tarxeta Xente Nova.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista a través do seu deputado don Luis Manuel Álvarez Martínez.*

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e dous deputados/as máis, sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia, antes do remate do primeiro período de sesións de 2018, dun informe respecto da aplicación, durante o curso 2016-2017, do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia, así como das modificacións necesarias para a consecución dos seus obxectivos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario... (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Perdón? ¿Perdón?, ¿si? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¿A que vén agora? Son dous puntos. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) É que vostede na súa dixo que non aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario Socialista e aceptaba a do Grupo Parlamentario de En Marea, e agora pide a votación por puntos. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Vostede dixo que aceptaba a de En Marea pero non aceptaba a dos socialistas. (A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)

¿Como, como...? O micrófono, por favor, é que non a escoito.

A señora PRADO CORES: *Acepto a emenda de En Marea e quero votar... (Interrupcións.) Simplemente quero votar por separado o primeiro punto da iniciativa, e logo...*

O señor PRESIDENTE: *O resto, coa incorporación da emenda.*

A señora PRADO CORES: *Si, efectivamente.*

O señor PRESIDENTE: *Perfecto.*

Votamos, en primeiro lugar, o punto primeiro desta proposición non de lei.

Votamos.

Votación do punto primeiro da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para incrementar a contía do Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas, e solicitar do Goberno central o incremento das pensións non contributivas ata a contía equivalente ao salario mínimo interprofesional.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora o resto de puntos coa incorporación.*

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, agás o punto primeiro, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para incrementar a contía do Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas, e solicitar do Goberno central o incremento das pensións non contributivas ata a contía equivalente ao salario mínimo interprofesional.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea a través do seu deputado don Luis Villares Naveira.*

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para solicitar do Goberno central a modificación das bases das convocatorias dos organismos autónomos adscritos ao Sistema nacional de saúde para garantir a inclusión de cláusulas de non-discriminación polo exercicio de dereitos laborais por razón de maternidade e a revisión de procedementos administrativos firmes e non firmes onde se puidese ter dado unha situación de discriminación.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 68.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, iniciativa de dona Marta Rodríguez Arias, que acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista e non a do Grupo Parlamentario de En Marea.*

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia por iniciativa de D^a Marta Rodríguez Arias e oito deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da posta en marcha, en coordinación coas comunidades autónomas e os concellos, da tarxeta social universal.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 51; votos en contra, 17 e ningunha abstención.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos, por último, a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que manifestou que non aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario Popular pero había unha proposta de transacción co Grupo Parlamentario Socialista. Se a coñecen os grupos... ¿Coñecen a transacción? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Lea. ¿Xa a leu?

O señor BARÁ TORRES: Xa a lin antes.

O señor PRESIDENTE: Perfecto. Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a solicitude polo Goberno galego da mediación e arbitraje do Consello Galego de Relacións Laborais na negociación entre a Xunta de Galicia e o comité de folga do persoal da Administración de xustiza.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Hai que pedir un esforzo porque, se non, desaxustamos a axenda de todo. Volvemos ás catro e media. Ademais hoxe hai moita cousa importante.

Suspéndese a sesión ás tres e media da tarde e retómase ás catro e trinta e catro minutos.

O señor PRESIDENTE: Reiniciamos a orde do día coas interpelacións.

Interpelación de D. Antón Sánchez García, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación co impacto medioambiental das verteduras de augas residuais procedentes de explotacións mineiras

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boa tarde.

Boa tarde, señor conselleiro.

Hoxe imos falar máis de vagar do que acontece co control ambiental da minería en Galicia e da falla de transparencia da súa consellería do que falamos o outro día.

No Pleno pasado relateille unha serie de feitos ocorridos nos últimos meses que deixan á vista un panorama para nós realmente preocupante. A Xunta de Galicia non exerce a súa

función de control sobre os impactos ambientais da actividade mineira, máis ben ao contrario, serve de parapeto, tratando de bloquear o labor dos colectivos e das persoas que fan labor de protexer o medio ambiente, de protexer o país, persoas que deberían de ter a súa colaboración e o seu respaldo e non o seu boicot constante. Vostedes non controlan e pretenden entorpecer o traballo desta xente.

Por exemplo, faláballe da denuncia da Fiscalía, interposta no xulgado de Noia, sobre a situación das minas de San Fins. Decía esta denuncia da Fiscalía que acordaba a apertura de dilixencias penais e trasladaba ao xulgado as graves irregularidades atopadas na mina de San Fins para continuar a súa investigación. Advertía a Fiscalía da discutible actuación da empresa, pero tamén da Xunta de Galicia, non descartando que se cometese un delito contra o medio ambiente e os recursos naturais. Advirte, así mesmo, de varias irregularidades, unha das cales sería a vertedura de augas industriais ao dominio público.

A empresa reconece este feito, que xa se producira durante décadas, e como lembra a Fiscalía, ante as reiteradas denuncias, tanto a denuncia como as dilixencias incorporáronse ao expediente de autorización da vertedura, en vez de tramitarse co correspondente expediente sancionador.

A Fiscalía subliña que, habendo verteduras de augas residuais industriais, nunca foron sancionadas ata o momento por Augas de Galicia. ¿É certo isto, señor conselleiro? ¿É certo que nunca houbo un expediente sancionador e nunca se sancionou a empresa polas reiteradas verteduras contaminantes durante décadas aos regatos da contorna, a pesar de que superaron en moitos puntos os límites permitidos?

A Fiscalía volve sinalar á Xunta ao destacar que, malia formar parte das instalacións mineiras, a autoridade mineira non lles exixiu aos sucesivos titulares a restauración e o control de dúas balsas de residuos. Lembra o colapso dunha das presas e a contaminación provocada, e que dende a Dirección Xeral de Minas non se obrigou á restauración. Considera que este proceder é cando menos cuestionable.

Señor conselleiro, ¿por que nunca se actuou para que esas balsas se restauraran e non suxuxesen un perigo para o medio? ¿Por que, señor conselleiro, nunca se actuou contra as actuacións desta empresa? ¿Vostede considera que están a cumprir co labor de control desta actividade?

O Valedor do Pobo do Estado, o Defensor del Pueblo, teno moi claro. No informe do ano 2017 fala ben ás claras: «O informado pola Consellería de Economía non acredita o correcto exercicio das potestades que ten atribuídas para garantir que a minería se desenvolva de xeito sostible e con respecto ao medio ambiente.» Dío o Defensor del Pueblo no informe de 2017.

E di máis: «No caso das actividades extractivas no val de Valdeorras, dirixíronse varias resolucións á Consellería de Economía e de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para que avalíen os efectos sobre o ambiente da actividade extractiva, incluídas as afeccións ao dominio público hidráulico; que decidan as medidas correctoras que deban adoptarse e identifiquen ao responsable da súa adopción.»

Da información recibida, señor conselleiro, di o Defensor del Pueblo que se deduce que as administracións non coñecen con precisión o estado das explotacións mineiras nunha zona onde se desecaron cauces, contaminaron ríos e realizaron depósitos de residuos incontrolados.

¿Parécelle grave isto, señor conselleiro? ¿Parécelle grave o que está describindo o Defensor del Pueblo no informe do 2017? A nós, si. Pode ser que por habitual a vostede non lle pareza. A nós, si.

O informado pola Consellería de Economía non acredita o correcto exercicio das potestades que ten atribuídas polo ordenamento xurídico para garantir que a minería se desenvolva de xeito sostible con respecto ao medio ambiente, tal e como establece a Lei de ordenación da minería. Dío o Defensor del Pueblo.

A Consellería non informa con suficiente detalle sobre os resultados das inspeccións practicadas en relación co dano ambiental causado, nin do cumprimento polos operadores das obrigas ambientais impostas, nin tampouco sobre a suficiencia das garantías prestadas para acometer a restauración ambiental, nin sobre as actuacións realizadas en curso para reparar dito dano, nin das explotacións abandonadas.

Señor conselleiro, é moi grave o que está a dicir o Defensor del Pueblo, e xa dixo no 2014 algo parecido; é dicir, algo que pasa o tempo e segue na mesma situación.

Tamén acaba dicindo que, unha vez que se producen os danos, e cito textualmente as palabras do Defensor del Pueblo: «*Una vez producido el daño ambiental, la Administración suele encontrar graves dificultades para repararlo: la imposibilidad de encontrar al responsable, la insolvencia de estos, la prescripción de las infracciones o la caducidad de los procedimientos sancionadores.*»

Señor conselleiro, isto témolo denunciado nós. É dicir, moitas veces non se acometen os labores de restauración, non se controlan os vertidos, non se controla a contaminación, e ao final é o sector público, con diñeiro público, quen ten que acometer esas actuacións, e esa é unha parte ineludible do negocio do sector mineiro, de empresas como as que se queren implantar en Touro. Non sería negocio se tivesen que asumir as obrigas, tanto de control ambiental como de restauración, e por iso sistematicamente estas empresas están preparadas para non facelo.

Este é o informe do Defensor del Pueblo, que nos indica, evidentemente, esa situación de convivencia da Xunta de Galicia con estas empresas, o mesmo que a Fiscalía.

Tamén hai un labor de obstrución por parte da súa consellería, señor conselleiro. Un labor de obstrución que se traduce tamén en sentenzas como a do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de novembro do 2017, onde condena á Xunta de Galicia a ofrecer a información que lle foi negada á xente de Corcoesto dende o ano 2012. Estiveron cinco anos pelexando para poder acceder á información. Entre outras cousas, querían acceder a un informe sobre a perigosidade das balsas de residuos mineiros, señor conselleiro.

¿Vostede como valora esta actuación da súa consellería? ¿Vostede non cre que a súa consellería, ante a demanda de información, e a súa defensa da minería sustentable e responsable,

etc., non debería de ser a primeira interesada en ensinarlle toda a información a esta xente que a pide?

Supoño que vostede recoñecerá que unha persoa que viva en Corcoesto, á que lle pretendían instalar unha balsa de residuos de 80 metros de altura, teña inquietude e se preocupe por coñecer esa información. Pois esa xente foron unha e outra vez ás dependencias da súa consellería a tratar de conseguir esta información. Foilles denegada, e obrigóuselles a ir ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para conseguila, e vostedes foron condenados.

Eu creo que deberían, polo menos, pedir desculpas e facer propósito de emenda, igual que están facendo agora, nunha situación onde a ONU admite a trámite unha queixa pola obstaculización da Xunta ao acceso á información dos proxectos mineiros.

¿Vostede cre que esta xente recorre a todos estes sitios, ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, á ONU etc., por deporte? ¿Vostede cre que se vostedes lle deran a información á que teñen dereito, farían toda esta clase de cousas?

Ou, por exemplo, con Monte Neme, señor conselleiro. «Alerta en Galicia por augas tóxicas nas balsas da antiga mina.» O mesmo, denegación de información, danos ambientais e, aínda encima, a empresa pés en polvorosa e o diñeiro da restauración vai correr a cargo do diñeiro público da Xunta de Galicia. O pouco que se fixo, xa o fixemos con diñeiro público.

Por todo iso, señor conselleiro, ¿vostede cre que está a cumprir —e polo tanto pode discutirlle ao Defensor del Pueblo— coa súa obriga na defensa do medio ambiente na actividade mineira?

¿Por que nunca actuaron nin vostede nin a Consellería de Medio Ambiente contra as verteduras nos regatos das minas de San Fins denunciadas pola Fiscalía?

¿Por que nunca incoaron expedientes sancionadores contra as verteduras que hai en Touro, que deixan os regatos así, con esa cor, a mesma cor que deixaron os regatos das minas de San Fins, Santa Comba, Monte Neme? É a característica fundamental das drenaxes ácidas, que fan ademais que haxa suspensión de metais tóxicos.

Señor conselleiro, de todo isto que pasa, desta trama, deste *modus operandi* que vostedes teñen, ¿quen é o responsable? ¿Vostede? ¿Ou é o señor Tahoces e vostede mira para outro lado? ¿Vostede non cre que isto debe cambiar? ¿Vostede non cre que estes feitos son suficientemente graves como para que vostede pida desculpas e faga propósito de emenda?

Vostede dicía o outro día —e xa remato— que nós faciamos unha emenda á totalidade á actividade mineira. Se denunciar estas cuestións e querer que calquera actividade cumpra co respecto ao medio ambiente, e que a Xunta de Galicia cumpra cos criterios de transparencia e de defensa do medio ambiente, é ir contra o seu modelo mineiro, entón si que o facemos. Se vostede me está dicindo que simplemente reivindicar que vostedes cumpran coa lei e obriguen a facer os controis ambientais necesarios, e que obriguen ás empresas a acometer os seus labores de restauración necesarios, é ir contra o seu modelo mineiro, evidentemente estamos contra ese modelo mineiro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Sánchez, en primeiro lugar quero agradecerlle que volva traer este debate á Cámara, e que, polo tanto, me brinde a oportunidade de responder ás súas afirmacións. Sei que realmente non lle interesan. Sei perfectamente que En Marea está atrapada no tempo e que repiten continuamente informacións nesgadas, pero creo que, dende logo, si é unha oportunidade para trasladar unha mensaxe de confianza ao sector e aos galegos e galegas, porque esa mensaxe de confianza no sector parécenos especialmente relevante.

Cada pregunta súa entendo que sempre é unha boa ocasión para deixar claro que este Goberno, señor Sánchez, en primeiro lugar, defende o interese xeral; que ten un respecto ás institucións; e, sobre todo, que tamén cumpre as leis, aspecto que vostedes en ocasións parecen obviar. En calquera caso, xa lle adianto que a Xunta de Galicia non ten ningún tipo de conivencia, non participa en ningún tipo de trama, e gustaríame que se retirase esa referencia na súa intervención. En calquera caso, a Xunta de Galicia si que actúa con responsabilidade e con profesionalidade.

Hoxe volve intentar confundir, e volve intentar confundir, sobre todo, porque pretende trasladar unha visión interesada sobre os mesmos casos que citou o pleno pasado. Por iso, se lle parece oportuno, hoxe vou aproveitar eu a oportunidade de interpelalo a vostede, porque como parece claro que na interpelación cara ao Goberno as explicacións non eran suficientemente claras, imos cambiar o plantexamento e entón vouno interpelar, e así, caso a caso, podemos ir desbrozando cal é a situación real de todos os casos que vostede plantexa.

Mire, señor Sánchez, o espazo de Miramontes, en Santiago, ao cal tamén vostede fai referencia, sabe que non é unha actividade mineira dende hai máis dunha década. Sabe perfectamente que é un vertedoiro de residuos non perigosos e que conta, dende o ano 2008, cunha autorización ambiental integrada concedida, por certo, polo Bipartito, porque curiosamente vostedes si concedían autorizacións, si concedían permisos de investigación etc. E sabe, por outra banda, que hai unha empresa de elaboración de tecnosolos que conta coa autorización desde o ano 2015. En ambos os dous casos —xa que fala de controis— a Consellería de Medio Ambiente realiza inspeccións periódicas e atende as demandas da veciñanza, e de feito requiriron á empresa actuar para diminuír os olores e incoáronlle —señor Sánchez— dous expedientes sancionadores. Todo o sabe, e por iso a min me xorde a dúbida de por que segue co seu relato e, sobre todo, de por que está omitindo estes detalles. Dende logo, o Goberno vai seguir actuando con transparencia.

Respecto á minaría da lousa en Valdeorras, vostede vén aquí falar dun informe, efectivamente, do Defensor del Pueblo, pero vostede omite que ese informe xa fora respostado por

parte da Administración. E vostede sabe que esta consellería asumiu revisar os plans de restauración para reducir ao mínimo os efectos sobre o medio ambiente, e sabe que estamos actuando e que estamos adecuando as contías das garantías financeiras constituídas, e sabe, tamén, que o propio Defensor del Pueblo agradeceu a colaboración prestada pola Xunta de Galicia e que se aceptasen as suxestións que el mesmo ten formuladas. Pódeo ver na páxina web, e o que me pregunto e lle traslado é por que —sabendo que isto mesmo llo dixen a semana pasada— o esconde. O Goberno, señor Sánchez, vai seguir colaborando coas institucións.

Fálame de Nacións Unidas. Eu pregúntolle que por que pretende presentar a aceptación a trámite dunha petición como se fora unha sentenza, cousa que é bastante habitual no seu grupo parlamentario. A Xunta, evidentemente, respecta enormemente a solicitude de información e sabe que neste caso temos cinco meses para presentar alegacións. E xa lle dixen —e díxenllo a semana pasada— que se puxera á disposición das entidades ecoloxistas toda a documentación dos expedientes.

Xa que fala de deporte, o que lle pregunto a vostede, para intercambiar con vostede cal é a súa opinión, é, ¿que lle parece que estas asociacións, estas entidades que solicitan a información, aínda non se presentaran na Xunta de Galicia a consultar esa información? Esa é a pregunta. Polo tanto, señor Sánchez, eu non entendo cal é a súa motivación, se a transparencia ou seguir co relato contra a minaría. Eu xa lle adianto que o Goberno está, lóxicamente, coa transparencia.

Respecto á sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre o acceso ao expediente de Corcoesto, vostede omite, unha vez máis —porque en toda a súa intervención hai unha omisión permanente dunha parte da realidade—, que se presentou —curiosamente, señor Sánchez, ao mellor non sabe o dato, pero eu trasládollo— este recurso un ano despois de denegar o proxecto. Seguramente vostede non o sabía, pero se consultara as datas seguramente tería ese dato. E, polo tanto, sorprende que, dalgunha forma, vostede veña aquí plantexar coa lectura desa sentenza que, efectivamente, a Xunta de Galicia non intenta actuar sempre conforme a norma. Pero xa lle digo que eu non sei, realmente, o que lle interesa, se unha participación real nun debate ou simplemente vir aquí facer ruído. Nós, lóxicamente, viremos sempre con transparencia e para trasladar toda a información.

Neste senso, e falando das minas de San Fins, vostede sabe, tamén, que Augas de Galicia realizou inspeccións e mostraxes na zona, e sabe, ademais, que se está a estudar toda a autorización de vertidos presentada pola empresa. Porque sabe, e coñece, que temos paralizados os labores das minas de San Fins; polo tanto, unha vez máis, señoría, sorprende a súa posición.

Eu con respecto ao escrito da Fiscalía o que lle podoo dicir é o que vostede xa sabe, porque vostede sabe de minaría. A cuestión é que cando sobe e intervén no Parlamento simplemente conta unha parte, a outra parte non a conta. Pero vostede sabe que nestes casos non é necesario un estudo de impacto de avaliación ambiental, simplemente porque as minas de San Fins non é un novo proxecto; polo tanto, non hai un requirimento de avaliación de impacto ambiental. Polo tanto, o que lle traslado e o que lle pregunto é por que vostede non decide

esperar ao que decida o xulgado, por que vostede permanentemente prexulga. Nós, loxicamente, seguiremos traballando e colaborando coa xustiza e esperando, loxicamente, a resolución.

E fálame de Monte Neme, onde, efectivamente, nós fixemos traballos para mellorar a seguridade, e na actualidade sabe —porque o sabe— que os avais de restauración son obrigatorios, polo tanto, esa situación esperemos que —dende logo, e á diferenza do pasado— vai ser moi difícil que se repita.

Pero falemos da Lei de implantación empresarial, porque é a normativa vixente. E vostede sabe —e omíteo— que na Lei de implantación empresarial se exixen as garantías en función do orzamento do investimento, cando antes se empregaba un concepto moito máis limitado que era o financiamento. ¿Está vostede de acordo con este criterio, que é moito máis exixente dende o punto de vista do abastecemento dun proxecto mineiro? Dende logo, este goberno está con ese criterio aplicado e establecido na Lei de implantación empresarial.

Fálame vostede de Touro, vostede sabe que Augas de Galicia ten abertos expedientes polos desbordamentos que houbo polas choivas; sabe, perfectamente, que o Instituto de Investigacións Mariñas, do CSIC, vai estudar a influencia mineira no río Ulla; sabe que nas sondaxes da zona, que se levan realizando durante os últimos trinta anos, non consta ningún tipo de afeccións aos acuíferos. Señor Sánchez, ¿onde está o problema? ¿Non se fía de Augas de Galicia? ¿Non se fía do CSIC? ¿Non se fía da Universidade de Santiago de Compostela? Señor Sánchez, este goberno si confía, loxicamente, na Administración e confía no CSIC.

En calquera caso, señoría, creo que estamos de novo ante un relato parcial e eu simplemente lle podo trasladar que este goberno vai seguir actuando conforme a legalidade, que vai seguir actuando conforme o interese xeral dos galegos e que vai seguir actuando defendendo un sector, como é o sector da minaría, que crea riqueza, que crea emprego. E, dende logo, este goberno seguirá actuando con eses criterios, defendendo unha minaría responsable, unha minaría sustentable e unha minaría moderna. Porque, efectivamente, nese eido é onde nós estamos a traballar.

Vostede segue a traballar, lamentablemente, intentando trasladar aquí unha desconfianza e intentando trasladar aquí unha situación onde quere trasladar unha parte da realidade e non —en ningún caso— intentar facer unha avaliación e un seguimento do que aporta a minaría e a explotación dos recursos autóctonos que xeran riqueza aquí en Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señor conselleiro, ¿non confía vostede na Fiscalía?, ¿non confía no Defensor del Pueblo?, ¿non confía en que sexa certo o que plasmaron nos seus documentos? É dicir, textualmente di a Fiscalía: «Durante décadas houbo vertidos contaminantes

aos regatos do contorno de San Fins e non hai un expediente sancionador aberto á empresa». ¿Sabe cando se abriu o expediente sancionador, señor conselleiro? Cando esa xente, que tanto critica vostede, unha activista dun grupo ecoloxista, foi coller unhas mostras, polo cal a empresa a denunciou e tivo que ir ao xulgado. Pero esas mostras foron as que desataron a investigación que conclúe na denuncia da Fiscalía, señor conselleiro. Non foi a actuación da súa consellería nin da Consellería de Medio Ambiente, foi esa xente que se xogou o tipo para ir coller as mostras a que destapou a verdade, señor conselleiro. Esa é a realidade.

A realidade é que a Fiscalía está dicindo que durante décadas houbo drenaxes ácidas que provocan a acidificación das augas e, polo tanto, a suspensión de metais tóxicos nos regatos que van á ría de Noia, señor conselleiro, je nin un expediente sancionador! E acaba de recoñecer vostede que en Touro pasa o mesmo. Vostede veu aquí presumir de que se lle abría un expediente a raíz dos desbordamentos, ¿de cando?, de hai tres ou catro meses, ¿verdade, conselleiro? Pero é que aí se leva contaminando dende o ano 1988 ininterrompidamente. Así quedan os regatos, señor conselleiro, despois de que houbera esas drenaxes ácidas da mina. Señor conselleiro, mire para esta foto, ¿coñécea?, ¿coñécea, señor conselleiro? Non quere mirar, é evidente que isto non lle gusta nada.

Mire, señor conselleiro, vostedes nin un expediente contra estas actuacións, ningún expediente. ¿Sabe o que significa iso, señor conselleiro? Significa que cando vostede fala de crear riqueza ten que contarlle á xente que é o que fala vostede de crear riqueza. Porque se a creación de riqueza para uns poucos significa que os demais teñamos que pagar as súas desfeitas, esa riqueza non é defender o interese xeral, señor conselleiro. Esa riqueza é a riqueza para uns poucos e a hipoteca quédanos aos demais, ¿entende, señor conselleiro?

Como vai quedar en Monte Neme, onde esa empresa leitosa que está na trama Gürtel, dun irmán de Cotino, ou do PP de Valencia, deixou sen rastro posible para poder acometer as súas responsabilidades. Vostede acaba de recoñecer aquí que durante décadas a Xunta de Galicia non lle abriu ningún expediente á empresa mineira de Touro, que tiña a obriga de controlar eses vertidos, que tiña a obriga de restaurar, que non fixo nada. E aí seguen funcionando.

¿Que máis cousas di? Grixoa, que lle deu a autorización ambiental o Bipartito. Si, a partir de aí, ¿vostede sabe cantas autorizacións máis deron de novas actividades nese espazo, señor conselleiro? —que non nos chupamos o dedo—, ¿verdade?, porque o dos tecnosoles, o da xestión de moitos máis tipos de residuos, iso déronllo a vostedes. E vostedes renovaron a mesma autorización ambiental que lles deu o Bipartito, ¿verdade? Podían dicirlles que non, pero vostedes renovárona, polo tanto, non veña aquí botar a mochila para atrás, que vostedes tamén son responsables.

Despois vostede falou, tamén, de cumprimento de leis, que vostedes cumpren as leis. Non, señor conselleiro, o Defensor del Pueblo di que vostedes non cumpren a lei nin a fan cumprir. É o que están dicindo a Fiscalía e o Defensor del Pueblo, e é o que nos di a realidade. Porque se vostedes cumpriran a lei as empresas en San Fins, Santa Comba, Monte Neme, etc., estarían cheas de expedientes sancionadores. Como está cheo de expedientes sancionadores calquera veciño ou veciña que bote calquera vertido no medio ambiente. Centos, señor con-

selleiro, teñen a xente do común, en cambio estas empresas levan décadas contaminando e vostedes non lles abriron nin un, ¡nin un!

Despois fala da confianza, que teñamos confianza no sistema. Con estes antecedentes, ¿imos ter confianza, señor conselleiro? E coa empresa que pretende establecerse en Touro e cos seus antecedentes, ¿pretende que teñamos confianza? Atalaya Mining e os seus responsables, ¿co pasado que teñen en Andalucía, co pasado que teñen en África? Pero vostede di que nós estamos atrapados no tempo, debe ser moi moderno Katanga, eu dixen aquí Katanga e botaron as mans á cabeza, e resulta que o responsable do proxecto que vén agora, o señor Lavandeira, estivo traballando no Congo, en Katanga, anos nunhas explotacións que foron comparadas con Guantánamo. Evidentemente, aquí non vai poder facer o mesmo, non, aquí non vai poder facer o mesmo; é certo, non somos Katanga, pero son as mesmas empresas.

Por certo, a Junta de Andalucía, tan criticada por vostedes, si que abre expedientes contra o que fan en Riotinto, e si que teñen condenas por catro faltas graves. Dígame vostede que condena por falta grave teñen as empresas en Touro, en San Fins... Dígame vostede, déame algún tipo de resultado.

E vostede di que o da ONU... Ou sexa, quere dicir que unhas persoas que queren acceder a unha información sobre a actividade mineira, e os riscos que teñen esas balsas enormes que vostedes pretenden permitir instalar, teñen que esperar seis meses a que decidan. ¿Vostede vainas obrigar a esperar a que decidan?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Igual que obrigou a esperar a que decidise o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que tiveron que recorrer e ganar a sentenza. Que lles debería caer a cara de vergonza que uns cidadáns galegos teñan que recorrer perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para acceder a un informe sobre o risco das balsas de lodo, señor conselleiro. ¡Que isto é unha vergonza!

Vostede quere pasar de puntillas sobre isto, ¿e que máis dá que o denegaran antes disto? ¿Non teñen dereito igual á información?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¿Ou é que decretaron tamén, antes de que pediran a información, a caducidade?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¿Ou é que non había risco de que ese proxecto...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...—xa remato, señor presidente—...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...se reabrira?

¿Que contraindicacións tiña que esta xente accedese a esa información? Non, o que hai é unha sistemática ocultación da realidade porque se a xente coñece a realidade non se poderían facer este tipo de negocios...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Diso viven, das subvencións recibidas e de que externalizan os pasivos ambientais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Saudamos os alumnos e alumnas da UNED de Ourense, neste caso son alumnos sénior os que hoxe nos visitan. Benvidos e benvidas ao Parlamento.

Réplica.

Turno de peche desta interpelación, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Si, señor Sánchez, segue vostede atrapado no tempo, lamentablemente, porque unha vez máis eu lle dou explicacións caso a caso, lle argumento perfectamente dende un punto de vista xurídico e dende un punto de vista administrativo a situación de cada un dos casos que vostede plantea e vostede cae nas mesmas xeneralidades, intentando desviar a atención e o que está pasando aquí en Galicia. Pero eu o que lamento é que vostede, efectivamente, non queira desenvolver un debate serio e un debate rigoroso sobre a situación da minaría en Galicia.

Falemos de riqueza, porque vostedes, efectivamente, se dedican a prexulgar permanentemente as situacións dos diferentes sectores económicos e vostedes teñen un prexuízo contra a minaría; iso é que vostedes veñen constatar aquí pleno tras pleno. Pero ese mesmo prexuízo contra a minaría téñeno tamén contra outras actividades económicas en Galicia, porque me gustaría que vostede explicara por que tamén están en contra das centrais térmicas galegas, por que están en contra do desenvolvemento do sector eólico, por que están en contra de Reganosa, por que queren pechar Ence, por que queren pechar Elnosa... É moi difícil de explicar, e é moi difícil establecer un debate de riqueza, de creación de emprego, de crecemento e, sobre todo, de como Galicia pode aproveitar os seus recursos autóctonos. Cando se quere falar da explotación e, loxicamente, do aproveitamento deses recursos autóctonos, vostedes sempre din non, sempre.

Eu o que non sei é, señor Sánchez, se esta é a súa posición, non sei se é a posición do señor Casal, tampouco sei se é a posición de Anova, pode ser que sexa a posición de Podemos, in-

cluso de Esquerda Unida, pero o que si está claro é que é moi difícil crer nos diferentes argumentos que vostedes trasladan aquí nesta intervención. *(Aplausos.)*

En calquera caso, cando gobernaron en Galicia, gobernaron con outras siglas, iso é certo, e con esas outras siglas vostedes aprobaron 100 permisos de investigación e aprobaron 43 permisos de explotación. E agora están en contra de todos, de todos. ¡Curioso, señor Sánchez! ¡Curioso!

Pero fáleme vostede na súa intervención de Valencia. Ben, pois falemos de Valencia. Efectivamente... *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Falou, falou de Valencia. E vostedes, curiosamente, en Valencia... Se quere, falamos de Aragón. Vou falar de Valencia e de Aragón para que non lle xere ningún tipo de problema á Comunidade Autónoma de Valencia. Mire, ¿por que nestas dúas comunidades impulsan a minaría? ¿Quéremos explicar? ¿Por que a Deputación Xeral de Aragón está analizando decenas de proxectos de novas explotacións mineiras que podían abrirse en Aragón? ¿Por que o conselleiro de Economía da Comunidade de Valencia se compromete a elaborar unha lei de minaría que garanta o desenvolvemento do sector mineiro en Valencia? ¿Quéremos explicar cal é o problema de En Marea coa xeración de riqueza no sector mineiro en Galicia? ¿Cal é esa posición que leva a que queren que se xere riqueza en Valencia e en Aragón e non queren que se xere riqueza en Galicia? Eu, señor Sánchez, non o podo entender. En calquera caso, loxicamente, seguiremos falando e seguiremos analizando a futuro, falando da confianza no sector.

Saiba que en Galicia —que creo que é importante— temos 250 explotacións mineiras, e que o 95 % son de rochas ornamentais e produtos de canteira. Saiba que cada ano, dende o punto de vista do control, se realizan centos de inspeccións mineiras permanentemente. E saiba, dende logo, que nós imos seguir aplicando a Lei de implantación empresarial para darlle un novo pulo ao sector.

Eu, señor Sánchez, o único que lle agradecería é que cambie de relato, porque a Administración galega conta con magníficos profesionais, conta con magníficos profesionais públicos que traballan permanentemente para que se cumpra a Lei da ordenación da minaría, que vostedes aprobaron. Nós imos seguir defendendo un aproveitamento sostible dos recursos minerais e, dende logo, nós seguiremos defendendo o interese xeral dos galegos e seguiremos, señor Sánchez, garantindo o cumprimento da lei, porque este goberno, señor Sánchez, sempre actúa conforme a lei.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Interpelación de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego sobre a mellora do emprego público e das condicións de traballo no sector público autonómico

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, presidente.

Boa tarde, e saúdos á universidade sénior de Ourense.

Agradezo, señor conselleiro de Facenda, a súa presenza para atender esta interpelación, porque, case con carácter preliminar, eu creo que os deputados e as deputadas que hoxe asistimos ás preguntas ao presidente quedamos un pouco sorprendidos, polo menos. Como dicía o meu compañeiro Abel Losada, parece que sempre temos algo que aprender, porque, como o conselleiro de Facenda, si que necesitaríamos nesta Cámara que se nos dixese se realmente os criterios para validar en que consisten as execucións orzamentarias xa non son as obrigas recoñecidas, senón os compromisos de gastos, como ten esta mañá afirmado —eu creo que de forma torticeira— o presidente da Xunta. Entón, nese sentido, conselleiro de Facenda, que haxa un prazo para que nos explique se temos un novo plan de contabilidade pública en Galicia ou se temos que atender outras normas de xestión orzamentaria, porque os que tivemos que atender situacións de xestión pública sempre fomos fiscalizados polas OR e non polas DR, falando en terminoloxía máis contable. Por iso penso que é importante a súa comparecencia hoxe para, se é necesario, incluso desmentir o presidente da Xunta.

E, nese sentido, cando falamos de contas públicas, porque estamos a falar de contas públicas, estamos a falar de Estado de benestar, e se estamos a falar de Estado de benestar, estamos a falar de servizos públicos e, polo tanto, estamos a falar de emprego público. Por iso, nesta interpelación creo que seguimos unha secuencia lóxica daquelas iniciativas que, por parte do Grupo dos Socialistas de Galicia, temos presentado nesta Cámara, sobre todo con motivo dos distintos debates orzamentarios, tanto do exercicio 2017 como dese exercicio 2018. Como ben sabe, señor conselleiro, na interpelación que lle fixen precisamente no pleno do pasado 19 de decembro con motivo ou en paralelo ao debate de orzamentos para o 2018, interpelabamos precisamente sobre as razóns polas cales neste novo escenario macroeconómico mantiñan con vixencia a Lei 1/2012, daquela chamada de medidas temporais en determinadas materias de emprego público, e digo daquela porque eran medidas temporais que van pervivindo no tempo e que parece que pasan a ser estruturais.

E nesa interpelación, señor conselleiro, como sabe, lembrámoslle como esa lei estaba a penalizar, evidentemente, todas as situacións de incapacidade temporal, como se suprimían practicamente na súa totalidade os fondos de acción social, como se restrinxían os dereitos á prolongación da permanencia na situación de servizo activo —que tantos problemas está a causar, e diciámosllo tamén dunha forma especial no ámbito sanitario—, ou como se suspendían por parte daquela lei, de forma unilateral, dereitos moi importantes do V Convenio colectivo do persoal autonómico.

E reiterámoslle e recordámoslle, a pesar de que desde que o seu grupo parlamentario utiliza argumentos evasivos neste sentido, como o Goberno galego fora precisamente durante os anos 2013, 2014, 2015 e 2016 o goberno autonómico que máis reducira os salarios, as retribucións dos empregados públicos do conxunto de empregados públicos de todo o Estado.

Nesa interpelación, como tantas veces, nós expoñiamos que isto responde, evidentemente, a políticas estruturadas para adelgazar o sector público, de políticas estruturadas para mi-

norar o tamaño do Estado do benestar e, polo tanto, para minorar a capacidade de redistribución da renda no noso país, nun momento no que os datos de crecemento económico parece que son positivos nese contexto e onde hai que empezar a aplicar procesos intensos de redistribución da riqueza. En definitiva, diciámoslle que realmente todo este conxunto de medidas o único que estaban conseguindo era rachar o contrato social que tanto en Europa como no noso país, e, polo tanto, tamén en Galicia —con máis intensidade en moitísimas cuestións que noutros ámbitos do Estado—, con tal de cadrar as contas públicas exixidas por Bruxelas, se estaba aplicando.

E recordabámoslle, señor conselleiro, como os parámetros económicos, macroeconómicos, que mantiñan a vixencia dende o 2012 caducaron. Recordabámoslle como o comportamento do produto interior bruto real de Galicia ou como o aforro primario estaban dando como resultado datos positivos dos tres ou dos catro últimos exercicios e, polo tanto, reclamabámoslle precisamente a derogación desta Lei 1/2012, que foi a derogación que realmente rachou con todo o que é a negociación colectiva no ámbito dos empregados públicos autonómicos.

Nese sentido, señor conselleiro, na súa resposta a aquela interpelación, tal e como figura literal no *Diario de Sesións*, dicíanos: «Créame de verdade, temos un obxectivo, que é valorar moi moito o que fan os nosos empregados públicos nos distintos ámbitos de actividade, tanto nos que son servizos esenciais, como nos que non o son tanto; cuestión discutible valorar que servizos públicos no ámbito de Galicia actualmente non son esenciais. E si que seguiremos traballando coa interlocución social de sempre.»

Isto é o que nos contestaba á nosa interpelación daquela no pleno de decembro de 2017. Evidentemente, como resultado desta interpelación, presentabamos no pleno do pasado 23 de xaneiro unha correspondente moción para substanciar os termos desta interpelación, e nesa moción, señor Martínez, recordabámoslle ou solicitabamos o apoio desta Cámara para varias cuestións que veñen perfectamente a colación do que é o sentido da interpelación que hoxe traemos novamente.

Pediámoslle, naquela moción, a esta Cámara —moción que foi, evidentemente, desbotada de forma absoluta por parte do Grupo do Partido Popular que sustenta o Goberno— que iniciara unha reunión para establecer un calendario plurianual 2018–2020 da Mesa Xeral de Empregados Públicos e todo o programa de traballo en materia de oferta de emprego público, xa non só para recuperar taxas de reposición perdidas, senón para crear emprego neto. En segundo lugar, para establecer un calendario e, por fin, para que non só queden no papel os procesos de consolidación de emprego temporal, os procesos de funcionalización que xa veñen da Lei de medidas do 2017 e os procesos de promoción interna.

Tamén lle solicitabamos naquela moción que se levasen adiante as modificacións necesarias nas diferentes escalas de funcionarios públicos autonómicos en materia de seguridade e saúde, en materia de auxiliares de clínica e en materia de brigadas de incendios forestais, que, por certo, ¡boa a que se está montando dentro destas brigadas! Agora cos datos que temos do que é a Consellería de Medio Ambiente ou a Consellería do Medio Rural están tratando de levalo adiante en relación coas escalas de vixilantes do medio natural ou de axentes forestais. Pero ben, aí queda a situación que están a plantexar.

Pediámoslle nesa moción tamén que se levara adiante a creación, en mesa de negociación, dun fondo especial precisamente para a recuperación progresiva de todas as retribucións perdidas polos empregados públicos autonómicos dende o ano 2013 ata o ano 2016, que suman un promedio de perda do 14 %, máis alá do que son as reducións dos empregados públicos do conxunto do Estado. Evidentemente, pediámoslle, por suposto, que se derogase o emblema do recorte do emprego público autonómico, que é a Lei 1/2012, nos diferentes puntos —e non imos debater sobre cales son os que (...) (*Inintelixible.*) porque xa os debatemos daquela—, e, evidentemente, esta moción foi rexeitada.

Pero resulta que o pasado 9 de marzo o propio ministro Montoro asina coas organizacións sindicais de Comisións Obreiras, de UXT e do CSIF un novo acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo tras manifestar —literal o sentido do acordo— que a mellora da situación económica orzamentaria e o recoñecemento da aportación que ten suposto o traballo das empregadas e empregados ao servizo das administracións públicas para acadar esta situación conduce a un escenario no que se articula este novo acordo global e plurianual. Este acordo recolle, evidentemente —como perfectamente coñece—, varios puntos en materia retributiva para o período 2018, 2019 e 2020 que terán que reflectirse nos orzamentos do Estado, recolle novas posibilidades de oferta de emprego público —incluso coa posibilidade de chegar a un 108 % en determinadas situacións—. Pero recolle toda unha serie de aspectos en materia de estabilización do emprego público, en materia de xornada de traballo, en materia de conciliación e en materia de plans de igualdade que quedan precisamente á potestade de negociación de cada unha das administracións públicas; e, polo tanto, queda tamén á potestade de negociación da Xunta de Galicia, xa non só para a Administración xeral senón para todo o sector público autonómico.

Nese sentido, incluso a recuperación parcial retributiva para o período 2018–2019 establece a posibilidade de que a Comunidade Autónoma estableza unha serie de fondos adicionais que poden chegar a sumar un 0,75 % adicional ao que establezan as medidas orzamentarias. E, nese sentido, incluso o propio informe que acaba de recibir esta Cámara por parte da institución do Valedor do Pobo —neste caso da Valedora do Pobo— dinos como, en materia de emprego público —e leo literalmente —, «no que se refire ás condicións laborais dos traballadores que prestan servizos no sector público, desde esta institución, desde o Valedor do Pobo, consideramos fundamental realizar unha boa xestión de negociación colectiva que permita axuntar esforzos e respectar dereitos como a carreira profesional ou a conciliación laboral e familiar».

Por iso, señor conselleiro, desde o Grupo Parlamentario Socialista o que lle preguntamos é se, á vista dos termos do acordo subscrito polo ministro Montoro e as organizacións sindicais, ten previstas o Goberno galego, ou se xa ten iniciadas, as necesarias negociacións para desenvolver os apartados reflectidos nese acordo e restituír os dereitos laborais dos empregados públicos autonómicos.

Máis nada e grazas. Espero as súas respostas positivas neste sentido. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Resposta do conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Moitas grazas, señor presidente.

Interpélame vostede de moitas cousas. Pero aproveitando que o día de onte foi o día de San Xurxo, permítame falar do meu libro, que en esencia foi ao que dedicou o minuto e medio da súa interpelación. Non lle escaparei, por suposto, a algunha das cuestións que dixo aquí, pero permítame que, en principio, me cinga ao II Acordo para a mellora do emprego público e as condicións de traballo, que foi asinado no mes de marzo, o 26 de marzo pasado, e aos efectos que ten.

Seis son as cuestións principais.

A primeira refírese ao incremento retributivo —algunha referencia de pasada fixo vostede—. Neste incremento retributivo, para os vindeiros tres anos, estamos falando dun 8,79 %. É moi importante que sexa trianual, pois achega estabilidade. E que se acadase cun amplísimo respaldo sindical tamén é moi importante. Racha coa vinculación da suba salarial ao IPC e lígase a outras variables, cun fixo dun 1,5 % —a maiores está vinculado co crecemento económico— e cun adicional relacionado coa disciplina orzamentaria e a solvencia das administracións públicas, de todas. Nós, como comunidade autónoma, tamén o procuramos.

Señorías, se os sindicatos maioritariamente firmaron isto con independencia da súa ideoloxía é que comprenderon que é mellor ligar o crecemento dos salarios ao crecemento económico. Desta maneira trasladamos dunha maneira clara os efectos da recuperación económica xeral aos traballadores públicos. Este acordo —como tamén debe de coñecer vostede— ten que ser habilitado a través do artigo 18 do proxecto de lei de orzamentos. A el referireime tamén dentro dun momento.

Pregúntame vostede pola previsión do Goberno galego para facer efectivo este acordo. Daílle dúas boas noticias. A primeira é que Galicia cumpriu con todas as variables da disciplina orzamentaria e solvencia. Como ben sabe, son o déficit, a débeda e a regra de gasto. Esta boa noticia só a podemos dar en Galicia e en cinco comunidades máis. En once, non; nin no Estado tampouco. E sabe que isto tamén ten correlato coa cuestión retributiva que acabamos de comentar hai un momento. E a segunda boa noticia que podemos dar é que en Galicia acertamos. Tamén é raro que non fixera a referencia vostede, que se referiu ao mes de decembro, cando estabamos falando dos orzamentos e daquela había que oír dende estas bancadas determinadas críticas aos 80 millóns de euros que temos contemplados no orzamento de 2018 para facer fronte a todo este incremento, o 2 %, que daquela era a masa retributiva e o que pagamos polo capítulo IV, tamén noutros empregos que están correlacionados co emprego público. Acertamos. Daquela había que oír o que había que oír tamén neste Parlamento. Desta forma, non teremos que retirar recursos para financiar estes incrementos retributivos. Outras comunidades, ben coñecidas por vostedes, si que terán que retirar recursos doutras partidas para poder financiar isto do que se está a falar. Polo tanto, creo que en Galicia temos os deberes feitos porque fixemos mellor a consolidación fiscal e fixemos mellor esta previsión orzamentaria. ¿Que falta? Canto antes, que se aproben os orzamentos xerais do Estado. O Grupo Socialista parece ser que non quere que se aproben, tema número un.

A segunda medida ten que ver coas ofertas públicas de emprego, ao que vostede tamén se referiu. Goberno e sindicatos plantexaron ampliar as medidas, e, sobre todo, para o que a nós nos convén nestes momentos, fíxase unha taxa de reposición do cen por cento en todos os sectores para as comunidades que, como a nosa, cumpriron os obxectivos de déficit, débeda e regra de gasto, así como unha bolsa adicional do 8 %. Polo tanto, en Galicia xa apostamos o ano pasado pola estabilidade do emprego, como ben sabe, acordando, cos tres dos catro sindicatos da Mesa Xeral e con tres a maiores moi importantes en cada mesa sectorial, sobre o proceso de consolidación. Estamos falando de 14.750 prazas, das cales a día de hoxe xa convocamos 6.000; e 4.000 xa están para ser celebradas. Ofertadas, 6.000; convocadas, xa 4.000 a día de hoxe. Son 14.750. Señoría, creo que, en materia de estabilidade de emprego, a esta Comunidade Autónoma de Galicia pouco lle podemos pedir, porque, como moi ben sabe tamén, a Comunidade Autónoma de Galicia é a que mellor resultado presenta en termos de temporalidade.

A terceira parte deste acordo refírese ao tempo de traballo. Administración e sindicatos pactaron que a xornada ordinaria de tamaño común a todas as administracións públicas se compute en contía anual, e a media semanal suporá 37 horas e media. Creo que é a que temos fixada en Galicia. Tamén se recolle que cada administración, logo de negociación colectiva, poderá establecer outras xornadas ordinarias de traballo, sempre que se cumpran os obxectivos de solvencia. Non todos podemos estar falando do mesmo, polo tanto. E esta medida tamén se fará efectiva a través dunha disposición adicional do proxecto de lei de orzamentos. Outra vez volvemos falar da lei de orzamentos.

Na función pública galega, dependendo do seu desempeño, temos xa a día de hoxe, como ben coñece tamén, en sectores moi sensibles as xornadas adaptadas ao ámbito funcional, polo que boa parte, unha gran parte, de empregados públicos en quendas teñen unha xornada de traballo que é idéntica, practicamente, á xornada de 35 horas efectivas en cómputo anual.

En cuarto lugar, está a revisión da que falamos relativa á incapacidade temporal. Neste punto, Goberno e sindicatos acordaron que cada administración pública poderá determinar, tamén despois de negociación colectiva, as retribucións que vaia retribuír ao seu persoal en situacións de incapacidade temporal. Neste caso, o tantas veces citado proxecto de lei, na súa disposición adicional décimo quinta, permite a posibilidade de chegar ao cen por cento. ¿Comprende vostede por que necesitabamos unha habilitación de carácter legal? E, sen embargo, estaba recordando o que foi falado no mes de decembro pasado. Hai algo que non coincide.

En quinto lugar, as medidas de igualdade e conciliación. Se por algo se distingue este Goberno é por medidas de igualdade e conciliación. A Comunidade Autónoma de Galicia, nestes momentos, é a que presenta mellores resultados en termos de dereitos de todas as comunidades autónomas. (*Aplausos.*) Baste como exemplo que sobre a situación actual hai moi pouco... Xa sabemos que temos a previsión de ampliar ata vinte e catro semanas a maternidade e a sete a paternidade, ademais das dúas previas ao parto. Non sei cantas comunidades autónomas teñen isto.

En sexto lugar, nese segundo acordo asinado a finais de marzo desenvólvense unha chea de medidas que entroncan coa capacidade propia da Administración central do Estado, como

son a constitución da comisión de seguimento, a prospección de necesidades e iniciativas formativas dos empregados públicos e as condicións que afecten á xubilación parcial. Estas tres, polo tanto, téñense que facer efectivas polo Estado e creo que delas pouco temos que dicir a Xunta.

En resumo, dos seis puntos dos que falabamos, tres necesitan que sexa a Administración do Estado, estas últimas, quen as pilote. E das outras tres estamos pendentes dunha soa cousa: a aprobación dos orzamentos xerais do Estado para facelas efectivas canto antes.

¿Como as imos facer efectivas? Hai dúas formas de facelo: unha, de maneira descoordinada, cada comunidade ou administración pública tirando para o seu lado; ou facelas efectivas de forma coordinada. Por iso, como ben debería coñecer, houbo unha reunión entre todas as comunidades autónomas e a Administración do Estado na Secretaría Xeral de Función Pública, o pasado 9 de abril, onde as comunidades autónomas —por exemplo, non soamente Andalucía, fálolle tamén de Cantabria— foron as primeiras que pediron que actuásemos todas as administracións públicas dunha maneira coordinada. É raro que non fale coas administracións públicas, pero tamén é raro que diga que non fala cos seus amigos de Andalucía. Pero é que tamén é raro, porque ao día seguinte o director xeral de Función Pública, na reunión cos sindicatos, explicoulles o sentido da reunión e como habería unha próxima reunión a mediados do mes de maio. É raro que tampouco vostedes falen cos sindicatos. Nós si, como lle acabamos de comentar. Sorpréndeme, pois, o seu discurso.

En calquera caso, e a pesar da irresponsabilidade que, desde a miña opinión, manifesta o PSOE non aprobando os orzamentos, eu creo que debemos tirar para adiante, pero dunha maneira ordenada e coordinada. ¿Para que? Estamos falando como mínimo de 102.000 ou 105.000 persoas que, dunha maneira directa, perciben as súas retribucións do orzamento da Xunta. Creo que ben merecen un esforzo por ambas as partes para que, canto antes, as medidas de carácter salarial e o resto de medidas para mellorar o desempeño sexan cada vez máis reais —e dunha vez, como xa fixemos, por certo, dunha maneira inmediata no ano 2017, cando tivemos a habilitación do famoso 1 %—. Esa é a nosa intención, e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica do señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, presidente.

Si, señor conselleiro, lembrando onomásticas, pois hoxe precisamente, o 25 de abril, é a revolución portuguesa dos caraveis. E entón o que lle pedimos é que sexa minimamente revolucionario para retomar os procesos ordinarios de negociación colectiva, nada máis. (*Aplausos.*) Con iso, e con aplicar as partes do acordo do 9 de marzo, de competencia autonómica, pois terá un reto importante para recuperar os recortes e os dereitos recortados dos —como sempre dicimos, porque son os datos— máis de 86.000 empregados públicos autonómicos.

E realmente hoxe non sei se é un día de onomásticas, pero para que nos falen doutras comunidades autónomas, cando aquí vimos falar precisamente da situación de Galicia, pois

igual non é para vostedes, para o Partido Popular, o día máis doado, cando asistimos, por fin, a que unha presidenta dunha comunidade como é a de Madrid teña que presentar dunha vez a dimisión despois de destrozar ou de tratar de destrozar o sistema universitario e de enganar tamén os consumidores. Entón, dar leccións recorrendo precisamente a outras comunidades autónomas eu creo que non é o máis leal con esta Cámara nin cos empregados públicos autonómicos. Por certo, nós falamos coas organizacións sindicais, pero quen ten que negociar coas organizacións sindicais é precisamente o Goberno, non nós na oposición, e nese sentido fálannos sempre

Esta mañá asistimos —ou asistiron— ao debate das emendas de totalidade dos Orzamentos do Estado do 2018 e xa teñen practicamente socios. Un partido nacionalista, o PNV, que para o Partido Popular é como mentar o diaño; e por parte de Ciudadanos non sei se estarán diante do abrazo do oso. Pero se xa teñen socios, non sei por que teñen que reclamar outros apoios parlamentarios para sacar adiante as contas do 2018.

Pero é que o Partido Socialista non apoia as contas de 2018, e sabe ben por que. Porque se a renda nacional está crescendo un 4,2 %, o gasto social nos orzamentos vai a un 2,8 %. O Partido Socialista non aproba as contas de 2018 porque vostedes tratan de reducir o Estado ao 38 % (*Aplausos.*) Están creando a sociedade do 38 % de gasto público sobre o produto interior bruto. E, nese sentido, as previsións macroeconómicas remitidas incluso aos organismos comunitarios tratan de colocar a España na cola de todos os países da Unión Europea en gasto público sobre o produto interior bruto.

Si, señor conselleiro, porque, se actualmente estamos nun 42 %, a previsión para o 2018 é colocarnos nun 40 %, para chegar a ese 38 % que é a única previsión de ingresos. Polo tanto, os orzamentos do Goberno do PP o que tratan é de minorar o tamaño do Estado do benestar para colocarnos á cola da Unión Europea, e aí non estamos os socialistas. Por iso é fácil entender como politicamente o Partido Socialista Obreiro Español e o Partido Socialista de Galicia nesta Cámara non defenden e non van defender as contas que se están presentando para o conxunto do Estado.

En todo caso, como lle digo, teñen socios suficientes para levar adiante os orzamentos, co cal non queda máis remedio que aplicar —supoño que aplicarán— os acordos asinados o 9 de marzo.

Precisamente quería lerlle —porque o terá lido, evidentemente— que ese acordo que está vostede tratando de dulcificar ou precisamente de dicir nesta Cámara que está practicamente cumprido en Galicia, non é así, porque literalmente este acordo sinala como todos os aspectos sobre xornada, absentismo, incapacidade e conciliación son materias que «poderán» —é unha facultade, non unha obriga— ser obxecto de negociación nos ámbitos respectivos de cada un dos sectores públicos autonómicos.

E non esquezamos algúns dos datos que lles dabamos noutras sesións. A temporalidade en Galicia segue sendo do 14 % no emprego público, pero é que en sanidade está por riba do 20 %. Galicia —sábeo perfectamente— foi entre 2010 e 2015 a comunidade autónoma en quinto lugar en destrución de emprego público, e o transvasamento de emprego entre sector

público e privado no ámbito da educación e da sanidade denota precisamente como é o cambio de modelo de sociedade.

Diciamos e seguimos insistindo: 33.000 docentes de ensino non universitario, 34.000 sanitarios do Sergas, 15.000 empregados da Administración xeral, 5.000 docentes e investigadores do Sistema universitario galego e 2.500 empregados da xustiza están esperando a recuperar eses dereitos laborais.

Por certo, non inicien un proceso de negociación colectiva coas organizacións sindicais se o talante, as formas e as estratexias de negociación son as que están a levar a cabo co persoal da Administración de xustiza; non é a forma de chegar a acordos. Cando un se senta nunha mesa de negociación, aínda que sexa en conflito de folga, un non se suele levantar ata que se chega a un acordo, se se ten intención de chegar a un acordo.

É o que lle teño que dicir, conselleiro: póñanse as pilas nese sentido, séntense cos sindicatos e comecen a desenvolver aqueles aspectos do acordo do 9 de marzo asinados polas organizacións sindicais maioritarias en España, que en Galicia precisamente aínda están pendentes de recuperación.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Peche desta interpelación, conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas de novo, señor presidente.

Un pouco se deducía das miñas primeiras palabras. Dende a Xunta de Galicia o que estamos desexando é ter habilitación suficiente para, unha vez máis, seguir a negociar cos sindicatos, como así o vimos facendo, por certo, dunha maneira moi acelerada dende o ano 2015, para chegar aos acordos. Creo que porque se fixo unha consolidación fiscal correcta por parte da autonomía, os resultados están aí, como moi poucos. E baseados na experiencia e no carácter negociador. Non confunda o carácter negociador, como na última intervención. Eu supoño que é unha pena que non haxa xente arriba para quedar ben con eles.

Negociar significa que temos dúas partes da mesa igual de lexitimadas, non significa que haxa que estar ata o día do xuízo final pola tarde e posturas tiradas *ad infinitum*. Eu creo que é moi san negociar con todos, con moitas forzas, pero hai determinados niveis que nunca debemos superar.

Esta Xunta, dentro das súas competencias, así o vén manifestando durante os últimos anos, porque foron moitísimos os acordos aos que temos chegado nos últimos anos. E creo que é bo que, en primeiro lugar, teñamos en conta esas 105.000 persoas que dunha maneira directa, a partir de cando se aproben os orzamentos, poidan desfrutar canto antes desta situación, que significa que este ano, como mínimo, medrarán un 1,75 %, e incluso pode subir un 0,3 % máis por esta solvencia que ten a comunidade autónoma. É o que lle dicía ante-

riormente, paréceme recordar que era un 2,05 %, e nós faciamos unha previsión do 2 % tan criticada. Pero é que no conxunto dos tres anos estamos falando dun 8,79 %, que no caso de Galicia será de un 8,89 %.

¿Por que non poñemos en valor todo iso? ¿Por que non poñemos en valor e seguimos falando, efectivamente, da IT cando teñamos a habilitación legal suficiente? ¿Por que non seguimos falando tamén en materia de xornada? Claro que si, que imos a seguir falando do tema da xornada, ¡como non pode ser doutro xeito! Pero dunha maneira nobre, libre, posta enriba e sempre de acordo cos sindicatos.

Porque, como lles dicía antes, a Xunta ten un proceder. Ao final, o que sempre estamos é apostando pola estabilidade e a calidade no emprego público. ¡Non pode ser doutro xeito! Volvo repetir, a Comunidade Autónoma de Galicia é a comunidade autónoma que presenta mellores resultados. E as 14.750 prazas que nos demos marcan un suelo a día de hoxe, porque estamos falando de taxas de reposición do cen por cento con carácter xeral e un 8 % con carácter adicional, por esa solvencia que demostra a Comunidade Autónoma de Galicia. Por iso é tan imporante crer ás veces, actuar e tomar as medidas en relación coa mensaxe que pretendemos lanzar aos nosos interesados.

Polo tanto, hai que poñer moi en valor que a estratexia seguida por esta Xunta foi que en época de vacas fracas houbo que adoptar medidas moi importantes, algunhas delas sinaladas por vostedes, pero tiveron un carácter temporal. Todas e cada unha delas na cuestión retributiva levan dous anos superadas. Así llelo dixemos. Como tamén esta comunidade autónoma foi a primeira en aplicar, ¿e terminar o que? A reforma, como ben coñece, que houbo que adoptar polo Goberno central cando chegou a conxelación da extra famosa; paréceme recordar que era no ano 2011 ou no 2012.

Iso é do que estamos falando, e hai comunidades autónomas que aínda non terminaron de pagar esa recuperación, e nós rematamos no 2016. É bo acompañar as cousas, non negarse a falar, pero tamén sabendo que existen límites.

Cancelamos eses asuntos. Mantivemos —non como dixo vostede—. A Comunidade Autónoma de Galicia, en termos de efectivos, é a comunidade que máis estables mantivo os efectivos; dende o 2009 ata os últimos boletíns que publica o Ministerio de Facenda. Eu si que os miro mes a mes, e si que miro que temos 300 persoas máis das que tiñamos para comparar no ano 2012, que foi o ano da gran crise. E sei que cada ano estamos gastando 300 millóns de euros máis en empregados públicos. Benvidos sexan, porque podemos nestes momentos. Polo tanto, poñamos todo iso en valor, ao mesmo tempo que o grande esforzo de actualización e modernización que estamos facendo en materia de conciliación, de teletraballo, en materia de xubilación parcial, en materia de brigadas forestais e de axentes medioambientais, que tamén se chegou a acordos coas organizacións sindicais.

En materia do Consorcio de Servizos Sociais, onde un goberno como o Bipartito foi quen de chegar e ter xente no emprego público cun 30 % de retribucións por debaixo dunha categoría homónima na Xunta de Galicia, e foi este Goberno o que os está poñendo iguais ao resto dos empregados públicos. Iso é falar cos sindicatos e iso é poñer en valor. *(Aplausos.)*

E xa para ir rematando, señoría, o máis importante é que dentro das nosas competencias seguiremos apostando sempre pola negociación. E incluso na miña forma de falar xa se me nota que somos negociadores serios, recoñecendo que os demais tamén teñen moita intelixencia e moita razón ás veces, pero o que non pode ser é isto de estar por estar. Non, aquí non nos atoparán nunca.

E no que depende da Xunta, das varias medidas que teñen incluídas, non se equivoquen, seremos das primeiras comunidades autónomas en aplicar de maneira directa as que teñen que ver coa cuestión retributiva. E no resto non se preocupen, de maneira coordinada co resto de administracións públicas, sempre sempre tiraremos para adiante. Creo que temos moito máis en común, e por iso hai estas reunións que nos demos entre todos, dígase Cantabria, dígase Andalucía, as que máis pedían esta coordinación.

Insisto, son eses 105.000 beneficiarios que están esperando por nós. Temos moito que facer. Como tamén temos moito que facer en materia de temporalidade, aínda que os nosos resultados sexan os mellores que estamos tendo. Creo que a sociedade galega —e neste caso os empregados públicos— nolo demanda despois do esforzo feito, e por aí imos continuar, non teñan ningunha dúbida.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Interpelación de D. Luís Manuel Álvarez Martínez e D^a María de la Concepción Burgo López, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en materia de prevención do abandono escolar

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, quería trasladar ou pedir as miñas desculpas ás súas señorías porque cometín un lamentable erro, froito, sen dúbida, da miña xa case avanzada idade, cando na miña intervención matinal, na miña preabocada ao fracaso proposición non de lei, dixen *po-madas* cando quería dicir *cremas*. Evidentemente, pido perdón a todos... *(Aplausos.)*

Señor conselleiro de Facenda, *¡porque yo lo valgo!* Xa que estamos de droguería, ¡eh!, nos outros somos uns negociadores serios *¡porque yo lo valgo!*, *¡porque yo lo digo!* Bueno, en fin.

Vamos ao caso. *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)* Señor Tellado, para vostede tamén teño, para vostede tamén teño.

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Vaime...*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Estou eu falando!!! ¿Entende? *(Interrupcións.)*

O señor PRESIDENTE: Tranquilo

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ¿Entende?

O señor PRESIDENTE: Señor Álvarez, tranquilo. Tranquilidade, tranquilidade.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Pido desculpas.

O señor PRESIDENTE: Tranquilos. Tranquilos, por favor. ¡Silencio!

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Quería evidenciar que os docentes tamén podemos perder a compostura, ¡nada máis!

O señor PRESIDENTE: Tranquilo, tranquilo. Tranquilidade. ¡Silencio, por favor! ¡Silencio!

Hai que protexer a quen está no uso da palabra, esa tamén é a función... *(Interrupcións.)* Non, perdón, esa tamén é a función dun presidente.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Afortunadamente.

O señor PRESIDENTE: Iso nos pode pasar a todos. Polo tanto, por favor, comportémonos.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Quería dicir, señor Tellado, parafraseando a Cicerón: «¿Ata cando abusarás, Catilina, da nosa paciencia?» Porque mire, resulta que vostede onte fartouse de faltarlles ao respecto a todos os grupos da oposición: Partido Socialista, Bloque Nacionalista e En Marea, porque eran uns indocumentados falando de pensións, son os que quebraron o Estado, e resulta que hoxe... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Álvarez, por favor, vaia ao abandono escolar.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Ten que ver co orzamento e coa planificación orzamentaria.

O señor PRESIDENTE: Imos terminar a tarde ben. Vaia ao abandono escolar, que é un tema moi importante.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Hoxe resulta que o factor de sostibilidade xa non hai que aplicalo no 2019, chega o 2023. As pensións xa non teñen que subir o... *(O señor Tellado pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. Silencio, silencio.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Correcto, correcto, evidentemente.

O señor PRESIDENTE: Non entren en diálogo. Señor Álvarez. *(Interrupcións.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Evidentemente, pactado. Pactado.

O señor PRESIDENTE: Ao abandono escolar. Silencio. Silencio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Con quen proceda, evidentemente.

O señor PRESIDENTE: Silencio. Ao abandono escolar.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Vamos co abandono escolar.

O señor PRESIDENTE: Ao abandono escolar, que é un tema moi grave. (*Interrupcións.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Silencio. Silencio, por favor. Silencio. (*O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Silencio, señor Tellado! ¡Por favor, silencio todos! ¡Silencio, por favor, ¿tamén vostede?! (*Interrupcións.*) Vou suspender o pleno. Por favor. ¡Por favor! (*Interrupcións.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Suspéndoo, ¡non teño ningún problema!

Imos comportarnos, por favor, por ambos lados. ¡Xa está ben! Esta imaxe non lle favorece nada ao Parlamento. ¡Silencio! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señor Álvarez, por favor, ao abandono escolar.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: O programa 423B, que como sabemos se refire á prevención do abandono escolar, pivota sobre a necesidade que compartimos de incrementar o número de titulados en Formación Profesional e en formación postobrigatoria en xeral, co obxectivo, evidentemente, de ter unha cidadanía máis e mellor formada.

Son nove as actuacións estratéxicas que a propia memoria da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria prevé para lograr eses obxectivos. A saber, fomentar a participación dos centros educativos na convocatoria de contratos-programa —sobre o que non podemos estendernos, evidentemente—; promover accións no campo da orientación educativa que estableza as liñas de reforzo necesarias para revertir o fracaso escolar; desenvolver medidas de apoio e reforzo educativo á formación do profesorado; promover medidas de apoio nas áreas instrumentais e de idiomas —instrumentais sabemos que son as linguas e as matemáticas fundamentalmente—, desenvolver un programa de impulso da oratoria e fomentar a mellora da convivencia escolar e apoiar os concellos e asociacións sen fins de lucro e adoptar medidas para a validación das aprendizaxes adquiridas en contextos non formais. Ata aí literatura coa que calquera pode estar absolutamente de acordo, calquera.

Igual que estabamos tamén de acordo, e seguimos estando de acordo, co primeiro Plan de actuación para a igualdade nos centros educativos, incluso co seu sistema de avaliación e os seus indicadores. Pero resulta que, analizando a execución orzamentaria do ano 2017, nos encontramos con algo realmente notable. Recoñecendo a importancia que ten este programa e a súa conceptualización teórica —á que fixen referencia—, atopámonos con que o Goberno galego, a Consellería de Educación, orzou inicialmente este programa con 19.700.000 euros.

Entendemos que froito, evidentemente, dun goberno serio, responsable, coherente, indubitado e máis alá de calquera dúbida na súa capacidade de xestión, orzan esa cantidade; polo tanto, entendemos que é necesaria. Pero —¡oh, sorpresa!— durante o devir orzamentario resulta que lle fan unha modificación e o crédito dese programa, o 423B, pasa a ser de 13 millóns e medio de euros; é dicir, redúcese 6,2 millóns de euros, o que supón un 32 % de redución —importante redución—; un terzo creo que é algo realmente notable, algo chamativo.

Bueno, ata aí poderíamos considerar que puido ser froito dun erro orzamentario; é dicir, considerabamos que iamos necesitar case 20 millóns de euros, órganse, porque o podíamos orzar, porque somos un goberno serio, responsable e que cumpre todos os obxectivos de déficit e todo canto nos poñen encima, pero como, aplicado todo o que se necesitaba aplicar, foron suficientes 13 millóns e medio de euros, fixemos esa modificación orzamentaria. Ben, resulta que para o ano 2018 nos orzamentos da Consellería aparecen orzados 23 millóns de euros, é dicir, o dobre, practicamente o dobre —euro arriba, euro abaixo—, do que vostedes gastaron no ano 2017. E aí, claro, un empeza a ter algunha dúbida razoable; é dicir, se foron suficientes 13 millóns de euros no ano 2017, ¿por que orzan 24 no 2018? ¿Deixaron sen atender cousas no 2017? Porque, se foron suficientes, ¿por que hai que orzar dobre? ¿Ou estamos ante unha partida comodín da que imos retirando fondos para outras cousas segundo nos van facendo falta?

E un pode dicir: podo estar equivocado, podo ter unha visión sesgada, froito dun momento malo de interpretación, pero cando un colle o Informe do Valedor do Pobo do ano 2017, que contempla o curso 2016-2017 e o curso 2017-2018 —como sabemos todos os que nos dedicamos á docencia—, encontra parágrafos coma este: «Este ano continuamos recibindo queixas, nas que comprobamos...» —nas que comprobamos, e dío o Valedor do Pobo, non o di o Partido Socialista de Galicia— «...que os alumnos se ven privados ou acceden con grande atraso a un apoio educativo ao que teñen dereito». Apoio educativo, medidas complementarias que están previstas no Programa 423, ao que facemos referencia. Conclusión: non atendes vostedes suficientemente ese programa ou, polo menos, algunha das liñas estratéxicas dese programa, porque é o Valedor do Pobo propio o que di que segue habendo alumnos cunha atención deficiente. E, polo tanto, vostedes, en primeiro lugar, non cumpriron os obxectivos do programa no ano 2017 e moito tememos que a execución orzamentaria do ano 2018 vai traer como consecuencia o mesmo que no ano 2017. É dicir, que nos atopamos ante un programa comodín; un programa que —como di o señor Losada— é publicidade e propaganda. Por favor, desmonte vostede isto que acabo de dicir e convénzame de que estou equivocado e de que o orzamento do ano 2017 estaba mal feito, ou que o orzamento do ano 2018 é incorrecto. Unha das dúas é necesariamente falsa, porque as dúas cousas á vez non poden ser certas; unha cousa e o contrario, señor Fernández Gil, simultaneamente, non poden ser certas. Ata aí estamos de acordo, ¿non?

Polo tanto, señor conselleiro, agradecéndolle de antemán seguro que as súas documentadas, aínda que espero que convincentes —pero manifesto as miñas dúbidas— explicacións, agrázolle o que me diga.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Álvarez, a verdade —dígoo con todo o afecto—, vostede para o humor non está ben dotado. Creo que citou a Cicerón, e a min tamén, neste caso, gustaríame facer unha reflexión. O último libro de Cicerón foi *De officiis*, que dedicou ao seu fillo. Por certo, parte dese libro foi o que soportou, o que tivo o pergamiño Vindel, forrándoo no seu momento, e posibilitou que o pergamiño Vindel chegase ata hoxe. Pois, bueno, neste libro *De officiis*, que Cicerón dedicaba ao seu fillo, a un patricio romano, sempre dicía que é moi boa a templanza, e vostede é un home temperado. ¡Non se destemple! Non fai falta que se destemple, porque a estas horas da tarde creo que xa é un pouco tarde. (*Aplausos.*)

E entrando no plantexamento da interpelación, a min, a verdade, paréceme que é moi rebuscada. Creo que para facer esta interpelación vostede intenta facer unha confusión técnica e intenta, dalgún xeito, facer unha crítica á política educativa do Goberno dun modo moi rebuscado. Porque a verdade é que podemos discrepar do modelo. É certo que hai modelos educativos diferentes, e é bo que sexa así. ¡Malo sería que só houbera un único modelo! É bo que haxa discrepancia e que haxa debate. Afortunadamente, Galicia ten un sistema educativo de boa calidade e creo que moi xusto, desde o punto de vista social, cunha importancia moi significativa da equidade e da igualdade de oportunidades. E, ademais, é un modelo que é ben recibido polo conxunto da comunidade educativa.

Pero, señor Álvarez, vostede é coñecedor do sistema educativo; é, sen dúbida, un bo profesional do sistema educativo, pero tamén ten experiencia de xestión de goberno. Foi vostede concelleiro no Concello de Lugo, e eu entendo e quero presupoñer que entende o que é a tramitación e o que é a execución orzamentaria. E por iso me sorprende o plantexamento que fai cando sitúa en categoría unha modificación orzamentaria —algo que é bastante ordinario e dun perfil bastante técnico— e intenta, dalgún xeito, sementar dúbidas, precisamente, sobre unha variable educativa da cal Galicia pode estar moi orgullosa. E cando digo Galicia non digo este goberno, digo o conxunto da comunidade educativa: profesores, familias, directores, inspectores, orientadores, e por suposto tamén a Administración, que fai programas orientados á redución do fracaso escolar.

Creo que hai un dato significativo, e creo que con este dato, desde o punto de vista político, o debate debería quedar bastante equilibrado ou polo menos zanjado. É dicir, este goberno colleu un fracaso escolar de practicamente o 26 % no ano 2009, un 25,8 %. Por certo, nos anos do Bipartito incrementouse o fracaso escolar practicamente en 4 puntos. Hoxe temos unha taxa de fracaso escolar por debaixo do 15 % —o 14,9 %, en concreto—, de case o 15 %, que está por debaixo do obxectivo que nos fixa a Unión Europea para o ano 2020. ¡Algo se estará facendo ben! Algo estará facendo ben o sistema educativo cando estamos reducindo

o fracaso escolar, cando estamos por debaixo da media de España, bastantes puntos por debaixo da media de España, e estamos por debaixo do umbral que nos fixa a Unión Europea para o ano 2020.

Pero, bueno, eu tamén, para que non quede ningunha dúbida desde o punto de vista técnico, vou facer unha descrición técnica do que vostede acaba aquí de criticar cunha percepción política. Sei que vou ser aburrido porque é algo puramente técnico.

Vostede fala do programa 423B. Como ben dixo vostede, no ano 2017, tiña un orzamento inicial de 19,7 millóns. Posteriormente, este orzamento foi incrementado pola Lei 3/2017, do 13 de xullo, de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social, e de modificación tamén, por certo, da Lei 1/2017, a Lei de orzamentos do 8 febreiro, para chegar a un crédito de 19,8 millóns, importe sobre o que vai xirar o que é esta resposta.

Ben, o programa 423B é xestionado por dous centros directivos da Consellería: por unha parte, pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa —algo máis de 2 millóns de euros, cun importe consignado que vai orientado fundamentalmente a concretar gastos en transporte derivados do PROA e diferentes actuacións en investimentos reais, en programas de prevención de abandono escolar temperán, mellora do éxito escolar, así como no Plan integral de aprendizaxe de idiomas estranxeiros— e a outra parte é xestionada pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, 17,8 millóns aproximadamente. Neste caso, os créditos correspóndense con créditos do capítulo I, fundamentalmente con gastos de persoal. E, como a súa natureza indica, van orientados ao pagamento das retribucións do profesorado.

Como se desprende da información remitida mensualmente pola Xunta ao Parlamento galego respecto das modificacións orzamentarias, este programa 423B tivo minoracións. Estas minoracións responden a: primeiro, no capítulo I, gastos de persoal. Realizáronse modificacións de crédito que minoraron o seu importe en algo máis 6,5 millóns de euros —de aí vén a súa confusión— co obxecto de adecuar os créditos orzamentarios ás necesidades derivadas da propia xestión de persoal —altas e baixas por mor do cambio de relación laboral coa Administración; por exemplo, persoal interino que pasa a ser funcionario, concurso de trasladados, etc.—. Pero isto non implica —de aí vén o seu erro— unha minoración do persoal dedicado á prevención do abandono escolar, senón que ten que ver coa adecuación das retribucións en cada caso en partidas e en capítulos diferentes.

En segundo lugar, no capítulo II, gastos correntes en bens e servizos, houbo un incremento de aproximadamente 750.000 euros, orientado basicamente ao financiamento de gastos realizados polos distintos centros educativos nos programas de reforzo, orientación e apoio —os denominados PROA—.

E terceiro, polo que atinxe ao capítulo VI, investimentos reais, que xestiona neste caso a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, houbo tamén modificacións que minoraron o orzamento aproximadamente en 535.000 euros para facer fronte á dixitalización dos servizos públicos, gastos de funcionamento dos centros e gastos de persoal participante no PROA, entre outros.

Señor Álvarez, a realidade é que se non tivésemos en conta os gastos do capítulo I que foron obxecto das modificacións orzamentarias que vostede di e que comentamos anteriormente —foron executadas só noutra partida para a mesma finalidade, pero noutra partida—, o grao de execución do programa 423B resultante non é o que vostede di. Vostede di que hai unha execución do 65 %. Está executado arredor do 98 %, porque en ningún momento se deixou de pagar aos profesionais que se adican, neste caso, á prevención do fracaso escolar ou a todas as accións que están orientadas á redución desta lacra. Creo que con isto quedaría todo dito. É unha explicación técnica que certifica que vostede interpreta só unha parte dos datos e non interpreta todo. O que vostede di que é unha execución do 65 % en realidade é unha execución do 98 %.

Obviamente, a partir de aí vostede monta un debate político e fala dunha das variables das que, precisamente, Galicia pode estar máis orgullosa. Esta consellería, este goberno, está tremendamente orgulloso da redución do fracaso escolar, que, como dixeran, non é unha cuestión meramente da Administración educativa, senón que é un proceso colectivo no cal está o profesorado, os centros, as familias, etc. Creo —porque os datos así o certifican— que temos avanzado en calidade dun xeito notable nos últimos anos, con novos programas: plurilingüe, ensino plurilingüe, extensión das Tic, vocación STEAM, potenciación da formación profesional... Hoxe creo que podía ver aquí moi cerca a importancia que ten hoxe a formación profesional en Galicia, pero, sobre todo —e ten moito que ver co que vostede está dicindo—, é dificilmente sostible técnica e politicamente que non haxa unha aposta clarísima contra a redución do abandono escolar ou que non haxa unha aposta clarísima polo fomento da igualdade de oportunidades para todo o alumnado galego. E son datos dificilmente cuestionables. Galicia ten o ensino máis equitativo do Estado, non o di este goberno, dío o Informe PISA, dino organismos internacionais, dío o propio ministerio, o sistema máis equitativo de España e o sistema máis inclusivo; é dicir, o que ten máis alumnos con necesidades educativas especiais integrados nas aulas ordinarias, máis do 90 %.

Obviamente, hai que seguir traballando, por suposto, pero cuestionar que temos un sistema educativo que non garante a igualdade de oportunidades realmente non se sostén nin cos datos nin cos resultados que aquí temos, cunha masa profesional de practicamente dous de cada dez profesionais dedicados á atención á diversidade, ou —como xa dixeran— co abandono educativo temperá máis baixo na nosa historia e por debaixo do que nos exige a Unión Europea para o ano 2015.

Co cal, verdadeiramente, por suposto, é absolutamente contrario ao doutras épocas. Eu lembro aquí debates con algún deputado do Grupo Socialista onde se dicía que había menos recursos que na época socialista. Si, pero, curiosamente, pese a haber menos recursos dende o ano 2009 ata hoxe por mor da crise, sen embargo fomos capaces de ter mellores resultados en todas as variables.

Vostedes, cun 30 % de incremento orzamentario...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...foron incapaces de reducir o fracaso escolar; ao revés, incrementárono

en catro puntos. Por iso eu sempre digo, e repítoo, que ás veces non é o que se ten —non é tanto o que se ten ou o que se pode investir ou xestionar— senón o que se fai co que se ten. E, realmente, vostedes demostraron que no ámbito do abandono escolar teñen moi pouco que dicir.

En todo caso, tecnicamente, agardo que me explicase ben, ao mellor fíxeno mal, creo que é unha cuestión puramente técnica, absolutamente normal, que desmonta o que vostede plantexou. Hai unha execución practicamente do cen por cento e, sobre todo, o máis importante é que os resultados educativos no ámbito da equidade, no ámbito da inclusión e no ámbito da igualdade de oportunidades están plenamente garantidos, e este programa estase desenvolvendo, creo, cun notabilísimo éxito, como así o demostran os resultados.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Na rolda de réplica ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Si, señor conselleiro, é verdade que faremos máis con menos. Esa é a súa máxima e sobre iso pivotan vostedes a súa xestión de goberno, recortando profesores, recortando recursos, recortando dereitos. Pero o obxecto da interpelación non é ese, sobre iso xa se ten debatido extensamente e seguiremos debatendo, seguramente, porque creo que, sen facer de agorero, en cuestión de demandas lle veñen malos tempos encima á súa consellería, pero iremos vendo como van evolucionando as cousas.

Mire, eu non vin aquí facer monólogos dun programa de humor. Se estou pouco dotado para o humor, ¡que lle imos facer!, non vivín diso nin aspiro a vivir. Supoño que vostede tampouco, o cal creo que nos tranquiliza a ambos. De todos modos, tamén lle podo dicir que podemos seguir falando de Cicerón, e «nada perturba tanto a vida humana como a ignorancia». Esa tamén é unha frase de Cicerón. Espero que ninguén se sinta aludido nin que me poña nun lamentable estado, polo que pido desculpas á Cámara e, en particular, á Mesa pola miña perda de formas provocada polo sempre constante señor Tellado. (*Murmurios.*) Vostede provocou a miña reacción. É certo que non é... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, é un mérito meu porque hai unha frase que di que calquera que controla...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Imos seguir no debate, por favor. Silencio.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...e vostede controloume e non debera, pero ben, as cousas son como son. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, moitas grazas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Mire, señor conselleiro, eu estaba pedindo desculpas á Cámara e á Mesa, creo que é un alarde de xenerosidade, de honestidade, que debera ser case

plausible de forma unánime (*Murmurios.*) pola Cámara e non obxecto do habitual por parte súa. Pero ben, tampouco cabía esperar outro tipo de reacción.

Mire, señor conselleiro, vostede viña preparado cunha resposta en automático e falou de cousas que eu non dixen. Porque, claro, evidentemente, se vostede repasa a miña intervención eu non falei en ningún momento de execución orzamentaria do 65,2 %, non o dixen. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Non, non, non, non o dixen! O que pasa é que, claro, como esa cifra de execución orzamentaria está nos libros da Consellería e do Goberno galego, di, este vai falar-me dun 65... É que non lle falei, non lle falei.

Eu pódoo entender, loxicamente, eu tamén no seu lugar, evidentemente, viría preparado cunha serie de liñas argumentais, pero é que eu non lle dixen nada. Soamente lle dixen, imos ver, que me expliquen ou que nos expliquen se no ano 2017 puideron recortar seis millóns e medio de euros, que vostede fixo unha explicación case vinculada en exclusiva a persoal.

Francamente..., vou darlle o beneficio de crer que vostede me está dicindo unha cifra que é certa, que son seis millóns de euros os que puideron prescindir de profesorado. Iso moi dificilmente encaixa co que di non o Partido Socialista, senón o Valedor do Pobo cando fala de moitos casos constatados pola Valedoría de alumnos aos que non se atendeu. ¿Que vostede quere que eu diga que o sistema educativo galego é un desastre? Non se levante, porque se vai cansar de esperar a que o diga. Non o dixen nunca nin o vou dicir, porque non é certo. Nin é certo cando gobernaba o Partido Popular antes do Bipartito, nin durante o Bipartito —que, por certo, creo que causou a peste bubónica, hai por aí teorías—, nin agora. Non, non é certo.

O que é certo é que hai casos de necesidades de atención específica sen atender, e que vostede veña e me diga que poden recortar seis millóns e medio de euros de persoal —que foi o que dixen basicamente— dese programa porque non había necesidades, e que, por outro lado, un organismo, sen chegar a ser etéreo, pero que nos sobrevuela a todos, como é a Valedoría do Pobo diga que constatou esas necesidades, non encaixa, de verdade que non encaixa, polo tanto, algunha cousa hai aquí.

E vostede non me explicou por que o volveron facer, se teñen detectado que son suficientes trece millóns de euros, ¿por que este ano orzan vinte e catro?, case. Explíquemo. Dixen, vou ser aburrido. Eu xa sei que as cuestións orzamentarias e as explicacións son áridas, as cousas como son, son áridas, si, pero podemos chegar a entendelas. O que nos custa máis entender é que se orce o dobre dun ano para outro e que as cousas sigan igual, nalgún momento se cometeu un erro. Insisto, ¿teñen vostedes un programa 423B orzado ou sobreorzado para poder manexalo como colchón para outras necesidades que se dean ao longo do curso?, ¿si ou non?

É unha resposta, señor Fernández Gil, binaria, ¿verdade?, si ou non, non ten máis opcións.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas.

Este Parlamento ten un bo servizo, que é gravar as comisións e poñelas á vista de todo o mundo na súa páxina web. Eu o outro día vin unha comisión —é o meu traballo, obviamente, vin un rato a Comisión 4ª— e, sen que sirva de precedente, vou utilizar unha frase dunha compañeira súa, que dixo —apunteina porque me gustou—: «Hai pensamentos distintos que non son malos de por si, a discrepancia por si mesma non é mala. Creo que iso é o importante. Agora, unha discrepancia non pode basearse nin xustificarse nun erro e nunha percepción absolutamente errada da realidade e no uso de datos ambiguos da realidade».

Mire, vostede intenta plantexar un debate puramente político dunha cuestión técnica e fala dun recorte de seis millóns de euros en persoal. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, díxoo vostede.

Eu tamén sei que ao Partido Socialista lle é difícil —historicamente así é— entender iso de facer máis con menos. Se algo ten demostrado este goberno— e na historia da democracia galega e da autonomía galega pasará á historia, sen dúbida— é ser capaz de facer máis con menos, sen dúbida. Porque no ámbito educativo se un compara o que había antes do ano 2009 e o que se desenvolveu a partir do ano 2009, vese claramente que ás veces —como xa dixen antes— non é tanto o que se ten, senón o que se fai co que se ten e se pode facer; o que hai que facer é ter coraxe, ter capacidade de xestión e ter valentía.

Eu entendo que o Partido Socialista soe ter fraca memoria e xa non se acorda dos recortes —como vostedes din agora—, que parece que son do Partido Popular, non se acordan dun señor que se chamaba Zapatero, que foi o que puxo en marcha realmente as medidas máis duras que sufriu este país. Tan duras foron que nin se presentou na seguinte reelección a candidato. *(Aplausos.)*

E tamén vexo que hai unha fraca visión, o Partido Socialista ten unha fraca visión. Segue falando, xa non ten pasado, non sabe o que pasou no pasado, pero a vostede, que tamén utilizou un símil —digamos— da publicidade televisiva, que falou de produtos televisivos, eu tamén lle diría que mire para o seu contorno e compare; diríalle que busque e compare, e mire para outras comunidades autónomas e vexa como están os sistemas educativos noutras comunidades autónomas xestionadas historicamente —e xa non digo o nome— polo Partido Socialista. Busque, compare e despois, se quere, cómprellelo; desde logo, os galegos non lle compramos ese modelo, pode estar absolutamente seguro.

E claro, vostede fai aquí un símil de lóxica aristotélica. Di que, claro, vostede non di que se executou o 65 %, pero cando vostede está dicindo que non se executa arredor dun terzo, quere dicir que o resto se executa. Vostede di que se executa só o 65 %, arredor dun 65 %.

Pero non é certo, execútase practicamente o 100 %, o noventa e oito e pico por cento. E os seis millóns de euros non se recortan, porque se se recortaran os seis millóns de euros non habería profesores con contratos-programa. Vostede sabe que os contratos-programa implican a contratación, a maiores do profesorado ordinario, de máis de cen profesores. Non habería profesores para a formación profesional básica, non habería profesores para todas as accións que se desenvolven no ámbito ordinario do sistema educativo. É certo que non se pagaron con esa partida, coa 423B, pero pagáronse noutra. ¿E por que non se pagaron con esa partida? Porque hai cambios na xestión ordinaria que poden parecer unha gran cantidade, pero seis millóns, arredor de 1.300 millóns, que é o cómputo xeral, todos os cambios que hai nestas partidas son absolutamente normais, lóxicos, técnicos e aburridos de explicar.

Co cal creo que hai un certo desaxuste, absolutamente, no seu plantexamento, porque intenta trasladar á imaxe pública, ao debate político, unha cuestión técnica, por encima cando os resultados evidencian que esta variable, en concreto, é unha variable que está afortunadamente nunha boa situación, porque non hai nada máis inxusto socialmente que un neno ou unha nena saia á rúa sen ningún tipo de titulación, porque «condena» esa persoa a uns itinerarios vitais difíciles.

E comunidades autónomas tan brillantes, sempre gobernadas polo Partido Socialista, duplican en fracaso escolar a Galicia. E non é porque haxa algo divino, porque partían cunha situación semellante hai unhas décadas, partían cunha situación de renda social semellante á galega. Pero, sen embargo, as políticas constantes de non facer máis con menos, de tirar para diante sen pensar en nada, levan á situación que están, que comparativamente en ningún caso se sostén.

E fállame vostede do orzamento de 2018, eu diríalle unha cousa. No orzamento de 2018 o capítulo I...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...incrementase porque se planifica, se cuestiona e se plantexa xa un incremento orzamentario igual que no resto dos capítulos.

E ao final tiña aquí moitas cousas para dicirle, certamente non teño máis tempo, pero voulle facer unha reflexión final co modelo educativo galego, que creo que —como vostede ben dixo— é un bo sistema educativo, que hai que mellorar, que ten eivas, que ten problemas, pero temos un bo sistema educativo en calidade e en equidade e debemos sempre apostar pola educación, porque é o que nos permite medrar como sociedade, tanto a nivel individual como a nivel colectivo.

E sempre este goberno traballa con dúas premisas: fomentar a calidade e fomentar a equidade, porque unha cousa sen outra ten pouco sentido.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Só calidade sería elitismo, non habería igualdade de oportunidades, pero tamén só equidade sería un despilfarro.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos ao seguinte punto de preguntas ao goberno.

Pregunta de D^a María Ángeles García Míguez e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance do Goberno galego respecto dos resultados do fomento da xestión compartida dos centros de información á muller en Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor vicepresidente, foi no ano 1995 cando comezaron a súa andadura en Galicia os primeiros centros de información á muller. Foi un goberno do Partido Popular, presidido polo entón presidente do Partido Popular, don Manuel Fraga, o que puxo en marcha os primeiros centros de información, que foron o de Crecente, o de Coirós, o de Arzúa, o de Melide e o de Monterroso. E a partir de aí foise incrementando o número de CIM, ata os 81, que hai agora na actualidade.

Un recurso, señor vicepresidente, que consideramos de vital importancia para todas as galegas. Un servizo de asesoramento, un servizo de prevención, un servizo de sensibilización, un servizo de coordinación e un servizo, por suposto, de atención, de atención a todas as mulleres, non só as que sofren violencia de xénero —por suposto, esa é unha prioridade—, senón a calquera muller que teña unha problemática do tipo que sexa, de tipo laboral, de tipo discriminación, mesmo para asesorarse por un contrato de arrendamento, por un recibo do banco que non entende etc., etc., etc.

Un servizo, señor Rueda, que sempre foi a máis. Sempre foi a máis e só tivo un momento no que estivo en perigo, en risco, que foi durante o Goberno bipartito, eses que enchen a boca a dicir que promoven a igualdade, que son os adalides da igualdade e pouco menos que teñen o monopolio de protexer as mulleres coas políticas de igualdade, un Goberno bipartito que a única ambición que tiña en materia de igualdade era colocar e contratar os seus —de aí que crearon o rei dos chiringuitos: o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar— e tamén pretendía pechar os centros de información á muller, creando unha rede paralela de oficinas de I+D. Señor vicepresidente, non o digo eu; dicíao a CIG, que non é sospeitosa de ser do Partido Popular nin afín nin moito menos.

Pois ben, señor vicepresidente, foi no ano 2009, cando entra o Goberno do Partido Popular, novamente cando volve cobrar protagonismo e volve cobrar importancia o traballo dos cen-

tros de información á muller. A partir de aí, no ano 2013 empézase a subvencionar o traballo compartido, o traballo coordinado entre diferentes administracións, e, por iso, a situación de optimización dos medios públicos, de eficacia, eficiencia e racionalización dá a posibilidade de que os centros de información á muller fagan un traballo compartido.

E por iso lle preguntamos, señor vicepresidente: ¿cal é o balance que fai a Xunta de Galicia dos resultados do fomento e xestión compartida dos centros de información á muller en Galicia?

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Pois, efectivamente, señora Prado, apostamos decididamente polos posibles recursos que podía haber para facer un asesoramento en toda Galicia. Ese era o obxectivo fundamental dos CIM en materia de igualdade, en materia de loita contra a violencia de xénero e en xeral en atención a mulleres, a mulleres maioritariamente, pero non só a mulleres na réplica de datos, tamén na atención que a través dos CIM se fai a homes que demandan esta atención.

Pero é certo que consideramos, dende a chegada do Goberno, que o CIM e o seu despregamento, conseguir que chegaran, se non á totalidade do territorio, si á súa meirande parte e, dende logo, á parte máis rural e de pequenos concellos, que sen este recurso ían ter practicamente imposible poder dar esta atención, pois iso fixemos, e creo que os números avalan que se foi avanzando moito.

A día de hoxe, son 81 centros os que hai, que dan servizo a 215 concellos, precisamente por esa intención que fomos conseguindo —aínda non rematamos— de que colaborasen varios concellos para ter un centro que os atenda a todos. Non ten moito sentido a situación que atopamos, onde era practicamente un CIM, un concello. E, polo tanto, no ano 2013 fixemos unha aposta decidida, fixémosla non só na promoción dos centros de información á muller, en realidade en todas as subvención que se dirixían dende a Xunta ás entidades locais de Galicia, promocionando, en todas nas que se puidera —non se pode en todas pero si na maioría—, que as peticións foran conxuntas e, polo tanto, tamén o disfrute conxunto, con todos os beneficios evidentes que iso supón.

Referido aos CIM, esta intención, é dicir, que no ano 2013 —xa digo— fixemos esta primeira convocatoria, incentivando a solicitude conxunta, e xa naquel momento 2,7 millóns de euros, logo foi subindo. O 30 % —case a terceira parte— do importe concedido foi para fins que prestaban o seu servizo en máis dun concello. Fomos aumentando as cantidades, fomos promocionando esta solicitude conxunta e no ano 2017 a cantidade dedicada aos CIM aumentou considerablemente: de 2,7 no 2013 a 3,4 no 2017. E conseguimos tamén que o 44 % —non chegamos á metade, pero xa nos acercamos máis— dos cartos dedicados, deses 3,4, foran

para CIM que prestan unha atención conxunta. Tivemos 20 solicitudes de atención conxunta no ano 2013 e 31 no ano 2017.

E imos seguir avanzando e cremos que este, dende logo, é o camiño, e os números así o amosan. No ano 2008, Galicia tiña 76 CIM e agora temos 81. Quizais se podería pensar que non aumentou moito o número, pero aumentou a poboación cuberta e tamén o número de persoas que traballan nos CIM; 98 concellos no ano 2008; 215, dobramos a cantidade, superamos esa cantidade dobrada, 215 concellos atendidos.

Polo tanto, isto demostra ser unha boa iniciativa e imos seguir intentando que ao final os CIM estean en todo o territorio, promocionando o que vostede dicía na súa pregunta: a xestión compartida, que cremos sinceramente que funciona, e funciona ben.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para réplica ten a palabra a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor vicepresidente.

Ben, eu teño que felicitalo, señor vicepresidente, en nome do Grupo Parlamentario. Si, teño que felicitalo. Eu sei que molesta que felicitemos polas políticas de igualdade que leva a cabo a Xunta de Galicia. E temos que felicitalo porque, efectivamente, se está chegando a máis territorio, a máis poboación. Rinse os que nos gobernos municipais pechan CIM. Rinse os que nos gobernos municipais, cos cartos que vostedes lles dan da subvención para o CIM, mercan o despacho da concelleira, como é o caso de Santiago de Compostela, Marta Lois. Rinse, señor vicepresidente, os que, claro, contratan, seguen contratando afíns, porque teñen o vicio —hoxe pola mañá falabamos de vicios—. Pois eses que falan do vicio, que hoxe están noutro grupo pero que antano, cando era o Bipartito, estaban baixo esas siglas que gobernaron Galicia, hoxe pois lles compran os pisos aos seus compañeiros de partido, hoxe contratan con falsos autónomos, compañeiros e firmantes dese partido, e seguen contratando afíns, que era o que facían no Consorcio, nas oficinas de I+D etc., etc.

Por iso lle digo, señor presidente, que o teño que felicitar, porque, efectivamente, o Goberno da Xunta de Galicia está facendo unha aposta decidida pola igualdade, subvencionando os centros de información á muller e promocionando os centros de información á muller e non as contratacións a amigos e afíns da organización política que sostén o Goberno. (*Aplausos.*)

Señor vicepresidente, gustaríame que na súa réplica nos dixera cales son as cantidades en investimentos e orzamentos que teñen disposto para as políticas de igualdade en Galicia.

Agradézolle, unha vez máis, esta información, porque é moi importante que todos saiban que o que vostede acaba de dicir aquí, que agora se chega a 215 concellos, duplicando o territorio e a poboación a que chega o asesoramento dos CIM, parécenos fundamental, porque, efectivamente, non só as mulleres de Galicia senón tamén os homes que precisan

esa información, asesoramento, sensibilización, que é fundamental, e prevención da discriminación...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...parécenos importantísimo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora Prado.

Imos intentar, como lle dicía na primeira intervención, perseverar nesta promoción dos CIM, porque o dato que lle daba ao final da miña primeira intervención — pensar que se dobrou a cantidade de concellos atendidos — aconséllanos seguir por ese camiño. Son case 30 millóns de euros os investidos dende o ano 2009 ata o ano pasado, o último orzamento pechado, só no mantemento dos CIM. É certo que aquí colaboran tamén todos os concellos, pero agora especialmente a Xunta de Galicia, para facer posible, precisamente, o que lle dicía antes: que pequenos concellos poidan ter un servizo que en principio parecería reservado só a concellos de maior tamaño, de maior capacidade económica, ou aos ámbitos urbanos.

Ademais, no ano 2015 fixemos un esforzo especial, case 300.000 euros para renovar material destes CIM, que tamén lles facía falta, en 63 centros, e aprobamos un decreto dos CIM onde se regulamentan moitas cousas que era necesario regulamentar e que a práctica aconsellaba que tiveran fixadas dun xeito homoxéneo para toda a rede de CIM, por exemplo exigir dúscientas horas de actividade formativa ou unha experiencia equivalente para os traballadores dos diferentes CIM; especializar tamén os CIM para que atendan o colectivo LGTBI e as súas familias, en colaboración cos concellos aquí estreitamente; e tamén establecer algo fundamental, que é o principio de atención universal; é dicir, que, aínda que os CIM teñan o seu ámbito xeográfico, ningunha muller, ningunha persoa, calquera que queira ir a un CIM se vexa limitado porque non pertence a ningún dos concellos aos que atende ese CIM en principio.

Os CIM atenden precisamente, porque agora funcionan en rede, calquera persoa que se achegue alí. Ben é certo que a lóxica o que fai pensar é que as persoas que demanden os servizos irán aos que teñan máis preto á súa residencia, pero ás veces, por moitas razóns, non é así, e o principio de atención universal, o funcionamento en rede destes CIM, permite que calquera persoa poida ir a calquera CIM de Galicia e poida ser atendida con independencia de onde veña, e isto tamén con independencia de que os concellos — a Xunta tamén o está promocionando — poidan facer convenios de colaboración, especialmente o que ten o CIM no seu propio termo municipal. Estamos falando de CIM mancomunados. Loxicamente, a prác-

tica o que demostra é que sempre asume máis gasto e, polo tanto, estamos favorecendo e promocionando que estableza convenios de colaboración cos concellos aos que atende.

Por darlle algún dato, para rematar, 66.055 consultas no ano 2017, só no ano 2017, e un terzo delas referíase a atención psicolóxica; outra boa parte, 20.000, asesoramento xurídico; atención a persoas por casos directamente relacionados coa violencia de xénero xa dende o principio, 10.129; e información sobre outro tipo de recursos, 8.114.

E os CIM atenden maioritariamente mulleres —é certo—: 11.993, pero tamén atenden homes. Isto creo que é bo que se saiba. 762 consultas de homes nos CIM no ano 2017.

A demanda, considerando contornos urbanos/contornos rurais, é moi parecida. Creo que isto é bo. 6.015 persoas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...—si, remato, señor presidente— no ámbito rural, 6.075 no ámbito urbano.

E este ano creáronse tres novos CIM en Galicia: no concello de Mos, Conso Frieiras e en Verín. Pecháronse dous —é certo—: o episodio lamentable —dixémolo— do peche do CIM en Ponte Caldelas, sen ningún tipo de alternativa, e pechouse o CIM de Vilanova, pero alí o Concello o que fixo foi meterse no CIM mancomunado. Oxalá que o Concello de Ponte Caldelas tivese a mesma sensibilidade; dende logo non a tivo e lamentámolo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia desde o 8 de marzo de 2018 para reducir a discriminación económico-laboral das mulleres galegas

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señor conselleiro, son moitos os tipos de discriminacións que sufrimos as mulleres galegas en todos os ámbitos da nosa vida, pero hai un, o económico-laboral, que é absolutamente primordial. Coincidirá comigo, cando menos, en que a independencia económica é fundamental para o empoderamento e para o desenvolvemento da vida autónoma.

Xa hai máis dun mes, o pasado 8 de marzo, tivo lugar internacionalmente e no noso país unha mobilización absolutamente histórica, onde as mulleres demandamos dos poderes públicos cambios reais. Proporcionalmente, mesmo a mobilización en Galiza foi maior que no

resto do Estado e as galegas exiximos e exixímoslle á Xunta de Galiza medidas urxentes, e o laboral sabe que foi un dos temas principais desa axenda mobilizadora.

Vostedes daquela —xa pasou un tempo prudencial— dixeron que tomaban nota, pero cantas máis semanas pasan desde o BNG dános un pouco a impresión de que vostedes máis ben están adoptando o «estilo Rajoy», de «no nos metamos en eso». Pero as nacionalistas si queremos meternos niso, porque vemos que nin vostedes nin o Goberno central están facendo os deberes cunha cuestión que para nós é fundamental: a fenda salarial e as discriminacións sobre todo na empresa privada. Aínda que tamén nos preocupa, por suposto, o sector público, o certo é que, ao estar el moito máis controlado, se apartamos por un momento as súas cifras e avaliamos que está acontecendo co salario no sector privado, a radiografía que nos queda é absolutamente desoladora. Reflicte unha discriminación moito máis profunda que cando vemos os datos en conxunto e pensamos que non se pode permitir máis tempo de desidia pola súa parte.

Por exemplo, se miramos as ramas de servizos ás empresas e de servizos persoais e de lecer, as traballadoras —e traballadoras que son a maioría, máis do 50 %— vemos como teñen unha fenda no ano 2017, con datos da Axencia Tributaria, dun 29,2 % e 27,7 %. É dicir, que, se á hora de medirmos o impacto da fenda salarial, apartamos a fenda salarial dos traballadores e traballadoras públicas, vemos como unha fenda salarial de por si preocupante, nun 22 %, chega case ao 30 %.

A isto sumamos as consecuencias da crise económica, o empeoramento das condicións laborais, as cotas de temporalidade, e todo isto pois nun marco laboral no que, tanto en termos absolutos como relativos, por moi pouco que lles guste a vostedes, o desemprego incrementouse máis nas mulleres que nos homes, desde o terceiro trimestre do 2009. E, neste escenario, nós preguntámonos que teñen feito, porque non vemos nin unha soa medida económica nin unha soa medida destinada especificamente a combater a fenda salarial, e especialmente no ámbito privado. Vostedes nin propoñen nada neste sentido nin toman en consideración as propostas que nós lanzamos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Por iso, pregúntolle: señor Conde, ¿que actuacións levaron a cabo desde o pasado 8 de marzo para corrixir a discriminación económica e laboral que sufrimos as mulleres galegas? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas.

Señorías.

Señora Presas, a verdade é que teño que recoñecer un certo desconcerto pola súa iniciativa, e desconcerto por tres razóns.

A primeira é porque solicita cales son as actuacións dende o 8 de marzo, e curiosamente rexistra a pregunta o día 12; é dicir, que nos dá catro días para actuar, o cal eu llo agradezo, porque loxicamente é unha confianza por parte do seu grupo parlamentario de que, efectivamente, temos esa capacidade de resposta positiva por parte do Goberno. O certo é que o que lle podo dicir é que a Xunta de Galicia non leva catro días traballando pola igualdade, a Xunta de Galicia leva vinte e cinco anos traballando pola igualdade de xénero e do emprego das mulleres en Galicia, e seguiremos día a día traballando.

O segundo motivo, señoría, do meu desconcerto é porque a súa pregunta coincide coa que contestei hai un mes á señora Pierres neste pleno, o 21 de marzo. Daquela dixen que, efectivamente, este goberno tomara nota —creo que como todos os grupos parlamentarios— do acontecido o 8 de marzo e que, efectivamente, o Goberno ía reforzar as medidas para impulsar unha igualdade total entre homes e mulleres. E iso foi o que se puxo a facer o Goberno. E, señoría, o 5 de abril, en menos dun mes, este goberno aprobou o I Plan galego de conciliación e de corresponsabilidade, que converte Galicia na primeira comunidade cunha ferramenta destas características.

E o terceiro motivo do meu desconcerto é como utiliza vostede os datos. É curioso que aquí na intervención fale de datos da Axencia Tributaria cando, en realidade, vostede está dando datos da CIG, con base nos datos da Axencia Tributaria. É curioso, ao mellor resulta que no pleno quere falar doutra maneira.

Pero mire, non faga trampas ao solitario. Ese mesmo informe do estudo da CIG, que é o que vostede utiliza para estes datos, o que di é que no ano 2008 a fenda salarial en Galicia era do 25,5 %, é dicir, 3,2 puntos máis que no ano 2016, o mesmo informe da CIG. A fenda salarial en Galicia, señoría, é menor que no conxunto de España e a fenda salarial en Galicia é hoxe menor que hai anos.

Polo tanto, nós seguimos avanzando e seguimos tomando medidas —despois na réplica trasladareille outro tipo de medidas que estamos facendo—, pero, señoría, creo que este goberno está demostrando claramente o seu compromiso pola igualdade, impulsando medidas de corresponsabilidade, medidas de conciliación, medidas de fomento do emprego e medidas de igualdade de salario.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Ten a palabra para réplica a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señor Conde, o que é desconcertante realmente é o desnorte que teñen no Goberno galego. Primeiro, vostede vén aquí con desculpas de datas, hoxe é 25 de abril, pasou un tempo prudencial desde o 8 de marzo, non sei que ten que ver o día de rexistro da pregunta. Sabe vostede como son os tempos neste Parlamento, ¡carai!, que para facer unha pregunta urxente haina que facer con semana e media de adianto. (*Aplausos.*) ¡Home, é que...!

Despois, vén con cuestións... Claro, como non lle gustan os datos, pois tamén na iniciativa rexistrada referimos outro tipo de datos, como os do informe Gestha. Se quere, pois falamos desoutros datos, pero o que é obvio é que, se analizamos o mercado laboral, a fenda salarial é un problema en Galiza importantísimo, é importantísimo, entre o 25% e entre o 30 %, e é fundamental sobre todo se avaliamos o mercado privado.

¿Que acontece? Que vostede non ten nada que dicirme. O único que me vén dicir é o do Plan de conciliación, pero é que miren, os problemas que temos as mulleres galegas e as traballadoras galegas non teñen que ver única e exclusivamente coa conciliación laboral. Ese é un problema, pero eu estoulle preguntando pola discriminación económica e laboral, a discriminación numérica de contías que recibimos as mulleres polo mesmo traballo. Non estou metendo —sei que están un pouco obsesionados— a maternidade polo medio.

Mire, nós temos que insistirle en que deixen de imitar o señor Rajoy e que actúen para evitar a discriminación das mulleres, especialmente no sector privado, que é onde é máis forte. Eu, cando me dixo que estaba desconcertado, pensei que ían dicir a desculpa de que non teñen competencias, pero o que teñen é un problema de incompetencia no Estado, que non executan as medidas que deberan, como implementar sancións para as empresas que discriminan traballadoras, nin na Xunta de Galiza, onde non teñen vontade, porque poderían, por exemplo, vostedes tomar o guante de implementar unha lei galega de igualdade retributiva; poderían votedes, por exemplo, establecer cláusulas fées...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...—remato xa, señor presidente, é que me deixou desconcertada o señor Conde— na contratación pública que primen o papel da igualdade no concurso ao mesmo nivel que os criterios económicos, e non para o desempate, que é o que vostedes fan, ou cláusulas para rescindir automaticamente e con claridade os contratos que teñen vostedes con empresas cando se detecta que nelas hai unha discriminación de xénero.

Pero, desde logo, o que non poden é botar balóns fóra, e as desculpas teñen as patas moi curtas, señor Conde. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora Presas.

Para o turno de réplica do Goberno, ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Está claro, señora Presas, que o BNG, cando non ten argumentos, cando non sabe responder ás réplicas, (*Murmurios.*) enseguida mira cara a Madrid e intenta buscar argumentos onde non os hai. Eu fállolle de Galicia, e eu fállolle, efectivamente, das decisións que está tomando o Consello da Xunta. Se vostede quere falar de Galicia, fale de Galicia; se quere falar de Madrid, creo que se equivocou de sitio.

En calquera caso, eu remítome aos datos que vostede trae aquí ao Parlamento e que, efectivamente, lle trasladei eses datos da CIG, que vostede aquí quere ocultar. (*Murmurios.*) Pois, efectivamente, en 2008 marca que a fenda salarial de Galicia é 3 puntos máis baixa que no ano 2016.

Fálame dos datos de Gestha. Efectivamente, señoría, volve querer facer trampas ao solitario. A Gestha o que di nese informe tamén é que Galicia é a sétima comunidade autónoma coa fenda máis baixa, señoría, máis baixa.

En definitiva, os dous informes que vostede introduce na súa pregunta confirman os datos do Instituto Nacional de Estatística que emprega este goberno, e que é que a fenda salarial en Galicia é menor que no conxunto do Estado, 21,92 % fronte ao 22,96 %. Eu falo de datos concretos, vostede fala de filosofía. En calquera caso, a fenda salarial tamén en Galicia é hoxe menor que anos atrás.

Polo tanto, veñamos e sigamos falando de economía, señora Presas. Mire, eu fállolle de decisións e de datos concretos. Fállolle de que neste goberno seguimos actuando cun incremento do 25 % das axudas de emprego para as mulleres. Seguimos tamén, señoría, coas axudas á conciliación por maternidade ou paternidade das persoas autónomas durante dezaseis semanas máis. Seguimos con programas integrados de emprego dirixidos ás mulleres, cunha edición renovada do programa Executiva, para impulsar as habilidades directivas entre as profesionais e tamén as recéns tituladas. Aumentamos, señoría, nun 60 % as axudas para promover a igualdade, a conciliación e a responsabilidade social corporativa nas pequenas e medianas empresas.

E, por certo, xa que falamos da CIG, porque vostede fala na súa pregunta, ¿vostede está de acordo con este goberno e cos axentes económicos e sociais para apoiar a inserción laboral de trescentas traballadoras do téxtil en Ordes, ese programa Galitex que conseguiu este goberno xunto coa Unión Europea, que vai investir 1.200.000 euros para que trescentas traballadoras, mulleres, do téxtil se poidan integrar? Pregúntollo porque a CIG, non. (*A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.*) Gustaríame saber se o Bloque Nacionalista Galego apoia a integración laboral de trescentas mulleres do téxtil en Ordes a través do programa Galitex.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego para garantir no futuro a seguridade das persoas que visiten a praia das Catedrais, no concello de Ribadeo

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día, conselleira.

Hoxe preguntámoslle, como se acaba de relatar agora, pola xestión e pola conservación da praia das Catedrais, no concello de Ribadeo, e facémolo ao fío —como sabe ben vostede— dun tráxico acontecemento. Vaia por diante o máis fondo pesar, no nome do Grupo Parlamentario do BNG, para a familia da muller falecida o pasado mes de marzo.

As perdas persoais son irrecuperables, son irreparables, ademais, pero ese accidente ten que servir —crémolo así desde o BNG— para reflexionar, para analizar a xestión, a planificación, a protección e a conservación que se está a desenvolver deste espazo e cales deben ser, sobre todo, as medidas a adoptar con perspectiva de futuro.

As Catedrais —sábeo perfectamente— son un espazo excepcional, son un espazo único, protexido, catalogado como monumento natural. Mais, sobre todo, se algo hai que ter en conta ao respecto das Catedrais é que son un espazo vivo, son un espazo dinámico, cuxa visita conleva uns riscos, máis se cabe despois, como aconteceu na Semana Santa deste ano, dun temporal de choiva e de vento.

É por iso que, por todas estas razóns, por seren un espazo vivo, por seren un espazo natural e dinámico, non pode ser concibido nin xestionado como un areal convencional, porque non o é.

Desde o BNG queremos preguntarlle, señora Mato, polas medidas que teñen adoptado ou que pensan adoptar para garantir a seguridade dos milleiros de persoas que visitan cada día este espazo, mais tamén que medidas pensan adoptar para garantir unha xestión ordenada do mesmo.

Puxeron vostedes, hai apenas uns días, o martes —se non lembro mal— da semana pasada, uns sinais, restrinxindo o acceso a determinadas zonas na praia das Catedrais, mais coincidirá vostede comigo, señora Mato, en que, por si mesma, a sinalética non disuade as máis das veces as persoas visitantes de acceder a espazos restrinxidos.

Ademais, deberían xa estar postas —así o sinalaba o informe e o estudo desenvolvido polo profesor Vidal Romaní—. Pero insisto nesta cuestión: os sinais, por si propios, non disuaden moitas veces as persoas que deciden, temerariamente en moitas ocasións, achegarse a un espazo que se prevé restrinxido.

Nós cremos desde o BNG que debería haber persoal da Xunta de Galicia despregado nesa praia das Catedrais para desenvolver tarefas de sensibilización, de información e, sobre todo, de prevención dos riscos para os milleiros das persoas que se achegan día a día a este espazo.

Por iso lle preguntamos: ¿que medidas, alén dese informe que pediron á Universidade da Coruña e deses sinais que puxeron a pasada semana, pensan adoptar para garantir a seguridade neste areal?

Máis nada, grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

Ten o turno a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Boa tarde, e moitísimas grazas, señora Rodil. Eu tamén me sumo, unha vez máis, como xa o fixera no seu momento, a reiterar as miñas condolencias á familia da falecida nese lamentable accidente.

É verdade que, no exercicio da miña competencia, a competencia que ten esa consellería, e co fin de protexer unha xoia da nosa natureza, xa foi no ano 2015 cando se puxo en marcha un plan de conservación que limitaba o acceso á praia das Catedrais. Dígoo porque, única e exclusivamente, ese era o seu fin: protexer esa xoia, ese monumento natural. Non foron nin unha, nin dúas, nin tres as veces que mantivemos xuntanzas cos distintos estamentos, especialmente co Concello de Ribadeo, para consensuar precisamente este plan básico daquela —falo do ano 2015—. Mesmo naquelas conversas tivemos certas reticencias a que se puxera un límite de entrada a esta praia por parte do Concello.

Pero é verdade que, dende aquela, dende o ano 2015, executouse este plan de conservación, de protección dese monumento natural, tanto nos períodos de verán como no período de Semana Santa —e fago fincapé nisto: no período de Semana Santa e no período de verán—, que é cando se aplica este plan de conservación que lidera esta consellería, sen que se rexistrase ningunha incidencia e con total harmonía.

Como digo, este plan de conservación e xestión fíxose baseado nun estudo técnico, encargado no ano 2015, que vén limitar o acceso e que di que teñen que ser 4.812 as persoas que, como máximo, poden visitar ese areal. Unha serie de recomendacións tamén se fan nese informe e, efectivamente, unha delas era que se revisara o informe técnico cada cinco anos para avaliar a situación na que se atopa o cantil, a situación na que se atopa a praia e mesmo, tamén, distintas recomendacións de acceso á mesma.

Non obstante, non esperamos a que pasaran eses cinco anos e xa dous anos despois, en setembro do ano pasado, encargamos outro estudo para a universidade, ao catedrático Vidal Romaní, para que dixera se había ou non había, se mudaran ou non as circunstancias do cantil e se había ou non máis perigosidade no areal.

Este novo informe fai unha serie de recomendacións, que incorporamos, que reforzan os avisos aos visitantes sobre os riscos que pode implicar esta visita. Os carteis xa estaban colocados dende o ano 2015. Os carteis dos que fala vostede, e aos que fai mención, porque saíron nun medio de comunicación, non eran novos, o que era novo era a carteleira, pero non o contido, iso xa estaba posto no areal.

Por iso xa antes de Semana Santa introducimos na páxina web que se solicite a autorización para poder entrar, precisamente esa recomendación por escrito ao visitante de que teña

coidado. O Concello de Ribadeo, como competente na vixilancia e observancia da seguridade das persoas nos meses de verán, ten servizo de socorrismo —insisto— para velar pola seguridade das persoas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Porque, como xa lle dixen, a Consellería de Medio Ambiente non é competente de velar pola seguridade das persoas, senón de velar polo estado do ben, neste caso do monumento natural.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para o turno de réplica ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Si, grazas, presidente.

Déixame un pouco como entrei pola porta, señora Mato, se lle digo a verdade, e agardo que na súa seguinte intervención poida afondarme un pouco máis na pregunta que nós lle formulamos, que é cales son as medidas que adoptaron vostedes até o momento e as que pensan adoptar para garantir a protección e a seguridade das persoas que se achegan ao cantil. Temos tres minutos, eu non vou explicarlle unha lexislación que, a verdade, ademais, vostede coñece á perfección.

Toda a lexislación e o marco lexislativo, alén dese Plan de conservación do ano 2015, da Lei de patrimonio natural e da Lei de conservación da natureza, recollen cales son as competencias, as obrigas e as responsabilidades da súa consellería nesa materia. E aí é onde aparece recollida a garantía desa seguridade das persoas que se achegan a un monumento, a un espazo natural que ten os seus riscos. Insisto nesta cuestión porque non é unha catedral, non podemos pecharlle a porta e que a xente non entre; non se pode botar o fecho e impedir que a xente pase, porque se pode pasar en baixamar desde unha praia á outra.

Nese sentido vostede sacaba algunhas cuestións interesantes. Falaba vostede do socorrismo, nós preguntámoslle se se van garantir as prazas que son necesarias de socorristas e se se vai ampliar o período, pois o ano pasado houbo bastantes queixas porque só se estaba sufragando por dous meses ese servizo de socorrismo.

Tamén lle preguntamos por unha parte importante, eu facía referencia na miña primeira intervención a que non é só a seguridade, non é só a xestión, senón tamén facer unha ordenación das miles de persoas que se achegan. E aquí si que lle quero formular unha pregunta moi concreta, e é cando lle van remitir ao Concello de Ribadeo os informes que faltan por parte da Xunta de Galiza para poder aprobar este ano xa ese Plan especial de protección das Catedrais, que viría regular as 56 hectáreas adxacentes, que son nas que ten responsabilidade directa o Concello de Ribadeo. Entre outras cuestións para poder facer un aparcadoiro, para

poder facer un centro de visitantes no que ademais —con isto xa remato— poder proporcionarles esa información de servizo, de seguridade, de prevención de riscos ás miles —insisto— de persoas, porque estamos falando do segundo punto máis visitado de Galiza.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

Para o turno de réplica por parte do Goberno ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Pois a verdade é que ten razón que non me deu tempo a contestarlle expresamente a todas as medidas que puxemos en marcha. Pero si que é verdade que agora teño a oportunidade de dicirlle que convocamos o Concello e mesmo a Dirección Xeral de Costas a dúas reunións, precisamente no senso de que cada administración nas súas competencias teña a capacidade ou non de implementar unha serie de medidas a maiores.

A verdade, e o certo, é que para poder implementar unha serie de medidas queríamos —e cremos necesario— incrementar o coñecemento técnico sobre a situación na que se atopa o cantil. Polo tanto, encargamos —e xa está encargado— un informe xeotécnico á Universidade da Coruña, en concreto á Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños. E con ese informe preliminar, que contamos que estea rematado ao remate deste mes, a finais do mes de abril, poderemos volver xuntarnos unha vez máis as tres administracións e cada unha de nós, en función das nosas competencias, desas competencias que nos outorgan as leis —que vos tede moi ben mencionaba e que teñen que ver, exclusivamente, coa protección da natureza—, pois cada unha das administracións poidamos tomar distintas medidas —como digo, con rigor— baseadas nese informe complementario ao que xa fixemos en setembro e que esperamos que nos próximos días teñamos xa adiantado por parte da Escola de Enxeñeiros.

Por outra banda, nestas semanas o que fixemos dende esta consellería é novas medidas de reforzo na difusión da normativa do uso público do espazo, mellorando a información que se ofrece aos visitantes sobre as prohibicións e os riscos asociados a esta visita, reforzando tamén a vixilancia na zona —e seguiremolo facendo de cara ás pontes festivas que temos agora neste mes de maio— e, por suposto, tamén avaliando a estabilidade con ese informe xeotécnico, que eu creo que marcará as posibles accións que poidamos desenvolver —insisto— cada un dentro das nosas competencias.

É importante dicir que o dominio público marítimo é competencia da Dirección General de Costas e, polo tanto, algo ten que dicir aí. E tamén, por suposto, a observancia e vixilancia da seguridade é dos concellos. Hai moitos concellos que non acoden ás axudas da Xunta de Galicia para financiar a contratación dos socorristas. Esa información sobre o financiamento da contratación dos socorristas poderaa dar a consellería que a leva. Pero, evidentemente, eu creo que o Concello de Ribadeo —cónstame— está comprometido con esta praia, e especialmente estou convencida de que haberá socorristas aínda que sexa dependendo directamente do propio concello.

Como tamén me consta a colaboración estreita que estamos a desenvolver para que ese plan especial de protección do monumento sexa unha realidade o máis pronto posible. Dende a Consellería de Medio Ambiente traballamos con el para que todos os informes de todas as áreas competentes, non só de urbanismo, poidan tramitarse o máis áxil posible e sexan unha realidade, porque dende que mo presentou, efectivamente, ese aparcadoiro eu creo que é absolutamente necesario.

E compartimos co Concello de Ribadeo a importancia que ten para o dinamismo deste concello este monumento natural. E, efectivamente, esforzaremos en que, ademais, sexa seguro.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos á seguinte pregunta ao Goberno.

Pregunta de D. Martín Fernández Prado e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento da primeira fase do Plan de transporte público de Galicia posta en marcha o 8 de agosto de 2017

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señora conselleira.

Volvo traer a esta Cámara unha pregunta sobre o Plan de transporte público de Galicia co obxectivo de que os grupos teñamos a súa valoración sobre o balance que fai o Goberno da súa posta en marcha nestes primeiros meses de funcionamento e, na medida do posible, nos adiante os próximos pasos e obxectivos.

Esta mañá xa tivemos ocasión de falar de transporte. Decía que estaba ben que se valorasen os novos programas que está a implementar a Xunta, que están funcionando ben, e que, evidentemente, poden seguir mellorando. E por iso avanzaba que propuñamos que a Xunta estudara a viabilidade de estender a gratuidade do transporte público aos máis novos aproveitando a segunda fase do Plan de transporte público e contando coas deputacións.

Ao tempo que os concellos estendan tamén a gratuidade ao transporte urbano que é da súa competencia, tal e como aprobamos xa neste Parlamento en xuño de 2016, e aínda hai concellos que non o fixeron nestes case dous anos. Por certo, unha boa noticia que acabamos de ter —esta mañá non a tiña—, acaba de publicarse que o Tribunal do Contencioso-Administrativo acaba de suspender esa fantástica invención do PassVigo. Creo que é unha boa noticia.

En calquera caso, e pola contra, o compromiso da Xunta co transporte público na totalidade de Galicia é claro. Pero aínda que se intente crear un relato ficticio que non coincide coa

realidade, afortunadamente os cidadáns coñecen, usan e valoran positivamente as melloras do transporte público. A comezos desta lexislatura, señora conselleira, comprometeuse a que sería a lexislatura do transporte, avanzando tanto na ordenación do mapa de liñas de autobús como mediante o impulso das políticas, servizos e infraestruturas. E nestes últimos tempos gran parte do seu traballo vén encamiñado a modernizar e dar pulo a este transporte de viaxeiros por estradas, e ao longo do pasado ano a Consellería levou a cabo un intenso traballo de planificación para seguir tras esas renuncias de certas empresas a seguir con esta prestación do servizo, pero tamén encamiñado a reforzar e ofrecer unha mellor cobertura territorial, especialmente no rural.

O traballo culminaba o pasado 8 de agosto coa posta en marcha da primeira fase do Plan de transporte público de Galicia, que albergou fundamentalmente as provincias de Ourense e Lugo, pero tamén algunha zona concreta das provincias da Coruña e Pontevedra. Pasados, polo tanto, xa uns meses desde a súa posta en funcionamento cómpre —cremos— facer balance e valoración.

Por iso, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta: ¿que valoración fai a Xunta da primeira fase do Plan de transporte público de Galicia posta en marcha o pasado 8 de agosto?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Prado.

Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, o pasado 8 de agosto púxose en marcha e botou a andar a primeira fase do Plan de transporte público de Galicia, que garantía e permitiu garantir o servizo público de transporte, que estaba en serio risco logo das renuncias de moitas empresas a seguir prestando o servizo de transporte, principalmente en toda a provincia de Lugo, Ourense e parte de Pontevedra, e nalgunhas zonas da Coruña.

Foron as renuncias de 578 liñas de transporte afectando as provincias que comentaba. E despois dun esforzo titánico —teño que dicir—, dun grande esforzo de toda a Consellería, da Consellería de Facenda, da Consellería de Educación, dos empregados públicos, de toda a Xunta de Galicia, o Plan de transporte público comezou en agosto a andar. E grazas a ese Plan de transporte Galicia non quedou nin un só día sen transporte.

Conseguimos blindar os máis de 500 empregos que estaban en risco por esas renuncias do transporte e conseguimos ampliar os servizos, principalmente, ao noso rural, ao rural galego, con novas modalidades de transporte para acadar un transporte sostible e para acadar un transporte eficiente: as modalidades de transporte compartido e as modalidades de transporte a demanda.

En agosto do ano pasado, o 2017, entraron en funcionamento corenta e un novos contratos, en febreiro deste ano, dous novos contratos das liñas principais de Galicia que conectaban as cidades galegas. Potenciando, polo tanto, a rede de transporte puxemos á disposición de todos os galegos 800 novas liñas máis de transporte.

Tras sete meses da posta en marcha da primeira fase do transporte público, podemos afirmar que o balance é positivo. En canto ás cifras, podemos dicir que se incrementou o número de quilómetros de servizo que se ofrecen co transporte xeral. De 11 millóns de quilómetros pasamos a 15 millóns de quilómetros anuais, polo tanto, un incremento do 35 %. Temos máis que triplicado o número de paradas de transporte que pode utilizar calquera usuario para utilizar o transporte público. E tamén se rebaixaron as tarifas de xeito importante, rebaixáronse as tarifas de practicamente todas as novas liñas acadando reducións de tarifas nalgunhas zonas de ata o 80 %.

En canto —como dicía— a lograr un transporte eficiente e lograr un transporte sostible en Galicia, hai dúas modalidades, a primeira, o transporte compartido. O transporte compartido permite evitar eses autobuses baleiros, permite utilizar esas prazas baleiras do transporte escolar tendo sempre, por suposto, atención blindada aos escolares. E podemos dar resultados, das 491 liñas integradas do bus compartido, foron 75.000 as persoas que utilizaron o transporte compartido estes sete meses, polo tanto, importante esta medida.

E en canto ao transporte a demanda, tamén esa reserva previa, pois foron desde o ano pasado 550 chamadas a esa reserva de transporte a demanda. Polo tanto, iniciativas importantes para fomentar e traballar por un transporte sostible e eficiente en Galicia. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleira.

Para a réplica ten a palabra o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Moitas grazas, señora conselleira, pola súa resposta, e os datos a verdade é que falan por si mesmos. Creo que dixo positivos, eu ampliaríaos a excelentes. Noraboa, de verdade, por estes resultados.

Tomei nota dalgúns deles, que creo que paga a pena repetilos. De 11 a 15 millóns de quilómetros, que creo que é un incremento importante, (*Murmurios.*) e a rebaixa dos prezos de ata o 80 %. Falaba de 75.000 persoas que utilizaron o transporte compartido —tomei nota, e 75.000 paréceme excelente—, e a pesar de que os novos servizos sempre custa arrancalos, creo que 550 cincuenta usuarios deste transporte a demanda tamén é unha cifra moi subliñable. Noraboa polo traballo.

Recentemente, e concretamente o pasado 16 de febreiro, o Goberno galego anunciaba a licitación dos estudos correspondentes a unha segunda fase do Plan de transporte público de Galicia, por un investimento de 2,7 millóns de euros, co obxectivo de que Galicia teña un servizo de transporte moderno e acorde cando no 2019 rematen as actuais concesións. Esperemos que nesta segunda fase os grupos da oposición colaboren e sexan construtivos e defendan o interese xeral e non só sexan eses altavoces utilizando os mesmos argumentos

que utilizaban as empresas. Poden estar seguros de que as empresas só pensan polos seus intereses, mentres que a Xunta está pensando no interese xeral. Pero, colaboren ou non desde a oposición, si que nos gustaría saber que pasos teñen previstos e como teñen previsto poñer en marcha esta segunda fase deste plan. E, de novo, noraboa por eses resultados da primeira fase, polo traballo acadado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Prado.

Para a réplica do Goberno ten a palabra a conselleira señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas.

Señoría, o certo é que as novas modalidades de transporte, o transporte e o bus compartido, o transporte a demanda, teñen dado importantes beneficios á xente, aos galegos, sobre todo á xente do rural. Como dicía, en sete meses 550 persoas utilizaron esa reserva de servizo para evitar que se utilicen autobuses baleiros, e desas 550 chamadas de reserva do servizo practicamente a metade foi na provincia de Ourense. E, como dicía, 75.000 persoas utilizaron ese bus compartido, esas prazas baleiras do transporte escolar, que, por certo, funcionou perfectamente, nin unha soa incidencia e, polo tanto, deu beneficios aos nosos veciños do noso rural.

En canto, no seu conxunto, ao Plan de transporte, a primeira fase rexistrou tamén un incremento importante de usuarios, 5,16 % máis, do número de viaxeiros de transporte xeral nestes sete meses; polo tanto, 3,2 millóns de viaxes de usuarios, tanto xerais como alumnos, nestes sete meses.

Puxemos en marcha a primeira fase e sen descanso xa traballamos na segunda fase. Agora dende logo toca máis se cabe traballar e estar volcados na segunda fase do Plan de transporte público de Galicia.

No mes de febreiro xa licitamos uns importantes estudos para realizar un importante traballo de campo, un importante traballo de campo no que dividimos Galicia en diferentes zonas para analizar a situación actual, analizar concretamente as necesidades de transporte, e seguiremos apostando polo transporte compartido e polo transporte a demanda alí onde sexa útil e onde realmente este sexa xustificado. Pedimos a máxima participación de todos, dos concellos, fundamentalmente. Agardamos colaboración dos concellos e tamén teremos encontros, xa estamos a ter encontros cos diferentes axentes sociais e tamén enquisas e entrevistas con aqueles centros de atracción de demanda de transporte. Analizar concretamente as necesidades dos hospitais, das áreas sanitarias, dos centros educativos, das propias estacións de autobuses, dos centros administrativos e tamén dos centros empresariais e os polígonos industriais, que son realmente xeradores de demanda de servizos de transporte.

Como dicía, iniciamos xa eses encontros. Tamén estamos a aproveitar a Comisión de seguimento do transporte metropolitano para abordar conxuntamente esta segunda fase do Plan

de transporte, e temos ultimada a redacción dese documento base que someteremos a información pública a primeira das dúas informacións públicas que faremos nesa segunda fase, que será o próximo luns 30 de abril.

Agardamos máxima participación e, por suposto, traballar para conseguir a estabilidade deses 50.000 traballadores que traballan no sector e tamén traballar por un transporte máis moderno e tamén para mellorar a mobilidade do noso rural.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. Francisco Casal Vidal, do G. P. de En Marea, sobre a realización pola Xunta de Galicia dalgún informe en relación coas consecuencias da implantación de grandes superficies comerciais para o comercio local, o emprego e os pequenos propietarios de locais comerciais

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Casal Vidal.

O señor CASAL VIDAL: Boa tarde.

Boa tarde, señor conselleiro.

Como vostede sabe moi ben, probablemente moito mellor ca min, Galicia ten case un millón de metros cadrados ocupados por centros comerciais. Supoñen neste momento 39 centros comerciais operativos: 18 na Coruña, 16 en Pontevedra, 3 Lugo e 2 en Ourense. De aquí a 2020 está prevista a construción doutros 400.000 metros cadrados, o 20 % da totalidade de todos os proxectos previstos en toda España. Fondos de investimento internacionais e promotores impulsan 5 novos centros comerciais, todos eles no sur de Galicia —2 en Ourense e 3 en Pontevedra—, que suman os 400.000 metros cadrados que antes mencionei.

As maiores operacións de futuro están situadas en Vigo. Alí está proxectado para 2020 o proxecto de Vialia na estación do AVE, cunha superficie de 90.000 metros cadrados. Despois, o fondo británico Eurofund Capital Partners mantén o plan de construír en Vigo o maior centro comercial de Galicia, con máis de 500.000 metros cadrados, a pesar da controversia que suscita e ademais, como sabemos, de recadar unha serie de firmas dunha maneira —segundo se mencionou esta mañá— irregular, unha iniciativa imposible de desenvolver co vixente plan urbanístico da cidade. O fondo de investimento tenta eludir este plan coa colaboración da Xunta de Galicia— parece ser —, para que declare o proxecto de carácter supramunicipal, o que permitiría a Eurofund saltar a nulidade do Plan xeral de Vigo.

No veciño municipio de Mos está en fase inicial de estudos o centro comercial de 120.000 metros cadrados da cidade deportiva do Celta, que tamén exixiría modificacións da normativa urbanística.

Esta situación de concentración da propiedade e da superficie comercial en Galicia, moi superior, enormemente superior á doutras zonas de España e de Europa, en mans de fondos especulativos, é un risco enorme para a diversidade do sistema comercial, xa que canibaliza e destrúe o pequeno comercio nos centros das cidades, con todas as consecuencias negativas que iso implica, para un desenvolvemento social sustentable das mesmas e afecta moi negativamente o seu atractivo de cara aos visitantes.

Supoñen, ademais, estes grandes centros comerciais unha diminución inasumible de posibilidades de mercado para os pequenos propietarios de locais comerciais, como se está a notar de maneira importantísima na cidade da Coruña, con rúas como a rúa Real e a rúa San Andrés practicamente desertas, con moitos locais baleiros, porque non se dan alquilado debido á competencia, á forte competencia destas novas superficies comerciais.

Os prezos de alugueiro da superficie comercial nos grandes centros son inasumibles para iniciativas da pequena empresa, o que leva a que estes centros estean copados polas grandes marcas e as súas franquicias. Isto limita moitísimo a capacidade de innovación.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: —Si, remato—. Despois da resposta seguirei coa argumentación, pero a proposta xa a leo eu, señor conselleiro: ¿ten realizado a Xunta de Galicia algún informe das consecuencias para o comercio local, para os pequenos propietarios de locais comerciais e a destrución de emprego que implica a implantación de grandes superficies comerciais?

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Casal.

Ten a palabra, por parte do Goberno, o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Casal, a verdade é que eu creo que é moi oportuno traer a este Parlamento o debate sobre a situación do comercio, nomeadamente do comercio de proximidade. O único que eu lle agradecería é que o debate o marcamos sobre datos concretos e non simplemente sobre informacións, neste caso, periodísticas. Dígoo porque o artigo que vostede utiliza como fonte fala de cinco aperturas. Eu pódolle dar datos concretos de que ata o momento tan só dous foron obxecto dunha solicitude formal dentro da Dirección Xeral de Comercio e de Consumo de acordo co procedemento establecido. O primeiro é o solicitado por Leroy Merlin, que quere abrir un centro comercial en Ourense, que foi autorizado xa en setembro do ano 2017; e a segunda solicitude foi de Adif, que, no marco da Lei 3/2016, está tramitando un proxecto para instalar un establecemento comercial de 53.000 metros cadrados na estación intermodal de Vigo, un expediente que está na actualidade en tramitación e que polo momento non ten recibido ningún tipo de alegación.

Fálame de Porto Cabral e vostede di que se pretende desenvolver coa colaboración da Xunta de Galicia. Eu creo que convén que explique as súas afirmacións, porque, como sabe, este goberno xa se ten pronunciado sobre este proxecto. Este goberno é totalmente respectuoso coa autonomía municipal e sempre mantivemos o mesmo criterio, que é o criterio, ademais, do propio Concello de Vigo, para que este proxecto se tramite a través dos instrumentos urbanísticos do concello. Polo tanto, facer aquí especulacións afirmando que a Xunta de Galicia pretende facer algo que en ningún momento trasladou — máis ben todo o contrario— creo que non é axeitado.

Pero, en todo caso, señoría, xa que quere traer aquí a debate a situación do comercio de proximidade, creo que honestamente se equivoca de foco, porque os retos verdadeiros aos que se enfronta o comercio de proximidade non son a diferenciación entre gran superficie ou pequena superficie, non. O comercio de proximidade enfróntase ante retos da especialización, da calidade, da innovación e da dixitalización. E aí é onde temos que ofrecer, efectivamente, ao comercio produtos e experiencias de compra que sexan diferentes e, sobre todo, ofrecerlle as plataformas para que poidan competir no mercado e que, polo tanto, o comercio de proximidade se poida diferenciar.

Temos que manter o cumprimento das exixencias dende o punto de vista do control da apertura de novos centros comerciais, pero o máis importante, o que necesita o comercio de proximidade, é gañar visibilidade, conseguir máis clientes e, por suposto, saber que a través da dixitalización pode ter novas oportunidades. E a Xunta de Galicia...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...ten que estar precisamente para axudar o comercio de proximidade a gañar esas oportunidades e, polo tanto, a que poida competir na economía dixital.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para o turno de réplica ten a palabra o señor Casal Vidal.

O señor CASAL VIDAL: Estamos totalmente de acordo no último que dixo, señor conselleiro. É evidente que o comercio de proximidade necesita iso. Pero para iso ten que ter posibilidades de desenvolvemento. É unha realidade —pódollo asegurar—. Zara, cando empezou cunha soa tenda, non tiña ningunha capacidade de desenvolverse en Galicia. ¿Por que? Porque a realidade é que neste momento ou tes capacidade financeira para estar neses centros comerciais que copan a oferta ou tes a limitación de posibilidades de desenvolver a túa iniciativa innovadora, con gran proxecto de negocio, etc. Limitátese dunha maneira enorme. E dígollo despois de falar con moitísimos comerciantes das zonas que se están depauperando na cidade da Coruña, zonas que tiñan anteriormente unha grande actividade comercial, na rúa San Andrés, na rúa Real. Por exemplo, na rúa Real entrevísteme con case doce empresarios e todos están dicindo: ou teño diñeiro para irme a Marineda ou o meu negocio está morto.

É verdade que hai moitas outras oportunidades, pero, se se dan tantas facilidades para eses grandes centros comerciais, que só miran despois as grandes cadeas, as grandes franquicias, ao pequeno comercio non lles interesa, e, ademais, o pequeno comercio non ten a capacidade de pagar eses alquileres por metro cadrado que lles exigen.

Despois, con outra espada de Damocles, como pasou tamén na Coruña, que ti montas unha tenda en Espazo Coruña ou no Centro Palexco e vén de repente o fondo de investimento, non lle é rendible e ao día seguinte pecha e diche: aí quedas, que, como autorizaron ao lado outro centro moito máis grande e con moito máis investimento e moitas mellores relacións políticas —parece ser— para que fora autorizado, pois vostede vai á rúa e perde todo o investimento que fixo e todo o desenvolvemento que fixo neste local.

Por iso, a miña pregunta, que non contestou, é se están facendo estudos sólidos, solventes, para determinar que incidencia tiveron os centros comerciais xa establecidos, para saber se de verdade se crea emprego ou non, se se crea riqueza ou non ou se se crea soamente emprego precario, como era o emprego anterior...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: ...canto se destruíu, que posibilidades de desenvolvemento das pequenas e medianas empresas de verdade aportan estes centros comerciais. ¿Fixeron eses estudos? ¿Fixeron eses estudos antes da posibilidade de dar estas novas autorizacións?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CASAL VIDAL: E desculpe a referencia ao de Porto Cabral. Eu só me refiro ao que din os promotores, as empresas. Ben, algo hai que ter en conta o que di a xente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Xa sei, xa sei que é interesada, pero é así. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Casal.

Para réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Casal, eu no Parlamento prefiro ter en conta o que vostede traslada que, evidentemente, o que se publica por parte dos periódicos de calquera parte interesada. Por iso dicía que é bo centrar o debate dende o punto de vista neste caso da propia información do Goberno, ademais, que xa se ten pronunciado nese sentido.

Eu, en calquera caso, estando de acordo no fondo do debate, creo que aí é onde temos que traballar conxuntamente dende o Goberno, en colaboración cos grupos parlamentarios, para ofrecerlle ao comercio de proximidade novas solucións nesta nova economía dixital, para que, efectivamente, poidan ser competitivos e poidan desenvolver emprego de cali-

dade. Eu creo que hai que situar a realidade dende o punto de vista do comercio en Galicia tal e como é.

Trasladeille que, efectivamente, nesta legislatura se teñen concedido dúas autorizacións comerciais autonómicas, dúas. Foron un total de 12.500 metros cadrados. Esa é a realidade. Leroy Merlin, en Ourense, e Gadisa, en Lugo. E fíxese: non se presentou ningún tipo de obxección e ningún tipo de alegación nin por parte dos concellos afectados nin por parte dos concellos limítrofes. Unha referencia.

Segunda referencia. Fala vostede de que, efectivamente, hai 39 centros comerciais. Certo. Pero fíxese: Galicia, dentro do conxunto de España, ten o 5,8 % do total da superficie de centros comerciais de toda España, o 5,8 %, a mesma porcentaxe que representa a nosa poboación.

Pero doulle un terceiro dato. En Galicia hai 1.991 comercios neste tipo de superficies, que tamén xeran emprego. En concreto, hai 36.924 establecementos ao pormenor, na totalidade. Iso significa que estes comercios significan o 5,4 % de todo o sector, o 5,4 %.

Polo tanto, eu creo que hai que dimensionar no que estamos a falar e, polo tanto, creo que nese sentido hai unha realidade onde nós imos ser totalmente estritos no cumprimento da normativa para vixiar que, efectivamente, calquera iniciativa responda a criterios da lei, pero a realidade é que o foco o temos que poñer en como facer que o comercio de proximidade sexa competitivo.

E, polo, tanto, señor Casal, temos que falar neste Parlamento da economía dixital, da relación da economía dixital co comercio de proximidade e como este goberno xa está tomando medidas, en concreto 15 millóns de euros para favorecer o comercio dixital, e como podemos seguir apoiando estes pequenos comercios para que poidan ser competitivos nun contexto onde o importante é o comercio físico e non tanto a dimensión do mesmo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos agora á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do posible nomeamento da actual subdirectora xeral de Farmacia como alto cargo do Ministerio de Sanidade

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

A primeira causa penal aberta en España por mortes supostamente relacionadas cos recortes en sanidade tena a Xunta de Galicia, xa vixente, e dende entón, dende que vostedes restrinxiron o acceso aos tratamentos de hepatite C e dende que esas persoas foron imputadas, non houbo nin un só xesto ou medida política que indicase que vostedes recoñecían os erros e estaban arrependidos e arrependidas.

Desgraciadamente, o pasado mes tivemos coñecemento de que o Ministerio de Sanidade pretendía nomear a por aquel entón subdirectora xeral de Farmacia, imputada, señora Carolina González-Criado, para a Subdirección Xeral do Ministerio de Sanidade, suplindo o actual responsable de Calidade do Medicamento. Isto, que se coñeceu a través dos medios de comunicación, que contrastaban coas propias fontes do Ministerio ao coñecer precisamente a renuncia desta persoa ao seu cargo naquel momento actual, xustificando que tiña que realizar un estudo sobre a área farmacéutica despois das vacacións de Semana Santa, parecéunos a nós un escándalo e un insulto ás vítimas e ás familias das vítimas.

Vostede sabe que non foi ata a aprobación do plan de abordaxe por parte do Ministerio que a Consellería se decidiu a tomar algún tipo de medida proporcional aos tratamentos. Sabe, ademais, que, ante a primeira imputación, o primeiro que fixo o señor presidente da Xunta de Galicia é dicir que a denuncia ía ser arquivada. Van case dous anos desa imputación e a realidade é que se está rematando xa a instrución, e creo, con independencia do que aconteza, que non con moi bos resultados seguramente para a propia Xunta de Galicia.

Pero nós incidimos dende o inicio, señor conselleiro, en que, independentemente do que acontecese con esa causa xudicial, que todas poden seguir diferentes camiños, existían unhas responsabilidades políticas que dende o inicio fixeron que reclamásemos a dimisión destas persoas, porque dende o inicio era bastante obvio —e non quero lembrar a sesión plenaria na que se votou en contra de dar os tratamentos de hepatite C e as persoas se foron chorando deste plenario— que como se estaba a comportar a Xunta de Galicia non era correcto e que atrasar os tratamentos tiña prexuízos obvios.

A pesar de que esta semana, a semana pasada, o Ministerio deu marcha atrás, xustamente cando introducimos esta pregunta na orde do día do pleno, quixemos manter esta pregunta para que vostede se pronuncie, porque moito nos tememos que poidan ter a tentación de voltar colocar esta persoa nalgún cargo de dirección na Consellería de Sanidade. E, polo tanto, ante esta situación, que foi confirmada por fontes do Ministerio e sobre a que, felizmente, pola presión da Plataforma da Hepatite, se deu marcha atrás, queremos que nos valore que opinión lle merece á Consellería ese presunto, ese posible nomeamento, para saber tamén que van facer ante posibles nomeamentos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Para a resposta ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi boas tardes, presidente.

Señores deputados, señora deputada.

Vou ler a pregunta, porque a verdade é que da pregunta non se falou nada. Di: ¿que valoración fai a Xunta de Galicia sobre o posible nomeamento de Carolina González-Criado? Resúltame sorprendente ter que dar resposta a algo «posible», que, como vostedes saben, sería dar resposta sobre algo que puidera suceder. Eu darei resposta sobre feitos, sobre realidades, e non sobre posibles, así que teño que aclarar que na Consellería de Sanidade non temos constancia dese suposto nomeamento, do que vostede fala, da persoa que ocupaba o posto de subdirectora xeral de Farmacia do Sergas ata datas recentes.

O único que nos consta é unha solicitude do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para que esta profesional, que era a subdirectora xeral de Farmacia do Sergas, colaborara na realización dun traballo que consiste na análise das recomendacións establecidas do informe de fiscalización do Tribunal de Contas da actividade económica relacionada coa área farmacéutica, unha colaboración solicitada con base nos seus coñecementos e á súa demostrada competencia profesional: licenciada en Farmacia pola Universidade de Navarra, especialista en farmacia hospitalaria, en exercicio profesional desde o ano 1997, participación en comisións como vogal da Comisión Nacional de Especialidade de Farmacia Hospitalaria e Atención Primaria, membro designado en representación da Comunidade Autónoma de Galicia na Comisión Interministerial de Prezos do Ministerio de Sanidade, membro designado en representación da Comunidade Autónoma da Comisión Permanente de Farmacia do Consello Interterritorial do Sistema nacional de saúde, membro designado en representación da Comunidade do Comité de Seguridade de Medicamentos de Uso Humano da Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios, vicepresidenta da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica do Servizo Galego de Saúde, secretaria da Comisión de Farmacia e Terapéutica da Xerencia de Atención Primaria da Coruña ou asistente á Comisión de Farmacia e Terapéutica do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña; ademais de múltiples publicacións, participación en cursos e congresos.

En consecuencia, non nos pode constar outra situación máis que a indicada. Para poder realizar esta colaboración, a profesional solicitou o cesamento do seu posto de subdirectora de forma voluntaria, porque quería cambiar de ámbito de traballo. Isto é un cadro profesional, unha experiencia profesional, e o Ministerio considera que esta persoa estaba preparada para facer este traballo. A pesar do que digan os medios ou nos medios ou a marcha atrás que di vostede de non sei que, ¿marcha atrás de que?, o que queda moi claro é que o único que pretenden é do que falou vostede precisamente ao inicio desta intervención ou que quere ir por outra cousa.

Vostede quere ir polo tema político dunha actuación moi boa por parte da Consellería de Sanidade, que foi dos primeiros servizos sanitarios que atendeu de forma rápida cos novos tratamentos os pacientes de hepatite C, que, grazas a iso, hoxe en día temos unha curación en máis do 97 % deses pacientes. Nunha enfermidade que condenaba a morte os pacientes, hoxe Galicia foi das primeiras comunidades que...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...investiu nesta terapéutica. E, desde logo, esta é unha magnífica profesional do Sistema sanitario galego. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Vázquez Almuíña.

Ten a palabra para réplica a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Creo que da marcha atrás saben un pouco máis vostedes, señor conselleiro de Sanidade.

Pero, ben, faltoulle un apuntamento no currículo da señora Carolina Gómez-Criado, que é a imputación por presunto homicidio imprudente e presunta prevaricación. E, como xa lles dicía, están rematando xa a instrución do xuízo e vese que dous anos despois vostedes seguen defendendo esta persoa para ocupar cargos a pesar das implicacións que puidera ter —xa digo— a nivel xudicial, pero que ten obviamente a nivel político. Vostedes mantéñena aí, en troques de tela cesado.

E vale, asumo que vostede non lle consulte absolutamente nada ao Ministerio de Sanidade e que, polo tanto, vostede non tivese idea de que aí a van colocar nese posto de subdirección. Estamos acostumados a que dende o Goberno central non se consulte excesivamente a Xunta de Galicia para nada. Pero, polo menos, vostede si que tiña coñecemento desa petición de cesamento, precisamente para facer ese traballo. E entendo, polo que me acaba de dicir vostede, que a vostede lle parece normal que unha persoa —repito— imputada, na primeira causa aberta contra un goberno polos recortes en sanidade, coa causa de seis mortes, na que, ademais, evidentemente, había indicios máis que claros e a Fiscalía recomendou que se tiña que abrir xuízo neste caso, no que, ademais, ten documentada a modificación de documentos oficiais, precisamente para modificar as datas nas que se deron os tratamentos, é unha circunstancia moi grave que recolleu a propia Fiscalía —imos ver que ditamina o xuíz; evidentemente, nós non o sabemos—, a pesar de todo iso, señor conselleiro, a pesar de toda esa evidencia do sufrimento destas persoas, vostedes poden avalar unha persoa nesas condicións para asumir un traballo nunha dirección ou na elaboración dun documento para o Ministerio de Sanidade.

A min paréceme un insulto, sinceramente llo digo, e paréceme absolutamente increíble, e gustaríame, xa que estamos e que a vostede non lle consultan nada, polo menos que nos diga que vai facer agora que esa persoa pois non ten ningunha responsabilidade dentro da Consellaría de Sanidade, se lla van voltar dar ou se imos seguir continuar con este número ata que exista unha sentenza por parte do xulgado.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Para turno de réplica do Goberno, ten a palabra o conselleiro, Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Desgraciadamente, estamos acostumados, señora deputada, a que minta máis que fale. Mente, porque esa señora está investigada en dilixencias previas. Ao final de todo di que está en instrución.

Durante todo o procedemento demostrouse que non houbo demora nos tratamentos e que, desde logo, esta señora non ten ningunha decisión sobre a indicación. O que fai é coordinar o que fan os profesionais, os mellores profesionais do Sistema sanitario, valorando cada unha das indicacións, e, en todo caso, e só por motivos de seguridade, non dar un tratamento, por motivos de seguridade, e non como vostede fala.

Esta persoa, esta magnífica profesional do noso Sistema, dedicou moitísimas horas a traballar por todos os pacientes do Sergas, facendo un labor no que —como digo—, na fase de instrución, se está demostrando que a actuación foi perfecta; nin dilacións nin negación (*Aplausos.*) por motivos que non foran de seguridade para o paciente, os únicos —mínimos, por certo—; moi poucas denegacións, e sempre por motivos de seguridade.

Pero é que, desde que comezamos a traballar cos novos tratamentos de hepatitis C, se trataron máis de 6.030 pacientes xa na comunidade autónoma de Galicia. Proporcionalmente, somos das comunidades que máis pacientes estamos tratando —como digo—, con grande éxito, porque o 97 % dos pacientes quedan co virus morto; polo tanto, non progresa esta enfermidade. Evidentemente, as secuelas que teñen de anos e anos non podemos revertelas, pero si que ese virus poida seguir actuando.

Polo tanto, nesa fase de instrución, que, desgraciadamente, como vostede di, leva máis de dous anos —é certo; a lentitude que temos desgraciadamente é así, porque debería terse visto con moita máis rapidez—, esta persoa segue facendo un magnífico traballo, porque é unha magnífica especialista, e, desde logo, o único que merece a profesional do Servizo Galego de Saúde dona Carolina González-Criado, por parte nosa, é darlle as grazas polo traballo desenvolvido e o que vai seguir desenvolvendo no Servizo para todos os galegos.

Moitas grazas (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre o seguimento que está a facer a Consellería de Sanidade en relación co grao de cumprimento da Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, un é refén das súas palabras, e veremos dentro duns meses.

Imos preguntarlle agora... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non o sabemos. A ver se o vicepresidente media na folga da Xustiza para resolver algo, polo menos que fagan algo positivo.

Imos falar agora dun tema que é relevante para nós e no que eu creo que se merece que recordemos unha persoa que faleceu recentemente, o señor Luis Montes, que foi un loitador pola sanidade pública e, dende logo, por que as persoas no noso país puidesen acceder a unha morte digna.

O 26 de xuño de 2015 este Parlamento aprobou unha norma, que foi pioneira no resto de comunidades autónomas —e na que algunhas persoas estivemos, ademais, nesa ponencia—, e fixeron un esforzo os cinco grupos existentes naquel momento no Parlamento para chegar a un acordo e a norma foi aprobada por unanimidade. Ao noso entender, evidentemente, deixaba fóra outros aspectos relevantes, como pode ser a eutanasia, pero que xa dixemos no seu momento que era evidente que non se podían discutir aquí, porque precisan da modificación do Código penal para poder ser discutidos, e, sen embargo, dentro da propia norma se incluían aspectos relevantes nos que os grupos parlamentarios transaccionamos.

Case tres anos hai xa da aprobación desta norma —foi en xuño de 2015— e, sen embargo, o cumprimento é francamente escaso, ao noso parecer. Hoxe queríamos preguntarlle por esa circunstancia aquí, porque preguntamos por escrito á propia Consellería de Sanidade e a resposta que se nos trasladou no mes de marzo foi simplemente relativa á composición da Comisión Galega de Coidados Paliativos, que, efectivamente, vén dentro do corpo da lei, pero aos aspectos máis relevantes do cumprimento da lei vostedes non responderon. E teño que lembrar, pois, a globalidade dos dereitos que contén a propia norma, pero poñendo os máis relevantes sobre a mesa —porque non me daría tempo—, os que veñen contidos no artigo 11 e no artigo 9, e que foron froito dun traballo dentro da propia ponencia.

O artigo 12 fai referencia de maneira explícita ao dereito dos doentes a recibir coidados paliativos integrais e á elección do domicilio para recibilos. E creo que aí estamos de acordo, que os coidados paliativos se poden proporcionar en distintos servizos.

O artigo 11 fai referencia ao dereito do doente a recibir coidados paliativos integrais do tratamento da dor e o artigo 9 fai referencia á dignidade desas persoas.

En todo iso contíñase implícita a necesidade de dispor duns recursos físicos, humanos e materiais que non están neste momento ao dispor das persoas doentes. Falamos do escaso persoal no Servizo de Hospitalización a Domicilio, falamos do incumprimento da cama individual para as persoas en situación terminal e falamos doutros aspectos que agora non me dá tempo, pero que, evidentemente, están contidos neses artigos.

Pedímoslle que hoxe responda, xa que non o fixeron por escrito, sobre a globalidade da lei e o seu cumprimento.

Máis nada por agora. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Para respostar ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi boas tardes, presidente.

Señorías.

A Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías das persoas enfermas terminais, aprobada por unanimidade de todos os grupos parlamentarios deste Parlamento de Galicia, establece os dereitos das persoas con necesidades de coidados paliativos en fase terminal.

A lei baséase, fundamentalmente, nos principios de autonomía do paciente e da atención integral a estas persoas, e nela recóllense os dereitos das persoas ante o proceso da morte, os deberes e dereitos das e dos profesionais sanitarios que atenden as persoas enfermas terminais e as garantías dos centros e institucións sanitarias.

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde seguen a desenvolver e a mellorar unha atención paliativa de calidade ao final da vida, como queda reflectido na Estratexia Sergas 2020, orientada á estrutura de prestacións de servizos cara ás necesidades dos pacientes e á mellora da atención á cronicidade, á mellora dos coidados paliativos.

A atención paliativa é competencia de toda a rede sanitaria: atención primaria, atención hospitalaria, unidades de coidados paliativos e de hospitalización a domicilio, e non só dos dispositivos específicos de coidados paliativos.

Actualmente todos os pacientes que precisan de coidados paliativos son atendidos en función das súas necesidades, ben cos recursos convencionais de atención primaria ou de atención hospitalaria os máis complexos.

Na nosa comunidade autónoma existe unha extensa rede de recursos específicos para a atención paliativa en todos os hospitais do Servizo Galego de Saúde, que comprenden tanto as unidades de coidados paliativos como as unidades de hospitalización a domicilio.

Tamén é importante a formación para os profesionais. Nos últimos anos realizáronse numerosas actividades formativas, dirixidas aos profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde, para capacitalos na atención a estes pacientes, tanto na súa identificación como no control de síntomas e comunicación. Está prevista para o segundo semestre do ano 2018 unha nova edición do curso básico de coidados paliativos.

Con esta finalidade publicouse o Decreto 181/2016, do 9 de decembro, polo que se modifica o Decreto 181/2010, do 21 de outubro, polo que se crea a Comisión Galega de Coidados Paliativos. Con esta nova composición intégrase na comisión o persoal médico e de enfermería, de medicina interna, persoal de traballo social, médicos e médicas e farmacéuticos e farmacéuticas de atención primaria, profesionais do ámbito da psicoloxía clínica hospitalaria, persoal médico de enfermería de unidades de coidados paliativos, médicos e médicas do 061, enfermería de Hado, médicos e médicas de oncoloxía, médicos e médicas de pediatría, médicos de neuroloxía e un representante da Consellería de Política Social.

Esta nova Comisión Galega de Coidados Paliativos constituíuse o pasado 23 de xuño de 2017. O obxectivo desta comisión é promover o dereito dos pacientes a recibir coidados paliativos integrais, acordes coas súas necesidades e coordinados entre todos os profesionais.

A Comisión Galega de Coidados Paliativos está a traballar no deseño dos comités técnicos asistenciais de coidados paliativos en canto ás súas funcións e composición...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...de xeito que sexan o reflexo da comisión nas áreas sanitarias.

Na próxima reunión da comisión presentaranse as distintas propostas ao respecto, elaboradas polos seus membros.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para o turno de réplica ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Señor conselleiro, esa última parte practicamente é á que me contestou por escrito, e a realidade é que son unha serie de artigos que lle veño de ler e que non se están a cumprir, e por iso preguntamos. E dígollo porque o artigo 9.2 foi un dos que máis discutimos dentro da ponencia na que eu estiven, e di, efectivamente, que os centros e institucións sanitarias garantirán ao doente en situación terminal, que deba de ser atendido en réxime de hospitalización, as mellores condicións, incluído o ámbito sociosanitario do dereito á estancia nun cuarto individual, salvo que as circunstancias excepcionais o xustifiquen.

Non se está a garantir en practicamente ningún hospital da rede galega. Poderíamos, seguramente, exceptuar algunha unidade de coidados paliativos, pero, como vostede di, no resto —non todos están nas unidades de coidados paliativos— isto non se está a garantir.

¿Como se poden garantir os dereitos contidos nesta lei coa escaseza de profesionais? E en canto aos servizos de hospitalización a domicilio, en Monforte hai agora mesmo unha folga. En Verín só hai un equipo para atender a totalidade das persoas, e só nuns barrios inmediatamente próximos ao hospital. No caso de Cee só hai dous equipos para un radio de vinte quilómetros. ¿Como nestas condicións se poden estar garantindo os dereitos que están contidos nesta lei?

E hai algo máis relevante, o aspecto sociosanitario, sobre o que, evidentemente, terá tamén algo que dicir o conselleiro de Política Social, ¿como o están garantindo? Non se están garantindo estes dereitos nas residencias de maiores da nosa comunidade. Non nas públicas, pero é que nas privadas nós temos coñecemento de situacións totalmente dolorosísimas nas que nin sequera se están a respectar as sedacións das persoas enfermas terminais.

Polo tanto, entendo que dese cumprimento vostede aquí hoxe debера dar conta. Non é posible coa ausencia de medios actuais garantir estas situacións, e é obvio que o das habitacións individuais non se está a dar dende o inicio da aprobación da propia norma. Pero é que o máis grave é que nin sequera teñamos coñecemento de que está a acontecer nas residencias de maiores do noso país e de persoas dependentes.

Señor conselleiro, é un tema sensible, é un tema moi grave, e creo que esa aprobación...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...—remato xa— precisamente coa unanimidade da Cámara, obriga a que se cumpra, polo menos, o mínimo exixible desta norma.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Para o turno de réplica por parte do Goberno ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Grazas, señor presidente.

Quero iniciar dicindo que se está cumprindo, precisamente. O que vostede di que non se cumpre eu digo que se está cumprindo, pero creo que entendemos claramente que moitas veces hai diferenza entre o ámbito sanitario e o social, e por iso na Lei de saúde se reforzou esa posición coa comisión interdepartamental entre sanidade e política social. Por iso é importante a integración funcional destes pacientes, e por iso na comisión tamén está un representante de Política Social. É moi, moi importante que así sexa.

Pero voulle dar os datos estruturais que temos, estruturais pero tamén de persoal. Neste momento estanse adaptando as unidades de coidados paliativos ao descrito na vixente lei; así, das cen habitacións destinadas a coidados paliativos, oitenta e oito son individuais, pero individuais que se poden converter calquera dobre que temos neste momento en individual, pero das cen que teoricamente están exclusivamente dedicadas a paliativos oitenta e oito son individuais.

Na nosa comunidade existen actualmente sete unidades de coidados paliativos, situadas nos hospitais máis grandes. Ademais, no Hospital do Salnés tamén se abriu unha unidade de catro camas integradas nas unidades de especialización. En todos os proxectos que estamos neste momento pondo en marcha —a ampliación que houbo en Ourense, ou en Ferrol, ou o Gran Montecelo, que falaremos dentro dun momentinho—, en todos eles, precisamente, un dos contidos máis importantes era aumentar o número de habitacións individuais. É algo que cremos que debe de ser, non só para paliativos, senón para calquera tipo de paciente que o necesite, en calquera especialidade.

Neste ano 2018 contamos con corenta e tres unidades de hospitalización a domicilio, catrocentas unha unidades de atención primaria, agrupadas en cento corenta e seis ser-

vizos, que atenden pacientes con necesidades de atención paliativa. As unidades hospitalarias de cuidados paliativos e hospitalización a domicilio dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde contan cunha dotación de cincuenta e nove médicos e cento trinta e cinco enfermeiros e enfermeiras, para atender as persoas con necesidades paliativas.

Galicia fai, ademais, por orde do Ministerio e a través de Aváiate, a actualización da Guía de práctica clínica de cuidados paliativos, que será referencia para a atención paliativa en toda España. O Servizo Galego de Saúde continúa a traballar a favor da atención paliativa dos pacientes que o necesitan, mediante a elaboración nos vindeiros meses da Estratexia asistencial de cuidados paliativos e a avaliación e mellora da calidade de atención en cada área sanitaria. Nesta estratexia establécense as liñas principais de actuación para as persoas con necesidades de atención paliativa.

Dentro do plan de humanización do Sergas, que é un plan arquitectónico, pero tamén digo de persoal, as unidades últimas onde temos actuado foron, por exemplo, no Meixoeiro ou no Hospital Naval, dúas unidades de paliativos que creo que son das mellores de España, e imos seguir, porque esa é a liña de traballo: humanización en toda a hospitalización, pero especialmente nos cuidados paliativos.

Polo tanto, o Servizo Galego de Saúde continúa a traballar a favor da atención...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...paliativa das galegas e dos galegos que o necesitan mediante o desenvolvemento do Plan galego de cuidados paliativos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Jacobo Moreira Ferro e dez deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os avances e novidades producidas nos últimos meses no proxecto para a construción do Gran Hospital de Montecelo, en Pontevedra

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Moreira Ferro.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Benvido, señor conselleiro.

Bueno, despois desta visión apocalíptica que ven algúns deputados da oposición da sanidade pública, nós queremos poñer en valor a sanidade, e creo que todos temos que estar orgullosísimos do sistema sanitario de saúde que temos. Non é un sistema de saúde do Partido Popular, é un sistema de saúde de todos e un sistema de saúde punteiro, no que na maior época

de crise a Xunta de Galicia o que estivo facendo —cando menos recursos había— foi centros hospitalarios novos, ampliacións novas e centros de saúde novos.

E diso lle quero preguntar eu ao señor conselleiro, en particular do proxecto do Gran Montecelo. Ben, aquí xa lle preguntamos hai uns meses, a medida que ía avanzando este proxecto do Gran Montecelo, faláramos de que solicitara e adxudicara o plan de espazos e o plan funcional, un plan que se fixo de xeito exemplar e modélico. Un modelo de participación no que participaron non soamente os usuarios, senón tamén os profesionais da sanidade, e incluso se puideron facer diversos tipos de enquisas por distintas canles de comunicación, e eu creo que iso é un modelo a seguir de cara ao futuro e exemplar, é o primeiro caso que coñecemos que se actuara deste xeito para que sexa un hospital de todos; polo tanto, desde ese punto de vista quero felicitalo, señor conselleiro, por este proceso levado ata o de agora.

O seguinte paso que coñecemos foi que no *DOG* do 9 de agosto do ano pasado se publicou o anuncio de licitación da contratación do servizo de elaboración do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do anteprojecto para a reforma e ampliación do hospital, e a redacción do proxecto básico e de execución e dirección facultativa da primeira fase da construción do Gran Montecelo.

Ben, señor conselleiro, o que queremos é coñecer dende entón que avances se teñen producido nos últimos meses no proxecto do Gran Montecelo, e tamén, se é posible, que nos poida indicar que prazos se manexan para a licitación da obra desta ampliación do hospital.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Moreira.

Ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Grazas, señores deputados.

A verdade é que si é certo, temos un proxecto que era demandado pola cidadanía da área de Pontevedra. Durante anos houbo discrepancias, diferentes conceptos da atención hospitalaria que se podía crear nesa área. E hai un par de anos, ao final chégase a un acordo, creo que un grande acordo social e político, de todos os ámbitos desa grande área da provincia de Pontevedra para crer nun proxecto común de todos os pontevedreses, que é o chamado Hospital Gran Montecelo, que paso a paso —como di o deputado— vai materializándose. Xa todos podemos ver unha imaxe do hospital que queremos e que será unha realidade en pouco tempo.

Co Gran Montecelo, os pontevedreses disporán dun hospital público máis amplo, máis humano e con capacidade para atender as necesidades asistenciais dos próximos cincuenta anos; dunha atención sanitaria, en definitiva, máis moderna, áxil, próxima ao usuario e coa última tecnoloxía. Precisamente, os espazos de humanización creo que é o que destaca nos

últimos proxectos; a amplitude en todos os espazos. Nos espazos de atención e en todos os servizos: desde urxencias a hospitais de día e tamén a hospitalización, cunha porcentaxe cada vez máis alta de habitacións individuais.

O compromiso que adquirimos é ir dando pasos para demostrar que o Gran Montecelo é unha aposta definitiva, e imos avanzando. Tanto os cidadáns como os profesionais achegaron moitísimo a este proxecto, e loxicamente temos que ir informando dos seus progresos. Este hospital, modelado polos seus profesionais, con achegas de 300 traballadores dos centros en 120 reunións de traballo, e cunhas 2.400 enquisas que achegaron os cidadáns, contará con espazos máis acolledores nas áreas máis sensibles, como a diálise, o hospital de día, oncoloxía, coidados paliativos ou a zona materno-infantil.

Como digo, seguimos avanzando, e así, o 16 de febreiro de 2018 —hai unhas semanas— asinou o contrato para a redacción do proxecto do Gran Montecelo. Esta adxudicación do proxecto para a reforma e ampliación do hospital Gran Montecelo, redacción do proxecto básico de execución e dirección facultativa da fase I das obras recae nunha UTE formada por un equipo de arquitectos hospitalarios con grande experiencia, Chile 15; unha oficina de arquitectura e urbanismo que ten grande experiencia en planeamento, loxicamente tamén moi importante; e unha empresa de enxeñeiros, importantísimo hoxe en día polo número de instalacións tan sensibles que ten o hospital.

Demos un paso máis coa presentación o 9 de abril do equipo redactor do plan sectorial e anteproxecto do Gran Montecelo. E tamén presentamos a imaxe do futuro hospital Gran Montecelo para os próximos anos. Unha vez elaborado e aprobado o plan sectorial, elaborado e supervisado o proxecto do Gran Montecelo, contamos coa previsión de que o próximo ano licitemos a obra e comece a súa execución, que contará cun investimento de máis de 120 millóns de euros para o novo edificio.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Vázquez Almuíña.

Para a réplica, ten a palabra o señor Moreira Ferro.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor conselleiro.

Celebramos que siga avanzando a bo ritmo. E digo celebramos porque a pesar de todos estes feitos que se están demostrando con instrumentos normativos, con proxectos e con anuncios no DOG, que é como se ten que falar —e de feito é como está falando a Xunta de Galicia—, sorprende que haxa algún colectivo que saia dicindo: «non nos fiamos da Xunta nin do Sergas», «coñecemos a política do PP, destinada a desmantelar a sanidade pública». A min chámame a atención ese tipo de declaracións cando se está vendo a forte e firme aposta da súa consellería, señor conselleiro, para sacar adiante este proxecto.

Polo tanto, agradézolle a información, e quería aproveitar esta réplica para pedirlle se nos pode concretar, na medida do posible, un pouco máis acerca do contido deste proxecto hos-

pitalario, dos servizos, o tema das camas e, sobre todo, das unidades que vai ter na carteira de servizos. Díganolo, por favor, para que o poidan escoitar esas persoas que non confían na Xunta de Galicia e non confían nun proxecto que se ve que está avanzando. Polo tanto, creo que é importante que coñezan cales van ser as características do contido do futuro Gran Montecelo, que vai ser —estou completamente convencido— un grande hospital.

Moitas grazas, señor conselleiro. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Moreira.

Para o turno de réplica, por parte do Goberno ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Podemos hoxe presentar a imaxe dese magnífico hospital para todos os deputados, especialmente para algún que non puido estar en Pontevedra ese día. (*O señor Vázquez Almuíña amósalles unha imaxe aos deputados e deputadas.*) (*Aplausos.*) Esta é a imaxe do hospital de Pontevedra. (*Aplausos.*) Un hospital plenamente integrado na paisaxe pero tamén con amplitude, luminosidade, onde os espazos son fundamentais para mellorar. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Esta é a sanidade que piden os cidadáns de Galicia e que estamos facendo grazas ao esforzo de todos os galegos, por considerar a sanidade o elemento máis importante, o servizo máis importante, da sociedade occidental.

O Hospital Gran Montecelo non só será máis grande, con 120 camas máis, senón que tamén garantirá a atención coa mellor tecnoloxía dispoñible, dando forma á sanidade pública de Pontevedra. Máis habitacións individuais —como comentamos—, non só en paliativos senón en calquera hospitalización que se precise. Contará cun 92 % máis de salas e postos de urxencia que faciliten o traballo e respecten a intimidade do paciente; outra das peticións que facían os cidadáns nesas enquisas: intimidade e espazo. Cun 57 % máis do total dos cuartos —como dicía antes— que serán individuais, fronte ao 36 % que eran antes. Ou cun 49 % máis de postos no hospital de día, que pasan de 109 a 162. Cambia a forma de traballar: máis espazos ambulatorios, menos espazos de hospitalización.

Así, na área de Pediatría os nenos contarán con salas de xogo, biblioteca, escola ou cine. E a carteira de servizos implementará un impulso importante: cunha nova UCI pediátrica; cunha nova unidade de traballo; recuperación do bloque obstétrico como a que hai nos últimos hospitais onde iniciamos esta actividade; cunha nova área de medicina nuclear; ou coa creación dun espazo único para as unidades de endoscopia multidisciplinar e diagnóstico biolóxico, entre outras melloras. Para facer realidade todas estas melloras, o Hospital Gran Montecelo aumentará un 50 % a súa superficie, pasando de 79.500 metros cadrados a 118.000 metros cadrados.

Como poden comprobar, a tramitación vai a bo ritmo, polo que esperamos cumprir o cronograma que conleva ese plan funcional. Este equipo, esta UTE que conseguiu gañar este

concurso, xa está en reunións co Concello, con Urbanismo e con Medio Ambiente para tratar de axilizar os prazos correspondentes. E, como digo, imos seguir traballando para ir pasando dunha etapa a outra e que pronto os cidadáns de Pontevedra poidan ver xa como unha realidade, despois de tantos anos, o mellor hospital que tiveron en moitos anos, pero, sobre todo, que os sitúa a nivel de calquera gran cidade de España.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D. José Manuel Pérez Seco e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as causas da expansión ao concello de Muxía da praga de couza guatemalteca da pataca

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Pérez Seco.

O señor PÉREZ SECO: Grazas, presidente.

Señora conselleira, boa tarde.

A praga da couza guatemalteca a día de hoxe debería estar controlada, pero a praga segue estendéndose. Señora conselleira, as medidas que aplicaron fracasaron. ¿Por que fracasaron? Por dous motivos fundamentais. Por unha banda, tardaron en reaccionar; e, por outra, a xestión que levaron a cabo sobre a praga, factores que me fan dicir que foi unha previsión fracasada.

No ano 2015 a Xunta sabía da presenza da couza nos municipios de Ferrol, Narón e Neda, na comarca de Ferrolterra, publicándose no *Diario Oficial de Galicia* do día 13 de novembro de 2015 unha resolución na que se establecían as zonas demarcadas pola existencia da praga e medidas fitosanitarias dentro das zonas demarcadas. Si, aplicaron as medidas, pero medidas que non foron eficaces, xa que a praga acabou estendéndose a outros dez concellos da comarca de Ferrolterra e a dezaoito da comarca da Mariña lucense. Relación publicada no DOG do 6 de febreiro de 2017.

A proliferación e a extensión da couza guatemalteca desembocou na aprobación dunha resolución por parte da Xunta de Galicia, publicada no DOG do 10 de marzo de 2017, na que se prohibía a plantación, durante polo menos dous anos, na área infestada e delimitaba unha zona tampón, con medidas de control menos restritivas, en concellos limítrofes. Entre o 2 de maio e o 16 de xuño levábase a cabo a campaña de recollida da pataca afectada. Pero o 24 de maio vostede mesma, señora conselleira, anunciaba nos medios de comunicación que daba por controlada a praga da couza guatemalteca da pataca nos concellos infestados da provincia da Coruña. O venres 20 de outubro publicábase no DOG que o concello de Cariño, na provincia da Coruña, era un concello afectado. E hai un mes mañá, publicábase no DOG

que o concello de Muxía, na provincia da Coruña tamén, estaba afectado pola couza, concello este que está afastado dos outros trinta e dous concellos por máis de cen quilómetros.

Os veciños e veciñas desta zona teñen que cumprir as normas da resolución publicada en marzo de 2017. Xa o 6 de abril saía publicada no DOG a resolución onde se establecían os prazos para a declaración de existencia de plantacións e superficies plantadas, cousa que se está a facer agora mesmo, e parece ser que se está a facer dun xeito caótico. A praga devora as patacas e deixa moitos damnificados, como todos sabemos a estas alturas. A gran maioría deles cultivan para autoconsumo, sendo este ámbito no que hai un maior descoñecemento do tema, e unha minoría son produtores profesionais.

Polo tanto, as conclusións son que a praga non está sendo controlada, que non se está a conseguir parala e que aumenta a preocupación nas zonas limítrofes ás afectadas. Por iso lle pregunto: ¿cales foron as causas polas que se expandiu a praga da couza guatemalteca a un concello que non estaba afectado?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Pérez Seco.

Ten a palabra a conselleira do Medio Rural, a señora Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Moi boa tarde a todos.

En primeiro lugar, agradecer a pregunta, sen dúbida. E, por outro lado, tamén agradecer que a directora xeral de Gandería e Agricultura pediu unha comparecencia na Comisión 7ª para darlles a coñecer de primeira man como se están a desenvolver os distintos traballos que se están a levar a cabo en Muxía, ao igual que no resto dos concellos.

Os criterios que se seguen son única e exclusivamente de carácter técnico, e son os mesmos criterios os de aquí que en Asturias. É dicir, se fracasa Galicia, tamén fracasa Asturias. Dígoo por aquilo das sinerxías políticas ou non políticas. Son os mesmos criterios técnicos, pero aínda moito máis contundentes no caso de Galicia.

Eu quero agradecer, en primeiro lugar, a colaboración de todos os veciños; é dicir, de todos e cada un dos concellos que están afectados, que están infestados ou son zonas tampón. E, nese sentido, tamén agradecer aos veciños de Muxía, xa que lle podo asegurar de primeira man que de caos absolutamente nada; hai unha perfecta coordinación e os veciños son as principais testemuñas.

Moitas veces é mellor que á parte de escoitar unha soa voz, que pode ser a dun alcalde, nos achegemos a cada un dos paisanos que alí viven para que nos dean información de primeira man. Polo tanto, agradecemento porque realizan un esforzo —ademais eles son conscientes de que o estamos a facer cun fin, e ese fin é que non se siga expandindo— e supón tamén

unha alteración. Alteración porque recollemos a pataca para semente, porque entramos en cada un dos almacéns privados e non teñen ningunha dúbida no momento en que alí van os técnicos para facer as analíticas ou retirar a pataca; pero aquela que está plantada proceden a recollela, co cal o esforzo é dobre.

Efectivamente —diciáo vostede mesmo—, detéctase en Galicia no ano 2015. Dende o momento en que se detecta en Galicia —procede dende Canarias, co cal leva moitísimo tempo— poñémonos a traballar. O primeiro traballo que desenvolvemos é o día 3 de novembro, unha resolución; resolución na que se demarcan as zonas onde se detecta; prohíbese a comercialización e a saída de tubérculos nestas zonas onde foi detectada; utilízase única e exclusivamente semente certificada libre de praga; colócanse trampas con feromonas de captura de adultos e fanse tratamentos fitosanitarios.

E chega o ano 2016 e continuamos co traballo; un traballo que se desenvolve —créanme— con éxito, porque de non realizar o traballo levado a cabo —xa digo, sempre baixo parámetros técnicos—, teríamola xa estendida non só en toda Galicia, senón tamén no resto de España.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica, ten a palabra o señor Pérez Seco.

O señor PÉREZ SECO: Grazas, presidente.

Señora conselleira, algo tiveron que facer as trampas porque, se non, mal estaríamos. Entón, se non funcionan de todo, terán que cambiar eses métodos técnicos, porque despois de vostede dala por controlada foi cando se expandiu a Cariño e Muxía; e Muxía non é un concello que estea no perímetro dos concellos afectados da provincia da Coruña nin da Mariña lucense.

Moi importante vai ser a comparecencia da señora directora xeral, porque o outro día levabamos á Comisión 7ª unha proposición non de lei para investigar as causas polas que se expandiu a praga da couza guatemalteca e intensificar a mellora dos controis da praga, e os membros desa comisión do grupo parlamentario que apoia o Goberno votaron en contra dicindo tamén que o venres iamos ter unha comparecencia da señora directora xeral *(Aplausos.)* para informarnos diso.

En canto a se a xestión é caótica, eu diríalle que se pasase polo concello de Muxía e arredores, onde están esperando para vela, pero, vistos os acontecementos, creo que esa visita non se vai producir.

Entón, eu repítole que a praga non está sendo controlada, que non se está a conseguir parala e que aumenta a preocupación nas zonas limítrofes ás afectadas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Pérez Seco.

Para o turno de réplica do Goberno ten a palabra a conselleira do Medio Rural, a señora Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidente.

Tranquilidade é o que debemos ter neste momento e non desazón, de cara, sobre todo, a aquelas zonas que viven do cultivo da pataca. Créame que se está poñendo todo enriba da mesa. Créame que se está poñendo aínda moito máis que o real decreto que saíu publicado no seu día. Realízase dende Galicia investigación, temos parcelas experimentais, zonas acoutadas, e, por suposto, en breve sairá a orde para indemnizar aqueles que se viron afectados.

Independentemente disto, eu direille que no ano 2016 se colocaron preto de 800 trampas, capturáronse 16.000 individuos e recolléronse 50.000 quilos de patacas. No ano 2017 duplicouse o número de trampas colocadas, máis de 1.500; capturáronse 9.500 individuos, un 40 % menos, pero hai concellos nos que se capturaron o 90 % menos; e recolléronse 315.000 quilos de patacas. O dispositivo de recollida contou con 20 furgonetas, 40 operarios, 2 técnicos, 2 coordinadores provinciais, e o investimento foi de 1,3 millóns de euros. É dicir, houbo esforzo. E, señorías, sinceramente lles digo que politizar esta praga —ademais creo que a única queixa é dun só alcalde— o único que vai conseguir é desvirtuar un traballo técnico que se desenvolve con total seriedade.

Galicia e Asturias estamos a traballar conxuntamente na mesma dirección, utilizando os mesmos instrumentos; é máis, a zona tampón en vez de ser un quilómetro, tal e como estipula o real decreto, no caso de Galicia son 5 quilómetros. A única diferenza é que na comunidade veciña se está a actuar dende a lealdade institucional, que é o que se debería estar facendo aquí, deixando que os técnicos sexan os que desenvolvan o seu traballo, o mesmo que viña sucedendo —teño que dicilo— en Galicia ata o de agora. Pero, é máis, direille que neste concello incluso fixemos máis esforzo que noutros concellos, porque puxemos á súa disposición técnicos para que se puideran recoller todo tipo de solicitudes.

É dicir, o esforzo que fai a consellería é o esforzo que merecen todos os galegos e as galegas. E, por suposto, púxose enriba da mesa todo o posible, dende o control por parte da Garda Civil e da Policía Autonómica para que non houbera transporte de ningún tipo nas zonas infectadas e nas zonas tampón, pero é certo que non temos un garda civil nin un policía para cada coche para controlar os maleteiros, co cal a investigación está máis que clara. De aí que hai que apelar entre todos á prudencia e á conciencia de que nas zonas infectadas e nas zonas tampón non debe transportarse ningún tipo de tubérculo, en concreto de pataca, e así a todos nos irá moito mellor.

O que si lle podo dicir é que dende a Xunta de Galicia e dende a Consellería de Medio Rural estamos a ser claros, transparentes e áxiles na información; e a vindeira semana será a directora quen lles dea máis detalles na comparecencia.



Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Saben vostedes que a última pregunta foi aprazada mediante un escrito remitido pola Xunta de Galicia. Polo tanto, rematados os puntos da orde do día, levantamos a sesión.

Moitas grazas.

Remata a sesión ás oito e dez minutos do serán.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25